

# **Historia dos dereitos da infancia**

---

---

*José Manuel Suárez Sandomingo*

**XUNTA DE GALICIA**

EDITA: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria  
Dirección Xeral de Política Lingüística  
Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude  
Dirección Xeral de Familia

COLABORA: Universidade de Vigo  
Vicerrectorado de Extensión Universitaria

IMPRIME



D.L.: 2255 / 1999

I.S.B.N.: 84-XXXX

# INDICE

<b>Prólogo .....</b>	<b>9</b>
<b>Introducción .....</b>	<b>13</b>
<b>Capítulo I.....</b>	<b>15</b>
1.- A infancia no tempo dos romanos .....	15
2.- A infancia durante a Idade Media .....	17
3.- A protección da infancia na época de Carlos III.....	26
4.- A nova concepción da infancia .....	29
<b>Capítulo II.....</b>	<b>33</b>
1.- Evolución Internacional dos Dereitos da Infancia .....	33
1.1.- Primeiros pasos dos dereitos do neno.....	33
1.2.- Preparando a Declaración dos Dereitos do Neno .....	35
1.3.- A Declaración Universal dos Dereitos do Neno (1959).....	36
1.4.- A Convención Internacional dos Dereitos do Neno (1989).....	37
1.5.- Sobre a Convención Internacional dos Dereitos do Neno .....	38
1.5.1.- Dereito á igualdade .....	40
1.5.2.- Dereito á preservación da súa integridade.....	40
1.5.3.- Dereito á atención prioritaria en calquera circunstancia .....	40
1.5.4.- Dereitos civís .....	41
1.5.5.- Dereitos culturais .....	41
1.5.6.- Dereitos políticos .....	41
1.5.7.- Dereitos dos nenos con necesidades de atención especial.....	42
1.6.- Europa e a súa lexislación específica da infancia .....	51

2.- A situación dos dereitos da infancia nas lexislacións española e galega .....	53
2.1.- A situación do menor de idade na lexislación predemocrática española.....	53
2.2.- As concepcións actuais do menor en España .....	54
2.2.1.- O menor dende o ámbito legal.....	54
2.2.2.- O menor dende o ámbito dos servizos sociais .....	56
2.2.2.1.- O menor en situación de desamparado .....	57
2.2.2.2.- O menor socialmente inadaptado .....	58
2.2.2.3.- O menor delincuente .....	59
2.3.- A lexislación española sobre a protección da infancia.....	60
2.4.- A lexislación galega sobre a protección da infancia .....	61
3.- Algúns problemas do neno no final do milenio.....	63
3.1.- O neno e a educación .....	63
3.2.- O neno e a saúde .....	64
3.3.- O neno e o maltrato.....	65
3.4.- O neno nos países industrializados.....	67
<b>Capítulo III.....</b>	<b>69</b>
1.- Hitos sobre o recoñecemento dos dereitos dos nenos durante o século XX.....	69
2.- As aportacións españolas á mellora das condicións socioeducativas dos nenos .....	72
3.- Miscelanea de termos .....	75
<b>Bibliografía.....</b>	<b>83</b>
Bibliografía sobre infancia e adolescencia .....	83
Bibliografía sobre historia da infancia .....	84
Bibliografía sobre intervención socioeducativa con menores.....	91
Bibliografía sobre educación da infancia nos dereitos humanos .....	96
Bibliografía sobre os dereitos do neno.....	97
Bibliografía sobre o dereito á non discriminación.....	101
Bibliografía sobre xogos e os nenos .....	103
Bibliografía sobre menores e medios de comunicación .....	104
Bibliografía sobre inadaptación social de menores .....	105
Bibliografía sobre institucións de protección á infancia.....	108
Bibliografía sobre adopción e acollemento.....	111
Bibliografía sobre malos tratos á infancia.....	112
Bibliografía sobre traballo e explotación laboral infantil .....	113
Bibliografía sobre drogas e menores.....	116
Bibliografía sobre sexualidade e menores.....	117

Bibliografía sobre sectas e menores .....	119
Bibliografía sobre secuestro de menores .....	120
<b>FONTES LEXISLATIVAS .....</b>	<b>121</b>
Lexislación española sobre a protección da infancia .....	121
Lexislación galega sobre a protección da infancia .....	126
Lexislación internacional sobre a protección da infancia .....	127
<b>Mediateca.....</b>	<b>129</b>
<b>Vídeos e películas .....</b>	<b>129</b>
Sobre prevención dos abusos sexuais .....	129
Sobre dereitos humanos.....	129
Sobre dereitos dos nenos e das nenass .....	129
<b>Música .....</b>	<b>130</b>
<b>Direccións.....</b>	<b>131</b>
Direccións xerais das comunidades autónomas.....	131
Asociaciónes federadas para la prevención del maltrato infantil.....	132
Outras direccións de interese .....	133
<b>ANEXO LEXISLATIVO .....</b>	<b>137</b>
Instrumento de Ratificación da Convención sobre os Dereito do Neno adoptada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989.....	137
Carta Europea dos Dereitos do Neno .....	154
Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, de Modificación Parcial do Código Civil e da Lei de Xuizamento Civil (BOE nº 15, do 17 de xaneiro de 1996) .....	163
Lei 3/1997, do 9 de xuño, galego da familia, a infancia e da adolescencia (DOG nº 118, do 20 de xuño de 1997).....	187



## Prólogo

A Convención de Nova Iorque foi ratificada polo Parlamento Español o 6 de decembro de 1990 e entrou en vigor en España o 5 de xaneiro de 1991, formando parte, dende entón, do noso dereito positivo e sendo, polo tanto, de obrigado cumprimento. En virtude do seu artigo 44, os Estados que a teñen ratificada adquiren a obriga de presentar informes periódicos sobre as medidas adoptadas para dar cumprimento ós dereitos recoñecidos nela ó Comité de Dereitos da Infancia de Nacións Unidas. A Comunidade autónoma de Galicia coopera, neste senso, transmitindo as súas aportacións ó informe final que España remite para a súa avaliación.

Dende a Comunidade autónoma de Galicia se puxeron en marcha diversos programas e actuacións que afectaron directamente ó recoñecemento dos dereitos dos nenos e das nenas. Entre estes hai que destaca-lo do Teléfono do Neno, gracias ó cal se lles permite denunciar calquera tipo de anomalía que este ocorrendo na súa vida e que necesite dunha intervención dos servicios de atención á infancia para superala. A importancia deste dispositivo revela o feito de que ano a ano foi incrementando o número de chamadas, tanto por parte dos propios menores como da poboación adulta. Tamén son importantes para este colectivo outros programas que se foron reforzando durante as dúas últimas lexislaturas como son: o de axudas para prevención e apoio á familia para a súa reintegración sociofamiliar, polo que lle permite ó neno cumprimenta-lo seu dereito a permanecer no seu fogar e, de igual forma, o de atención de día, polo que se lle presta unha asistencia normalizada naqueles momentos do día en que seus pais non poden facerse del.

Froito destas e outras formulacións, os expedientes abertos pola Administración autónoma galega para protección dos menores estiveron a evolucionar nestes dez últimos anos cara a unha diminución notable das intervencións a través de dispositivos especializados, implantándose un novo modelo asistencial de carácter esencialmente preventivo, que erradicou, na medida do posible, a asunción de medidas que os apartan do seu contorno relacional orixinal. Como comprobación deste avance podemos sinalar que dos 3.616 menores protexidos en 1989, un 48% o fixo a través do acollemento nun centro de menores mentres que na actualidade só un 21% dos 7.719 menores están nesta situación.

Por outra parte, e dentro do que é un dos programas clásicos da atención ó menor, como é o caso do de adopcións, estase a conquistar un obxectivo prioritario como é o de atopar a mellor familia para cada neno. Ademais, coa adopción o neno consegue unha familia estable que se ocupe del para toda a súa vida recoñecedoo como un membro máis cos mesmos dereitos e obrigas.

Respecto dos centros de menores hai que dicir que se están a introducir moitas modificacións nos estándares clásicos de calidade asistencial. Dende o ano 1996, estas institucións dispoñen dunha normativa propia que as adecúa ás necesidades

reais dos menores, baixo criterios de asimilación a un contorno familiar normalizado. Así tamén, se teñen introducido neles diversos mecanismos de asesoramento e de intervención que están a cualificar máis a complexa tarefa á que se dedican, permitíndolles lograr mellor os seus obxectivos. Entre estes cábense nomea-los proxectos educativos individualizados que miran polo dereito á personalización educativa dos menores, ou os diferentes equipos que permiten o seu retorno familiar, cando o seu ambiente se axuste a atención ás súas necesidades, ou que o incorporan a unha vida autónoma sen traumas, cando a familia non existe ou está desestructurada.

No campo das actuacións fronte ó menor en conflito social, o modelo tamén cambiou sustancialmente dende a posta en marcha dos dispositivos propostos pola Lei 4/1992. A perspectiva actual é a de implicar a tódolos axentes da comunidade, de xeito que os procesos de integración do menor se cumplan cunhas maiores garantías de éxito ó responsabilizar, non só do menor dos seus actos, senón á mesma comunidade como vítima deles e, dalgún modo, como precipitadora dos problemas. Neste senso, destacan as denominadas medidas en medio aberto: liberdade vixiada, traballo en beneficio da comunidade, etc. como recolledoras deste espírito.

As previsións do II Plan Integral de Apoio á Familia, aprobado polo Consello da Xunta o 28 de maio de 1998, oriéntanse cara a consolidación e mellora dos programas de prevención e intervención nos malos tratos á infancia, con actuacións organizadas por medio dunha rede interdepartamental na que estean presentes servicios e profesionais de diferentes Consellerías competentes en materia de infancia.

Coa fórmula da Lei 3/1997, galega da familia, a infancia e a adolescencia a nosa comunidade autónoma anticipouse ó resto das administracións españolas á hora de dar cobertura e amparo a uns grupos sociais que non dispoñían ata eses momentos dunhas lexislacións específicas baixo a que acredita-las súas necesidades. Esta lei conecta o dereito de familia, que na normativa tradicional aparece referido como un dereito de índole privado, co dereito público. Na protección dos menores de idade, a lei sinala que se deberá actuar tanto dende a prevención como dende a situación de desamparo. É en referencia a estes últimos onde se desenvolven a meriande parte das súas disposicións, tratando de clarexas-las diferentes formas de intervención, como son as da asunción da garda ou tutela, as dos procedementos de actuación nos casos de acollemento familiar ou residencial e da adopción nacional ou internacional. Así tamén, se pon un énfase especial nunha figura institucional, como é a do Vicealedor do Pobo, que é a encargada especificamente de coordinar e fiscalizar todos aqueles procedementos administrativos que impliquen ós menores.

Por outra parte, dende a propia Administración autónoma se puxeron en marcha varias instancias supervisoras dos procedementos de actuación como son a Comisión Galega Interinstitucional do Menor ou o Observatorio Galego da Familia nos que se aunan os esforzos das diferentes administracións (local, autonómica, xudicial,...) para garantir unha coordinación eficaz das actividades, a través de dúas reunións periódicas. Como se pode observar, a inquietude por aproxima-los dereitos da infancia á realidade dos nenos e nenas de Galicia é para a Consellería de Familia e Promoción do Emprego,



Muller e Xuventude un obxectivo de máxima entidade dentro da realización das súas competencias. Pero isto non queda circunscrito ás diversas actuacións administrativas a que os dereitos dan lugar senón que esta, a través da súa Dirección Xeral de Familia, trata, á vez, de achega-los por medio de diversos documentos de traballo ou consulta para os nenos e nenas e para os adultos. Neste senso, teñense editados o *Carné de prudencia*, documento de prevención de abusos sexuais para os nenos, os carteis sobre os *Dereitos dos menores nos centros*, o desplegable sobre os dereitos da infancia, o folleto de *Somos galegos por que...*, orientado a que os menores galegos coñezan a noa historia e os seus dereitos ou a *Guía para a detección do maltrato infantil* para determinación e denuncia de abusos por parte dos adultos.

Este libro sobre a *Historia dos dereitos da infancia* completa, dalgún xeito, esta formulación de aproximación e sensibilización cara ós dereitos dos nenos e das nenas, con el queremos achegar un pouco máis o seu coñecemento a toda a nosa sociedade, coindindo coa celebración este ano do cuadragésimo aniversario da Declaración Universal dos Dereitos da Infancia e do décimo aniversario da Convención Internacional dos Dereitos do Neno, e así poder abrir novos espazos para a reflexión de todos nós sobre un tema que demanda o noso máximo respecto como adultos responsables que somos dos nosos herdeiros.

***Teresa Rey Barreiro-Meiro***

**DIRECTORA XERAL DE FAMILIA**



## Introducción

O respecto polos dereitos humanos e, en particular, polos dereitos dos nenos e das nenas, é un dos retos urxentes para o próximo milenio. Os avances que deben producirse na práctica, na transformación da moitas realidades de negación e violación dos dereitos básicos das persoas, extendidas por todo o Planeta, necesitan ir acompañados pola constante renovación dos esforzos teóricos para ampliar os textos legais, os compromisos políticos e os achádegos científicos que fagan posible o coñecemento de ditas realidades, dos avances que se producen, dos asuntos pendentes e das estratexias de acción máis aconsellables en cada contexto.

Neste senso a Universidade de Vigo, sumando o traballo de persoas de diversos departamentos e servicios, nucleados basicamente na Facultade de Humanidades de Ourense e no Vicerrectorado de Extensión Universitaria, quere contribuir a través do apoio a esta publicación e de outras accións complementarias, a ampliar o coñecemento da historia, da actualidade e das perspectivas futura no tocante ós dereitos da infancia, en especial os textos fundamentais que cronolóxicamente se foron elaborando na segunda metade deste século: a Declaración Universal dos Dereitos do Neno (20 de novembro de 1959) e a Convención Internacional dos Dereitos do Neno (20 de novembro de 1989).

A edición deste libro, coincidindo cos aniversarios das dúas normas anteriores, forma parte dun conxunto de accións que se levan a cabo estes días en colaboración con organizacións caracterizadas polo seu apoio á infancia, como é o caso de Unicef, Aldeas Infantís, Meniños, e outras entidades colaboradoras da Universidade que teñen os dereitos da infancia entre os seus obxectivos dentro dunha acción social mais ampla.

Todas as accións no seu conxunto contribúen a sensibilizar á sociedade diante da necesidade de non ser indiferentes e emprender ou esixir medidas que tendan a eliminar, ou polo menos reducir, a distancia existente entre a realidade que padecen os nenos e nenas e ós textos das declaracións internacionais e ó resto da lexislación sobre a protección da infancia.

Neste cometido o coñecemento da historia convírtese nun dos medios mais importantes para avanzar. Cando se fala en abstracto dos dereitos humanos en xeral, ou dos dereitos dalgún colectivo específico, non é fácil producir efectos mobilizadores na sociedade civil nunha dirección que provoque o seu compromiso inmediato para tentar cambiar as cousas. Móstrase acordo coas teorías sobre os dereitos humanos, e valórase o traballo dos diversos colectivos que loitan pola súa aplicación práctica, pero non se entende que debe implicarse nese proceso, como a única maneira de facer que teña éxito.

Por iso, o tratamento do problema da infancia desde a perspectiva histórica é tremendamente pedagóxico, posto que nos permite ver realidades de exclusión moi

evidentes, que en moitos casos non foron aínda superadas, nen se produciron avances na súa superación. Permítenos tamén tomar conciencia de que, a pesares dos avances teóricos e normativos por considerar ás persoas e en particular ós nenos como seres iguais en dereitos e dignidade, o camiño que se pode percorrer sen a mobilización da sociedade civil é practicamente insignificante.

A historia da educación, mediante a análise de problemas sociais reais e distanciándose da historiografía anecdótica que tiña vixencia nun pasado moi recente, fai unha aportación decisiva non só para o coñecemento do pasado, senon tamén para axudarnos a transformar realidades do presente que deberían estar hai tempo no pasado. Con esta obra, José Manuel Suárez Sandomingo amplía, ó tempo que compendia de maneira axeitada, esta contribución da historia social da infancia á transformación da realidade de moitos nenos e nenas que debemos afrontar os cidadáns, en especial os educadores, como reto urxente para o século XXI.

Agardemos que así sexa, pero depende de nós. Espero que os lectores disfruten coa lectura do libro e recollan del suficientes estímulos e recursos para a acción comprometida a favor dos dereitos humanos.

Ourense, 11 de novembro de 1999

Xosé Manuel Cid Fernández. Profesor de Pedagogía Social e

Vicerrector de Extensión Universitaria da Universidade de Vigo

# Capítulo I

## 1.- A infancia no tempo dos romanos

Dicir que os nenos de hoxe teñen unha entidade propia diferente da dos adultos, é, en sentido estricto, correcto. Sen embargo non sempre ocorreu así xa que o concepto social da infancia non permaneceu inamovible ó longo da historia. Desempando a historia da infancia, atopámonos con que, en contra do que ten sucedido noutras sociedades, os romanos non foron un dos pobos da antigüidade que máis se caracterizou pola súa protección. Guillén di que para que un neno romano fose considerado como fillo lexítimo era necesario, "en primer lugar, que nazca de justo matrimonio. Pero aún antes de nacer el padre puede impedir la concepción, y una vez concebido, ordenar el aborto, que sólo más tarde fue castigado, cuando se producía a su pesar o ignorado por él. Pero sobre todo se precisa que el pater familias lo reciba como hijo. Una vez nacido, se le deposita a los pies, si el pater familias lo levantaba y lo apretaba entre sus brazos (liberum tollere, suspicere), el niño quedaba admitido en la familia y constituído en suus heres del padre. Esto podía hacerlo también por una persona delegada"<sup>1</sup>. Si o pai xulgaba que tiña demasiados fillos ou que non dispoñía de medios suficientes para crialo, podía expoñelo na columna lactaria que había diante do templo da Pietas en Roma, de onde rara vez eran recollidos por xente caritativa ou benintencionada. O máis común era que o recién nacido fose acollido por persoas sen escrúpulos coa finalidade de explotalos en casas de prostitución, tugurios de mendicantes, ou por comerciantes de escravos que os vendían para o seu beneficio. A fortuna aínda era peor, se cabe, segundo Séneca, cando esas criaturas eran deformes ou inútiles: "Los fetos monstruosos, e incluso a los hijos, si nacen débiles o contrahechos, los hacemos desaparecer; y no es ira sino razón de seleccionar lo sano de lo inútil"<sup>2</sup>. Ariés observa que, deste xeito, ó neno romano "le era dada la vida dos veces: la primera cuando salía del vientre de la madre y la segunda cuando el padre lo "elevaba"<sup>3</sup>. Señala tamén que, "según Veyne, en realidad los lazos sanguíneos contaban mucho menos que los vínculos electivos, y cuando un romano se sentía movido a la función de padre prefería adoptar el niño de otro o criar el hijo de uno de sus esclavos, o un niño abandonado, antes de ocuparse automáticamente del hijo por él procreado"<sup>4</sup>. A moralidade romana permitía esta clase de actos sen ter que rendir ningún tipo de contas ante a Xustiza.

---

<sup>1</sup> GUILLEN, J. (1981): *Urbis Roma. Vida y costumbres de los romanos*. Salamanca. Ed. Sígueme, 165-166.

<sup>2</sup> *Ibid.*, 195.

<sup>3</sup> ARIÉS, Ph (1986, setembro-outubro): La infancia. *Revista de educación*, (281), 4.

<sup>4</sup> *Ibidem*.

Como ó neno non nacido non se lle daba ningún valor, podíase interrompi-la preñez en calquera mes da xestación. Por outra banda, os fillos que eran acollidos polo pater familias iniciaban un proceso de educación e coidado especial arroupados por tódolos seus familiares, especialmente polas mulleres.

Unha das primeiras noticias que temos sobre a protección social destes nenos remóntase ata as datas do goberno do emperador hispanorromano Trajano<sup>5</sup> que "introdujo en Roma, en el Asilo del Monte Celio, la figura de las "Instituciones Alimentarias" para niños, especie de institución que se nutría de los préstamos estatales para comprar fincas rústicas"<sup>6</sup>. Respecto destas institucións engade Palacios Sánchez que eran unha forma de "proporcionar medios de subsistencia a los menores abandonados para evitar tanto su muerte como los comportamientos delictivos derivados de su lucha por la vida"<sup>7</sup>. A protección institucional destes nenos duraba ata os 16 anos, idade á que se lles impoñía a toga viril ou ben os alistaban na lexión.

A situación comentada foi cambiando ó longo do século I e II. Para Ariés este cambio debeuse a unha transformación da mentalidade romana en relación ó matrimonio e ó neno, que pasaron a ser considerados dende un plano máis psicoloxico e moral: "el matrimonio es más importante que el concubinato, el nacimiento que la adopción"<sup>8</sup>. Sen embargo, outros autores consideran que este cambio veu propiciado pola aparición da relixión cristiana. Segundo estes, o xiro dado derivou dunha concepción menos omnipotestática do pater familias. Esta perda de autoridade do pai respecto dos seus descendentes tería a súa explicación na consideración dos fillos pola fe cristiana como un don outorgado por Deus ós pais, os cales, á súa vez, contraen o deber de coidalos e telos baixo a súa protección. O pai deixa, entón, de te-lo privilexio de poder elixir entre os fillos enxendrados, para toma-lo deber de consideralos a todos como dados por Deus e, polo tanto, dignos de ser atendidos por igual. Tamén por influxo da relixión cristiana, o feito de dar morte ós fillos empezou a ser considerado como un asinato polas leis romanas cara ó ano 374 d. C. Pero crese que a oposición ó infanticidio por parte dos Pais da Igrexa parecía fundamentarse máis nunha preocupación pola condenación da alma dos pais que polo propio dereito do neno á vida. Como ben apuntan Richard e Lyman, a esta práctica non se lle puxo fin coa asunción da relixión cristiana por parte do Estado, senón que aínda se tardaría algún tempo en adoptala como norma socialmente aceptada<sup>9</sup>. Estes mesmos autores din que os "Pais da Igrexa, partiendo de ciertas ideas de los pensadores clásicos, fomentan la compasión por los niños afirman-

<sup>5</sup> Trajano foi un emperador romano nacido na cidade de Itálica (España) no ano 52 e morto en Selino Cilicia no ano 117. Foi o primeiro emperador romano (ano 97) procedente das provincias do imperio. En tódolos cargos que ocupou (tribuno militar, pretor, cónsul e gobernador de Xermania) demostrou calidades para a diplomacia e a administración. Roma viviu baixo o seu mandato unha época de paz florecente e próspera, polo que se lle alcumou Óptimo e lle foi dedicada unha columna de 39 metros con baixoreleves en espiral.

<sup>6</sup> CASAS I AZNAR, F. (1988, xullo-agosto): "Las instituciones residenciales para la atención de chicos y chicas en dificultades socio-familiares: apuntes para una discusión". *Menores*, 37.

<sup>7</sup> PALACIOS SÁNCHEZ, J. (1987, marzo-abril): "Tratamiento y prevención de conductas delictivas de menores en España. Perspectiva histórica". *Bordón*, (267), tomo XXXIX, 205.

<sup>8</sup> ARIÉS, Ph (1986): *Op. cit.*, 6.

<sup>9</sup> RICHARD, B e LYMAN, JR. (1982): "Barbarie y religión: la infancia a fines de la época romana y comienzos de la Edad Media" en DE MAUSE, LI. *Historia de la Infancia*. Madrid. Alianza Editorial, 105

do que tienen alma, son importantes para Dios, son educables, no se les debe dejar matar, lesionar ni abandonar, y que son muy útiles para la propia imagen de los padres. Esto no quiere decir que la situación de los niños mejorara automáticamente"<sup>10</sup>. En todo caso, como conclúe Ariés, os nenos non desexados, foran de escravos ou de homes libres, matábanse "por las más diversas razones, no sólo a los hijos de la miseria o del adulterio"<sup>11</sup>

## 2.- A infancia durante a Idade Media

Riché afirma que na Alta Idade Media os termos cos que se definen as etapas evolutivas do neno son aínda bastante incorrectos. San Isidoro de Sevilla, partindo do 7 como número simbólico, divídeas en: Infancia, ata os 7 anos; Parada, dos 7 os 14 anos; e Adolescentia, dos 14 ós 21 anos. Esta segmentación vai chegar ata o século XVIII sen apenas cambios de interese.

O historiador francés Le Goff elaborou unha clasificación da marxinação na Idade Media, na que se recollen os diferentes tipos de seres que por un ou por outro motivo atopábanse excluídos da sociedade:

"a) Los excluidos o destinados a la exclusión, que son los criminales (ladrones y bandidos, fures y ladrones), los vagabundos, los extranjeros, las prostitutas, los suicidas, los herejes.

b) Los despreciados, que son aquellos que ejercen oficios "deshonestos", como los carniceros, los tintoreros, los mercenarios, etc.<sup>12</sup>; también los enfermos, los tullidos e impedidos, los pobres, las mujeres, los niños, los viejos, los bastardos.

c) Los marginados propiamente dichos: las personas venidas a menos (por ejemplo, los caballeros pobres), los locos, los mendigos, los usureros (estos últimos estaban muy cerca de la categoría de los excluidos).

d) Los marginados imaginarios: los seres propios de las maravillas geográficas, los monstruos (definidos por Bruno Roy en Aspectos de la marginalidad en la Edad Media, pág. 71, como los extraterrestres de la Edad Media), el hombre salvaje"<sup>13</sup>.

Así pois, dentro desta clasificación da marxinação, os nenos quedarían situados entre os despreciados, isto é, dentro dos que son tidos por menos ou son escasamente considerados xa sexa pola súa pouca valía para o desempeño de actividades físicas ou pola falta de utilidade das súas ideas para o resto dos que conviven con eles.

<sup>10</sup> RICHARD, B. e LYMAN, J.R. (1982): *Op. cit.*, 114.

<sup>11</sup> ARIÉS, Ph. (1986): *Op. cit.*, 6.

<sup>12</sup> En España foi Carlos III por mediación da Real Cédula de 18 de marzo de 1783 quen levantou a calificación de infames que pesaba sobre algúns oficios considerados como innobles por ser realizados coas máns. Oficios como os de curtidor, ferreiro, xastre, zapateiro, carpinteiro... eran considerados deshonestos e deshonrados, envilecéndose co seu exercicio a persoa que o practicaba e a súa familia, que se inhabilitaba para obter empregos do Estado ou para poder gozar das prerrogativas da fidalguía.

<sup>13</sup> LE GOFF, J. (1985): *Lo maravilloso y lo cotidiano en el Occidente Medieval*. Barcelona. Gedisa., 131

A regulamentación da asistencia que a Igrexa ofertará ós pobres farase por medio dos concilios. Neles procúrase darlle forma ás necesidades de protección dos desamparados e pobres, con especial atención ós nenos. Así, no Concilio de Vaison, no ano 442, promoveuse que o hachádego de nenos abandonados debería ser anunciado nas igrexas, para así evitar que os comesen as feras. Ademais, tratouse de legaliza-la situación dos expósitos que fosen acollidos por persoas caritativas, e que dende entón pasarían a ser recoñecidos como fillos lexítimos, castigando a aqueles que intervisen en contra destes acollementos coa censura eclesiástica<sup>14</sup>.

Nove anos máis tarde, no Concilio de Calcedonia, examinouse o tema dos establecementos asistenciais, impulsando a apertura dun bo número deles para albergue e alimento dos pobres, xa fosen estes nenos, vellos ou enfermos, con cargo ás arcas das entidades eclesiásticas dirixidas polos bispos, seguindo deste xeito os preceptos dictados polos Pais da Igrexa.

O acollemento nos mosteiros tivo, nun principio, un carácter indiferenciado, isto é, admitíase neles a calquera persoa que tivese necesidade de ser socorrida. A especialización dos equipamentos asistenciais levou a unha variada gama de denominacións entre as que podemos destaca-los enodoquios; os ptoctotrofos ou hospicios para desvalidos; os gerocomios ou casas para a atención dos anciáns; os nosocomios ou hospitais para os enfermos; os orfanotropios destinados ós orfós, tamén chamados brefotrofas cando albergaban, á vez, ás casas e ás escolas de expósitos, e as gynotropicas que se dedicaban á atención das mulleres e nenos.

Co tempo, serán os nenos os que van ir adquirindo un maior peso dentro da atención monástica. No ano 787, Datheus fundou o que é considerado como o primeiro asilo dedicado ós nenos abandonados<sup>15</sup>. Os monxes van acoller ós nenos coa finalidade de ensinarlles, ademais da doutrina, o saber do momento<sup>16</sup>. Sobre este particular, dinos Riché que nos primeiros séculos do cristianismo (séculos IV e V), a escola monástica orientábase a imparti-la súa educación nunha dobre perspectiva: “una interna para los monjes y otra externa para los pocos seglares que accedían a una enseñanza, y en principio estaban destinados a formar parte de una élite rectora de aquella sociedad”<sup>17</sup>. Así, pódese dicir que os pais ofrecíanlles ós monxes os seus fillos con dous propósitos: un primeiro, para que llos educaran e llos retornaran despois e, outro, para que os iniciaran como oblatos na vocación relixiosa. Esta última práctica levouse a cabo ata o século XII sen que o fillo puidese opoñerse a súa ordeación. No Concilio de Trullano, convocado pola Igrexa de Oriente no ano 692, tratouse de limita-la entrada dos nenos nos conventos, esixíndose como condición indispensable para

<sup>14</sup> SÁNCHEZ MARÍN, J.J. et OVIEDO, E. (1989): "Breve historia de la infancia" en SÁNCHEZ MORO, C. (Coord.). *Exposición sobre los derechos del niño*. Ministerio de Asuntos Sociales, Madrid. e HERNANDEZ IGLESIAS, J. (1876): *La beneficencia en España*. Establecimientos Tipográficos de M. Minuesa.

<sup>15</sup> DE MAUSE, LI. (1982): *Historia de la infancia*. Alianza Editorial. Madrid. 1982, 53. De Mause cita a Hefele Leclerq de su obra *Histoire des Conciles* (Paris, 1908), aínda que, segundo este mesmo autor, sería posible que san Magnebodo fundara un anterior entre os anos 606-654.

<sup>16</sup> CARBALLO, F. (1995): *A Igrexa en Galicia*. Vigo. Edicións. A Nosa Terra, 11-31.

<sup>17</sup> GARCÍA Y GARCÍA, A. (1992): "Educación estamental" en .AA. VV. *Historia de la Educación en España y América. La Educación en la Hispania antigua y Medieval*. Madrid. Ed. Morata, 483.



ser considerado oblatos a de ter cumpridos os dez anos de idade (canon XL). Mentres, en Occidente, ó principio, non se deixaba tomar votos relixiosos ata os dezaseis anos, pero despois esta idade foi liberalizándose en función do desexo dos pais. A consecuencia de todo isto, os conventos acaban por albergar unha grande cantidade de nenos, iniciándose a súa decadencia como lugares de protección e educación da infancia, xa que entre eles había moitos "inadaptados"<sup>18</sup> a la vida monástica"<sup>19</sup>.

Coa reforma monástica emprendida polo monxe francés Benito de Aniano no ano 817, prodúcese unha renovación das escolas monásticas, tomándose a decisión de que estas "se reservarían estrictamente a los jóvenes oblatos que se preparaban para monjes"<sup>20</sup>. No século XI está en plena decadencia a entrada de nenos para o servizo relixioso, elevándose a idade ata os 15 ou 20 anos<sup>21</sup>. Algúns mosteiros asentados en terras galegas dedicáronse durante esta época a impartirle-la educación ós nenos como foron os de Samos (760) e Celanova (936).

Durante o reinado de Chindasvinto (563-653), "aparece el Fuero Juzgo que rigió desde entonces con carácter más o menos general con fuerza obligatoria o de ley durante toda la época de la Reconquista. En su libro IV, De origine naturali, contiene prescripciones encaminadas a proteger a los menores. A los efectos de la tutela señala que la minoría de edad duraba hasta los catorce años cumplidos o los quince iniciados"<sup>22</sup>. Mendizabal Oses sinala que "los anglosajones rebajaron la mayoría de edad a los 10 años. Los francos rupiaros, los burgones y los visigodos, por el contrario, la fijaron en los catorce años... en España hasta bien entrado el siglo XIII, la joven noble será mayor de edad a los quince años y la plebeya a los doce"<sup>23</sup>.

A vida na Idade Media era máis ben curta. A iso contribuían en boa medida tanto as guerras como a escasa hixiene, a falta de atención sanitaria e unha escasa e mal axeitada alimentación para a supervivencia<sup>24</sup>. Todas estas situacións padecíanas os nenos cunha maior intensidade que os adultos, polo que a súa fráxil vida estaba sempre exposta a desaparecer en calquera momento. As causas principais da súa mortandade eran: a disentería, a febre, a peste, os tumores e a fame. "San Vicente Ferrer alude, en 1413, a la vida de los labradores como una vida áspera: cama ligera, muchos chiquillos invadidos de chinches, paredes manchadas de humo, siempre trabajando, el día malo y la noche también mala"<sup>25</sup>.

<sup>18</sup> Refírese aquí ós enfermos ou deficientes, entre outros.

<sup>19</sup> MARTIN McLAUGHLIN, M. (1982): "Supervivientes y sustitutos: Hijos y padres del siglo XI al XIII" en DE MAUSE, LI. *Historia de la Infancia*. Madrid .Alianza Editorial, 187.

<sup>20</sup> RICHÉ, P. (1983): *La educación en la cristiandad antigua*. Barcelona. Herder, 64.

<sup>21</sup> Cfr. MARTIN McLAUGHLIN, M (1982 ): *Op. cit.*, 187-189

<sup>22</sup> MENDIZABAL OSES, L. (1977): *Derecho de Menores*. Madrid. Ed. Pirámide. 140-141.

<sup>23</sup> MENDIZABAL OSES, L. (1977): *Op. cit.*, 140.

<sup>24</sup> Bonnassie di que "el estudio ... de los esqueletos exhumados muestra el desastroso estado sanitario de los hombres de aquella época: raquitismo frecuente, malformaciones óseas y una abrumadora tasa de mortalidad infantil y juvenil. "Tanto por lo que respecta a los hombres como a las mujeres, la mortalidad más intensa se situaba entre los 19 y los 23 años" (E. Salin). En los siglos VI y VII la población europea estaba al límite de sus posibilidades de supervivencia" (BONNASSIE, P. (1988): *Vocabulario básico de la Historia Medieval*. Barcelona. Ed. Crítica, 110.

<sup>25</sup> BENEYTO, J. (1973): *Historia social de España e Hispanoamérica*. Madrid Ed. Aguilar, 154.

O neno, durante toda Idade Media desenvolveu un papel económico dentro da súa familia, o que contribuíu a elevar aínda máis a súa xa alta taxa de mortalidade. Ás dificultades propiciadas polos traballos que se lles asignaban e as impostas polo seu propio medio de vida, sumábase, nalgúns casos, as da súa orixe ou as das condicións en que tivesen nacido, isto é a súa ilixitimidade. Sobre estas últimas a relixión moitas veces actuaba cunha dobre moral, xa que, por unha parte, facía que os pais sufrisen a marca social da súa marxinação, mentres que os seus fillos eran solicitados para o seu acollemento nas institucións de caridade que a propia Igrexa auspiciaba.

Un punto aparte merecen as nenas, xa que a todo o dito ata aquí hai que engadi-lo feito de que se vivía daquela nunha sociedade predominantemente militar e agrícola que non lles atribúa excesivo valor nin económico nin social, sendo a súa supervivencia pouco tida en conta.

Os reinos cristiáns desta época optaron por defende-los menores castigando aqueles os que corrompesen ou mitigándolles penas impostas respecto das que lles correspondían ós adultos.

A maior labor fundacional de atención a expósitos e orfos levada a cabo nesta época por unha soa persona débese a Guy de Montpellier, o fundador da Orde do Espírito Santo. A súa obra estendeuse rapidamente por Francia e Italia. Neste último país chegou a recibi-lo apoio do papa Inocencio III, quen quedara sobrecolido coa visión que tivera duns cadáveres de nenos flotando nas augas do Tíber. Posteriormente, a See oficial da Orde quedará establecida de forma permanente en Roma.

A misión levada a cabo polas institucións protectoras da infancia orientábase a "que los que sobrevivían aprendían un oficio o pasaban a ser criados a los ocho o diez años"<sup>26</sup>.

Trala Reconquista e co absolutismo rexurde o Dereito Romano que vivifica as leis promulgadas a partir desa época como son as Partidas. "La crueldad de Roma para con su infancia se recoge en la Ley 8, Título 17 de la Partida IV. Se facultaba al padre para vender y empeñar a sus hijos, facultades que aparecían prohibidas en textos anteriores"<sup>27</sup>.

Alfonso X definía a patria potestade como o "ligamiento de reverencia, e de sujeción, y de castigo, que debe tener el padre sobre su hijo"<sup>28</sup>. Sobre a corrección dos fillos por parte do pai dicía que "Debe castigar a su hijo moderadamente... pero si algunos de ellos, crueles y desmesurados en su hacer esto, que los hieren mucho con piedra o con palo o con otra cosa dura, defendemos que no lo hagan así. Que los que lo hiciesen en contra de esto, y muriesen por alguna de aquellas heridas, aunque no lo hiciese con la intención de matarlo, debe el matador desterrarlo por

---

<sup>26</sup> *Ibidem*, 164.

<sup>27</sup> CORONADO BUITRAGO, M<sup>a</sup>. J. (1989, decembro): "Evolución jurídica de los derechos de la infancia" en SÁNCHEZ MORO, C. (Coord.). *Exposición de los derechos del niño*. Ministerio de Asuntos Sociales. Madrid. decembro.

<sup>28</sup> Partida IV.

cinco años en alguna isla. Y si el que castiga lo hizo a sabiendas de aquellas heridas, con intención de matarlo, debe tener pena de homicida<sup>29</sup>. Na Partida III sinala o permiso que lle da á Igrexa para que poida repartir os seus bens entre el "bevir mesuradamente" os cregos e que o resto os dispensasen a obras de caridade, así como a dar de comer e vestir ós pobres, e a criar ás orfas, e criar ás vírxenes pobres, para "desviarlas de con la pobreza non hayan de ser malas mugeres; e para sacar catiuos... e en otras obras de piedad semejantes destas"<sup>30</sup>.

Na Partida VI determina Alfonso X a forma na que se teñen que reparti-los bens dun testador cando os deixa ós pobres: "diciendo el testador: establezco por mis herederos a los pobres de la ciudad, o tal villa; o: mando por mi alma, que sean dados todos mis bienes a pobres: porque algunos dudarian, en que pobres deben de ser repartidoslos bienes del que hiciese su testamentode esta manera, lo queremos repartir, y mostralo. Y decimos que se deben de darse a aquellos que fuesen encontrados en aquellos hospitales de aquella ciudad que por algunas enfermedades estan encamados y no pueden salir de los hospitales a pedir para vivir, así como los maltrechos, los cojos, o los ciegos, o los niños desamparados que se crían en ellos, o los muy viejos, o los que tuviesen otras enfermedades que les impidiesen andar ni salir de los hospitales: porque estos lo han de necesitar más que los otros que pueden andar y pedir donde vivan. Y si por ventura, el testadorno señalase los pobres de que ciudad o villa son, deben ser repartidos entre los pobres de aquel lugar en que hiciese el testamento"<sup>31</sup>.

A figura asistencial do pare d' orfens ou pai de orfos foi instituída por Pedro IV o Cerimonioso na cidade de Valencia<sup>32</sup> en 1338<sup>33</sup>. Nela combinábanse os elementos educativos e tutelares do pai cos formativos e laborais do patrón. Coa súa creación, o rei pretendía "que los menores marginados fueran redimidos de su mala vida mediante el trabajo. Debía apartarles del peligro y buscarles una ocupación, de este modo les recogía y cuando estaban en condiciones de trabajar les colocaba en un taller, cuyo maestro, además de enseñarles, respondía de las faltas que pudiesen cometer. Actuaba también como padre de huérfanos en la esfera judicial, ejerciendo la función de Juez de lo criminal si los menores bajo su tutela cometían algún delito, y castigaba a los que no cumplían con las tareas impuestas"<sup>34</sup>. Este modelo extendeuse, co tempo, por outras partes do Reino de Valencia (Castellón, 1386), Navarra (Pamplona, 1592 ou Tudela, 1527) e Aragón (Zaragoza, 1475).

Nas Cortes celebradas en Valladolid pedíuselle ó rei que engadira ás leis de mendigos a creación dun emprego de pai de pobres en tódolos pobos "é que ansi

<sup>29</sup> Lei IX, título VIII, Partida VII

<sup>30</sup> Lei XII, título XXVIII, Partida III

<sup>31</sup> HERNÁNDEZ IGLESIAS, J.(1876): *Op. cit.*, 276.

<sup>32</sup> En Valencia tamén nacera outra figura coñecida como *Affermamossos* (*affermament* viña a significar contrato en prácticas), que tiña unhas funcións similares á que estamos comentando.

<sup>33</sup> SANTOLARIA, F. (1996): *Marginación y educación. Historia de la educación social en la España Moderna y Contemporánea*. Barcelona. Ariel, 29-41.

<sup>34</sup> PALACIOS SANCHEZ, J. (1987): *Op. cit.*, 205.

como en algunos pueblos hay padres de mozos, en todos haya padres de pobres para darles en que trabajen a los que fueren para ello, y los otros se redimen y curen conforme á las instrucciones y provisiones que para ello están dadas... Porque allende que ellos son mal inclinados á trabajar, tienen buena escusa con decir que nadie los querrá llevar, y proveyéndolos de esta manera podrán ser mantenidos y socorridos"<sup>35</sup>.

Nos Decretos de Nueva Planta de 1707 incluíuse a supresión dos pais de orfos, pero, debido ós efectos negativos que iso acarreo, o propio Felipe V recomendou o seu restablecemento. De calquera forma, o seu final chegaría con Carlos IV, que os extinguiu definitivamente no mesmo lugar onde se tiña orixinado (Valencia) en 1793.

O coidado dos fillos estaba sustentado, moitas veces, en crenzas supersticiosas ou nunha tradición pouco atenta ás necesidades infantís. Así, por exemplo, os nenos eran enfaixados coa suposición de que deste xeito conseguiríase que o seu corpo fose firme e robusto. Pero o que obtiñan, pola contra, era que tivesen unhas maiores dificultades para respirar e que a súa pel se magullase e infectase con maior facilidade.

A educación baséase principalmente na disciplina e na obediencia cega ós adultos, ós que debían tratar con distancia, quedándose así nun plano de mera instrución do neno en destrezas, hábitos e modais.

O abandono de nenos durante o século XV débese, para Vinyoles, á miseria dos seus pais ou á súa condición de ilexítimos. Sinala como causas destas situacións, que na última parte do século XIV se produciu unha crise económica que trouxo consigo unha etapa de fame que deixou ó campo sen a forza laboral necesaria para traballalo. Isto predispuxo á miseria ás familias rurais, que aínda se vería incrementada cando estas tivesen un gran número de fillos ou o pai tivese que ausentarse temporalmente para traballar noutros lugares. Ademais, a ilexitimidade supoñía unha tara social, que incidía en que os afectados "no podían entrar en relixión, ni ser ordenados sacerdotes sin licencias especiales"<sup>36</sup>. Nalgúns casos, estes son fillos de relixiosos ou fillos naturais<sup>37</sup>. A interpretación que da Vinyoles a esta situación é que "La sociedad de la época permitía la esclavitud, la miseria extrema de las clases populares, el concubinato, pero veía con malos ojos los hijos ilegítimos y el abandono de los niños"<sup>38</sup>. A pesar de todo isto, di esta historiadora que non se constata que os pais ou as nais lles producisen malos tratos ós seus fillos antes do seu abandono.

A función dun hospicio, por ésta época, era simplemente a de tutela-los nenos, xa que unha vez entregados, e cando non estaban impedidos ou enfermos, tratábase-

<sup>35</sup> HERNÁNDEZ IGLESIAS, J. (1876): *Op. cit.*, 338-339.

<sup>36</sup> VINYOLES I VIDAL, T.M. (1986): *Op.cit.* 110.

<sup>37</sup> Vinyoles chega a estas conclusións tras estudar os libros de *Expositis i dides* (1426-1439), nos que aparecen un total de 259 nenos que foron abandonados.

<sup>38</sup> VINYOLES I VIDAL, T.M (1986): *Op. cit.*, 111

lles de reter o menos tempo posible, polo que raras veces residían alí cando eran xa mozos. Nalgúns casos, o director do hospicio os acollía na súa casa e encargaba a unha ama de cría ou unha muller honesta residente na institución que lles buscara unha nodriza para que os amamantase por un salario<sup>39</sup>. A manutención dos bebés facíase sempre con leite dunha muller xa que se consideraba que o leite dun animal os podía perxudicar, facéndolles adquirir calidades do mesmo<sup>40</sup>. A institución recibía noticias sobre a evolución da crianza dos nenos acollidos polas familias a través dos maridos das nodrizas cando iban cobra-los salarios. Normalmente, os nenos dos hospicios debían pasar por dúas ou tres nodrizas, a causa do esgotamento do seu leite. Si durante a estancia na familia contraían algunha enfermidade ou necesitaban roupa ou outros utensilios, o hospicio sufragaba os seus gastos. Estes podían ser pagados con cartos ou co servizo do neno unha vez que puidera traballar como criado ou criada para a familia. No caso de falecemento, ó neno dábaselle sepultura na parroquia na que naquel momento se atopase, comunicándoo ó hospicio a través do pertinente certificado do párroco. A mortalidade dos nenos pequenos era alta, como xa sinalamos, e Vinyoles fala no seu estudio de que nun 53% dos casos morría antes de cumpli-los 3 anos de idade (137 de 259)<sup>41</sup>. Os nenos que se quedaban na institución eran coidados por unha muller que lles ensinaba a asearse, alimentarse, e prepararse para valerse por sí mesmos. Normalmente, a única instrución que recibían era a aprendizaxe das oracións.

A saída normal dun neno dun hospicio era cara á aprendizaxe dun oficio con algunha persoa externa á propia institución que se encargaba de procurarlle os coitados necesarios para a súa vida; no caso das nenas, a súa ocupación primordial era a de servir de criadas<sup>42</sup>, aínda cando a finalidade última de calquera moza da época non era outra que a de casarse, polo que unha vez colocada non recibía ningunha asignación polos servizos domésticos prestados, que serán pagados á hora de contraer matrimonio en forma de dote.<sup>43</sup> Só uns poucos nenos chegaban a ocuparse en oficios que necesitasen dunha certa preparación, como saber ler ou escribir<sup>44</sup>. Cando se daba esta circunstancia, as aprendizaxes adquiríanas nos conventos podendo, nalgúns casos, saír de cara á vida secular ou ben entrar a formar parte da orde) estigma social que pesaba sobre os nenos dos hospicios obsérvase en feitos tais como a súa dificultade para conseguir un marido, no caso das mozas, ou nas continuas fugas dos obradoiros, no caso dos mozos.

<sup>39</sup> Cfr VINYOLES I VIDAL, T.M (1986): *Op. cit.*, 112 e MARTIN MCLAUGHLIN, M. (1982): *Op. cit.*, 164

<sup>40</sup> VINYOLES I VIDAL, T.M. (1986): *Op. cit.*, 111-112 e BRUCE ROSS, J (1982): “El niño de la clase media en la Italia urbana, del siglo XIV a principios del XVI” en DE MAUSE, LI. (1982): *Historia de la infancia*, Madrid. Alianza Editorial, 211

<sup>41</sup> VINYOLES I VIDAL, T.M (1986): *Op. cit.*, 113.

<sup>42</sup> Vinyoles sinala que só un 4,4% das rapazas entran noutro oficio, pero este será sempre relacionado coa confección de prendas. VINYOLES I VIDAL, T.M (1986): *Op. cit.*, 117.

<sup>43</sup> *Ibidem*, 114-115 e MARTIN MCLAUGHLIN, M (1982): *Op. cit.*, 164

<sup>44</sup> Vinyoles fala no seu estudio dun 18% dos nenos varóns e un 1,4% das nenas, VINYOLES I VIDAL, T.M (1986): *Op. cit.* 115-116.

Co tempo, os hospitais viñeron a substituír, nalgũa medida, no seu labor social ós conventos e demais institucións a cargo das entidades eclesiásticas. Estes "atendían a las personas ancianas y enfermas, a los huérfanos, a los niños abandonados y a las mujeres abandonadas. Se convirtieron en el principal agente de la caridad medieval. Los hospitales se fundaron con la ayuda de los donativos hechos por los reyes, los duques y miembros de la aristocracia. Sin embargo, sólo algunos de los desamparados encontraron protección y refugio en estas instituciones; muchos mendigos vagabundos continuaron deambulando por los caminos y se convirtieron en una plaga contra la cual no pudieron hacer nada los gobiernos locales ni los estatales"<sup>45</sup>.

Durante o século XVI, creáronse en España moitas institucións para a asistencia social de nenas e nenos pobres e vagabundos, mendigos e enfermos. Algúns dos seus protectores foron: Torres de Villanueva, en Valencia; Fernando de Contreras, en Sevilla, ou Cristobal Pérez de Herrera, en Madrid. Como sinala Bartolomé, "la Iglesia, tal vez por su origen y misión, fue siempre más sensible a la caridad evangélica que a la justicia social, y en este sentido no dejó de fundar y crear centros para niños expósitos e incluso, dotes para doncellas y huérfanas, lazaretos y hospitales, que en muchos casos tenían una dedicación educativa práctica. Pero tal vez la organización más interesante, dentro de esta educación especial, eran las casas de doctrina, en las que los huérfanos o expósitos, en régimen de internado y con definidos sistemas de aprendizaje escolar y laboral, eran preparados para un ingreso digno en la sociedad"<sup>46</sup>.

Unha práctica habitual nesta época era o acompañamento dos mendigos por nenos, xa que así incitábase máis a caridade da xente. Segundo Ariés, o feito de dar esmola ós estudantes era unha práctica habitual dende os principios das ordes relixiosas mendicantes. Sobre este particular, di: "La mendicidad de los niños estaba tolerada, incluso admitida por la opinión general, y las bandas de escolares se aprovechaban de esta mentalidad especializando a los más jóvenes en la mendicidad, mientras que los mayores se reservaban las raterías"<sup>47</sup>.

A crise do século XVI e a mobilidade social que a preludiou, fixeron que autores como Vives comezasen a ve-la necesidade de instruí-los nenos pobres que residían nos hospicios, albergues e institucións similares de xeito que se puidesen preparar para ser mestres ou ir ó seminario de cegos onde lles ensinarían, ademais da doutrina, a ler, escribir e contar. No século XVII, a sociedade estamentaria lles impedirá promocionarse a través destas vías, por entender que a razón de Estado esixía que estes fosen empregados nos oficios máis baixos e viles. Así, Felipe IV promulgou a pragmática de 10 de febreiro de 1623 coa intención de suprimi-los estudos de gramática dos centros de recollida para nenos pobres, e instou ós seus administradores e superintendentes a que coidasen de ensinarlles outros oficios, especialmente o de

<sup>45</sup> FRIEDLANDER, W.A. (1985): *Dinámica del trabajo social*. México. Pax México, 10

<sup>46</sup> BARTOLOMÉ, B. (1993): "Las escuelas de primeras letras" en AA. VV. *Historia de la Educación en España y América. La Educación en la España Moderna (siglos XVI-XVIII)*. Madrid. Ed. Morata. 185.

<sup>47</sup> ARIÉS, Ph. (1987): *El niño y la vida familiar en el antiguo régimen*. Madrid. Editorial Taurus, 427.

mariñeiro, por considerar que o reino non dispoñía dun número suficiente para atender-las súas necesidades. Isto incapacitaraos para desenvolver postos que lles sirvan para o seu progreso e cambio social. Co fin de provee-la Armada de xente calificada instalouse en Cádiz, por orde de 22 de decembro de 1677, unha casa de acollida para nenos expósitos e desamparados na que serán alimentados, vestidos e educados ata a idade en que puideran acceder ós postos de mariñeiro, artilleiro ou piloto de navío. Pola súa parte, Pérez Herrera<sup>48</sup> perfilou “todo un programa de distribución de los niños pobres en función de sus edades a distintos lugares y tareas. Y así para los mayorcitos dispone que sean entregados a gente rica, prelados y corregidores para que se conviertan en servidores suyos. Propone también que una parte de ellos se dedique a la marina y aprenda a fabricar armas, hacer tapices, paños o telas, así como a confeccionar muchas mercaderías que traen de fuera del reino... Se trata más bien de inculcarles hábitos de subordinación, así como una nueva ética del trabajo en consonancia con las exigencias del nuevo orden económico y político de los Estados Administrativos modernos”<sup>49</sup>

Outra figura institucional de atención ó traballo de xoves desamparados –ademais da xa comentada do pai de orfos– foi a denominada deputado de parroquia, creada en 1577 por Felipe II. Este encargouse da vixilancia dos mozos nos seus lugares de reunión (prazas, igrexas ou outros lugares públicos), e de buscarlles traballo para que non collesen o camiño da delincuencia e da desidia. Para o cumprimento destas misións, invístuselles de facultades disciplinarias tanto para ser exercitadas cos mozos como con aqueles que os maltratasen

A situación en Galicia durante o século XVII foi de interese pola atención á infancia desfavorecida, tanto por parte dos concellos como dos particulares. Exemplos de ámbalas dúas sinálaos Couceiro Freijomil cando di “o concello preocupábase da crianza de expósitos, ou que Alonso Noguero creou unha fundación en 1530, que a súa muller, a través do seu testamento en 1534, outorgaría á capela de San Xoán Bautista a potestade de que “a metade dos seus (cartos) se destrubisen en casar orfas, privilexiando ós seus parentes”<sup>50</sup>. O mesmo ocorre noutros testamentos da época.

---

<sup>48</sup> Cristobal Pérez de Herrera (Salamanca, 1558 - Madrid, 1625). Estudiou Medicina na Universidade de Alcalá de Henares, materia sobre a que escribiu diversos libros. Pero o que maior fama lle deu foi o de *Discursos de los amparos de los legítimos pobres y reducción de los fingidos: y de la fundación y principio de los albergues de estos reynos, y amparo de la milicia dellos*, publicado en Madrid en 1598, e de gran interese para o estudio da vida dos nenos.

<sup>49</sup> VARELA, J. (1986): “Aproximación genealógica a la moderna percepción social de los niños” en *Revista de Educación*, (281), septiembre-diciembre, 166.

<sup>50</sup> COUCEIRO FREIJOMIL, A. (1995): *Op. cit.* 352.

### 3.- A protección da infancia na época de Carlos III

No século XVIII, a Beneficencia será recoñecida como un servizo público e as súas rentas secularizáronse pasándoas a mans do Estado<sup>51</sup>. Carlos III será o que deseñe por primeira vez na Historia de España, un verdadeiro plan de beneficencia pública. Este monarca tratou de corrixir un sistema viciado en exceso pola intromisión de falsos pobres e desahuciados. Entre as medidas que tomou para perseguir a vagancia e a mendicidade voluntarias estiveron a do alistamento no exército ou na marina dos detidos por este tipo de actos: "Destinó al servicio de las armas a los comprendidos en la edad de 17 a 36 años, que tuvieren la estatura fijada por la ordenanza de reemplazos, y carecieran de los defectos que la misma señalaba; exceptuó de este procedimiento a los casados"<sup>52</sup>. A ordenanza en cuestión dicía, referíndose, segundo parece, ós xoves, que son "vagos los que se encontraren a deshoras de las noches durmiendo en las calles desde media noche arriba, o en las casas de juego o en tabernas, que advertidos por sus padres o maestros, amos o jueces, por la tercera vez o más reinciden en estas faltas, o en la de abandonar la labranza u oficio en los días de trabajo, dedicándose a una vida libre o voluptuosa, y despreciando las amonestaciones que se le hayan hecho". Foi, tamén, o verdadeiro impulsor da beneficencia domiciliaria e da fundación de numerosos hospicios, así como do Fondo Pío Beneficial, encamiñado a crear casas de misericordia, de expósitos ou calquera outro tipo de establecementos semellantes. Durante o seu reinado, a creación das casas de misericordia cobrou un extraordinario empuje, estendéndose rapidamente por todo o país. Entre as que máis empeño puxeron no seu labor estiveron as de Alacante, Barcelona, Burgos, Cádiz, Canarias, Cidade Real, Écija, Girona, Granada, Salamanca, Toledo, Valencia e Valladolid.

Con respecto á asistencia da muller, puxo en marcha a Casa-galera rexentada por unha asociación de mulleres, e aumentou o número dos obradoiros destinados a intervir na esfera das súas ocupacións, así como tamén as declarou "hábeles para tódolos traballos fabriles compatibles con la decencia, fuerza y disposición de su sexo y se derogaron las ordenanzas contrarias, ahorrando mayor número de hombres para las faenas penosas"<sup>53</sup>. Para atender tódalas tarefas benéficas nombrou unha Junta General de Caridad e determinou a existencia doutras de carácter parroquial e de barrio; e fomentou a expansión das sociedades económicas de amigos do país baixo o lema de socorre ensinando. A primeira destas foi a do País Vasco en 1765, que tiña entre os seus obxectivos "corregir y pulir las costumbres y desterrar el ocio, la ignorancia y sus funestas consecuencias"<sup>54</sup>, á que lle seguirán as de Bae-

<sup>51</sup> HERNÁNDEZ IGLESIAS, J. (1876) *Op. cit.*, 27.

<sup>52</sup> *Ibid.*, 343, citando a Ordenanza de 7 de maio de 1775. Lei VII, título XXXI, libro XII. Esta parte foi confirmada e derogada en múltiples ocasións.

<sup>53</sup> *Ibidem*, 29-30.

<sup>54</sup> *Ibidem*, 198.



za (1774), Madrid<sup>55</sup>, Toledo, Guadalajara, Segovia, Ávila e Talavera (1775), Soria (1777), que baixo o lema o ocioso para ninguén e proveitoso, trataba de "combatir la ociosidad de los pobres, principio de su miseria y empleo de sus fuerzas en el fomento de la industria popular"<sup>56</sup>, Córdoba (1779), Chinchón (1780) co lema ensina, socorre e premia para "desterrar la mendicidad"<sup>57</sup> e Asturias (1780). Esta última creouse a instancias de Campomanes "para desterrar la mendiguez y ociosidad, destinando los niños de uno y otro sexo á ocupaciones útiles"<sup>58</sup>. Outras con similares finalidades foron as de A Bañeza (1771), que no seu escudo fixo figurar un neno co lema aprendo e son socorrido, Vélez Málaga (1783), Tudela (1788), Mérida (1836), Barcelona (1840). A de Madrid caracterizouse polos seus traballos a favor da educación dos pobres e das nenas, abrindo escolas e fomentando a educación popular. As súas escolas estaban baixo a supervisión da Junta de Damas de la Inclusa de Madrid. Outras obras institucionais súas foron as das escolas de xordo-mudos e de cegos, a de taquigrafía (1802), economía política (1813), paleografía (1838), economía industrial, sistema métrico, fisioloxía vexetal e patoloxía.

As xuntas de beneficencia, así como as sociedades económicas e patrióticas ou as deputacións, crearon multitude de escolas gratuitas dedicadas a atender nenas e nenos pobres e abandonados. Entre as funcións que trataron de cumprir estiveron as propiamente educativas, "enseñando a unas y otros las labores y oficios propios de cada sexo, celebrando exámenes públicos, premiando a los que sobresalían por su aplicación, y hasta destinando dotes para algunas jóvenes cuando hubieran de tomar estado, para todo lo cual se arbitraran cantidades y recursos extraordinarios. Así se vio al poco tiempo, en estas escuelas patrióticas, a centenares de niñas disfrutar del beneficio de una educación cristiana, y presentar esmeradas labores de aguja, cintera, bordado, encajes y flores, y a millares de niños aprender, además de la instrucción religiosa y moral, un oficio con que podían vivir honestamente y ser útiles a su patria"<sup>59</sup>.

Carlos III fixo recolle-los nenos nos hospicios, argumentando que "no teniendo los padres que abandonan a sus hijos o que no los educan y mantienen sino en el ocio y vicios, derecho a impedir al Soberano que tome sobre sí este cuidado paternal"<sup>60</sup>, á vez que lles prohibiu utilizalos para pedir esmola. Co mesmo motivo de prevención e protección da infancia, mandou que a Xustiza amoestara ós pais dos nenos vagos se tivesen algunha autoridade sobre eles, para que lles reprendesen e educasen ou, en caso contrario, os maxistrados buscaríanlles uns amos ou mestres, como medida gubernativa e de policía. Esta inquietude trasladouna o rei a moitas persoas do seu tempo, dando pé á constitución de múltiples entidades consagradas á

<sup>55</sup> Esta sociedade fará, coa de Murcia, un traballo titulado: Informes de las Reales Sociedades de Madrid y Murcia sobre la creación, dotación y gobierno de hospicios y casas de misericordia. De orden del Consejo. Madrid. Pedro Marín, 1781.

<sup>56</sup> HERNÁNDEZ IGLESIAS, J. (1876): *Op. cit.*, 198

<sup>57</sup> *Ibidem*.

<sup>58</sup> *Ibidem*.

<sup>59</sup> *Ibid.* 428.

<sup>60</sup> Real Orden de 18 de novembro de 1777, Lei XVIII, título XXXIX, libro VII da Novísima Recopilación.

creación e sostemento de casas de caridade, hospicios e hospitais que os puideran acoller. Algúns exemplos deste tipo de actuacións foron: o Primado de España Sr. Lorenzana que levantou e dotou de escolas e obradoiros as casas de caridade de Toledo e Cidade Real e o seu irmán o bispo de Girona, fundador de hospicios nesta cidade e en Olot, así como os arcebispos de Burgos, Girona, Santiago e Valencia<sup>61</sup>. Ó arcebispo de Osma, Fray Francisco Joaquin de Eleta, se lle deben dous hospicios, un en Osma e outro en Aranda, o seminario e o estudio xeral, e o hospital, segundo expón Floridablanca no Memorial a Carlos III.

En relación ás casas de misericordia e ós hospicios, Carlos III estableceu dende a forma de construílas ata a súa distribución interior, dispoñendo, entre outras medidas:

- A separación por sexos en tódolos departamentos.
- A creación dunha extensa horta de cultivo e paseo, principalmente para os nenos que non puideran saír sen grandes precaucións.
- A canalización da auga corrente e das fontes.
- A reglamentación do uso e da práctica das súas capelas e igrexas.
- A obrigatoriedade da asistencia ás escolas de instrución primaria durante o tempo necesario para tódolos nenos e nenas acollidos.
- A instrución nos obradoiros dos nenos, segundo o seu sexo e idade, naqueles oficios para os que tivesen mellores aptitudes<sup>62</sup>.
- A separación dentro da institución dos vagos ineptos para o servizo de armas e da Marina do resto dos internos, de forma que non lles transmitisen vicios perxudiciais, e empregándoos na realización de traballos nas obras, hortas e demais faenas da casa ou separándoos en sás de corrección.
- O aforro dos acollidos reglamentouno a fin de que con el puidesen costear a súa aprendizaxe naqueles oficios ou profesións inexistentes nos establecementos;
- Promoveu o aproveitamento dos servizos dos adultos e dos anciáns residentes coa intención de que formasen ós novos. Tomou medidas contra o despilfarro dos cartos administrados polas casas de expósitos, e instaurou unha inspección sobre o seu goberno, de forma que se evitasen os abusos e os excesos que nelas se producían.
- Dispuxo cales deberían se-los días, horas e métodos pedagóxicos que se deberían aplicar na instrución primaria e nas artes e nos oficios, tanto dentro como fora dos hospicios, facendo especial énfase na educación das nenas.

Os procedementos tutelares do Estado iniciáronse con Carlos III, quen mandou coloca-los menores baixo a protección das Juntas ou Diputacines de Caridad, ás que recomendou que os entregaran a labradores, acomodados e peritos, ou a mestres hábiles e de boas costumes, para que estes lles ensinaran aqueles oficios que coñecían.

---

<sup>61</sup> *Ibid.*, 35

<sup>62</sup> *Ibid.*, 261

#### 4.- A nova concepción da infancia

A partir do século XVIII o neno deixou de ser considerado coma un adulto imperfecto ou un adulto en miniatura para ser visto como un ser digno de ser comprendido e aceptado polo que era e representaba en si mesmo. Rousseau, e os ilustrados, en xeral, van ter boa parte de responsabilidade nesta nova perspectiva social sobre a infancia. A famosa frase do Emilio de que o neno nace bó, e que só é a través do seu contacto coa sociedade como chega a pervertirse, trazará unha liña divisoria, entre o antes e o despois da nova actitude social ante a infancia. A partir de entón tódolos tratadistas do tema da infancia: médicos, pedagogos, filósofos, etc. empezan a mirar ó neno con novos ollos, e tratan de transmitir-lle a súa influencia cultural e profesional tanto sobre el como sobre os comportamentos das súas nais para que estas se fagan cargo do seu coidado, lle dediquen máis tempo á súa educación, e esperten o seu interese polo xogo e pola realidade que os rodea. Pero estas consideracións, ó principio, só chegarán a uns poucos fillos de burgueses e das clases pudentes, mentres o resto da poboación, fillos de labregos e obreiros, seguirán acuciados aínda durante bastante tempo pola súa ignorancia ancestral. Ós seus fillos estalles reservada unha vida laboral que empeza cando aínda son moi novos para traballar, unha vida laboral inducida por unhas necesidades que non podían ser cubertas polos escasos ingresos dos pais, e na que tiñan que sofri-las mesmas condicións inhumanas cos adultos, e na que aínda, ás veces, se lles reservaban traballos especiais, como podían se-los de manipular determinadas máquinas ou realizar certas tarefas en lugares de difícil acceso para os adultos, que, moitas veces, acababan mancándoos para o resto das súas vidas, cando non lles acarreaban a morte. Non obstante, e a pesar de todas estas evidentes dificultades, serán moi poucas as persoas que se doían dos nenos, xa que o seu valor social seguía a ser aínda escaso.

A finais do século XVIII empeza a cambiar tanto o concepto de caridade como da esmola polos de beneficencia e asistencia, tal como prescribira Montesquieu e logo promulgara a Constitución francesa de 1793. De tódolos xeitos, en España, os hospitais seguirán misturando aínda durante moito tempo as poboacións que atenden tanto por necesidades sanitarias como por razóns de asilo.

Durante o reinado de Carlos IV foron adoptadas en España diversas medidas respecto da infancia, entre as que hai que destaca-las seguintes:

- Encargou que ós prelados tivesen un maior coidado das casas de expósitos que se encontraban en estado miserable, e que dispuxesen dos recursos necesarios para remedia-la situación destes e a asistencia dos internos<sup>63</sup>.
- Declarou lexítimos a tódolos efectos civís, e libres de toda marca ou discriminación, ós expósitos, outorgándolles a posibilidade de ingresar nos colexios de pobres, consistorios, casas de orfos e de misericordia e de acceder a dotes e consignacións para casar ou para outros destinos establecidos a favor dos pobres orfos, sempre e cando as constitucións dos colexios ou fundacións piado-

---

<sup>63</sup> Ibid., 229.

sas non esixiran literalmente que os individuos tivesen que ser fillos lexítimos<sup>64</sup>.

- Encomendou ós prelados que concebisen un plan xeral de casas para nenos desamparados, en función das necesidades existentes en cada toma.
- Organizou o servizo dos párrocos para recoller, repartir, enviar, rexistrar e vixilar-los expósitos, para buscar e vixilar-las amas, certifica-los seus servizos e fixarlle a súa remuneración, e para promover e vixilar-los profillamentos.
- Dictou medidas provisoras sobre os pobos da lactancia e duración desta, e as condicións das casas e das amas.
- Procurou evita-los infanticidios e as exposicións.
- Autorizou a supresión, e conseguinte aplicación, de casas e berces innecesarios, cando estas non pertencesen a padroados particulares.
- Estableceu que os gastos da conducción dos expósitos fosen cargados sobre o erario do pobo onde se verificase a exposición, como xa se facía<sup>65</sup>.
- Reglamentou o uso, conservación e inoculación da vacina nos hospitais<sup>66</sup>.

Pese a tódolos esforzos feitos por ordear e mellora-lo sistema protector da infancia en 1815 os establecementos de acollida de nenos expósitos seguían sen reuni-las condicións idóneas para a súa atención. Así, Pedro Ceballos, primeiro Secretario de Estado de Fernando VII recolleu nunha memoria a petición que xa se lle fixera ós prelados sobre o interese por sacar do abandono a estes centros e propicia-la creación de outros nas provincias que non dispuxesen deles, así como que fixesen un informe detallado das casas de expósitos que había en cada diócesis, o seu método de goberno, as rendas que as sostiñan, a procedencia dos gastos, cales e cantos empregados tiñan, de que soldo disfrutaban, ou que número de nenos e amas residían habitualmente. Tamén se lles volveu a pedir que vixilaran o goberno das casas de misericordia e dos hospicios. Pero con todo, as necesidades non se cubrían debido, en parte, á recién terminada Guerra da Independencia. As Cortes tomaron a decisión de urxir ó goberno o encargo das medidas necesarias para remedia-la situación. Iso deu como solución a promulgación da Ley General de Beneficencia de 6 de febreiro de 1822, pola que recibirán o nome de casa de socorro<sup>67</sup>. Pero ó ser esta publicada durante o bienio liberal (1821-1823), quedou derrogada ó voltar ó poder Fernando VII.

Fernando VII, argumentando falta de presuposto público, vai pedir ás ordes relixiosas que os seus respectivos institutos constituían escolas caritativas de educación primaria coa fin de instruír na doutrina cristiá, nas boas costumes e nas primeiras letras os fillos das clases humildes ata a idade de dez a doce anos, á vez que lles procurasen o alimento e vestido necesario respecto da súa pobreza. En 1825,

<sup>64</sup> *Ibidem*

<sup>65</sup> Resumo extraído da Real Cédula de 11 de decembro de 1796, ou sexa Lei V título XXXVII, libro VII da Novísima Recopilación.

<sup>66</sup> Reais cédulas de 30 de novembro de 1798 e 21 de abril de 1805, Leis VIII e IX, título XXXVIII, libro VII da Novísima Recopilación.

<sup>67</sup> Artigo 40 da Ley General de Beneficencia de 6 de febreiro de 1822.

aprobou un plan para as escolas de primeiras letras, das que quedaron exentos de pago os que fosen clasificados como verdadeiramente pobres a xuízo da xunta respectiva, e os que viviran do seu xornal.

Durante o século XIX, as causas que incidían con máis frecuencia na mortalidade infantil eran: a sífilis, os esforzos violentos sufridos polos nenos no seo materno para ser ocultados, a miseria das familias e a falta de condicións hixiénicas das vivendas e do seu contorno.

En setembro de 1840<sup>68</sup> convivían no Hospital Hospicio da Coruña 36 enfermos, 86 expósitos e 18 lactantes, coas súas respectivas nodrizas. A alimentación dun expósito costaba 0,63 reais, gasto ó que se lle tiña que engadi-la luz e o lume, co que o seu importe chegaba ata 0,96 reais. Claro que se se alimentaban só con caldo, cousa, por outro lado, bastante habitual, este baixaba a 0,31 reais por cada un deles. Estes datos coinciden practicamente cos ofrecidos por Madoz en relación ó Hospicio de Madrid, e formulan unha idea bastante aproximada do gasto diario que supoñía a subsistencia dos individuos das clases populares.

O 9 de abril ano 1842, a rexencia dictou unha orde pola que se declarou que os orfos e os expósitos existentes nos asilos de beneficencia fosen empadroados, alistados e sorteados nos distritos, seccións ou pobos onde estivesen ubicados os establecementos, mentres que os nenos que tivesen pais, deberían facelo, de acordo á lei, nas seccións, distritos ou pobos da veciñanza deles.

As poboacións que carecían de hospitais para enfermos debían facerse cargo, por medio das xuntas municipais, do coidado e amparo dos nenos abandonados, así como de procurarllles o alimento e a inmediata traslación ata os centros dedicados á súa asistencia<sup>69</sup>.

No Real Decreto de 3 de agosto de 1853 propoñíase que en cada capital importante de provincia se abrise un ou máis asilos de párvulos<sup>70</sup>, onde se acollerían durante o día os nenos e nenas pobres menores de seis anos. Estas institucións terían dúas seccións: unha para os lactantes (de 0 a 2 anos) e outra para os comprendidos entre 2 e 6 anos. Os criterios prescritos para a admisión dos nenos eran os seguintes:

- Os nenos e nenas pobres serían admitidos gratuitamente.
- Os nenos e nenas enfermos ou sen vacinar quedarían excluídos.
- Os nenos de 2 a 6 anos pertencentes a familias acomodadas poderían ser aceptados, previa valoración da xunta, e pagando as mensualidades correspondentes.

En canto ós criterios adoptados para o seu funcionamento, estes foron os seguintes:

- Os lactantes quedarían baixo a exclusiva atención de mulleres con acreditada experiencia.

---

<sup>68</sup> Boletín Oficial da provincia de setembro de 1840.

<sup>69</sup> Art.8 do Real Decreto de 6 de xullo de 1853

<sup>70</sup> Con este nome pódese entendela que hoxe coñecemos como garderías ou escolas infantís. O primeiro asilo que se abreu en Madrid levaba o nome de Princesa de Asturias.

- Na sección de lactantes habería unha sá de berces e outra para xogos e comidas.
- Na sección de nenos de 2 a 6 anos habería: un departamento destinado a escola no que se fomentaría o desenvolvemento físico, moral e intelectual dos nenos, un segundo para policía, paseo e xogos de ximnasia e un terceiro para comedor, todo iso coas condicións idóneas de hixiene e ventilación.
- Os castigos corporais estarían prohibidos.
- As funcións de inspección levaríanas a cabo unha xunta de damas que os visitaría diariamente mediante un turno rotatorio entre elas.

Tamén se sinalou que onde existisen escolas de párvulos, estas servirían de bases ós asilos que se creasen, e conformaríanse como unha segunda sección dos mesmos.

As primeiras catro casas de socorro abríronse en Madrid en 1858 co gallo da celebración do cumpleaños de Alfonso XII (daquela aínda Príncipe de Asturias), o 28 de novembro. As dúas seguintes fixeron o 1 de xaneiro de 1862 e o 19 de marzo de 1866. No seu regulamento de 1875<sup>71</sup>, dicíase que estaban destinadas a prestar, entre outros, os seguintes servicios:

- Rexistra-las condicións de sanidade e robustez das nodrizas.
- Propaga-las operacións de vacinación e revacunación dos nenos nas épocas oportunas.
- Recoller no primeiro momento, asilar e mante-los nenos perdidos, e ós expósitos e desamparados para envialos ós seus respectivos asilos

No Código do matrimonio civil español do século XIX outorgábaselles ós pais a potestade de poder correxir e castiga-los seus fillos, mentres que o Código Penal castigaba o infanticidio, as lesións e as detencións feitas de forma ilegal. Este último enviaba os nenos que tivesen cometido un acto punible e fosen maiores de nove anos e menores de quince, e os que non dispuxesen dunha persoa encargada da súa vixilancia e educación, ós establecementos de beneficencia destinados á educación de orfos e desamparados, non podendo abandonalos ata que cumpriran entre cinco e quince días de arresto. Tamén se regulamentaba a repreensión dos fillos que faltaran ó respecto ou non actuaran coa sumisión debida ós seus pais.

---

<sup>71</sup> Regulamento de 12 de xullo 1875.

## Capítulo II

### 1.- Evolución Internacional dos Dereitos da Infancia

Como estivemos vendo, os nenos foron considerados a través da historia como unha propiedade dos seus pais, polo que non tiñan recoñecidos ningún tipo de dereitos nin liberdades con estatuto legal propio. Esta falta de identidade social e legal do neno chegou ata os primeiros anos do presente século no que tanto os tratadistas como as sociedades das nacións máis punteiras empezaron a sinala-la necesidade de que existisen uns códigos de dereitos específicos para o neno, e que lles contemplasen unha protección especial.

Ellen Key apostillou a principios deste século que este sería o século do neno, e cando este está xa a rematar e mirando todo o que se leva feito nese senso, podemos dar por confirmada esta hipótese satisfactoriamente, aínda cando comprendamos que nos queda moito por facer.

#### 1.1.- Primeiros pasos dos dereitos do neno

A principios deste século, un pequeno puñado de homes e mulleres repararon na necesidade que había de levantar un edificio legal que se cimentase no recoñecemento duns dereitos específicos para a infancia.

Os inicios da idea de crear unha carta de dereitos da infancia que propiciase unha conciencia colectiva nas sociedades dos diferentes Estados do mundo e que provocase a transformación dos seus costumes e leis tivo lugar en 1913. Esta proposta tratou de materializarse a través dunha asociación internacional que a debería difundir e defender, pero o estalido da 1ª Guerra Mundial fixo que non chegase a xerminar ningunha entidade desta natureza. Ó acaba-la guerra, as circunstancias dramáticas nas que xa vivía a infancia anteriormente víronse aínda máis agravadas. Os estragos feitos por esta nas súas familias, nos seus medios de vida e ata nas súas propias persoas foron múltiples e dunha relevancia considerable. Este panorama fixo que rexurdise o antigo degoiro de crear unha asociación internacional para a defensa dos nenos e nenas. Dende distintas instancias asociativas e movementos sociais, como o Consello Internacional das Mulleres ou a Xuventude Internacional Socialista, promoveuse o compromiso da Humanidade co seu deber de vixiar e protexe-la infancia, dando lugar á Union Internationale de Protection à l'Enfance (UIPE) en Bruxelas en 1921. A esta entidade dedicalle o papa Benedicto XV unha das súas encíclicas, demostrando así o apoio que a idea recibiu por parte da Igrexa.

A pesar de que a UIPE foi o primeiro organismo de carácter internacional para a protección da infancia impulsado desde diferentes asociacións, non hai que esquece-lo

labor que no mesmo senso fixo de forma máis persoal a activista británica Eglantyne Jebb, quen creara uns anos antes (1919) a Save the Children Fund (Fundación salvade ós nenos) en Londres coa misión de cubri-las carencias dos nenos vítimas da guerra mundial. Pero aínda non conforme coa cobertura que lles daba este proxecto, esta muller viaxou ata Xenebra para consultarlle a Gustave Ader -á sazón presidente do Comité Internacional da Cruz Vermella- as posibilidades que tiña de que a súa organización lle brindara o seu apoio para a creación dunha asociación que estimulase a solidariedade internacional a favor da infancia. As súas conversas foron o preludio da Union Internationale de Secours aux Enfants, que se constituirá o 6 de xaneiro de 1920 en Xenebra, e na que quedará integrada a propia entidade da señora Jebb. Un dos primeiros obxectivos que trazou a recién fundada sociedade foi o de redactar un documento conciso que lle servese de base á súa actividade. O texto definitivo tiña cinco puntos breves e apareceu no outono de 1922. Este protocolo servirá de base para a elaboración da Declaración dos Dereitos do Neno da Sociedade de Nacións, que introducirá como unha das súas novidades o termo dereito convertíndose, deste xeito, nunha proposta de compromiso coa infancia, aínda que sen referenciar quen sería o seu axente. Esta Declaración foi aprobada pola V Asemblea da Sociedade de Nacións o 24 de setembro de 1924, que naqueles momentos estaba presidida polo representante español. Dende entón a carta será coñecida como a Xenebra Un, quedando vixente ata a Segunda Guerra Mundial.

Dende un principio, a Declaración foi tida en conta para a redacción doutros documentos internacionais como o Tratado de Versalles ou o da Liga Internacional para a Educación Nova (1942).

#### **A DECLARACIÓN DOS DEREITOS DO NENO DA SOCIEDADE DE NACIONS (1924)**

Pola presente Declaración dos Dereitos do Neno, os homes e mulleres de tódolos países recoñecen que a Humanidade debe dar ó neno todo o que ten de mellor; afirman os seus deberes á marxe de toda consideración de raza, nacionalidade e crenza:

- I. O neno debe ser posto en condicións de desenvolverse dun xeito normal, materia e espiritualmente.
- II. O neno famento debe ser alimentado; o neno enfermo debe ser asistido; o retrasado debe ser estimulado; o desviado debe ser conducido; o orfo e abandonado deben ser recollidos e socorridos.
- III. O neno debe ser o primeiro en recibir socorros en épocas de calamidade.
- IV. O neno debe ser posto en condicións de gañar-la vida e ser protexido contra calquera explotación.
- V. O neno debe ser educado no sentimento de que as súas mellores cualidades deberán poñelas ó servizo dos seus irmáns.

Non conforme coa simple fórmula de exposición de principios, a UIPE vai sinala-lo día 5 de outubro como o Día Mundial da Infancia, coa finalidade de realizar diversos actos relativos á vida dos nenos que sirvan para atraer e dinamiza-la inquietude social por este sector da poboación. Entre os temas tratados estiveron os relacionados coa



educación dos pais; o papel dos servicios e organizacións dedicados á infancia; a influencia da prensa, da radio e do cine; a formación dos educadores, etc.

No ano 1951, os dous organismos españois máis importantes no campo da infancia, como eran o Consejo Superior de Protección de Menores e o Servicio Central de Sanidad Infantil y Maternal, van a ingresar na UIPE que os fará partícipes da modificación introducida na redacción da Declaración dos Dereitos do Neno aprobada polo seu Consello Xeral o día 1 de xullo de 1952 en Zurich.

### **A DECLARACIÓN DOS DEREITOS DO NENO DA UNION INTERNACIONAL DE PROTECCIÓN DA INFANCIA (1952)**

Pola presente Declaración dos Dereitos do Neno, os homes e mulleres de tódolos países recoñecen que a Humanidade debe dar ó neno todo o que ten de mellor; afirman os seus deberes á marxe de toda consideración de raza, nacionalidade e crenza:

- 1º O neno debe ser protexido escluindo toda consideración de razas, nacionalidade ou crenza.
- 2º O neno debe ser axudado respetando a integridade da familia.
- 3º O neno debe ser posto en condicións de desenvolverse normalmente desde o punto de vista material, moral ou espiritual.
- 4º O neno famento debe ser alimentado; o neno enfermo debe ser asistido; o neno deficiente debe ser axudado; o neno desadaptado debe ser reeducado, o neno orfo e o abandonado deben ser recollidos.
- 5º O neno debe ser o primeiro en recibir socorros en caso de calamidade.
- 6º O neno debe de disfrutar completamente das medidas de previsión e seguridade sociais; o neno debe, cando chegue o momento, ser posto en condicións de gaña-la vida, protexéndoo de calquera explotación.
- 7º O neno debe ser educado inculcándolle sentimentos do deber que ten de poñer as súas mellores cualidades ó servizo do demais.

A semellanza de esta coa anterior é evidente, sen embargo, obsérvase a inclusión dalgúns conceptos novos relacionados coa protección familiar dos nenos, ou coa incorporación de medidas de previsión e de seguridade sociais que lles afectan.

### **1.2.- Preparando a Declaración dos Dereitos do Neno**

A ONU concedeulle un lugar destacado á infancia no ano 1946. Nese ano, o Consello Económico e Social de Nacións Unidas formulou unha recomendación que tiña por obxecto a reactualización da Declaración do Neno; deulle luz verde o 4 de novembro ó nacemento da organización que se ocuparía de aproximá-las relacións solidarias entre os pobos do mundo a través da ciencia, a educación e a cultura, e que recibiu o nome de UNESCO, e promoveu a creación o 11 de decembro dunha sección dedicada expresamente á atención da infancia: a UNICEF (Fondo das Nacións Unidas para a Infancia). Dous anos despois, durante a celebración da súa Asemblea Xeral o 11 de decembro, aprobou un documento polo que se proclamaba a Declaración Universal dos Dereitos do Home. Este feito fixo que algúns empezasen a cuestionarse a continui-

dade das deliberacións mantidas ata entón coa finalidade de sancionar uns dereitos particulares para a infancia.

Os dez anos seguintes supuxeron un paréntese que estivo ocupado polo debate entre a postura que defendía o establecemento duns dereitos específicos para os nenos e a que propugnaba a introducción de protocolos especiais ós postulados xerais establecidos na Declaración dos Dereitos do Home.

A pesar de tódolos vaivéns, a Declaración dos Dereitos da Infancia saíu adiante na celebración da XIV Sesión Plenaria da Asemblea Xeral da Organización das Nacións Unidas, o 20 de novembro de 1959, sendo aprobada por unanimidade polos 78 votos dos países membros.

### 1.3.- A Declaración Universal dos Dereitos do Neno (1959)

A Declaración Universal de Dereitos do Neno comprende dez principios de carácter non vinculante para os estados asinantes. Non obstante, algúns países ratificarana dende os seus parlamentos nacionais, recoñecéndoa como lei de obrigado cumprimento dentro do seu territorio, como foi o caso, por exemplo, de Guatemala ou Bolivia. Sen embargo, hai que recoñecerlle como un dos seus méritos máis importantes o de converterse para tódolos países nunha referencia doctrinal internacional común sobre a que poder elabora-la súa propia lexislación nacional en referencia ós nenos. Un breve resumo dos principios da Declaración podería se-lo seguinte:

Principio 1: Dereito á igualdade.

Principio 2: Dereito a unha protección especial para o seu desenvolvemento integral en condicións de liberdade e dignidade, e de que ó promulgar leis, estas atenderán ó seu superior interese.

Principio 3: Dereito a un nome e a unha nacionalidade.

Principio 4: Dereito á alimentación, vivenda, recreo e servizos médicos.

Principio 5: Dereito á educación e coidados especiais dos nenos con dificultades físicas ou psíquicas.

Principio 6: Dereito a crecer ó amparo da súa familia, nun clima de afecto e seguridade moral e material. As autoridades coidarán dos nenos sen familias.

Principio 7: Dereito á educación e ó xogo.

Principio 8: Dereito a se-lo primeiro en recibir auxilio.

Principio 9: Dereito a non ser maltratado nin explotado.

Principio 10: Dereito a non ser discriminado, vivir en paz, tolerancia e comprensión.

Nesta carta –ademais dos principios recoñecidos pola do '24, como eran a atención ó desenvolvemento físico e psíquico, á alimentación, á sanidade, á reeducación e ó amparo–, inclúense outros como: o dereito á igualdade en tódalas situacións da vida, a un nome e nacionalidade, á vivenda, ó recreo, á educación adaptada ás súas características especiais, á non explotación nin ó maltrato e a vivir en paz, tolerancia e comprensión.

Con todo, a novidade máis salientable da Declaración estará no seu segundo principio. Nel refírese a necesidade do neno de estar baixo unha protección especial que lle permita conqueri-lo seu desenvolvemento integral en condicións de liberdade e dignidade, e a que cando sexan promulgadas as leis polos seus Estados, estes atendan ó seu interese superior. Este compromiso de legaliza-lo interese do neno é un fito importante dentro da consideración da infancia, xa que se pon en evidencia que o neno pode ser suxeito de dereitos particulares que lle afectan e ós que debe dárseles prioridade sobre os dereitos, tamén lexítimos e concurrentes, dos adultos.

#### **1.4- A Convención Internacional dos Dereitos do Neno (1989)**

Aínda cando os principios da Declaración serviron para manter unha actitude diferente fronte ó mundo da infancia, a súa concreción impediu que os Estados puideran incorporalos á súa práctica legal. Deste xeito, a necesidade dunha norma legal internacional asumida por tódolos Estados seguía manténdose en tódala súa amplitude.

Durante varias décadas, a pauta adoptada polas diferentes nacións foi a de recoller certos dereitos civís e socio-económicos dos nenos nos documentos legais de carácter internacional como a Carta Social Europea<sup>72</sup>, o Pacto Internacional de Dereitos Civís e Políticos<sup>73</sup> ou a Carta Comunitaria dos Dereitos Sociais Fundamentais dos Traballadores, recentemente adoptada pola Unión Europea e que contén un apartado sobre a protección laboral dos nenos e adolescentes.

Moitas nacións europeas, a pesar de ter asumida como propia toda a lexislación antes relacionada, atoparon que esta se quedaba un tanto limitada a aspectos máis ben relacionados cos adultos que coa idiosincrasia do neno. Isto motivou que a Comunidade Europea, a través do Consello de Europa<sup>74</sup> iniciase, un ano antes da celebración do Ano Internacional do Neno (1979), unha serie de deliberacións que deberían concluir coa elaboración dun marco legal definatorio dos dereitos da infancia en función das súas distintas situacións vitais particulares. Sen embargo, esta empresa quedou interrompida unha vez que o Consello valorou como estéril o feito de estarse redactando paralelamente á súa carta outra de similares características por parte da ONU. Isto era así debido a que o 5 de outubro do ano 1978 unha delegación polaca, presidida por Adam Lopatka, presentáralle á Comisión de Dereitos Humanos da Nacións Unidas un proxecto de Convención sobre os Dereitos do Neno. A Organización de Nacións tomou entón a decisión de proceder, por trámite de urxencia, a constitución dunha comisión que a preparase e redactase. Uns meses máis tarde, o 8 de marzo de 1979, empezou a traballar sobre ela tomando como documento de partida o texto proposto pola representación polaca.

---

<sup>72</sup> A Carta Social Europea entrou en vigor o 26 de febreiro de 1956. Cubría parcialmente aspectos que se deberían ter en conta para a protección do neno.

<sup>73</sup> O Pacto Internacional de Dereitos Civís e Políticos é do 19 de decembro de 1966, e foi ratificado por España o 13 de abril de 1977.

<sup>74</sup> A proposta do Consello de Europa quedou recollido na *Recomendación 874 (1979), de 4 de outubro, relativa a unha Carta Europea dos Dereitos do Neno*.

Na súa confección fóronse implicando diferentes organizacións, tanto internas da ONU, como eran: os centros para os Dereitos Humanos de Xenebra e Viena, a UNICEF, a UNESCO, etc. como externas, sendo bastante as entidades non gubernamentais que traballaron no borrador da convención: Amnistía Internacional, Asociación Internacional do Dereito Penal, Asociación Internacional de Maxistrados da Xuventude e da Familia, Asociación Internacional de Guías Scouts, Federación Internacional de Abogados, Comisión Internacional de Xuristas, Consello Internacional de Benestar Social, Federación Internacional de Traballadores Sociais, Federación Mundial de Xuventudes Democráticas, Servicio Social Internacional, Oficina Internacional Católica da Infancia e 21 entidades máis. A todas elas hai que engadi-la colaboración que nos traballos preliminares prestaron oito dos Estados membros da Comunidade Europea: a RFA, Bélxica, España, Francia, Irlanda, Italia, Portugal e o Reino Unido, e tamén Dinamarca e os Países Baixos que estiveron representados por observadores. A comisión celebrou as súas reunións dúas veces ó ano entre 1983 e 1987.

A Comisión de Dereitos Humanos aprobou, o 8 de marzo de 1989, sen votación, a Resolución L 88, pola que se acordou aproba-lo proxecto da Convención sobre os Dereitos do Neno, procedendo, así, a remitila á Asemblea a través do Consello Económico e Social. O texto definitivo será aprobado polos 159 Estados partes da ONU na 44ª sesión da Asemblea Xeral das Nacións Unidas celebrada en Nova Iorque o 20 de novembro de 1989, sendo posteriormente ratificada pola maioría dos Estados que conformaban a organización. Segundo os seus procedementos de adhesión, os países poden ser divididos en tres categorías. A primeira recollería a aqueles que non levaron a cabo dita ratificación. Neste caso atópase unha excepción tan notable como a de EE.UU., por entender que esta contraviña a súa legalidade respecto da pena de morte. Nun segundo apartado estarían os que si levaron a cabo a ratificación pero sen recoñecerlle o mesmo valor legal que as súas propias normas, polo que só a contemplan como un marco de referencia no caso de que se producise un vacío legal nas súas normas, este é o caso, por exemplo, de Francia. O terceiro é o da ratificación plena, que supón a súa conversión nun marco legal sobre o que o Estado actuará en igualdade de condicións que os emitidos por el mesmo<sup>75</sup>. Neste último caso encóntrase España, quen ademais, propuxo a introdución de algunhas melloras ó texto orixinal por considerar que este era algo restrictivo nalgúns aspectos<sup>76</sup>.

### 1.5.- Sobre a Convención Internacional dos Dereitos do Neno

Sobre a Convención, Lopatka dixo que era, en termos xerais, o primeiro tratado universal<sup>77</sup> e multilateral que lle vai recoñecer ó neno uns dereitos como ser huma-

---

<sup>75</sup> España fixo dúas salvidades respecto da *Convención do 89*. A primeira é que non haberá dedución de beneficios financeiros dos gastos precisos para a adopción de nenos e nenas en países extranxeiros, e, a segunda, que amosa a súa disconformidade co establecemento do recrutamento a unha idade tan temperá como a que nela se dispón, os 15 anos.

<sup>76</sup> España ratificou a Convención dos Dereitos do Neno o 31 de decembro de 1990. (BOE, nº 313)

<sup>77</sup> Hai que face-la observación de que aínda que fora a ONU a promotora da primeira Declaración, a integración de países en dita organización era pouca naquel momento, mentres que no ano 1989 poderíase dicir que a ONU representaba a case tódolos países do mundo.

no, dereitos que, por outra parte, teñen a particularidade especial de que están adaptados ás súas características e necesidades<sup>78</sup>. Precisando un pouco máis estas afirmacións, poderíamos dicir que a Convención supuxo o primeiro instrumento xurídico a escala mundial ó servizo dos nenos, xa que obriga ós Estados que a ratificaron a adapta-la súa lexislación nacional ás súas propostas de actuación.

O texto esta divido en tres partes claramente diferenciadas. A primeira delas conta cun total de corenta e un artigos nos que se recollen os enunciados dos diferentes dereitos; a segunda agrupa, en só catro artigos, os procedementos de control que os Estados asinantes estableceron para salvagardar e vixia-lo seu cumprimento, e a terceira dispón, en nove artigos, cales ían se-los sistemas de ratificación e notificación por parte dos Estados asinantes.

### Contido da Convención Internacional dos Dereitos do Neno

Preámbulo	Apela ós principios proclamados pola Declaración Universal dos Dereitos Humanos, a Declaración Universal dos Dereitos do Neno, as Regras Mínimas de Nacións Unidas para a administración da xustiza de menores e a Declaración sobre protección da muller e o neno en estados de emerxencia ou de conflito armado, entre outras normas internacionais. Afirma a necesidade dunha protección especial para a infancia.
Primeira parte (Arts. 1-41)	- Dereitos subxectivos: Art. 3: principio do interés superior do neno Art. 7: dereito a un nome, a unha nacionalidade Art. 13: dereito á liberdade de expresión ... - Dereitos sociais, económicos e culturais: obrigas con cargo ó Estado Art. 15: liberdade de asociación e liberdade de reunión pacífica Art. 24: dereito ó disfrute do mellor estado de saúde posible ...
Segunda parte (Arts. 42-45) Garantía dos dereitos	Institución dun Comité de Dereitos do Neno encargado de controla-la aplicación da Convención polos Estados.
Terceira parte (Arts. 46-54)	Trata das modalidades posibles de asinamento e ratificación da Convención.

Cando un fai unha primeira lectura da Convención, percibe nela unha serie de aspectos que cando menos chaman a atención. Un destes é que ós dereitos ós que se refire non están ordeados seguindo unha secuenciación lóxica referida esta á súa importancia ou á súa amplitude, en canto ó número de suxeitos ós que puideran interesar. Así, o dereito a vida (art. 6), que debería se-lo dereito primixenio, vai despois do relativo ó acatamento por parte dos Estados das responsabilidades, dereitos e deberes dos pais respecto dos seus fillos (art. 5), por exemplo. Tamén apreciamos que os lexisladores quixeron ter en conta tanto as situacións xerais como as particulares nas que se

<sup>78</sup> LOPATKA, A., (1989) "¿Por qué es indispensable la Convención Internacional sobre los Derechos del niño?" *Menores* (17-18), 12.

poden atopar-los nenos. Así vemos como se refiren, por un lado, a problemas que lle poden afectar a calquera neno, como é o caso da súa identidade, nacionalidade, nome, relacións familiares, educación, sanidade, etc., e, por outro, como tamén apuntan cara a aqueles problemas que afectan a diversos segmentos de esa poboación a causa das súas condicións persoais: discapacitados, abandonados, etc., ou ben polas condicións nas que circunstancialmente lles poidan tocar vivir: residir nun país estranxeiro, conflito bélico, etc.

Aquí, sen embargo, imos tratar de agrupalos dentro dunhas categorías, máis ou menos amplas, que permitan concretalos por algunhas das súas afinidades, e así explicalos de forma máis coherente. A clasificación que se expón a continuación é unha das moitas posibles con que se lles poden presentar ós rapaces á hora de ensinarlles a recoñecer e demanda-los seus dereitos.

### ***1.5.1.- Dereito á igualdade***

Este epígrafe abarcaría todos aqueles dereitos que tratan de asegurar e fomentalo disfrute da igualdade entre os nenos obviando a súa condición, orixe ou calquera outra circunstancia que puidera levar a un trato discriminatorio. O artigo máis relevante para este apartado é o 2, xa que nel se dispón que o neno non pode ser discriminado por razón da súa raza, cor, sexo, idioma, relixión, opinión política ou doutra índole, a orixe nacional, étnica ou social, a posición económica, os impedimentos físicos, o nacemento ou calquera outra condición dos seus pais ou dos seus representantes legais

### ***1.5.2.- Dereito á preservación da súa integridade***

Baixo este apartado nomearemos aqueles artigos que relacionan o dereito do neno a non ser sometido a abusos ou explotado. Estamos a falar, por exemplo, dos artigos 19, 32, 33, 34, 35, 36, 37 ou 39 nos que se consideran os seus dereitos á recibir protección contra toda forma de prexuízo ou abuso físico ou mental, descoñecido ou trato negligente, malos tratos; tortura; utilización sobre eles de estupefacientes e substancias psicotrópicas; explotación económica ou laboral que poida ser perigosa ou entorpece-la súa educación ou ser nociva para a súa saúde, desenvolvemento físico, mental, espiritual, moral ou social; abuso sexual ou actividade sexual ilegal; o seu secuestro, venda ou calquera forma de trata de nenos ou explotacións que sexan perxudiciais para calquera aspecto do seu benestar, así como a que se lle procure a recuperación física e psicolóxica, e a súa reintegración social nun ambiente de respecto a si mesmo e a súa dignidade en calquera das formas de que fora vítima (abandono, explotación, tortura, conflitos armados ou calquera outra forma de degradación).

### ***1.5.3.- Dereito á atención prioritaria en calquera circunstancia***

Estarían aquí os dereitos que lle recoñecen ó neno a atención ó seu interese superior e a que ante calquera circunstancia que requira dunha actuación particular sobre o conxunto da poboación el sexa o que sempre esté priorizado (arts. 3, 4).

### ***1.5.4.- Dereitos civís***

Entrarían dentro deste apartado todos aqueles dereitos que as leis normalmente regulan para establecer unha mellor harmonía nas relacións entre os cidadáns e as circunstancias vitais de cada un dende o nacemento ata o final da súa vida.

O dereito fundamental das persoas é o dereito á vida, que na Convención conceptúase como intrínseco do neno (art. 6), dereito que, por outra parte, non só debe ser garantido por parte do Estado, senón que tamén o obriga a acometer tódalas medidas que o favorezan, preserven e desenvolvan. Tra-lo dereito a vivir, outros dereitos elementais para o neno son o de ser inscrito inmediatamente despois do seu nacemento, o de posuír un nome, unha nacionalidade ou o de coñecer, na medida do posible, os seus pais e ser atendido por eles (art. 7). Nos artigos 5, 8, 9, 10, 11 e 16 propóñense, dende distintas esferas, os seus dereitos a salvagarda-la súa identidade, nacionalidade, nome e relacións familiares sen inxerencias ilícitas, e tamén a preservar-la intimidade da súa vida privada, da súa familia, do seu domicilio e da súa correspondencia. O artigo 12 fíxase no dereito do neno a expresa-la súa vontade en todo aquilo que lle afecte, cando a súa capacidade de xuízo llo permita. No artigo 14 acomódase o dereito á liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión, e no 26 a recibir-las prestacións da seguridade social. O artigo 27 establece o dereito do neno a un nivel de vida axeitado ó seu desenvolvemento físico, mental, espiritual, moral e social. E por último, o 40 ten en conta que todo neno acusado, presuntamente autor de actos incurso na normativa penal, debe ser tratado de xeito compatible coa salvagarda da súa dignidade e intereses.

### ***1.5.5.- Dereitos culturais***

Outro dos apartados que agruparían algúns artigos presentes na Convención é o dos dereitos culturais, entendendo por estes aqueles que fan referencia á interacción dos individuos co acerbo cultural dos pobos. Estes dereitos quedan expresados, por exemplo, no artigo 13 no que se fai referencia á liberdade de expresión, información ou divulgación das súas ideas, agás cando as leis as restrinxan por algún tipo de causas necesarias, como pode se-la reputación dos demais, a protección da seguridade nacional, a orde pública, a protección da saúde ou a moral pública. Así tamén no 17 onde se prevé o dereito que ten á información, especialmente a aquela que fomenta o seu benestar moral, espiritual e social, e a súa saúde física e psíquica, ou no 18, cando di que ten dereito a ser educado conforme ós intereses dos seus pais, ou nos artigos 28 e 29, cando se lle outorga, con toda a súa amplitude, o dereito a recibir educación. No 30, se lle sinala o dereito á súa inmersión na vida cultural de calquera grupo minoritario ó que pertenza. Por último, o artigo 31 apunta ó dereito que ten ó descanso, ó esparcemento, ó xogo e ás actividades propias da súa idade, así como á súa participación na vida cultural e artística.

### ***1.5.6.- Dereitos políticos***

O dereito á participación do neno na vida política está recollido nun único artigo, o 15. Nel fálase da liberdade de asociación e de reunión pacífica do neno, sempre, claro está, coas limitacións que as leis propias de cada país lle impoñan respecto dos seus

intereses pola seguridade nacional ou pública, a orde pública, a protección da saúde e a moral públicas e os dereitos e liberdades dos demais.

### 1.5.7.- Dereitos dos nenos con necesidades de atención especial

Como xa dixemos máis arriba, hai determinados artigos que consideran ó neno respecto dunhas determinadas condicións persoais ou circunstanciais ambientais. Respecto destas, a Convención observa distintas matizacións a ter en conta polos Estados, pero sempre proclamando o dereito destes nenos a recibir atencións especiais. Así, por exemplo, en relación ó neno privado temporal ou permanentemente do seu medio familiar, os artigos 20, 21 e 25 dictaminan que o Estado daralles protección e asistencia especiais, debendo, ademais, colocalo nunha familia de acollida ou permitir que se produza a súa adopción ou o seu ingreso nunha institución axeitada ás súas características. Outra circunstancia particular na que se pode atopar un neno é a de refuxiado nun país estranxeiro. Aquí, a responsabilidade do Estado no que esté residindo é a de protexelo e axudalo a obte-lo estatuto propio da súa condición, ou canda xa sexa considerado como refuxiado, colaborar con el na localización dos seus pais ou doutros membros da súa familia a fin de reunilo con eles (art. 22). O artigo seguinte fixa a súa atención no neno impedido física ou mentalmente, subliñando que as súas dificultades terán que ser cubertas a través de coidados especiais que lle aseguren unhas condicións de vida plena e digna. O último artigo ó que se pode facer mención dentro deste apartado é o 38. Nel recóllese a necesidade de humanizar ó máximo a vida do neno en circunstancias límites como son as das guerras, cumprindo e facendo cumpri-los tratados internacionais que lles son aplicables nestas situacións ós países, así como tomando en consideración a exclusión da súa participación nos conflitos antes dos 15 anos.

### CADRO SINÓPTICO DA CONVENCIÓN DOS DEREITOS DO NENO

Categoría	Artigo	Concepto	Medidas a adoptar polo Estado	Restriccións
Igualdade	2	<ul style="list-style-type: none"> <li>Dereito á non discriminación por razóns de raza, cor, idioma, relixión, opinión política, orixe nacional, étnico ou social, posición económica, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Garanti-la protección contra a discriminación.</li> </ul>	
Integridade	19	<ul style="list-style-type: none"> <li>Dereito á protección contra todo tipo de abuso, negligencia, malos tratos, explotación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Adoptarán tódalas medidas legislativas, administrativas, sociais e educativas apropiadas para protexe-lo neno contra todo prexuízo ou abuso físico ou mental, descoido, trato negligente, malos tratos ou explotación mentres esté na custodia dos seus pais, dun representante legal ou de calquera persoa que o teña ó seu cargo.</li> <li>Establecerá programas sociais para proporcionalle-la asistencia necesaria a quenes coíden del, así como outras forma de prevención e para a identificación notificación, remisión a unha institución, investigación, tratamento e observación nos casos de malos tratos ou pola intervención xudicial.</li> </ul>	



Categoría	Artigo	Concepto	Medidas a adoptar polo Estado	Restriccións
	32	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dereito a ser protexido contra a explotación económica e contra o desempeño de calquera traballo perigoso ou entorpecedor da súa educación ou que sexa nocivo para a súa saúde ou desenvolvemento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Adoptarán medidas lexilativas, administrativas, sociais e educativas para a aplicación do presente artigo, e adaptadas ós pertinentes instrumentos internacionais, en particular:</li> <li>• Fixarán a idade ou idades mínima/s para traballar.</li> <li>• Disporán da regulamentación apropiada de horarios e condicións de traballo.</li> <li>• Estipularán as penalidades ou outras sancións apropiadas para asegura-la aplicación deste artigo.</li> </ul>	
	33	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dereito á protección contra o abuso ilícito de estupefacientes e substancias psicotrópicas, e contra o uso de nenos na produción e tráfico ilícito desas substancias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Adoptarán as medidas apropiadas para a protección deste dereito.</li> </ul>	
	34	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dereito á protección contra toda forma de abuso ou explotación sexual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Tomarán tódalas medidas de carácter nacional, bilateral e multilateral que sexan necesarias para impedir:</li> <li>• A incitación ou a coacción para que o neno se dedique a calquera actividade sexual ilegal.</li> <li>• A explotación do neno na prostitución ou noutras practicas sexuais ilegais.</li> <li>• A explotación do neno en espectáculos ou materiais pornográficos.</li> </ul>	
	35	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dereito á protección contra o secuestro, venta ou trata de nenos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Tomarán tódalas medidas de carácter nacional, bilateral e multilateral que sexan necesarias para levar a cabo este artigo.</li> </ul>	
	36	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dereito á protección contra calquera tódalas formas de explotación que sexan perxudiciais para calquera aspecto do seu benestar.</li> </ul>		
	37	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dereito á protección contra a tortura, os tratos ou penas crueis, inhumanos ou degradantes.</li> <li>• Dereito a que non se lle imponha a pena capital nin a prisión perpétua sen posibilidade de excarceración por delitos cometidos antes dos 18 anos.</li> <li>• Dereito a non ser privado da súa liberdade de forma arbitraria ou ilegal. A detención, encarceramento ou a prisión dun neno se levará a cabo de acordo coa lei, se utilizará como o último recurso e durante o período máis breve posible.</li> <li>• Dereito a que cando teña que ser privado da súa liberdade, sexa tratado con humanidade, se teñan en conta ás súas necesidades respecto á súa idade, a estar separado dos adultos, a recibir correspondencia e visitas da súa familia, a un pronto acceso á asistencia xurídica ou a outra adecuada, así como a impugna-la legalidade da medida ante un</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>• Non será separado dos adultos cando isto fose contrario o seu interese superior.</li> <li>• A non ter contacto cos seus familiares cando isto poida ser perxudicial para el.</li> </ul>

Categoría	Artigo	Concepto	Medidas a adoptar polo Estado	Restriccións
		tribunal ou autoridade competente, e a unha pronta decisión sobre ela.		
	39	<ul style="list-style-type: none"> <li>Dereito á recuperación física e psicolóxica e á reintegración social de todo neno vítima de toda forma de abandono, explotación, abuso, tortura ou de tratos ou penas crueis, inhumanos ou degradantes, conflitos armados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Adoptarán tódalas medidas apropiadas para promove-la recuperación e reintegración nun ambiente que fomenta a saúde, o respecto a si mesmo e a súa dignidade.</li> </ul>	
Atención ó seu interese superior	3	<ul style="list-style-type: none"> <li>Dereito a que tódalas medidas adoptadas respecto do neno teñan en conta o seu interese superior.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Garanti-la protección do seu benestar.</li> <li>Garanti-lo cumprimento das normas por parte de tódolos que o atenden.</li> </ul>	
	4	<ul style="list-style-type: none"> <li>A efectividade dos dereitos recoñecidos pola Convención ó neno.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Adoptar medidas ata o máximo dos seus recursos, e tamén no marco internacional.</li> </ul>	
Civís	5	<ul style="list-style-type: none"> <li>Respecto dos Estados ás responsabilidades, dereitos e deberes dos pais, familia extensa e comunidade do neno.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li></li> </ul>	
	6	<ul style="list-style-type: none"> <li>Dereito intrínseco á vida</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Garanti-la máxima medida de supervivencia e desenvolvemento do neno</li> </ul>	
	7	<ul style="list-style-type: none"> <li>Dereito á inscrición do neno despois do seu nacemento.</li> <li>Dereito a un nome e nacionalidade.</li> <li>Dereito a coñecer e ser coidado polos seus pais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Garanti-la aplicación destes dereitos.</li> </ul>	
	8	<ul style="list-style-type: none"> <li>Dereito a preservar-la súa identidade, nacionalidade, nome e relacións familiares, sen inxerencias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Prestarlle asistencia e protección cando fose privado dalgún destes elementos .</li> </ul>	
	9	<ul style="list-style-type: none"> <li>Dereito a non ser separado dos seus pais.</li> <li>Dereito a manter relacións con un ou cos dous pais cando esten separados.</li> <li>Dereito a recibir información, cando a pida, dos pais ausentes por medidas adoptadas sobre estes polo Estado, sen que entrane consecuencias desfavorables para eles.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>Cando as autoridades competentes o determinen, de conformidade coa lei no interese superior do neno.</li> </ul>
	10	<ul style="list-style-type: none"> <li>Dereito a que a súa petición de reunión cos seus pais noutro país sexa atendida de forma positiva, así como a súa saída.</li> <li>Dereito a manter relacións persoais directas cos seus pais cando residan no estranxeiro.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Garantir que a petición de entrada ou saída non lle traerá consecuencias negativas.</li> <li>Respecto ós pais e nenos a residir en calquera país incluído o propio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>A entrada ou saída dun país estará só suxeita ás restricións estipuladas pola lei para protexe-la seguridade nacional, orde pública, ou calquera outro dereito dos demais.</li> </ul>
	11	<ul style="list-style-type: none"> <li>Dereito a non ser trasladado ilícitamente ou retido no estranxeiro.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Promover acordos bilaterais ou multilaterais ou de adhesión a acordos existentes.</li> </ul>	
12	<ul style="list-style-type: none"> <li>Dereito a expresa-la súa opinión libremente en tódolos asuntos que lle afecten, dependendo da súa idade ou madurez.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Darlle a oportunidade de ser escoitado en todo procedemento xudicial ou administrativo que lle afecte, en consonancia coa lei..</li> </ul>		

Categoría	Artigo	Concepto	Medidas a adoptar polo Estado	Restriccións
	14	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dereito á liberdade de pensamento, conciencia e relixión.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Respeto ós dereitos e deberes dos pais ou representantes legais para exercer o neno, segundo a evolución das súas facultades, no exercicio deste dereito.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Limitación de profesar as crenzas e a relixión, segundo as prescricións legais necesarias para a protección da seguridade, orde, moral ou saúde públicos ou dereitos e liberdades dos demais.</li> </ul>
	16	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dereito a preservar a súa vida privada, familia, correspondencia, domicilio de ataques contra o seu honor e reputación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Protexe-lo neno mediante a lei das inxerencias arbitrarias.</li> </ul>	
	24	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dereito ó disfrute do máis alto nivel de saúde.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Asegurar que ningún neno sexa privado do disfrute dos servizos sanitarios.</li> <li>• Adoptar medidas apropiadas para:</li> <li>• Reducir a mortalidade infantil.</li> <li>• Asegurar a prestación de asistencia médica e sanitaria.</li> <li>• Combatir as enfermidades e a malnutrición.</li> <li>• Asegurar a atención sanitaria prenatal e postnatal das nais.</li> <li>• Asegurar que os pais coñezan os principios básicos da saúde e lactancia dos nenos, así como a hixiene e a prevención de accidentes.</li> <li>• Desenvolver a planificación familiar.</li> <li>• Abolir as prácticas tradicionais perxudiciais para a saúde dos nenos.</li> <li>• Promover e alentar a cooperación internacional para a plena realización deste artigo, e tamén facer-lo propio nos países en vías de desenvolvemento.</li> </ul>	
	26	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dereito á seguridade social.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Adoptar as medidas necesarias para lograr a realización deste dereito.</li> <li>• As prestacións deberán concederse tendo en conta os recursos e a situación do neno e dos seus responsables.</li> </ul>	
	27	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dereito a un nivel de vida adecuado ó seu desenvolvemento físico, mental, intelectual, moral e social.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Adoptarán medidas apropiadas para axudar aos pais e outras persoas responsables do neno a fin de darlle efectividade a este dereito.</li> <li>• Proporcionarlle asistencia material e programas de apoio, particularmente respecto á nutrición, vestiario e vivenda.</li> <li>• Tomar as medidas pertinentes para asegurar o pago da pensión alimenticia por parte dos pais ou dos seus responsables tanto se viven no seu país como si o fan no estranxeiro, para isto último adoptarán convenios internacionais ou outros arreglos apropiados.</li> </ul>	

Categoría	Artigo	Concepto	Medidas a adoptar polo Estado	Restriccións
	40	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dereito a ser tratado con dignidade e con respecto cando se alegue do neno que ten infrinxido as leis penais, ou cando se lle acuse ou declare culpable de telas infrinxido, para que este asuma a función construtiva da sociedade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Garantiránlle:               <ul style="list-style-type: none"> <li>• Que non se lle alegue, nin acuse nin declare culpable de actos ou omisións non prohibidas nas leis no momento en que se cometeron.</li> <li>• Que cando se lle alegue que ten infrinxidas as leis penais ou acuse de telas infrinxido se lle garanta:                   <ul style="list-style-type: none"> <li>• A súa presunción de inocencia.</li> <li>• A información directa sobre os seus cargos e a asistencia xurídica apropiada.</li> <li>• A causa será dirimida por unha autoridade competente, independente e imparcial en presenza dun asesor xurídico.</li> <li>• A non ser obrigado a prestar declaración ou a declararse culpable.</li> <li>• A somete-las medidas que se lle apliquen a un órgano ou autoridade superior cando sexa encontrado culpable.</li> <li>• A contar coa asistencia dun intérprete si non comprende o idioma utilizado.</li> <li>• A respetar tódala súa vida privada en tódalas fases do procedemento.</li> <li>• Tomar tódalas medidas apropiadas para promove-lo establecemento das leis, procedementos, autoridades e institucións específicos para os nenos de quen se alegue infracción das leis penais ou se declare ou acuse de telas infrinxido, e en particular:                   <ul style="list-style-type: none"> <li>• Establecemento dunha idade mínima antes da que se presumirá a súa incapacidade para infrinxi-las leis penais.</li> <li>• A adopción de medidas para tratar a eses nenos sen incurrir en procedementos xudiciais, e con pleno respecto ós dereitos humanos e garantías legais.</li> <li>• Disporán de diversas medidas como o coidado, ordes de orientación e supervisión, asesoramento, a liberdade vixiada, a colocación en fogares de garda, os programas de ensino e formación profesional, internamento en institucións que aseguren o seu benestar e garden proporción coa infracción.</li> </ul> </li> </ul> </li> </ul> </li> </ul>	
	41	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dereito a acollerse a aquelas disposicións da Convención, do Estado ou do dereito internacional vixente no seu Estado que lle sexan máis favorables.</li> </ul>		

Categoría	Artigo	Concepto	Medidas a adoptar polo Estado	Restriccións
	13	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dereito á liberdade de expresión, e a buscar, recibir e difundir informacións e ideas.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>• Este dereito só estará limitado polas que unicamente prevea e sexan necesarias polo respecto ós dereitos e reputacións dos demais, ou a protección da seguridade nacional, a orde pública ou para protexela saúde ou a moral públicas.</li> </ul>
Culturais	17	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dereito ó acceso á información e material dos medios de comunicación que teñan como finalidade a promoción do benestar social, espiritual e moral, saúde física e mental.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Alentarán ós medios de comunicación a difundir información e material de interese social e cultural para o neno.</li> <li>• Promoverán a cooperación internacional na produción, no intercambio e a difusión desa información e material.</li> <li>• Alentarán ós medios de comunicación a que teñan particularmente en conta as necesidades lingüísticas do neno pertencente a un grupo minoritario.</li> <li>• Alentarán a produción e difusión de libros para nenos.</li> <li>• Promoverán a elaboración de directrices apropiadas para protexe-lo neno contra toda información e material perxudicial para o seu benestar.</li> </ul>	
	18	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Obrigas comúns dos pais ou das persoas responsables do neno da súa crianza e desenvolvemento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Prestarlle asistencia apropiada ós pais ou representantes legais para o desempeño das súas funcións.</li> <li>• Velar pola creación de institucións, instalacións e servizos para o coidado dos nenos.</li> <li>• Adopta-las medidas adecuadas para que os nenos de pais que traballan poidan beneficiarse dos servizos e instalacións de garda de nenos.</li> </ul>	

Categoría	Artigo	Concepto	Medidas a adoptar polo Estado	Restriccións
	28	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dereito do neno á educación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Implantarán o ensino primario e gratuito para todos.</li> <li>• Fomentarán o desenvolvemento do ensino secundario de forma que tódolos nenos teñan acceso a ela.</li> <li>• Adoptarán medidas para a implantación do ensino gratuito e a concesión de asistencia financeira en caso de necesidade.</li> <li>• Farán o ensino superior accesible a todos, sobre a base da capacidade, por cantos medios sexan necesarios.</li> <li>• Farán que tódolos nenos dispoñan de información en cuestións educacionais e profesionais e teñan acceso a elas.</li> <li>• Adoptarán as medidas para fomentar a asistencia regular ás escolas e reducir as taxas de deserción escolar.</li> <li>• Adoptarán cantas medidas para cumprir a disciplina escolar de modo compatible coa dignidade humana do neno e coa Convención.</li> <li>• Fomentarán e alentarán a cooperación internacional en cuestións de educación, e erradicación do analfabetismo e de facilitar o acceso ós acontecementos técnicos e métodos modernos de ensino.</li> </ul>	
	29	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dereito á orientación da educación do neno cara o desenvolvemento da personalidade, aptitudes e capacidade mental e física do neno ata o máximo das súas posibilidades.</li> <li>• Inculcarlle o respecto polos dereitos humanos e liberdades fundamentais e dos principios da Carta da ONU.</li> <li>• Inculcarlle ó neno o respecto dos seus pais, da propia identidade cultural, do seu idioma e dos seus valores.</li> <li>• Preparalo para asumir unha vida responsable nunha sociedade libre con espírito de comprensión, paz, tolerancia, igualdade dos sexos e amizade entre os pobos, grupos étnicos, nacionais e relixiosos e persoas de orixe indíxena.</li> <li>• Inculcarlle o respecto ó medio ambiente.</li> </ul>		
	30	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dereito a unha vida cultural propia, a profesar e practicala a súa relixión ou empregar o seu propio idioma ós nenos das minorías étnicas, relixiosas ou lingüísticas.</li> </ul>		
	31	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dereito ó descanso e ó esparcemento, ó xogo, e ás actividades recreativas propias da súa idade e a participar na vida cultural e nas artes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Respetarán e promoverán o dereito á participación na vida cultural e artística e proporcionarán oportunidades apropiadas en condicións de igualdade.</li> </ul>	

Categoría	Artigo	Concepto	Medidas a adoptar polo Estado	Restriccións
	15	<ul style="list-style-type: none"> <li>Dereito do neno á liberdade de asociación e de celebrar reunións pacíficas.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>Só se limitarán de acordo coa lei e cando sexan necesarias para a sociedade, en interese da seguridade nacional ou pública, a orde pública, a protección da saúde e a moral públicas ou a protección dos dereitos e liberdades dos demais.</li> </ul>
Dereitos políticos	20	<ul style="list-style-type: none"> <li>Dereito á protección e asistencia especiais do Estado cando o neno esté separado do seu medio familiar en contra do seu interese.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Garantiranlle outros tipos de coidados para eses nenos con arreglo ás leis nacionais: colocación en fogares de garda, a kafala do dereito islámico, a adopción, a colocación en institucións para menores.</li> <li>Prestará especial atención á conveniencia de que teña continuidade a súa educación e a súa orixe étnica, relixiosa, cultural ou lingüística.</li> </ul>	
Nesidades de atención especial.	21	<ul style="list-style-type: none"> <li>Dereito a que cando se produza unha adopción sexa no superior interese do neno.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Velarán por que a adopción do neno só sexa autorizada polas autoridades competentes, en base ós procedementos e conforme ás leis.</li> <li>Recoñecerán que a adopción noutro país poida ser considerada como un medio para coidar do neno, cando non poida ser colocado en acollemento ou adopción no seu propio país.</li> <li>Adoptarán tódalas medidas apropiadas para garantir no caso da adopción noutro país que non se produzan beneficios financeiros para quenes participen nela.</li> <li>Promoverán concertación de acordos ou arreglos bilaterais ou multilaterais e se esforzarán por garantir que a colocación noutro país se efectúe por medio das autoridades e organismos competentes.</li> </ul>	
	22	<ul style="list-style-type: none"> <li>Dereitos do neno refuxiado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Adoptarán medidas adecuadas para lograr que o neno que trate de conseguilo estatuto de refuxiado ou que xa o sexa reciba a protección e a asistencia humanitaria adecuadas para o disfrute dos dereitos da Convención, ou dos convenios internacionais ou internos nos que os Estados sexan partes.</li> <li>Os Estados cooperarán en tódolos os esforzos coas Nacións Unidas por protexer e axuda-los seus pais ou a outros membros da súa familia, a fin de obter a información necesaria para que se reúna coa súa familia.</li> <li>Cando non se poida localizar ós pais, concederánlle ó neno a mesma protección que a calquera outro privado temporal ou permanentemente do seu medio familiar.</li> </ul>	

Categoría	Artigo	Concepto	Medidas a adoptar polo Estado	Restriccións
	23	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dereito do neno mental ou fisicamente impedido ó disfrute dunha vida plena e decente en condicións que aseguren a súa dignidade, lle permita bastarse por si mesmo e faciliten a participación na vida activa na comunidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Alentarán e asegurarán o dereito a recibir cuidados especiais con suxección ós seus recursos disponibles, a prestación ó neno que reúna as condicións requiridas e ós responsables do seu cuidado da asistencia que se solicite e que sexa adecuada para o neno e ás circunstancias dos seus pais ou doutras persoas que coiden del.</li> <li>• A asistencia prestada conforme ó punto anterior será gratuíta sempre que sexa posible, tendo en conta a situación económica dos pais ou das outras persoas que o coiden, e permitirá o acceso á súa educación, á capacitación, ós servizos sanitarios, ós servizos de rehabilitación, á preparación para o emprego e as necesidades de esparcemento, e reciba tales servizos para a súa integración social desenvolvemento individual, incluído o desenvolvemento cultural e espiritual, na medida do posible.</li> <li>• Promoverán a cooperación internacional, o intercambio de información adecuada na esfera da atención sanitaria preventiva e do tratamento médico, psicolóxico e funcional.</li> </ul>	
	25	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dereito do neno internado en un establecemento polas autoridades competentes para fins da atención, protección ou tratamento da saúde física ou mental a un exame periódico do tratamento a que esté sometido e de tódalas circunstancias propias do seu internamento.</li> </ul>		
	38	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dereito dos menores de 15 anos a non intervir directamente nos conflitos armados .</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Restarán e velarán por que se respeten as normas do dereito internacional humanitario nos conflitos armados e que sexan pertinentes para o neno.</li> <li>• Se absterán de reclutar nas forzas armadas persoas que non teñan cumpridos os 15 anos de idade. Cando recluten menores de 18 anos, tratarán de dar prioridade ós de máis idade.</li> <li>• Adoptarán tódalas medidas posibles para asegurala protección e o coidado dos nenos afectados por un conflito armado.</li> </ul>	



## 1.6.- Europa e a súa lexislación específica da infancia

A pesar de que a Convención Internacional dos Dereitos do Neno foi ratificada por tódolos países da Comunidade Europea sen excepción<sup>79</sup>, este organismo non renunciou a retoma-la súa vella aspiración de ter unha carta de dereitos da infancia propia e adaptada ás peculiaridades sociais, culturais, políticas e ambientais de Europa.

Entre os fenómenos que os países europeos pensan que teñen unha especial incidencia nos seus nenos están a violencia contra eles no ámbito familiar, o abuso sexual ou o abandono. Así tamén, cren que a situación europea está influenciada por unha insuficiencia de incentivos sociais, unha crise económica que afecta ás familias e unha falta de afecto e de atención necesaria no fogar e na comunidade que poden conducir a elevar outros factores de risco social como son a drogadicción ou a delincuencia dos nenos. Para facer fronte a este cuestionamento da súa realidade social, a Asemblea do Consello de Europa<sup>80</sup> recomendou ó Consello de Ministros<sup>81</sup> que encargara ós órganos competentes a elaboración dun instrumento xurídico apropiado que completase a Convención de Nacións Unidas, e que tivese en conta a súa situación xurídica, económica e demográfica especial.

Hai que facer notar que a acción das comunidades en favor dos nenos estaba ata ese momento limitada pola escaseza de competencias abordadas dende os convenios bilaterais ou multilaterais en materias como a educación básica ou a saúde. Nestes ámbitos, cada país reservábase para sí o poder legislar de forma autónoma.

Entre as diversas posibilidades que se estudaron estivo a de elaborar un protocolo adicional á Convención Europea dos Dereitos do Home, que relacionase os dereitos do neno. Xa no ano 1989, a Comisión Xurídica da Asemblea do Consello de Europa deu a súa opinión favorable sobre a aplicabilidade desta Convención ós nenos, en base a unha interpretación extensiva do seu artigo 14 no que declara que "o goce dos dereitos e liberdades recoñecidos no presente Convenio ten que ser asegurado sen distinción algunha, especialmente por razóns de sexo, raza, cor, lingua, relixión, opinións políticas ou outras, orixe nacional ou social, pertenza a unha minoría nacional, fortuna, nacemento ou calquera outra situación"<sup>82</sup>. A proclamación da súa posible extensión ós nenos viña avalada polo feito de que estes

<sup>79</sup> O Parlamento europeo na súa sesión do mes de xullo de 1990 adoptou unha resolución (Resolución de 12 de xullo, DOC. 231 de 17 de setembro de 1990) pola que indica ós seus doce estados membros que ratifiquen canto antes a Convención.

<sup>80</sup> O Consello de Europa ten ademais adoptadas outras disposicións en torno ós menores entre as que caben destacarse o Convenio Europeo de 24 de abril de 1967, en materia de adopción de nenos; a Resolución (70), 15 de maio de 1970, sobre protección das nais solteiras e dos seus fillos; a Convención Europea, de 15 de outubro de 1975, sobre o estatuto xurídico dos nenos nados fóra do matrimonio; a Resolución (77) 33, de 3 de novembro de 1977, sobre servizos de axuda familiar; a Resolución (78) 62, de 29 de novembro de 1978, sobre o cambio social e delincuencia xuvenil; a Resolución sobre o coidado dos nenos e a igualdade de oportunidades, de 20 de abril de 1991; a Recomendación do Consello sobre o coidado dos nenos e as nenas, de 31 de marzo de 1992.

<sup>81</sup> Recomendación 1121 de 1/2/1990.

<sup>82</sup> A Convención Europea dos Dereitos do Home foi aprobada polo Parlamento Europeo o 12 de abril de 1989, e a tenor do que se di no citado artigo, segundo a opinión da Comisión Xurídica da Asemblea do Consello de Europa, non se debería deixar de entender que se puidera argumentar discriminación algunha baseada na idade.

súa posible extensión ós nenos viña avalada polo feito de que estes tamén estaban habilitados para postular, en principio, ante a Comisión Europea dos Dereitos do Home, cando alegasen unha violación dos principios recoñecidos en dita Convención, e sen que tivesen necesidade de ser autorizados para iso polos pais ou representantes legais. Sen embargo, a práctica demostrou que algúns dos dereitos contidos na Convención Europea dos Dereitos do Home e aqueloutros que recoñecían as lexislacións dos Estados nas súas respectivas nacionalidades podían verse limitados cando eran exercidos polos nenos. Ditas limitacións derivábanse, principalmente, das disposicións dos Estados para regula-la patria potestade, daquelas outras disposicións que subordinan ditos dereitos á obtención da maioría de idade e da aplicación da noción da orde pública.

Tódolos posicionamentos mencionados levaron á necesidade de crear un novo marco legal para os nenos, marco que acabará sendo aprobado como Carta Europea dos Dereitos do Neno o 8 de xullo de 1992. Nesta carta recóllense fenómenos propios da comunidade europea que dan lugar a consideracións especiais como a protección dos menores ante as sectas; programas para combati-la delincuencia infantil ou para poder beneficiarse dun medio ambiente non contaminado ou non ser sometido a tratamentos inútiles ou experimentos científicos sen a autorización dos pais ou titores.

No proceso de harmonización das diferentes lexislacións nacionais, o Parlamento europeo está hoxe tratando de definir unha lexislación europea común. Dentro deste proceso, o tema do menor de idade cobra día a día unha maior importancia, polo que está tratando de introducilo en tódolos textos base da nova organización europea como foi o propio Tratado da Unión. Nos últimos anos, proclamou diversas lexislacións referentes ó menor como son as que fan referencia ós menores vítimas da violencia ou ó rapto de nenos de matrimonios mixtos nos Estados membros por parte do cónxuxe que non ten a custodia. Así tamén, o Consello de ministros da Unión Europea adoptou, entre outras, algunhas medidas que afectan á protección do menor, como son: loita contra o tráfico de seres humanos e contra a explotación sexual de menores, para o que destina un programa de incentivos e intercambios para o período 1996-2000 dirixido ós responsables da loita contra a trata, e que coordinará as iniciativas e proporcionará formación no uso das telecomunicacións para o control da desaparición e busca rápida dos menores; a loita contra a utilización de Internet con fins ilícitos, coa creación de sistemas de autorregulamentación cos organismos de acceso á rede, así como códigos de conducta, sistemas de advertencia e mecanismos filtro, ou a loita contra o turismo sexual que implique a menores, coa aplicación de medidas disuasorias e penais.

A modo de resumo como se puido ir vendo, desde a Carta de 1923 ata a de 1992, fóronse producindo modificacións importantísimas en todo o relativo ó asentamento dos dereitos da infancia. Entre estas modificacións, as máis relevantes atópanse na ponderación do papel da familia; no dereito ó disfrute dos nenos do xogo e da recreación; na elaboración de proteccións específicas para as situacións nas que o neno pode ser obxecto de discriminación; no dereito a unha nacionalidade e a un nome; no dereito á seguridade social; no dereito á educación ou no dereito a preserva-lo seu supremo interese, entre outras moitas.

Así pois, quedan reseñadas as principais regras internacionais no ámbito da protección da infancia. Con toda esta lexislación farase que a infancia cobre unha nova dimensión nas diferentes sociedades do mundo. Unha dimensión que se establece en función de sí mesma e que xa non o toma como un elemento dentro dun conxunto, como estaba a suceder cando se tomaba unicamente ó neno respecto do seu núcleo familiar ou das persoas adultas responsables do seu coidado. Recoñéceselle deste xeito unha entidade propia e unhas necesidades específicas que deben ser cubertas e consideradas en función del mesmo, sen ter en conta a ningunha outra persoa ou grupo. E, en calquera caso, cando se esté pensando na nenez, farase facendo prevalece-lo seu interese superior sobre calquera outro interese lexítimo concorrente dos adultos.

Sobre o recoñecemento da entidade propia do neno, di Gil Cantero, “el niño es un sujeto de derechos en tanto que niño y no sólo dependiendo de su condición de hijo o ciudadano. Esto supone una diferencia básica: mientras los derechos humanos promueven el desarrollo de ser hombre reconociendo en éste principios de actuación autónomamente humanizadores, los derechos del niño promueven el desarrollo de ser niño reconociendo en éste los principios de protección autónomamente humanizadores.[...]. La protección para establecer una intervención de calidad respecto a la infancia, constituye una propuesta que supera el marco mismo de ésta, para conducirnos enteramente a los deberes u obligaciones de los adultos, de sus instituciones sociales e incluso a las políticas sociales que sostienen la convivencia. Demandar como lo hace la Declaración, el derecho al amor y a la comprensión, al afecto y a la seguridad moral, son peticiones no regulables jurídicamente salvo por casos extremos y hechos ya consumados como los malos tratos, la explotación, etc”<sup>83</sup>.

Polo tanto queda claro que a problemática e as necesidades dos nenos son distintas das dos adultos. Iso requiriu definir certas áreas e obrigas dos pais, da sociedade e dos poderes públicos, así como o tipo de protección que precisan os dereitos da infancia.

## **2.- A situación dos dereitos da infancia nas lexislacións española e galega**

### **2.1.- A situación do menor de idade na lexislación predemocrática española**

O concepto de menor<sup>84</sup> desenvolvido polas primeiras lexislacións españolas que o tiveron en conta dunha forma diferenciada (Lei de 1904<sup>85</sup> e Lei de 1918<sup>86</sup>) mantívose invariable en tódalas emitidas durante a etapa predemocrática. O seu común

<sup>83</sup> GIL CANTERO, F. (1990); "Sobre los Derechos de la infancia. A propósito del 30 aniversario de su declaración". *Bordón*, nº 42 (2), 142.

<sup>84</sup> Segundo os xuristas é máis propio falar de menores que de nenos, por canto este último término resulta impreciso e susceptible de interpretacións variadas.

<sup>85</sup> Lei sobre protección á infancia de 12 de agosto de 1904. *La Gaceta de Madrid* de 17 de agosto de 1904.

<sup>86</sup> Lei sobre Organización e atribucións dos Tribunais para nenos de 25 de novembro de 1918, *La Gaceta de Madrid*, de 27 de novembro de 1918.

denominador foi o de considera-ló menor como a un suxeito inmaturo, xa que era percibido como un ser en evolución no que as facultades intelectuais e volitivas estaban diminuídas, e, polo tanto, incapaz de comprende-las razóns legais que avaliaban os seus actos como xustos ou inxustos. A perspectiva española non difería, nun primeiro momento, da do resto dos países do seu contorno. Sen embargo, co tempo, os valores en que esta se fundamentaba fóronse perdendo no resto dos países ó ir emerxendo outros que lle propiciaban ó neno unha maior actividade e autonomía baixo unha consideración especial<sup>87</sup>. Sobre estes novos valores repousará a Declaración Universal dos Dereitos do Neno de 1959, entre eles de forma especial a atención que se lle vai conceder ó seu interese superior -como xa apuntamos máis arriba- o que permitirá favorecer-lo desenvolvemento de todas aquelas medidas que permitan a creación dunha nova idiosincrasia en materia de protección do menor.

A filtración deste novo espírito legal non foi posible en España ata a Constitución do 78, que permitirá a redacción dunhas novas normas sobre os nenos coa consideración de suxeitos de dereitos.

O Dereito español non tivo en conta verdadeiramente ó neno, posto que a sociedade encomendaba á familia a súa protección, o cal parecía ata natural que fose así. Sen embargo, a cada vez menor estabilidade da familia e o ascenso do individualismo fixeron necesaria a adopción de dispositivos sociais protectores, que lle permitisen ter un amparo das súas necesidades pero sen por iso desresponsabilizá-las familias.

## **2.2.- As concepcións actuais do menor en España**

Cando hoxe se utiliza o termo menor este asóciase, principalmente, a dous ámbitos de actuación. O primeiro deles é o legal, en tanto que nel se expón o seu recoñecemento para ser considerado como suxeito duns dereitos e deberes que lle son propios. O outro dominio é máis concreto, ó facer só referencia a aquelas situacións nas que o neno ou o mozo necesita do amparo duns servizos sociais que lle procuren unha atención especializada debido a algún fallo no seu sistema social primario, a súa familia.

### **2.2.1.- O menor dende o ámbito legal**

A Constitución española di no seu artigo 12 que "os españois serán maiores de idade ós 18 anos". En termos similares exprésase o artigo 315 do Código Civil: "a maioría de idade comeza ós 18 anos cumpridos". Todo isto vén a significar, por exclusión, que menor será todo aquel suxeito que non teña cumprida dita idade.

Dentro deste ámbito, hai que considerar una dobre perspectiva. Dunha parte, a concepción do neno como un suxeito independente, ó que se lle recoñecen uns dereitos específicos que el mesmo pode reclamar e defender<sup>88</sup>. A outra perspectiva é

---

<sup>87</sup> GIL CANTERO, F. (1990): *Op. cit.*, 133-144.

<sup>88</sup> O artigo 9º da Lei 1/1996, de 15 de xaneiro fala do dereito do neno a ser escoitado, e o 10º determina algunhas medidas para facilita-lo exercicio dos dereitos.

que tamén debe ser protexido nas súas necesidades e nos seus dereitos polas persoas responsables del<sup>89</sup>. O Código Civil español recolle no seu artigo 162 que "os pais que ostenten a patria potestade teñen a representación dos seus fillos menores non emancipados", a excepción dos "actos relativos a dereitos da personalidade ou outros que o fillo, de acordo coas Leis e coas súas condicións de madurez, poida realizar por si mesmo".

Outra consideración legal do menor céntrase na perspectiva evolutiva da súa natureza física, psíquica e moral, e que vén xustificada polas limitacións que en certas etapas da súa vida lle impiden facerse cargo das respostas adecuadas ás súas necesidades. O criterio evolutivo ou da idade está presente nas leis que regulan todo o período da minoridade xa que estas o van ter cada vez máis en conta para que participe e decida sobre aqueles asuntos que lle afecten na súa vida. Así, por exemplo, a posibilidade de que interveña nos procesos xudiciais quedará marcada en función dun criterio de idade, anque este non será o único criterio, como máis adiante comprobaremos.

Como estamos a ver, o termo menor non é, nin moito menos, un concepto unívoco, dende o punto de vista legal. Por exemplo, a Lei 1/96 recoñécelle ó maior de 12 anos de idade o dereito a da-lo seu consentimento para a súa adopción ou acollemento ante o xuíz, ou se fose menor desa idade para ser simplemente oído "si tivese suficiente xuízo"<sup>90</sup>. O mesmo ocorre nos procesos de separación, nulidade ou divorcio dos seus pais, ou, por poñer outro caso, sobre a independencia do criterio do menor respecto dos seus pais ou titores cando este ten máis de 14 anos para poder facer testamento<sup>91</sup>.

Sen embargo, a idade á que se lle vai conceder legalmente unha maior liberdade para da-la súa opinión sobre os acontecementos que lle concirnen será a dos 16 anos. É daquela cando o menor adquire realmente uns niveis persoais de decisión bastante próximos ós do adulto. A esa idade pódese xa empezar a distinguir con

---

<sup>89</sup> O artigo 13 da Lei 1/1996, de 15 de xaneiro fai referencia ás obrigas dos cidadáns e o seu deber de reserva argumentando que "Toda persoa ou autoridade, e especialmente aqueles que pola súa profesión ou función, detecten unha situación de risco ou posible desamparo dun menor, o comunicarán á autoridade ou os seus axentes máis próximos, sen perxuízo de prestarlle o auxilio inmediato que precise".

<sup>90</sup> Art. 177 apartados 1 e 3.3º da Lei 21/1987, de 11 de novembro, pola que se modifican determinados artigos do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil en materia de adopción e acollemento. *BOE* de 17 de novembro de 1987.

<sup>91</sup> Art. 662 del Código Civil. Ademais, no Código Civil aparecen moitos preceptos que buscan o reforzamento das garantías respecto do menor en relación co desenvolvemento da súa personalidade e en evitación das decisións que puideran comprometer, dunha forma ou outra, o seu futuro. Entre outros están: a aceptación e repudiación da herencia (art. 992); no *mecenas* (art. 843); nos arrendamentos (art. 1548); nas capitulacións matrimoniais (art. 1329); na prestación do consentimento (art. 1329); na prestación do consentimento (art. 1263); no nombramento do defensor cando existan intereses contrapostos; nos supostos de enaxenación de bens inmoables (art. 166); en materia de donacións (art. 1338); na incapacitación dos sometidos a tutela (arts. 201-205); no contrato de mandatario en que se o menor é mandatario só responde limitadamente (art. 1716); no matrimonio (arts. 36 e 48), nos supostos de nulidade de contrato (art. 1301); na partición da herencia (arts. 271.4, 1057 e 1060), nos supostos de patria potestade (art. 154-171), nos casos de perda de xogo (art. 1798); na posesión (art. 443); no recoñecemento da filiación (arts. 121, 124 e 125); nos supostos de substitución pupilar (arts. 775 e 776); de testemuña (art. 663); de ser testigo en testemuña (art. 681 e 1246); nas transaccións (arts. 1810); na tutela (arts. 222.1, 267, 268 e 269) e na venda de bens hereditarios do menor (art. 903).

claridade entre o que son decisións que aínda están, en certo modo, tuteladas (celebración de contratos de traballo<sup>92</sup>, responsabilidade penal dos seus actos<sup>93</sup> ou ser testemuña dun testamento<sup>94</sup>, entre outras) e que, polo tanto, seguen aínda as pautas da etapa anterior, e as que supoñen o pleno exercicio da súa liberdade individual. Unha liberdade que pode conseguir plenamente a partir dos 16 anos mediante a súa emancipación. Esta figura legal supón unha anticipación voluntaria dos dereitos que son adquiridos ó chegar á maioría de idade. As formas polas que pode obte-la emancipación son:

- ó contraer matrimonio<sup>95</sup>.
- pola concesión de quen exerce a potestade paterna<sup>96</sup>.
- por decisión xudicial<sup>97</sup>.
- por facer vida independente co consentimento dos seus pais<sup>98</sup>.

### 2.2.2.- O menor dende o ámbito dos servizos sociais

Ata aquí só falamos do que é a interpretación do menor dende o ámbito legal, ben a través da súa propia representación ou ben pola dos adultos ou das institucións que o teñan ó seu cargo, quedando aínda por defini-las connotacións que o menor adquire dende o ámbito dos servizos sociais de atención á infancia. Estas pódense examinar en función de tres referentes. O primeiro deles é o da situación de desamparo. Esta situación está en relación directa coas carencias que o menor poida estar sufrindo nas súas condicións básicas de vida e que non sexan emendadas polos pais ou titores. A situación de desamparo é un concepto que se pode asociar, ás veces como sinónimo e outras como complementario, ó de maltrato. Por outra ban-

<sup>92</sup> Art. 1263.1º do Código Civil.

<sup>93</sup> Ata o momento actual, os menores entre 16 e 18 anos inmersos en actos considerados delictuosos ou punibles polo Código Penal son xulgados por tribunais ordinarios. Sen embargo, está previsto que en pouco tempo entre en vigor a *Lei Orgánica Penal Xuvenil e do Menor*, actualmente en estudo como proxecto de lei, na que se propón no seu artigo 2 que "tiene la consideración de menor quien en la comisión de un hecho tuviese más de 13 años y menos de 18, y la de joven quien tuviese 16 o más y no cumpliese los 18 años de edad". Aquí, como se ve, divídese a idade actual do menor, situada entre os 13 e os 18 anos, en dous tramos, nos que se lle chama menor e mozo. Esta diferenciación obedece á imposición das consecuencias xurídicas que para eles terán os actos nos que se vexan implicados. Pero a implicación máis importante que terá esta lei cando entre en vigor respecto do proceso anterior é que saca os menores de entre 16 e 18 anos dos tribunais ordinarios e da súa reclusión en establecementos de adultos.

<sup>94</sup> Art. 701 do Código Civil, en caso de epidemia.

<sup>95</sup> Art. 316 do Código Civil, e o 46-1º, coa audiencia previa do menor de catorce anos e dos seus pais ou gardadores.

<sup>96</sup> Arts. 319 e 320 do Código Civil. Neste caso será outorgada por quen teña a potestade paterna (pai, nai ou ámbolos dous), tralo consentimento do menor de 16 anos cumpridos, quen a recibirá por medio de escritura pública ante o xuíz ou encargado do rexistro civil.

<sup>97</sup> Art. 320 do Código Civil. Neste caso, será o xuíz o que lles dea a emancipación ós maiores de 16 anos cando estes a soliciten e os seus pais a consintan. A concesión darase cando quen exerza a potestade paterna esté casado ou conviva con outra persoa distinta do outro proxenitor; cando os pais vivan separados, ou cando haxa algunha causa que entorpeza gravemente o exercicio da potestade paterna.

<sup>98</sup> Art. 319 do Código Civil: "Se reputará para todos los efectos como emancipado al hijo mayor de 16 años que con consentimiento de los padres viviese independientemente de estos. Los padres podrán revocar este consentimiento".

da, hai que situar outros dous referentes dos servicios sociais desenvolvidos entorno á infancia, como son o da inadaptación e o da delincuencia. Estes dous termos gardan entre si unha certa complementariedade, anque tamén poden encontrarse como sinaladores de parcelas diferentes, como despois explicaremos.

### 2.2.2.1.- *O menor en situación de desamparado*

Un menor encóntrase nunha situación de desamparo cando sofre carencias nas súas condicións básicas de vida que lle impiden conseguir un desenvolvemento integral nos ámbitos persoal e social. Cando isto ocorre, os menores van necesitar respostas adecuadas por parte dos sistemas públicos de protección á infancia e á xuventude que resolvan as súas dificultades.

Respecto á protección ou amparo do menor, o sexto principio da Declaración di que o neno "deberá crecer ó amparo de e baixo a responsabilidade dos seus pais e, en todo caso, nun ambiente de afecto, e seguridade moral e material [...]. A sociedade e as autoridades públicas terán a obriga de coidar especialmente os nenos sen familia ou que carezan de medios adecuados para a súa subsistencia"<sup>99</sup>. No mesmo sentido está redactado o principio noveno da Declaración, onde se di que "debe ser protexido contra toda forma de abandono, crueldade e explotación"<sup>100</sup>. Estes principios foron concretados, posteriormente, en diversas medidas protectoras propostas dende a Convención como son, por exemplo, as dos seguintes artigos:

Artigo 18: O recoñecemento de ámbolos dous pais como responsables do desenvolvemento do neno, o deber do Estado de prestar asistencia ós pais, o dereito dos pais traballadores a servicios de garda dos nenos.

Artigo 19: Medidas estatais de protección contra o abuso físico, mental, etc. do neno baixo o coidado dos pais ou titores.

Artigo 20: O dereito á protección especial do Estado en caso de estar privados dun medio familiar.

En canto á postura da lexislación estatal española en relación ó desamparo dun menor, esta vén recollida na Lei 1/1996 baixo a seguinte definición: "considérase como situación de desamparo a que se produce de feito a causa do incumprimento, ou do imposible ou inadecuado exercicio dos deberes de protección establecidos polas leis para a garda dos menores, cando estes queden privados da necesaria asistencia moral ou material"<sup>101</sup>. Esta situación de desamparo pode ser denunciada tanto polo propio menor como por calquera persoa que teña coñecemento dela<sup>102</sup>. O proceso de apreciación de desamparo e posterior acollida do menor debe ser avaliado pola Entidade Pública á que no seu respectivo territorio lle fose encomendada a

---

<sup>99</sup> Instrumento de ratificación da Convención sobre os Dereitos do Neno, adoptada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas de 20 de novembro de 1989. *BOE* de 31 de decembro de 1990.

<sup>100</sup> *Ibidem*.

<sup>101</sup> Art. 172 da Lei 1/1996, de 15 de xaneiro, Lei de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil. *BOE* de 17 de xaneiro de 1996.

<sup>102</sup> Art. 13 sobre *Obligaciones de los ciudadanos y deber de reserva* de Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil. *BOE* de 17 de xaneiro de 1996

competencia neste ámbito, e sempre baixo a perspectiva do superior interese do neno.

#### 2.2.2.2.- O menor socialmente inadaptado

Dentro dos tipos de menores atendidos polos servicios sociais, ademais dos maltratados e/ou desamparados, hai que referirse ós que polas súas características persoais especiais demandan a intervención das instancias públicas a través duns dispositivos concretos de protección e mesmo de reeducación.

Zavalloni di que a inadaptación social é a “incapacidad de incorporarse de forma armónica y constructiva en el ambiente, adaptándose a las exigencias del mismo. La plena inserción en la vida social implica una doble actitud en el individuo a) la de saber conformarse a la exigencia de la sociedad respetando sus normas generales; b) la de sentirse orientado de una manera afectiva y fáctica<sup>103</sup> hacia el prójimo y hacia un ideal hasta lograr la entrega de sí mismo a los demás”<sup>104</sup>.

Pola súa parte, Valverde Molina maniféstase a favor desta mesma posición cando apunta que o comportamento do inadaptado non é máis que "un problema de comunicación rota, distorsionada o inexistente entre el individuo y su entorno normalizador", polo que propón enfocalo "como un problema estructural, en función del concreto sistema social en que se manifiesta; abordar el problema como un conflicto individual entre el sujeto y su entorno, ya sea que formalicemos al inadaptado como perverso, como enfermo, etc., deberá ser considerado al menos como parcial y acientífico”<sup>105</sup>.

Zavalloni considera que hai dúas tipoloxías de inadaptación, manifestadas en función do proceso de adaptación, asimilación e acomodación definido por Piaget. Estas están representadas por:

- "1) Los problemas de la personalidad, que surgen cuando el sujeto no logra asimilar la realidad externa y transformarla según sus propios esquemas y manifestaciones por una falta de adaptación personal, por una falta de armonía y la desintegración de los elementos constitutivos de la personalidad.
- 2) Los problemas de la conducta, debidos a una falta de acomodación a la realidad externa como consecuencia de que el sujeto es incapaz de ser maleable y que se manifiestan mediante conflictos y choques con el ambiente”<sup>106</sup>.

Os aparatos represivos do Estado (policía, cárceres, xulgados, etc.), como os chamou Althusser<sup>107</sup>, serán os medios utilizados pola sociedade para determinar cales son os suxeitos que subxectivamente, segundo uns determinados factores externos, incorren en comportamentos desviados ou delictivos contra o que é considerado como o medio normalizado. Deste xeito, diremos que o inadaptado obxectivo é propiamente

<sup>103</sup> Aínda que pon "factiva" debe querer dicir "fáctica" ou "de feito". ZAVALLONI, R. (1979): *Introducción a la Pedagogía Especial*. Barcelona, Herder, 157.

<sup>104</sup> *Ibidem*.

<sup>105</sup> VALVERDE MOLINA, J. (1984): *Op. cit.*, 336

<sup>106</sup> ZAVALLONI, R. (1979): *Op. cit.*, 157.

<sup>107</sup> Véxase ALTHUSSER, L. (1975): *Escritos. 1968-1970*. Barcelona, Laia, 118 y ss.



un inadaptado, mentres que o inadaptado subxectivo é o que reúne as características do delinciente, como veremos a continuación.

### 2.2.2.3.- O menor delinciente

Apunta Garrido Genovés que “en numerosos países, sobre todo europeos, se considera delinciente juvenil solamente al menor de edad penal que comete un delito tipificado en las leyes de adultos como delito. Esta es la perspectiva restringida. Sin embargo, todavía hoy algunos autores opinan que debe considerarse infracción de menores toda aquella conducta que si la realiza un adulto es delito y, además, también algunas conductas no penalizadas en el caso de los mayores de edad, como es el hecho de no asistir regularmente a la escuela de modo voluntario, fugarse de casa, entrar en establecimientos prohibidos, etcétera. Esta es la perspectiva amplia”.<sup>108</sup>

A actual lexislación sobre menores infractores de España, reflectida en parte a través da Lei sobre Competencia e Procedemento dos Xulgados de Menores, di que “Los Jueces de Menores serán competentes para conocer :

- 1º. De los hechos cometidos por mayores de doce años y menores de la edad fijada en el Código Penal a efectos de responsabilidad criminal, tipificados como delitos o faltas en las Leyes Penales.
- 2º. De las faltas cometidas por mayores de edad penal comprendidas en el artículo 584 del Código Penal, excepto de las de su número 3<sup>on</sup>.<sup>109</sup>

Polo tanto, obsérvase que o menor español estaría no que Genovés chama ámbito de consideración restrinxida.

Os termos inadaptación social e delincuencia teñen entre si unhas diferencias que poderíamos circunscribir a acepcións de tipo cuantitativo e xurídico. Cuantitativo, por canto un menor non adoita ser conducido ante as instancias xudiciais pertinentes na primeira ocasión que comete un delito ou falta coa finalidade de toma-las medidas necesarias que palien a aparición de conductas similares, senón despois de que xa ten realizado un certo número destes actos antisociais. Tamén podemos incluír dentro desta visión cuantitativa a razón da propia idade do suxeito, en canto que as normas legais lle son aplicadas de forma distinta en función dos anos que ten o infractor. Actualmente en España, os menores de 16 anos non son cualificados como delincuentes por non estar sometidos ó cumprimento das sancións previstas polo Código Penal para as súas infraccións, o que impide que estas poidan ser consideradas como delitos e eles como delincuentes. Esta perspectiva anuladora da etiquetaxe do menor como delinciente, trata de cumprir, en si mesma, unha misión educativa, ó mante-la crenza de que o mero feito de ter pasado por unhas determinadas institucións nun momento concreto da súa vida non produza nel unha marca que o acompañe o resto da súa existencia, xa que os actos cometidos puideron ter un carácter meramente circunstancial ou ocasional. De

<sup>108</sup> GARRIDO GENOVÉS, V. (1985): *La delincuencia juvenil*. Madrid, Alhambra. 9-10

<sup>109</sup> Artigo 1<sup>er</sup> da Lei Orgánica 4/1992, de 5 de xuño, sobre reforma da Lei Reguladora da Competencia e o Procedemento dos Xulgados de Menores, que modifica o artigo 9 da Lei de Tribunais Tutelares de Menores, aprobada polo Decreto de 11 de xuño de 1948. *BOE* del 11 de xuño de 1992.

feito, os expedientes abertos por infraccións realizadas polos menores de idade penal son pechados ó cumprir esta, non podendo ser tidos en conta á hora de penaliza-lo seu comportamento posterior.

E xurídico, en canto que a conducta desviada ou conflictiva socialmente debe ser sempre interpretada polos órganos xudiciais, que son os que transforman o que é unha simple conducta antisocial individual (inadaptación obxectiva) nun delito ou falta social (inadaptación subxectiva) a través da imposición ó suxeito da correspondente medida sancionadora.

### 2.3.- A lexislación española sobre a protección da infancia

A evolución do dereito de familia quedou marcada pola emerxencia progresiva dos dereitos do neno/fillo. A Constitución española proclama no seu artigo 39.1 que “os poderes públicos asegurarán a protección económica e xurídica da familia [...] asimesmo, a protección integral dos fillos, iguais estos ante a lei, con independencia da súa filiación, e das nais, calquera que sexa o seu estado civil”. Neste senso, a primeira modificación legal importante introducida pola democracia no referente ó menor tivo lugar coa entrada en vigor da Lei 11/1981<sup>110</sup>, que suprimiu a distinción entre fillos lexítimos e ilexítimos e equiparou o pai e a nai no referente ó exercicio da potestade paterna. Outras leis que concerniron ó menor foron a Lei 13/1983, sobre a tutela<sup>111</sup>, a Lei 21/1987, sobre a adopción<sup>112</sup> (a máis importante de tódalas proclamadas durante os anos oitenta, ó introducir cambios substanciais nalgunhas leis de carácter xeral) ou a Lei Orgánica 5/1988, sobre o exhibicionismo e a provocación sexual<sup>113</sup> ou a Convención dos Dereitos do Neno de 1989<sup>114</sup>, que España adoptou como lexislación estatal, segundo queda recollido no artigo 39.3 da Constitución<sup>115</sup>. Todas elas influiron de forma transcendental no ámbito dos dereitos dos menores, e consecuentemente en moitos aspectos das súas vidas. Durante a presente década, tamén se aprobaron leis importantes para a protección da infancia como son a Lei Orgánica 4/1992, sobre a reforma do procedemento dos Xulgados de Menores<sup>116</sup>, a Lei 25/1994, sobre o exercicio das actividades de radiodifusión televisiva<sup>117</sup> ou a Lei 1/1996, sobre Protección Xurídica do Menor<sup>118</sup>.

<sup>110</sup> Lei 11/1981, de 13 de maio, de modificación do Código Civil en materia de Filiación, Potestade Paterna e Réxime Económico do Matrimonio. *BOE* de 18 de maio de 1981.

<sup>111</sup> Lei 13/1983, de 24 de outubro, de modificación do Código Civil en materia de tutela. *BOE* de 26 de outubro de 1983.

<sup>112</sup> Lei 21/1987, pola que se modifican determinados artigos do Código Civil e da Lei de Axuízamento Civil en materia de adopción. *BOE* de 17 de novembro de 1987.

<sup>113</sup> Lei Orgánica 5/1988, de 9 de xuño, sobre modificación dos artigos 431 e 432 do Código Penal sobre exhibicionismo e provocación sexual en relación cos menores. *BOE* de 11 de xuño de 1988.

<sup>114</sup> Instrumento de ratificación da Convención sobre os Dereitos do Neno, adoptada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas de 20 de novembro de 1989. *BOE* de 31 de decembro de 1990.

<sup>115</sup> O artigo 39.3 da Constitución sinala “Os nenos gozarán da protección previstas nos Acordos internacionais que velan polos seus dereitos”.

<sup>116</sup> Lei Orgánica 4/1992, de 5 de xuño, sobre reforma da Lei Reguladora da Competencia e o Procedemento dos Xulgados de Menores. *BOE*, de 11 de xuño de 1992.

Entrando xa no tema dos dereitos dos menores especificamente, non será ata a Lei 1/1996 de Protección Xurídica cando se faga unha normativa española que contemple, cunha certa amplitude, cales son os dereitos que se lles recoñecen expresamente. En primeiro lugar, hai que dicir que este texto legal non é unha lista exhaustiva de dereitos, xa que algúns non aparecen debido a que estaban xa regulados precisamente no ordenamento xurídico español. Entre os que si están, hai que citar: o dereito á honra, intimidade e á propia imaxe<sup>119</sup>, por te-la normativa existente certas lagoas respecto do menor que se tratan de subsanar, ademais de reforza-la actuación do Fiscal; o dereito a buscar e recibir información<sup>120</sup>, sendo aquí os pais, titores ou poderes públicos os que teñen que velar por que esta sexa veraz, plural e respetuosa cos principios constitucionais; o dereito á liberdade ideolóxica, de conciencia e relixión<sup>121</sup>, a cooperación no seu exercicio pasa a ser responsabilidade dos pais; o dereito de participación, asociación, e reunión<sup>122</sup>, tanto no senso de formar parte como de promover asociacións infantís e xuvenís, sempre que ó seu fronte haxa un representante con capacidade legal plena, cando o menor promova reunións públicas ou manifestacións deberá te-lo consentimento dos seus pais; o dereito á liberdade de expresión<sup>123</sup>, que se estende á publicación e difusión das súas opinión, á edición e reprodución de medios de difusión e ó acceso ás axudas que poidan establecer para ese fin as Administracións públicas, sempre e cando non se atente contra o respecto ós dereitos dos demais ou á protección da seguridade, saúde, moral ou orde pública, ou o dereito a ser oído<sup>124</sup>, que ata agora só era tido en conta para o dereito de familia, vai extenderse a calquera procedemento administrativo ou xudicial no que estea implicado. Ademais, a Lei 1/1996 contén unha serie de medidas que tratan de facilita-lo exercicio dos dereitos polo menor: presenta-las súas queixas ante o Defensor del Pueblo, solicitar recursos sociais das Administracións, solicitar protección e tutela públicas, ...

## 2.4.- A lexislación galega sobre a protección da infancia

Cando falamos da lexislación autonómica en relación ós dereitos dos menores estámonos a referir á Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia<sup>125</sup>. Esta norma como di o seu preámbulo, “na delimitación positiva dos dereitos do menor quíxose incluír unha referencia expresa a aqueles especialmente protexidos, seguindo as orientacións das cartas internacionais sobre protección dos

<sup>117</sup> Lei 25/1994, de 12 de xullo, sobre a coordinación de disposicións legais regulamentarias e administrativas dos Estados membros relativas ó exercicio de actividades de radiodifusión televisiva.

<sup>118</sup> Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuízamento Civil. *BOE* de 17 de xaneiro de 1996.

<sup>119</sup> Lei Orgánica 1/1982 sobre protección civil do dereito ó honor, á intimidade persoal e familiar e propia imaxe de 5 de maio de 1982.

<sup>120</sup> A Convención do 89 xa sinala este dereito no seu artigo 13.

<sup>121</sup> Tanto o artigo 18 da Constitución como o 14 da Convención recollen este dereito.

<sup>122</sup> Este dereito contéplase no artigo 15 da Convención.

<sup>123</sup> Este dereito aparece recollido no artigo 13 da Convención.

<sup>124</sup> Este dereito aparece recollido no artigo 12 da Convención.

<sup>125</sup> Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia (DOG do 20 de xuño de 1997).

dereitos humanos". Destácanse estes no artigo 8º, encabezado co título de *Dereitos da infancia e da adolescencia de especial protección*, ó que se incorporan ademais dos incluídos nas lexislacións de carácter internacional e estatal anteriormente comentadas (dereito á vida e á integridade persoal; a un nome e nacionalidade; a recibir unha adecuada atención por parte dos seus pais; á educación, etc.) outros como o dereito a ser protexido contra calquera práctica de mendicidade; a garantirlles a inequívoca identificación cando nazcan ou sexan concebidos por técnicas de reprodución asistida nos centros sanitarios; a colaboración das Administracións con miras de evita-lo absentismo escolar ou permiti-la inserción dos nenos e adolescentes con necesidades especiais na vida social a través da asistencia e formación necesarias que lles permitan o seu adecuado desenvolvemento e realización persoal.

Así tamén, a Xunta de Galicia comprométese, por medio desta norma legal, a promove-la difusión de materiais informativos ou de calquera outro tipo que estén destinados ós menores cos que se poida facilita-lo seu acceso ós servizos de información, documentación, bibliotecas e demais servizos culturais.

Respecto dos medios de comunicación social, a Lei 3/1997 di que a Administración autónoma velará por que os valores inscritos nas súas mensaxes dirixidas ós menores promovan a igualdade, solidariedade, e eviten a violencia, explotación nas relacións interpersoais ou reflectan un trato degradante ou sexista.

No artigo noveno, rotulado como de *Defensa dos dereitos da infancia e da adolescencia*, expóñense cales serán na Comunidade autónoma de Galicia os dereitos que os nenos e as nenas poderán reclamar persoalmente ou a través do seu representante legal. Hai que subliñar aquí os que fan referencia á demanda ante as Administracións solicitando a súa protección e asistencia; a poñer en coñecemento do Ministerio Fiscal tódalas situacións e actuacións que atenten contra os seus dereitos e integridade persoal e a de expoñer ante o Defensor del Pueblo ou o Valedor do Pobo as súas queixas. Concretamente, a figura que levará adiante, con carácter permanente, a investigación das súas reclamacións neste último órgano será un dos seus Vicevaledores. A el lle corresponderán, entre outras funcións, as de prestarlle unha especial atención á defensa dos seus dereitos; velar polo respecto á lexislación vixente en materia de menores; propoñe-las medidas de mellora da protección á infancia e adolescencia ou do seu perfeccionamento ou promove-la información social dos seus dereitos e das medidas necesarias para a súa mellor atención e coitado.

En relación á Administración de Xustiza, o compromiso da Xunta de Galicia será o de facilitarlle-los medios, instalacións, persoal especializado e información que aquela requira para logra-la recuperación dos nenos e adolescentes e a súa integración social e laboral.

Por último, o artigo décimo expón cales serán os deberes dos fillos respecto dos seus pais, remarcando como tales o de obedecerlles cando estes actúen no exercicio dos seus deberes e responsabilidades, así como o de contribuir ó desenvolvemento da vida familiar colaborando nas actividades domésticas sen distinción de sexo e conforme á súa madurez e circunstancias persoais.

### 3.- Algúns problemas do neno no final do milenio

#### 3.1.- O neno e a educación

Para o final do milenio, a Conferencia Mundial sobre a Educación que tivo lugar en Tahilandia no ano 90 previu que 80% dos nenos terían acadado o nivel primario. Naquel momento había no mundo 600 millóns de nenos que estaban a estudia-la educación primaria, deles entre o 34% e o 55% non pasaban do cuarto ano de estudos. Pero hoxe aínda quedan 100 millóns de nenos en idade escolar, dos que o 60% son nenas, que non teñen acceso a educación. Entre as causas que explican este feito están o escaso presuposto que moitos Estados dedican á educación da súa poboación ou o feito de que as súas familias non consideren a formación dos seus fillos como indispensable para a súas vidas e aínda menos cando se está a falar das nenas, pensando que as nocións que lles da a escola (lectura, escritura e cálculo) son irrelevantes para o seu desenvolvemento no rural e na agricultura. A todo isto hai que unir moitas veces a falta de mestres, as lagoas destes na súa formación, a falta de material escolar e mesmo de escolas.

O artigo 28 do texto da Convención recoñece o dereito do neno á educación e exhorta ós Estados a implanta-la educación básica obrigatoria e gratuíta, a protexe-la dignidade do neno en tódalas cuestións que incumban á disciplina, así como a promove-la cooperación internacional en tódalas cuestións da educación. No artigo seguinte conmínase ós gobernos a asegura-la educación que conduza ó pleno desenvolvemento do neno en función das súas aptitudes e a respecta-los seus pais, a cultura, o idioma e os valores do seu país, e os dereitos humanos.

O concepto de educación manexado pola Convención está apoiado noutros catro artigos. Estes son: o 2, que fala da igualdade de todos; o 3 que propón o superior interese do neno; o 6 dereito á vida, a supervivencia e ó desenvolvemento, e o 12 con respecto ás opinións do neno. Dende esta perspectiva, para a Convención, pódese dicir que calidade educativa significa non só ter en conta as capacidades intelectuais do neno, senón tamén as físicas, sociais, emocionais, etc., así como o seu propio punto de vista sobre si mesmo. Este modelo de ensino-aprendizaxe, máis centrado no neno, propón que os estudantes participen máis activamente, pensen e traten de resolve-los problemas por si mesmos. Isto fará que se desenvolvan nun novo sistema de valores e que busquen puntos de encontro cos demais, así como a ser máis flexibles ante as dificultades e aportar novas canles para as súas vidas. En canto o seu aspecto persoal, lles permitirá eleva-la súa autoestima, potenciar tódolas súas aptitudes persoais, e ter en conta as súas limitacións en certos ámbitos, e colaborar cos demais para levar adiante as necesidades sociais.

Volvendo ó artigo 12, diremos que este supón un revulsivo para moitas cuestións que lles afectan ós nenos e que, ademais, levan aparellados cambios a nivel de políticas tanto a nivel educativo como asistencial ou social. No educativo, por exemplo, supón que as escolas deban propoñer un pensamento máis crítico e unha participación máis democrática contribuíndo a fomenta-la esencia dos dereitos humanos, en xeral, e do neno, en particular.

En materia de non discriminación, as escolas deben de propoñer e promove-la aceptación consciente das diferencias tanto de xénero como de calidade, e ofertar ós

estudiantes os instrumentos necesarios para elimina-las actitudes negativas sobre o racismo, sexismo, xenofobia, etc. O instrumento común a tódolos que participan no ámbito escolar é a súa capacidade de relación. Unha relación que ten que estar baseada na transmisión de enfoques positivos sobre a realidade e na superación dos negativos gracias ó afrontamento das dificultades de forma paciente e flexible.

### 3.2.- O neno e a saúde

Uns 38.000 nenos menores de cinco anos morren diariamente no Terceiro Mundo. Segundo as estadísticas elaboradas anualmente pola UNICEF<sup>126</sup>, no ano 1997 as taxas máis altas de mortalidade infantil de menores de cinco anos por cada mil nenos nados vivos correspondían a países como Nixería (320‰), Serra Leona (316‰), Angola (292‰), Afganistán (257‰), Malí (239‰) ou Liberia (235‰), todos eles, agás Afganistán, da rexión da África subsahariana, ó que lles poderíamos engadir tódolos seus viciños, que son os seguintes na relación. Estas cifras farto elocuentes por si mesmas, o son aínda máis se as comparamos cos países máis industrializados, á cabeza dos que se atopa o noso. España, xunto con Suecia, Singapur, Noruega, Suíza, Mónaco, Islandia, Alemaña, Austria e Francia teñen unha mortalidade infantil de menores de 5 anos de entre 4 e 5 nenos por cada mil nados, a máis baixa acadada no mundo ata o presente (no ano 1989, España estaba no 10‰<sup>127</sup>). Facendo unha análise histórica dos datos, vemos que no ano 1960 o mesmo indicador situaba a España no 57‰, porcentaxe na que hoxe están países como Nicaragua (antes do Mistch, por suposto), Perú ou Guatemala, con case que 40 anos de diferenza. Estes últimos países quedan instalados nos postos medios dunha longa lista de 191 países, pero aínda moi lonxe do 10‰. de media que teñen os países industrializados.

Os problemas socioeconómicos dos países do Terceiro Mundo son factores determinantes nas condicións de nacemento e de vida dos seus cidadáns. Estes inciden nos procesos sanitarios o que, a súa vez, impide que se poidan atallar enfermidades como a diarrea ou as infeccións das vías respiratorias, das que morren ó redor de 3.000.000 de nenos, ou a rubéola e o tétanos neonatal con perto de 1.700.000 defuncións, ou outros males de carácter máis endémico dos países tropicais como a malaria. A hixiene das augas, contaminadas por residuos industriais, fecais, etc., é outro dos imponderables na defensa da saúde infantil.

Por outra parte, nestes países temos que falar dunha alta natalidade por muller á que se une o factor da idade, isto é a prematuridade con que as mulleres, case que nenas ou adolescentes, quedan embarazadas. Este feito fai que non estean preparadas para a concepción normal e os seus fillos nazan pouco desenvolvidos (por debaixo dos 2,5 kg.), á vez que a propia vida da nai corre un alto risco durante o parto, ou poida quedar con problemas anémicos crónicos, con escaseza de leite ou en condicións pouco axeitadas para cria-lo seu fillo.

A falta de especialistas sanitarios e dos máis elementais medicamentos, como son as vacinas, tamén inciden na mortalidade, aínda que neste aspecto xa se deu un

<sup>126</sup> BELLAMY, C. (1997). *Estado mundial de la infancia 1999. Educación. UNICEF.*

<sup>127</sup> GRANT, J. P. (1991). *Estado Mundial de la infancia 1991.* Barcelona. UNICEF. J.&J. Asociados, 103.

gran paso coa terapia de rehidratación oral (TRO), que serve para trata-los problemas diarréicos, evitando así máis de 1.000.000 de defuncións anuais. En canto as vacinas contra enfermidades como a poliomielite, o tétanos, a difteria, a rubeola, ... Estas foron estendidas a través de campañas masivas dende principios dos 90, inmunizando ó 80% dos menores do mundo, e previndo, así, a morte de case 3,5 millóns deles.

Como dixemos, os datos de España alónxanse moito dos dos países desenvolvidos respecto á saúde dos nenos. Pero isto non é só a causa das súas condicións sanitarias, senón tamén pola escaseza que aquí se dá en canto ó número de nacementos, xa que no ano 1997, a relación foi de 10 natalicios por cada 1.000 habitantes (o que representa unha taxa de fecundidade de 1,2 fillos por muller fértil). En Galicia, esta taxa foi do 6,6‰ fronte ó 45‰ de Afganistán, ó 50‰ de Nixeria, 47‰ de Serra Leona ou ó 48‰ de Angola entre os países subdesenvolvidos ou ó 12‰ de Suecia, 16‰ de Singapur, 13‰ de Noruega, 11‰ de Suiza, 17‰ de Islandia ou ó 12‰ Francia, entre os industrializados. A estes datos hai que engadir que España ten a taxa máis elevada do mundo en canto ó número de persoas que solicitan a súa esterilización de forma voluntaria.

### 3.3.- O neno e o maltrato

Os malos tratos inferidos sobre os nenos é un tema aínda pouco coñecido hoxe en día, tanto nos países industrializados como nos subdesenvolvidos. Isto é así por canto ata hai pouco tempo os presupostos cos que a sociedade instauraba a educación dos nenos estaban asentados na omnipotencia dos pais sobre deles. Isto facía que a intervención social fose mínima e a liberdade de actuación dos pais máxima.

Os estudos sobre os malos tratos á infancia delatan que a maior parte das veces estes ocorren no propio fogar, o que fai que sexa difícil a súa comprobación, e consecuentemente a intervención social. Así mesmo, un bo número de pais maltratantes non teñen conciencia de selo por ter recibido tamén eles mesmos malos tratos durante a súa infancia, e non coñecer outro tipo de modelos cos que poder afronta-la educación dos seus fillos. En consecuencia, ademais da denuncia dos casos, haberá que levar adiante programas sociais de rehabilitación deste tipo de pais e de concienciación dos xoves sobre o tipo de respostas adecuadas para atender e coidar dos seus futuros fillos.

A escola pode servir moitas veces como unha caixa de resonancia para detectar a existencia de problemas no ámbito familiar, posto que, normalmente, o neno que recibiu apoio afectivo na súa familia, dirixírase ó grupo de pares cunha manifestación de relación aberta e entregada, mentres que os nenos que recibiron un trato déspota e agresivo tenden a repetir este tipo de comportamentos ou maniféstanse tímidos e reacios ante os demais.

Conger<sup>128</sup> fixo un estudio lonxitudinal con nenos de idades comprendidas entre 6 e 8 anos para valorar futuros comportamentos delincuenciais. Os datos amosaron que os profesores, xa nesa idade, valoraban os futuros delinquentes como menos

---

<sup>128</sup> Citado por COLEMAN, J.C. (1985). *Op. cit.*, 198.

amigables e responsables, e máis impulsivos e hostís á autoridade co resto dos nenos do seu grupo.

Alguns tipos de malos tratos que se poden realizar sobre un neno son os seguintes:

#### Maltrato físico

Considérase maltrato físico "cualquier acción no accidental por parte de los padres, o cuidadores que provoque daño físico o mental en el niño o lo coloque en riesgo grave de padecerlo"<sup>129</sup>.

#### Abandono físico o negligencia

Pódese definir como abandono físico o negligencia, "aquella situación en que las necesidades físicas básicas del niño (alimentación, higiene, protección y vigilancia en las situaciones potencialmente peligrosas, educación y/o cuidados médicos) no son atendidas temporal o permanentemente por ningún miembro del grupo que convive con el niño"<sup>130</sup>.

#### Abuso sexual

Con este termo faise referencia "a cualquier clase de contacto sexual entre una persona menor de 18 años por parte de un adulto desde una posición de poder o autoridad sobre el niño"<sup>131</sup>.

#### Maltrato emocional

No maltrato emocional hai "una actitud de hostilidad crónica en forma de insulto, escarnio, desprecio, crítica o amenaza de abandono, y constante bloqueo de las iniciativas de interacción infantiles (desde la evitación hasta el encierro o el confinamiento) por parte de cualquier miembro adulto del grupo familiar"<sup>132</sup>.

#### Mendicidad infantil

Representa a utilización, de forma habitual ou esporádica, de un neno por parte dunha persoa coa finalidade de suxerir compaixón nos demais e así obter algún tipo de beneficio económico ou material. Tamén pódese dar cando o adulto induce ó neno á practica-la mendicidade pola súa conta para, posteriormente, requisarlle o produto da súa colecta, ou cando o neno a realiza pola súa conta con fins de supervivencia.

#### Corrupción de menores

Aparece cando as conductas dos adultos promoven no neno actuacións antisoais ou desviadas, con agresividade, apropiación indebida de bens, sexualidade, tráfico ou consumo de drogas.

#### Explotación laboral

Prodúcese cando se lle asigna ó neno, con carácter obrigatorio, a realización de calquera tipo de traballo que supere os límites das súas capacidades, e cando estes

<sup>129</sup> PAÚL OCHOTORENA J. de (1996). "Diferentes situaciones de desprotección infantil" en PAÚL OCHOTORENA J. de y ARRUBARRENA MADARIAGA, M.I. *Manual de protección infantil*. Barcelona, Masson, 15.

<sup>130</sup> Ibid., 17.

<sup>131</sup> Ibid., 21.

<sup>132</sup> Ibid., 19.



deberan ser realizados polos adultos, ou supoñan unha interferencia clara nas actividades escolares do neno.

#### Maltrato prenatal

É o que manifesta o neno acabado de nacer cando presenta alteracións como un crecemento anormal, uns patróns neurolóxicos anómalos ou calquera tipo de síntomas de dependencia física de substancias que sexan imputables ó consumo de drogas, alcohol ou á falta de coidados durante o embarazo da nai.

### 3.4.- O neno nos países industrializados

Non só nos países en vías de desenvolvemento hai pobreza, tamén nos países industrializados hai bolsas máis o menos grandes, máis ou menos detectadas. Na Europa Occidental dase unha media dun 5% de nenos que viven en condicións de pobreza, en Australia, Canadá ou o Reino Unido a cifra ronda o 10%, ascendendo ó 20% nos Estados Unidos e Grecia. En Galicia, había no ano 1993 un 13,8%<sup>133</sup> de fogares en situación de pobreza<sup>134</sup>.

Un factor que incide moi negativamente na pobreza dos fogares é o feito de que estes sexan monoparentais, isto é, que só un dos dous pais conviva cos fillos, así como quedou reflectido nun estudio titulado “A familia galega en cifras”, no que se di que “o índice de pobreza dos fogares monoparentais é moito máis elevado que o índice medio [...], un 20,4% deste tipo de fogares atópase en situación de pobreza, case 7 puntos por riba da media”<sup>135</sup>, a proporción destes fogares sobre o conxunto dos existentes en Galicia no ano 1993 era do 5,8. Moitos destes fogares están sustentados por unha muller que se quedou cos fillos tra-lo seu divorcio. En Europa, esta situación está presente nun 20% do total dos casos de fogares monoparentais. En Francia, 1.230.000 menores de 18 anos (240.000 menores de 9 anos) vivían no ano 1993 con un dos seus pais divorciados, e no ano 1994, existían 105.000 fogares monoparentais por divorcio<sup>136</sup>.

A urbanización da poboación galega é un feito incontestable. Nas provincias de A Coruña e Pontevedra, o 90% da súa poboación concéntrase en municipios de máis de 5.000 habitantes, mentres que en Lugo e Ourense fano nun 64,2% e 47,1%, respectivamente<sup>137</sup>. As sete grandes cidades galegas suman máis dun tercio do total da poboación, habendo tamén un bo número de cidades emerxentes como Cangas, Carballo, A Estrada, Lalín, Ribeira ou Vilagarcía de Arousa que pasan dos 20.000 habitantes e moitas outras localidades que están entre os 10 e os 20.000. As cidades galegas son de tipo medio e pequeno, sen embargo, os seus hábitats están a provo-

<sup>133</sup> GABINET D'ESTUDIS SOCIALS (1995): *Informe sobre a pobreza en Galicia*. Santiago de Compostela. Consellería de Sanidade e Servicios Sociais. Xunta de Galicia, 215.

<sup>134</sup> Segundo o método CE, a renda da pobreza é aquela que está por debaixo do 50% da renda media dispoñible por unha poboación determinada ou mostra da mesma.

<sup>135</sup> GABINET D'ESTUDIS SOCIALS (1995): *A familia galega en cifras*. Santiago de Compostela. Consellería de Familia, Muller e Xuventude. Xunta de Galicia, 93.

<sup>136</sup> DIGEON, L. (1995). *Les enfants dans le monde*. Baume-les-Dames. Hachette, 17-18.

<sup>137</sup> GABINET D'ESTUDIS SOCIALS (1995): *A familia galega en cifras*. Santiago de Compostela. Consellería de Familia, Muller e Xuventude. Xunta de Galicia, 99.

car situacións carenciais en moitos nenos, ó non dispoñer de espazos para o seu esparcemento e xogo, pola súa contaminación acústica e ambiental, pola degradación dos seus espazos naturais proximos, ...

Cidade	Poboación <sup>138</sup>
A Coruña	246.953
Ferrol	83.045
Santiago de Compostela	87.807
Lugo	83.242
Ourense	102.758
Pontevedra	71.491
Vigo	276.109
Total	951.404

Unha das consecuencias do deterioro dos espazos urbáns para os nenos das cidades é que estes tenden a permanecen máis tempo pechados nas súas casas, aíllándose dos demais nenos. Como consecuencia desta situación, os nenos abúrrense e conéctanse ó televisor como arma de distracción, moitas veces sen o control de ningún adulto. Deste xeito, o neno acaba por utilizar como referente dos seus xogos, non a outros nenos, senón ós personaxes da tv. ou a monecos que os seus pais lles mercan. O feito de que non manteñan contacto de relación persoal fóra das súas actividades lectivas con outros nenos fai que vaian perdendo, dalgún xeito, os elementos necesarios para a formación da súa personalidade e a súa socialización. A calidade da relación entre pares vai ser sempre máis enriquecedora que a mediática dos personaxes estereotipados que aparecen na pequena pantalla e que, froito da mercadotecnia, lles aparecen máis atractivos e próximos, e que gracias a toda unha parafernalia de accesorios que se desenvolve en torno a eles: camisetas, lápices, libretas, mochilas, xogos, etc. vainos transformar en consumistas compulsivos.

O consumo progresivo de xoguetes non marca a calidade do xogo, senón só o maior acceso que o neno vai tendo ó consumismo. Moitas veces, os xoguetes que se lles compran en determinadas épocas do ano, non son máis que o produto de demandas impulsivas e de hábitos tradicionais que agora se ven incentivados pola publicidade invasiva. Boa proba disto é que eses xoguete acaban ós poucos día, e a veces horas, na estantería ou no arcón do desuso, polo aburrimiento que provocan as súas escasas habilidades ou usos.

---

<sup>138</sup> Censo de 1991.

## Capítulo III

### 1.- Hitos sobre o recoñecemento dos dereitos dos nenos durante o século XX.

- 1900 Lei de 13 de marzo pola que se regula o traballo dos menores en España.
- 1903 Lei española na que se prohíbe mendigar ós nenos.
- 1904 1ª Lei sobre protección á infancia en España.
- 1918 1ª Lei sobre organización e atribucións dos tribunais para nenos españois, pola que os menores deixaran de ser enviados ós cárceres para cumprilas medidas xudiciais.
- 1948 Reais decretos sobre tribunais de menores e protección de menores españois, refundindo as reformas das primeiras lexislacións.
- 1948 O 10 de decembro celébrase a Asemblea Xeral de Nacións Unidas que aproba a Declaración Universal dos Dereitos Humanos. A educación considérase como un dereito básico de tódalas persoas.
- 1959 O 20 de novembro, a Asemblea Xeral de Nacións Unidas aproba a Declaración Universal dos Dereitos do Neno. A educación é considerada como un dereito de tódolos nenos.
- 1960-1966 A Unesco celebra catro conferencias rexionais sobre educación que contribúen a establecer metas para prazos concretos destinadas a facer-la educación obrigatoria e gratuita. As reunións celebráronse en Karachi (1960), Addis Abeba (1961), Santiago (1962) e Trípoli (1966).
- 1969 En xaneiro entra en servizo a Conferencia Internacional para a Eliminación de Tódalas Formas de Discriminación Racial, que proclama o dereito de todos á educación sen importa-la súa raza nin a súa orixe étnica.
- 1976 En xaneiro entra en vigor o Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais, que garante diversos dereitos a tódolos países asinantes.
- 1979 Establécese o Ano Internacional do Neno a fin de fortalecer os principios da Declaración Universal dos Dereitos do Neno, e para concienciar-lo mundo sobre as súas necesidades especiais.
- 1980 A educación non é aínda universal, pero duplicouse en África e triplicouse en América Latina. A escolaridade aínda non chegou a unha terceira parte dos nenos do Terceiro Mundo nin á doceava parte dos países industrializados, sendo que a meta proposta nas conferencias dos anos 60 era acadar-la plena escolarización mundial para este ano.

1981 Entra en vigor a Convención para a Eliminación de Tódalas Formas de Discriminación contra a Muller, que aboga por garantirlle á muller os mesmos dereitos que ó home.

Modificación do dereito de filiación en España: recoñecemento da tutela dos fillos a ámbolos dous pais; principio de igualdade de dereitos dos fillos lexítimos e ilexítimos.

1982 Iníciase a crise da débeda dos países subdesenvolvidos. Os bancos comerciais deixan de prestalles cartos para o seu desenvolvemento ó anunciar algúns deles as súas dificultades para poder facer fronte ós pagos. O FMI e o Banco Mundial emprenden o refinanciamento das débedas. Os servicios públicos son os máis afectados.

1985 A Terceira Conferencia Mundial sobre a Muller (julio, Nairobi) vai considerar á educación como a base para a mellora das condicións sociais e xurídicas da muller. Os gobernos tratarán de conseguirla eliminación dos estereotipos en materia de xénero que aparecen nos materiais pedagóxicos, e crear unha imaxe positiva da muller nos libros de texto.

1987 Lei 21/1987 polo que se modifican determinados aspectos legais en relación ó acollemento e á adopción de menores en España.

1989 O 20 de novembro, apróbase pola Asemblea Xeral de Nación Unidas o texto da Convención Internacional de Dereitos do Neno en Nova Iorque.

1990 Na Conferencia Mundial sobre Educación para Todos (Jomtien) preséntase un consenso mundial sobre a ampliación da educación básica.

En setembro, lévase a cabo a Cumbre Mundial a Favor da Infancia (Nova Iorque). 159 países acordan unha serie de metas, entre as que destaca o acceso universal á educación básica e a súa terminación polo menos no 80% dos nenos no ano 2000.

En decembro, apróbase pola Asemblea Xeral da ONU a Convención Internacional sobre a Protección dos Dereitos de Tódolos Traballadores Migrantes e das súas Familias. Esta aínda non entrou en vigor, pero nela declárase que tódolos fillos de traballadores migrantes ou temporais de calquera país teñen dereito á educación.

1990 Ratificación por España de la Convención Internacional dos Dereitos do Nino de 1989 da ONU.

1992 Modificación do procedemento dos Xulgados de menores para adaptarlo á Constitución española.

1993 Cumbre sobre a Educación E-9 (Nova Delhi). Os representantes dos 9 países máis poboados do planeta en desenvolvemento (Bangladesh, Brasil, China, Exipto, India, Indonesia, México, Nixeria e Pakistán), que representan a metade da poboación mundial, comprometéronse a acadar-la meta relativa a educación primaria para o 2000.

As Normas Uniformes sobre a Igualdade de Oportunidades para as Persoas con Discapacidade foron aprobadas pola Asemblea Xeral das Nacións Uni-

- das, nas que se declara que os Estados deben de recoñece-lo principio de igualdade de oportunidades a tódolos niveis, tanto de nenos como de xoves ou de adultos.
- 1994 Na Conferencia Mundial sobre Educación Especial (Salamanca), os participantes declararon que tódolos países deberían incorpora-las necesidades especiais en materia de educación no seu marco estratéxico de educación interna.
- Na Conferencia Internacional sobre Poboación e Desenvolvemento (O Cairo), os participantes propugnaron o acceso universal á educación primaria, técnica e non académica para o ano 2015, con especial relevancia na educación das nenas.
- 1995 No Cumio Mundial sobre o Desenvolvemento Social (Copenhague), os Estados participantes comprometéronse a promover e alcanza-lo acceso universal e equitativo á educación de calidade para axudar a erradica-la pobreza, promove-lo emprego e fomenta-la integración social, con especial interese na educación das nenas.
- A Cuarta Conferencia Mundial sobre a Muller (Beijing) abogou pola eliminación da discriminación en educación a tódolos niveis, o fomento dos sistemas sensibles ás cuestións de xénero e á promoción da igualdade da muller. A conferencia fixo fincapé nas importantes repercusións que ten a educación sobre as nenas.
- 1996 Lei de Protección Xurídica do Menor de España.
- 1996 Reunión para o exame dos progresos acadados á metade do Decenio do Foro Consultivo Internacional sobre a Educación para Todos (Ammán). A reunión estudia os progresos feitos cara ás metas para o ano 2000 establecidos pola Conferencia Mundial sobre Educación para todos.
- 1997 Conferencia Internacional contra o Tráballo Infantil (Oslo). Os gobernos participantes declararon que todo o traballo que interfira na educación do neno é inaceptable, e resolven crear programas axustados a un calendario preestablecido para conseguir unha educación universal de alta calidade e obrigatoria.

## 2.- As aportacións españolas á mellora das condicións socioeducativas dos nenos

Entre os pedagogos e persoeiros que se ocuparon activamente da educación e da protección da infancia española hai que destacar a:

**Antonio de Nebrija** (1444-1522) que nas súa obra *De liberis educandis* pon énfase en que a educación sexa un fomento das aptitudes naturais dos alumnos. Tamén indicou que os nenos non deberían traballar antes dos 5 anos e que deberían ser apartados da xente torpe e de malos costumes. O neno debería iniciar a súa educación xogando, forxando, así, o seu entendemento á par da súa vontade.

**Luis Vives** (1492-1540). A este autor valenciano calificouno Watson como o pai da psicoloxía moderna. Foi un firme defensor do método inductivo. Creía que a técnica que debería utilizalo mestre era aquela que levase ó alumno do coñecido ó descoñecido, do fácil ó difícil. Pensaba que o alumno debería ser autoactivo na súa educación. Escribiu unha obra sobre a educación da muller (*De institutione feminae christianae*) na que poñía en evidencia que estas tiñan as mesmas dotes que o home para o estudo e criticaba os prexuízos que a sociedade do seu tempo mantiña sobre elas, atribuíndolles o ser persoas frívolas e inclinadas ó luxo. O seu libro serviu de manual técnico para a educación da muller na primeira metade do século XVI.

**Ponce de León** (1520-1584). Foi o fundador da primeira escola dedicada a educación de xordomudos do mundo no mosteiro de S. Salvador de Oña (Burgos). Redactou un método para a educación dos xordomudos, co que puxo en evidencia a opinión extendida dende os tempos de Hipócrates e Aristóteles de que estes non podían ser ensinados. As fases do seu método eran: 1ª Escribi-los nomes; 2ª Aprende-la correspondencia entre o nome e o designado e 3ª Pronuncialas palabras sonoramente.

**Ignacio de Loiola** (1491-1556). O programa de formación ignaciano para a xuventude baseábase na instrución cristiá, a formación humanística e o adestramento para ocupar e desenvolver postos de responsabilidade na sociedade. Na súa obra *Ratio studiorum* postula o dereito á educación da persoa, a necesidade de formación continua do profesorado e o estudo da progresión dos métodos de ensino. Como método de traballo suxire a exercitación autónoma do alumno e secuenciación lóxica para as explicacións do profesor e o control dos rendementos obtidos polos alumnos. Divide o curriculum escolar en estudos inferiores e superiores. Para el, cada alumno é singular e ten as súas propias particularidades, polo que os mestres débense adaptar a cada un deles.

**José de Calasanz** (1556-1648). É coñecido como o apóstol da escola popular xa que foi o verdadeiro impulsor da educación primaria popular. Dedicou a súa vida á educación dos clases pobres e humildes. O seu ideal era o logra-la felicidade e a virtude a través do traballo e da fe. Introduciu por primeira vez a gradación por cursos na escola. As asignaturas que impartía nas súas Escolas Pías eran: a lectura, a aritmética, a lingua latina, a piedade e a doutrina cristiá. Foi un innovador en

canto ás instalacións escolares, nas que introduciu os ropeiros e as cantinas. Moitas das súas iniciativas foron posteriormente postas en marcha en Francia por Jean Baptiste de Lasalle, ó que hoxe se lle atribúen inxenuamente.

**Benito Xerónimo Feixoo** (1676-1764). Este frei beneditino ourensán foi un home ilustrado e coñecedor do saber filosófico e científico do seu tempo. Defendeu a razón como método de coñecemento, e buscou sempre a utilidade do ensino.

**Martín Sarmiento** (1695-1772). Discípulo de Feixoo, tratou como el de implata-la educación utilitaria que fixese progresar a España no terreo das industrias mecánicas e manufactureiras. Abogou pola disciplina suave na escola, desterrando o castigo corporal, do que pensaba que torcía a personalidade do neno.

**Gaspar Melchor de Jovellanos** (1744-1811). Influído polos ilustrados franceses escribiu a Memoria de la instrucción pública onde deixa patente a necesidade que tiña España dunha escola na que se dise instrucción pública, universal, sen patriotismos nin distincións de razas, e cívica, isto é, orientada ó cidadán como suxeito de dereitos e deberes. Foi o creador da primeira escola técnica española, a Escola de Náutica e Mineraloxía ou Instituto Asturiano

**Concepción Arenal Ponte** (1820-1893). Dedicou toda a súa vida ós problemas da beneficencia, a educación e a vida penitenciaria. Foi visitadora dos cárceres e publicista, a través da revista que ela mesma fundou coa cabeceira de La Voz de la Caridad e doutras moitas nas que publicou centos de artigos. No plano literario son reseñables as seguintes obras: Cartas a un obrero; Cartas a un señor; La mujer del porvenir; Cartas a un delincuente ou El visitador del pobre.

<p><b>Extremadura</b>  Dirección General de Protección e Inserción Social  Ctra. Circunvalación, s/n. Edificio Moreiras, s/n  06.800 - MÉRIDA (Badajoz)  Teléfono: 924/ 38-56-03 y  Teléfono del Menor: 900/ 50-03-31 (24 horas)</p>	<p><b>Galicia</b>  Dirección Xeral da Familia  Edificio Administrativo San Caetano, Bl. 3  15.771 - SANTIAGO DE COMPOSTELA (La Coruña)  Teléfono: 981/ 54-46-55</p>
<p><b>Madrid</b>  Instituto Madrileño del Menor y la Familia  C/ Orense, 11-9º  28.020 - MADRID  Teléfono: 91/ 580-36-14/15</p>	<p><b>Región de Murcia</b>  Instituto de Servicios de Región de Murcia (ISSORM)  Ctra. de Pueblo Nuevo, s/n  30.071 - MURCIA  Teléfono: 968/ 36-20-81/2</p>
<p><b>Navarra</b>  Instituto Navarro de Bienestar Social  C/ González Tablas, s/n  31.002 - PAMPLONA (Navarra)  Teléfono: 948/ 42-68-81</p>	<p><b>La Rioja</b>  Dirección General de Bienestar Social  C/ Villamedia, 17  26.071 - LOGROÑO (La Rioja)  Teléfono: 941/ 29-12-06</p>
<p><b>Comunidad Valenciana</b>  Dirección General de Servicios Sociales (Programa Familia, Infancia y Juventud)  C/ Colón, 80  46.003 - VALENCIA  Teléfono: 96/ 386-97-85</p>	<p><b>Gobierno Vasco</b>  Dirección General de Bienestar Social  C/ Duque de Wellington, 2  01.071 - VITORIA  Teléfono: 945/ 18-93-92</p>
<p><b>Diputación Foral de Álava</b>  Departamento de Bienestar Social  C/ General Álava, 10  01.071 - VITORIA  Teléfono: 945/ 23-30-00</p>	<p><b>Diputación Foral de Guipúzcoa</b>  Departamento de Servicios Sociales  Plaza de Guipúzcoa, s/n  20.071 - SAN SEBASTIÁN  Teléfono: 943/ 42-61-06</p>
<p><b>Diputación Foral de Vizcaya</b>  Dirección General de Gestión y Planificación de Servicios Sociales  C/ Gran Vía, 26  48.071 - BILBAO  Teléfono: 94/ 420-73-34</p>	

#### Asociaciones federadas para la prevención del maltrato infantil

<p><b>Federación de Asociaciones para la Prevención del Maltrato Infantil (FAPMI)</b>  Domicilio social: C/ Delicias, 8, entreplanta  28.045 - MADRID  Teléfono y Fax: 91/ 468-26-62</p>	<p><b>Associació Catalana per la Infancia Maltratada (ACIM)</b>  Domicilio social: Passeig de Gràcia, 78-2n-2º A  08.080 - BARCELONA  Teléfono y Fax: 93/ 215-11-32</p>
--	---

<p><b>Asociación Madrileña para la Prevención de los Malos Tratos a la Infancia</b> C/ Delicias, 8, entreplanta 28.045 - MADRID Teléfono y Fax: 91/ 530-88-26</p>	<p><b>Asociación Vasca para la Ayuda a la Infancia Maltratada (AVAIM)</b> <b>En Guipúzcoa:</b> Domicilio social: Paseo de Francia, 22, bajo 20.012 - SAN SEBASTIÁN Teléfono y Fax: 943/ 29-07-42</p>
<p><b>En Álava:</b> C/ Heraclio Fournier, 28, bajo 01.006 - VITORIA - GASTEIZ Teléfono; 945/ 23-47-37 Fax: 945/ 13-16-61</p>	<p><b>Asociación Andaluza para la Defensa de la Infancia y Prevención de los Malos Tratos (ADIMA)</b> Domicilio social: C/ Trastamara, 33, 1º dcha. 41.001 - SEVILLA Teléfono y Fax: 95/ 421-11-55</p>
<p><b>Asociación Murciana de Apoyo a la Infancia (AMAIM)</b> Domicilio social: C/ Puerta Nueva, 22, entresuelo, puerta 5 30.008 - MURCIA Teléfono: 968/ 20-11-87</p>	<p><b>Asociación para la Defensa del Menor (ADEME)</b> Domicilio social: C/ Seis de Junio, 37, 1º A 13.300 - VALDEPEÑAS (Ciudad Real) Teléfono: 926/ 32-37-58</p>
<p><b>Asociación Valenciana para la Promoción de los Derechos del Niño y la Prevención del Maltrato Infantil (APREMI)</b> C/ Reina Doña María, 5 46.006 - VALENCIA Teléfono: 96/ 395-31-55</p>	<p><b>Asociación Castellano-Leonesa para la defensa de la Infancia y la Juventud (REA)</b> Domicilio social: C/ Antonio Lorenzo Hurtado, 5 (Edif. Cruz Roja) 47.014 - VALLADOLID</p>

### Outras direccions de interese

ACNUR (Alto Comisionado de las Naciones Unidas para los Refugiados)  
C/ Gravina, 13-1º izqda. 28004 MADRID  
Tfnos. 91.523.37.44 e 91.523.18.66. Fax. 91.523.38.64

CENTRO DE ESTUDIOS DEL MENOR.  
Dirección General de Protección Jurídica del Menor.  
Ministerio de Asuntos Sociales.  
Condesa de Venadito 34.28027 Madrid.  
Tel. (91) 347 81 70 / 347 81 69. Fax (91) 347 81 36

CENTRE D'ESTUDIS JURÍDICS I FORMACIÓ ESPECIALITZADA  
Generalitat de Catalunya.  
Roger de Flor 196. 08013 Barcelona.  
Tel. (93) 207 31 14. Fax (93) 207 67 47.

**CENTRE DE FORMATION ET D'ÉTUDES DE LA PROTECTION JUDICIALE DE LA JEUNEUSSE.**

54, rue de Garcher. 92420 Vaucresson. Francia.  
Tel. 33 1 47 01 09

**CHILDREN AT RISK.**

The Norwegian Centre For Child Research.  
The University of Trondheim.  
N-7055 Dragvoll (Trondheim). Noruega.  
Tel. 477 59 62 40. Fax 477 59 62 39.

**CHILD WELFARE LEAGUE OF AMERICA (CWLA)**

440 First Street N.W. Suite 310. Washington DC 2001. U.S.A.  
Tel. 202 63 82 29 52.

**CENTRO INTERNACIONAL PARA EL DESARROLLO DEL NIÑO**

Spedale degli Innocenti.  
Piazza SS. Anunziata 12. 50122 Florencia. Italia.  
Tel. 39 55 23 45 258. Fax 39 55 24 48 17.

**COMISIÓN ESPAÑOLA DE LA UNESCO**

Paseo de Juan XXIII, 5. 28040 MADRID

**COORDENADORA GALEGA DE ONGs**

Apdo. 628. SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tfno. 981.57.54.44

**DEFENSA DE NIÑOS Y NIÑAS INTERNACIONAL (DNI).**

(Base de datos sobre los Derechos de los niños/as).  
C. Postale 88. CH 1211 Genève 20. Suiza  
Tel. 41 22 734 05 58. Fax 41 22 740 11 45.

**DEUTSCHES JUGENDINSTITUT (DJI)**

Freibadstrassen 30. D-8000 München 90. Alemania.  
Tel. 49 8 962 306 254. Fax 49 8 962 306 162.

**EDUCADORES POLA PAZ-NOVA ESCOLA GALEGA**

Apdo. 577.36080 VIGO.  
Rúa Betanzos, 1-1º. 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A Coruña)  
Tfno./Fax: 981.56.25.77  
Correo electrónico: neg @ iaga.com

**ESCOLAS ASOCIADAS Á UNESCO**

Coordenadora: Flora Fondevila  
R/ Bernardino Fondevila, s/n. 36002 PONTEVEDRA

**EUROPEAN CENTRE FOR SOCIAL WELFARE POLICY AND RESEARCH.**

Berggasse 17. 1090 Viena. Austria.  
Tel. 43 1 314 505. Fax 43 1 314 519.

EUROPEAN SCIENTIFIC ASSOCIATION FOR RESIDENTIAL AND FOSTER CARE FOR CHILDREN AND ADOLESCENT (EUSARF).

Vesaliusstraat, 2. B-3000 Leuven. Bélgica.

Tel. 32 16 28 62 36. Fax 32 16 28 62 00.

INSTITUTO GALEGO DE ANALISE E DOCUMENTACIÓN INTERNACIONAL (IGADI)

Avda. Joselín, 7. 36300 BAIONA (Pontevedra).

Tfno./Fax: 986.35.72.38

E-mail: igadi @ arrakis.es

INSTITUTO INTERAMERICANO DEL NIÑO (IIN).

Avda. 8 de octubre 2904. 11600 Montevideo. Uruguay.

Tel. 598 2 47 21 50. Fax 598 2 47 32 42.

INSTITUTE FOR THE PREVENTION OF CHILD ABUSE

L'Institut pour la Prévention de l'Enfance Maltraitée.

25 Spadina Road. Toronto. Ontario M5R 2S9. Canadá.

Tel. 416 921 3151. Fax 416 921 4997.

INSTITUTO DEGLI INNOCENTI.

(Documentación histórica sobre atención asistencial a la infancia).

Spedale degli Innocenti.

Piazza SS. Annunziata 12. 50122 Florencia. Italia.

INTERNATIONAL MAGAZINE OF CHILDREN'S RIGHTS.

(c/o Philip Veerman).

Universidad de Jerusalem. P.O. Box 8028. Jerusalem. Israel.

Fax 972 2 290774 (Write: for n. 7475).

NATIONAL CHILDREN'S BUREAU

8 Wakly Street. London EC1V7QE. Reino Unido.

Tel. 44 71 27 894 41. Fax 44 71 27 895 12.

RÄDDA BARNEN.

(Fundación Save the Children)

Tegeluddsvägen 31. Box 27320, S-120 54 Stockholm. Suecia.

Tel. 46 8 665 01 00. Fax 48 8 661 53 26 / 661 42 91.

RESEARCH INSTITUTE FOR CHILHOOD

V.I. Lenin Soviet Children's Fund.

Academy of Pedagoga Science. Granovsky street, 2, block 1. 103009 Moscow.

C.E.I.



## **ANEXO LEXISLATIVO**

### **Instrumento de Ratificación da Convención sobre os Dereitos do Neno adoptada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989.**

Juan Carlos I Rei de España

Por canto o día 26 de xaneiro de 1990, o Plenipotenciario de España, nomeado en boa e debida forma ó efecto, asinou en Nova Iorque a Convención sobre os Dereitos do Neno, adoptada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989,

Visto e examinados o Preámbulo e os cincuenta e catro artigos de dita Convención.

Concedida polas Cortes Xerais a autorización prevista no artigo 94.1 da Constitución.

Veño a aprobar e ratificar canto nela se dispón, como en virtude do presente o aprobo e ratifico, prometendo cumprila, observala e facer que se cumpra e observe puntualmente en tódalas súas partes, para este fin, para a súa maior validación e firmeza Mando expedir este Instrumento de Ratificación asinado por Mín, debidamente selado e refrendado polo infrascrito Ministro de Asuntos Exteriores coas seguintes declaracións:

"1. Con respecto ó párrafo d) do artigo 21 da Convención, España entende que da interpretación do mesmo nunca poderán deducirse beneficios financeiros distintos daqueles que fosen precisos para cubri-los gastos estritamente necesarios que poidan derivarse da adopción no suposto de nenos e nenas que residan noutro país.

2. España, desexando facerse solidaria con aqueles Estados e organizacións humanitarias que manifestaron a súa disconformidade co contido dos párrafos 2 e 3 do artigo 38 da Convención, quere expresar asimesmo a súa disconformidade co límite de idade fixado neles e manifestar que o mesmo lle parece insuficiente, ó permiti-lo recrutamento e participación en conflitos armados de nenos e nenas a partir dos quince anos.

### **Convención sobre os dereitos do neno**

#### **Preámbulo**

Os Estados Partes na presente Convención,

Considerando que, de conformidade cos principios proclamados na Carta das Nacións Unidas, a liberdade, a xustiza e a paz no mundo baséanse no recoñecemento da dignidade intrínseca e dos dereitos iguais e inalienais de tódolos membros da familia humana,

Tendo presente que os pobos das Nacións Unidas reafirmaron na Carta a súa fe nos dereitos fundamentais do home e na dignidade e o valor da persoa humana, e que decidiron promove-lo progreso social e eleva-lo nivel de vida dentro dun concepto mais amplo da liberdade,

Recoñecendo que as Nacións Unidas proclamaron e acordaron na Declaración Universal dos Dereitos Humanos e nos pactos internacionais de dereitos humanos, que toda persoa ten tódolos dereitos e liberdades enunciados neles, sen distinción algunha, por motivos de raza, color, sexo, idioma, relixión, opinión política ou posición económica, nacemento ou calquera outra condición,

Lembrando que na Declaración Universal dos Dereitos Humanos as Nacións Unidas proclamaron que a infancia ten dereito a coidados e asistencia especiais,

Convencidos de que a familia, como grupo fundamental da sociedade e medio natural para o crecemento e o benestar de tódolos seus membros, e en particular dos nenos, debe recibir a protección e asistencia necesarias para poder asumir plenamente as súas responsabilidades dentro da comunidade,

Recoñecendo que o neno, para o pleno e harmonioso desenvolvemento da súa personalidade, debe crecer no seo da familia, nun ambiente de felicidade, amor e comprensión.

Considerando que o neno debe estar plenamente preparado para unha vida independente en sociedade e ser educado no espírito dos ideais proclamados na Carta das Nacións Unidas e, en particular, nun espírito de paz, dignidade, tolerancia, liberdade, igualdade e solidariedade.

Tendo presente que a necesidade de proporcionar ó neno unha protección especial foi enunciada na Declaración de Xenebra de 1924 sobre os Dereitos do Neno adoptada pola Asemblea Xeral o 20 de novembro de 1959, e recoñecida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos, no Pacto Internacional de Dereitos Cívicos e Políticos (en particular, nos artigos 23 e 24), no Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais (en particular, no artigo 10) e nos estatutos e instrumentos pertinentes dos organismos especializados e das organizacións internacionais que se interesan no benestar do neno,

Tendo presente que, como se indica na Declaración dos Dereitos do Neno, “o neno, pola súa falta de madurez física e mental, necesita protección e coidado especiais, incluso a debida protección legal, tanto antes como despois do nacemento”,

Lembrando o disposto na Declaración sobre os principios sociais e xurídicos relativos á protección e o benestar dos nenos, con particular referencia á adopción e a colocación en fogares de garda, nos planos nacional e internacional; as Regras mínimas das Nacións Unidas para a administración da xustiza de menores (Regras de Beijing); e a Declaración sobre a protección da muller e o neno en estados de emerxencia ou de conflito armado,

Recoñecendo que en tódolos países do mundo hai nenos que viven en condicións excepcionalmente difíciles e que eses nenos necesitan especial consideración.

Tendo debidamente en conta a importancia das tradicións e os valores culturais de cada pobo para a protección e o desenvolvemento harmonioso do neno,

Recoñecendo a importancia da cooperación internacional para o melloramento das condicións de vida dos nenos en tódolos países, en particular nos países en desenvolvemento,

Conviñeron no seguinte:

## **PARTE I**

### **Artigo 1.º**

Para os efectos da presente Convención, enténdese por neno todo ser humano menor de dazaioito anos de idade, agás que, en virtude da lei, que lle sexa aplicable, alcanzase antes a maioría de idade.

### **Artigo 2.º**

1. Os Estados Partes respetarán os dereitos enunciados na presente Convención e asegurarán a súa aplicación a cada neno suxeito á súa xurisdicción, sen distinción algunha, independentemente da raza, a cor, o sexo, o idioma, a relixión, a opinión política ou doutra índole, a orixe nacional, étnica ou social, a posición económica, os impedimentos físicos, o nacemento ou calquer outra condición do neno, dos seus pais ou dos seus representantes legais.



2. Os Estados Partes tomarán as medidas apropiadas para garantir que o neno se vexa protexido contra toda forma de discriminación ou castigo por causa da condición, as actividades, as opinións expresadas ou as crenzas dos seus pais, ou seus titores ou dos seus familiares.

#### **Artigo 3.º**

En tódalas medidas concernentes ós nenos que tomen as institucións públicas ou privadas de benestar social, os tribunais, as autoridades administrativas ou os órganos lexislativos, unha consideración primordial a que se atenderá será o interese superior do neno.

Os Estados Partes comprométense a asegurar ó neno a protección e o coidado que sexan necesarios para o seu benestar, tendo en conta os dereitos e deberes dos seus pais, titores ou outras persoas responsables del ante a lei e, con ese fin, tomarán tódalas medidas lexislativas e administrativas axeitadas.

Os Estados Partes aseguraranse de que as institucións, servicios e establecementos encargados do coidado ou a protección dos nenos cumpran as normas establecidas polas autoridades competentes, especialmente en materia de seguridade, sanidade, número e competencia do seu persoal, así como en relación coa existencia dunha supervisión axeitada.

#### **Artigo 4.º**

Os Estados Partes adoptarán tódalas medidas administrativas, lexislativas e doutra índole para dar efectividade ós dereitos recoñecidos na presente Convención. No que respecta ós dereitos económicos, sociais e culturais, os Estados partes adoptarán esas medidas ata o máximo dos recursos de que dispoñan e, cando sexa necesario, dentro do marco da cooperación internacional.

#### **Artigo 5.º**

Os Estados Partes respetarán as responsabilidades, os dereitos e os deberes dos pais ou, no seu caso, dos membros da familia ampliada ou da comunidade, segundo o estableza o costume local, dos titores ou outras persoas encargadas legalmente do neno de impartirlle, en consonancia coa evolución das súas facultades, dirección e orientación apropiadas para que o neno exerza os dereitos recoñecidos na presente Convención.

#### **Artigo 6.º**

1. Os Estados Partes recoñecen que todo neno ten o dereito intrínseco á vida.
2. Os Estados Partes garantirán na máxima medida posible a supervivencia e o desenvolvemento do neno.

#### **Artigo 7.º**

1. O neno será inscrito inmediatamente despois do seu nacemento e terá dereito dende que nace a un nome, a adquirir unha nacionalidade e, na medida do posible, a coñecer-los seus pais e a ser coidado por eles.
2. Os Estados Partes velarán pola aplicación destes dereitos de conformidade coa súa lexislación nacional e as obrigacións que contraesen en virtude dos instrumentos internacionais pertinentes nesta esfera, sobre todo cando o neno resultara doutro modo apátrida.

#### **Artigo 8.º**

1. Os Estados Partes comprométense a respecta-lo dereito do neno a preservar-la súa identidade, incluídos a nacionalidade, o nome e as relacións familiares de conformidade coa lei sen enxerencias ilícitas.

2. Cando un neno sexa privado ilegalmente dalgúns dos elementos da súa identidade ou de todos eles, os Estados Partes deberán presta-la asistencia e protección apropiadas con miras a restablecer rapidamente a súa identidade.

#### **Artigo 9.º**

1. Os Estados Partes velarán porque o neno non sexa separado dos seus pais contra a vontade destes, excepto cando, a reserva de revisión xudicial, as autoridades competentes determinen, de conformidade coa lei e os procedementos aplicables, que tal separación é necesaria no interese superior do neno. Tal determinación pode ser necesaria en casos particulares, por exemplo, nos casos en que o neno sexa obxecto de maltrato ou descuido por parte dos seus pais ou cando éstos vivan separados e debe adoptarse unha decisión acerca do lugar de residencia do neno.

2. En calquera procedemento entablado de conformidade co párrafo 1 do presente artigo, ofrecerase a tódalas partes interesadas a oportunidade de participar nel e de dar a coñecer as súas opinións.

3. Os estados Partes respetarán o dereito do neno que está separado dun de ámbolos dous pais a manter relacións persoais e contacto directo con ámbolos dous pais de modo regular, agás si elo é contrario ó interese superior do neno.

4. Cando esa separación sexa resultado dunha medida adoptada por un estado Parte, como a detención, o encarceramento, o exilio, a deportación ou a morte (incluído o falecemento debido a calquera causa mentras a persoa esté baixo a custodia do Estado) dun dos pais do neno, ou de ámbolos dous, ou do neno, o Estado Parte proporcionará canto se lle pida, ós pais, ó neno ou, se procede, a outro familiar, información básica acerca do paradiro do familiar ou familiares ausentes, a non ser que elo resultase perxudicial para o benestar do neno. Os Estados Partes cercioraranse, ademais, de que a presentación da petición non entrane por si mesma consecuencias desfavorables para a persoa ou persoas interesadas.

#### **Artigo 10.º**

1. De conformidade coa obrigación que incumbe ós Estados Partes a tenor do disposto no párrafo 1 do artigo 9, toda solicitude feita por un neno ou polos seus pais para entrar nun Estado Parte ou saír del ós efectos da reunión da familia será atendida polos Estados Partes de maneira positiva, humanitaria e expeditiva. Os Estados Partes garantirán ademais, que a presentación de tal petición non traerá consecuencias desfavorables para os peticionarios nin para os seus familiares.

2. O neno cos pais residentes en Estados diferentes terá dereito a manter periódicamente, agás en circunstancias excepcionais, relacións persoais e contactos directos con ámbolos dous pais. Con tal fin, e de conformidade coa obriga asumida polos Estados Partes en virtude do párrafo 1 do artigo 9, os Estados Partes respetarán o dereito do neno e dos seus pais a saír de calquer país, incluído o propio, e de entrar no seu propio país. O dereito de saír de calquer país estará suxeito só ás restriccións estipuladas por lei e que sexan necesarias para protexe-la seguridade nacional, o orden público, a saúde ou a moral públicas ou os dereitos e liberdades doutras persoas e que estén en consonancia cos demais dereitos recoñecidos pola presente Convención.

#### **Artigo 11.º**

1. Os Estados Partes adoptarán medidas para loitar contra os traslados ilícitos de nenos ó estranxeiro e a retención ilícita de nenos no estranxeiro.

2. Para este fin, os Estados Partes promoverán a concertación de acordos bilaterais ou multilaterais ou a adhesión a acordos existentes.

#### **Artigo 12.º**

1. Os Estados Partes garantirán ó neno, que esté en condicións de formarse un xuízo propio, o dereito de expresa-la súa opinión libremente en tódolos asuntos que afectan ó neno, téndose debidamente en conta as opinións do neno, en función da idade e madureza do neno.

2. Con tal fin, darase en particular ó neno oportunidade de ser escoitado en todo procedemento xudicial ou administrativo que afecte ó neno, xa sexa directamente ou por medio dun representante ou dun órgano apropiado, en consonancia coas normas de procedemento da lei nacional.

#### **Artigo 13.º**

1. O neno terá dereito á liberdade de expresión; ese dereito incluírá a liberdade de buscar, recibir e difundir informacións e ideas de todo tipo, sen consideración de fronteiras, xa sexa oralmente, por escrito ou impresas, en forma artística ou por calquera outro medio elixido polo neno.

2. O exercicio de tal dereito poderá estar suxeito a certas restriccións, que serán unicamente as que a lei prevea e sexan necesarias:

Para o respecto dos dereitos ou a reputación dos demais; ou

Para a protección da seguridade nacional ou a orde pública ou para protexe-la saúde ou a moral públicas.

#### **Artigo 14.º**

1. Os Estados Partes respetarán o dereito do neno ou a liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión.

2. Os Estados Partes respetarán os dereitos, e deberes dos pais e, no seu caso, dos representantes legais, de guiar ó neno no exercicio do seu dereito de modo conforme á evolución das súas facultades.

3. A liberdade de profesa-la propia relixión ou as propias crenzas estará suxeita unicamente ás limitacións prescritas pola seguridade, a orde, a moral ou a saúde públicas ós dereitos e liberdades fundamentais dos demais.

#### **Artigo 15.º**

1. Os Estados Partes recoñecen os dereitos do neno á liberdade de asociación e á liberdade de celebrar reunións pacíficas.

2. Non se imporán restriccións ó exercicio destes dereitos distintas das establecidas de conformidade coa lei e que sexan necesarias nunha sociedade democrática, en interese da seguridade nacional ou pública, o orden público, a protección da saúde e a moral públicas ou a protección dos dereitos e liberdades dos demais.

#### **Artigo 16.º**

1. Ningún neno será obxecto de inxerencias arbitrarias ou ilegais na súa vida privada, a súa familia, o seu domicilio ou a súa correspondencia, nin de ataques ilegais a súa honra e a súa reputación.

2. O neno ten dereito á protección da lei contra esas inxerencias ou ataques.

**Artigo 17.º**

Os Estados Partes recoñecen a importancia da función que desempeñan os medios de comunicación e velarán por que o neno teña acceso á información e material procedentes de diversas fontes nacionais e internacionais, en especial a información e o material que teñan por finalidade promove-lo seu benestar social, espiritual e moral a súa saúde física e mental. Con tal obxecto, os Estados Partes:

- a) Alentarán ós medios de comunicación a difundir información e materiais de interese social e cultural para o neno, de conformidade co espírito do artigo 29;
- b) Promoverán a cooperación internacional na produción, o intercambio e a difusión desa información e eses materiais procedentes de diversas fontes culturais, nacionais e internacionais.

Alentarán a produción e difusión de libros para nenos;

Alentarán ós medios de comunicación a que teñan particularmente en conta as necesidades lingüísticas do neno pertencente a un grupo minoritario ou que sexa indíxena;

- e) Promoverán a elaboración de directrices apropiadas para protexer ó neno contra toda información e material perxudicial para o seu benestar, tendo en conta as disposicións dos artigos 13 e 18.

**Artigo 18.º**

1. Os Estados Partes poñerán o máximo empeño en garanti-lo recoñecemento do principio de que ámbolos dous pais teñen obrigas comúns no que respecta á crianza e o desenvolvemento do neno. Incumbirá ós pais ou, no seu caso, ós representantes legais a responsabilidade primordial da crianza e o desenvolvemento do neno. A súa preocupación fundamental será o interese superior do neno.

2. Ós efectos de garantir e promove-los dereitos enunciados na presente Convención, os Estados Partes prestarán a asistencia apropiada ós pais e ós representantes legais para o desempeño das súas funcións no que respecta á crianza do neno e velarán pola creación de institucións, instalacións e servicios para o coidado dos nenos.

3. Os Estados Partes adoptarán tódalas medidas apropiadas para que os nenos con pais traballadores teñan dereito a beneficiarse dos servicios e instalacións de garda de nenos para os que reúnan as condicións requiridas.

**Artigo 19.º**

1. Os Estados Partes adoptarán tódalas medidas legislativas administrativas, sociais e educativas apropiadas para protexer ó neno contra toda forma de perxuicio ou abuso físico ou mental, descuido ou trato negligente, malos tratos ou explotación, incluído o abuso sexual, mentres o neno se atope baixo a custodia dos pais, dun representante legal ou de calquera outra persoa que o teña o seu cargo.

2. Esas medidas de protección deberían comprender, segundo corresponda, procedementos eficaces para o establecemento de programas sociais co obxecto de promociona-la asistencia necesaria ó neno e a quen coida del, así como para outras formas de prevención e para a identificación, notificación, remisión a unha institución, investigación, tratamento e observación ulterior dos casos antes descritos de malos tratos ó neno e, segundo corresponda, a intervención xudicial.

**Artigo 20.º**

1. Os nenos temporal ou permanentemente privados do seu medio familiar, ou nos que o superior interese esixa que non permanezcan nese medio, terán dereito á protección e asistencia especiais do Estado.
2. Os Estados Partes garantirán, de conformidade coas súas leis nacionais, outros tipos de coidado para eses nenos.
3. Entre eses coidados figurarán, entre outras cousas, a colocación en fogares de garda, a kafala do dereito islámico, a adopción, ou de ser necesario a colocación en institucións adecuadas de protección de menores. Ó considera-las solucións, prestarase particular atención á convención de que haxa continuidade na educación do neno e a súa orixe étnica, relixiosa, cultural e lingüística.

**Artigo 21.º**

Os Estados Partes que recoñecen e permiten o sistema de adopción coidarán de que o interese superior do neno sexa a consideración primordial e:

- a) Velarán por que a adopción do neno só sexa autorizada polas autoridades competentes, as que determinarán, con arreglo ás leis e ós procedementos aplicables e sobre a base de toda a información pertinente e fidedigna, que a adopción é admisible en vista da situación xurídica do neno en relación cos seus pais, parentes e representantes legais e que, cando así se requira, as persoas interesadas desen con coñecemento de causa o seu consentemento á adopción sobre a base do asesoramento que poida ser necesario;
- b) Recoñecerán que a adopción noutro país pode ser considerada como outro medio de coidar do neno, no caso de que éste non poida ser colocado nun fogar de garda ou entregado a unha familia adoptiva ou non poida ser atendido de maneira adecuada no país de orixe;
- c) Velarán por que o neno que teña que ser adoptado noutro país goce de salvagardas e normas equivalentes ás existentes respecto da adopción no país de orixen;
- d) Adoptarán tódalas medidas apropiadas para garantir que, no caso de adopción noutro país, a colocación non dé lugar a beneficios financeiros indebidos para quen participa nela;
- e) Promoverán, cando corresponda, os obxectivos do presente artigo mediante a concertación de arranxos ou acordos bilaterais ou multilaterais e esforzaranse, dentro deste marco, por garantir que a colocación do neno noutro país se efectúe por medio das autoridades ou organismos competentes.

**Artigo 22.º**

Os Estados Partes adoptarán medidas adecuadas para lograr que o neno que trate de obter estatuto de refuxiado ou que sexa considerado refuxiado de conformidade co dereito e os procedementos internacionais ou internos aplicables reciba, tanto si está só como si está acompañado dos seus pais ou de calquera outra persoa, a protección e a asistencia humanitaria adecuadas para o disfrute dos dereitos pertinentes enunciados na presente Convención e noutros instrumentos internacionais de dereitos humanos ou de carácter humanitario en que ditos Estados sexan partes.

A tal efecto, os Estados Partes cooperarán, na forma que estimen apropiada, en tódolos esforzos das Nacións Unidas e demais organizacións intergubernamentais competentes ou organizacións non gubernamentais que cooperen coas Nacións Unidas por protexer e axudar a todo neno refuxiado e localizar ós seus pais ou a outros membros da súa familia, a

fin de obter a información necesaria para que se reúna coa súa familia. Nos casos en que non se poida localizar a ningún dos pais ou membros da familia, concederáse ó neno a mesma protección que a calquer outro neno privado permanente ou temporalmente do seu medio familiar, por calquer motivo, como se dispón na presente Convención.

### **Artigo 23.º**

1. Os Estados Partes recoñecen que o neno mental ou fisicamente impedido deberá disfrutar dunha vida plena e decente en condicións que aseguren a súa dignidade, o permitan chegar a bastarse a sí mesmo e faciliten a participación activa do neno na comunidade.

Os Estados Partes recoñecen o dereito do neno impedido a recibir coidados especiais e alentarán e asegurarán, con suxeción ós recursos dispoñibles, a prestación ó neno, que reúna as condicións requiridas e ós responsables do seu coidado, da asistencia que se solicite e que sexa adecuada ó estado do neno e ás circunstancias dos seus pais ou doutras persoas que coiden del.

En atención ás necesidades especiais do neno impedido, a asistencia que se preste conforme ó párrafo 2 do presente artigo será gratuita sempre que sexa posible, habida conta da situación económica dos pais ou das outras persoas que coiden do neno, e estará destinada a asegurar que o neno impedido teña un acceso efectivo á educación, a capacitación, os servizos sanitarios, os servizos de rehabilitación, a preparación para o emprego e as oportunidades de esparcemento e reciba tales servizos co obxecto de que o neno logre a integración social e o desenvolvemento individual, incluído o seu desenvolvemento cultural e espiritual, na máxima medida posible.

Os Estados Partes promoverán, con espírito de cooperación internacional, o intercambio de información adecuada na esfera da atención sanitaria preventiva e do tratamento médico psicolóxico e funcional dos nenos impedidos, incluída a difusión de información sobre os métodos de rehabilitación e os servizos de ensino e formación profesional, así como o acceso a esa información a fin de que os Estados Partes poidan mellora-la súa capacidade e coñecementos e amplía-la súa experiencia nestas esferas. A este respecto, teranse especialmente en conta as necesidades dos países en desenvolvemento.

### **Artigo 24.º**

1. Os Estados Partes recoñecen o dereito do neno ó disfrute do máis alto nivel posible de saúde e a servizos para o tratamento das enfermidades e a rehabilitación da saúde. Os Estados Partes esforzaránse por asegurar que ningún neno sexa privado do seu dereito ó disfrute deses servizos sanitarios.

2. Os Estados Partes asegurarán a plena aplicación deste dereito e, en particular, adoptarán as medidas apropiadas para:

- a) Reduci-la mortalidade infantil e na nenez;
- b) Asegura-la prestación da asistencia médica e a atención sanitaria que sexan necesarias a tódolos nenos, facendo fincapé no desenvolvemento da atención primaria de saúde;
- c) Combati-las enfermidades e a malnutrición no marco da atención primaria da saúde mediante, entre outras cousas, a aplicación da tecnoloxía dispoñible e o suministro de alimentos nutritivos adecuados e auga potable salubre, tendo en conta os poerigos e riscos de contaminación do medio ambiente;
- d) Asegurar atención sanitaria prenatal e postnatal apropiada ás nais;
- e) Asegurar que tódolos sectores da sociedade, e en particular os pais e os nenos, coñezan os principios básicos da saúde e a nutrición dos nenos, as ventaxas da lactancia materna, a

hixiene e o saneamento ambiental e as medidas de prevención de accidentes, teñan acceso á educación pertinente e reciban apoio na aplicación deses coñecementos.

f) Desenvolve-la atención sanitaria preventiva, a orientación ós pais e a educación e servizos en materia de planificación da familia.

3. Os Estados Partes adoptarán tódalas medidas eficaces e apropiadas posibles para abolir as prácticas tradicionais que sexan perxudiciais para a saúde dos nenos.

4. Os Estados Partes comprométese a promover e alenta-la cooperación internacional con miras a lograr progresivamente a plena realización do dereito recoñecido no presente artigo. A este respecto, teranse plenamente en conta as necesidades dos países en desenvolvemento.

#### **Artigo 25.º**

Os Estados Partes recoñecen o dereito do neno que fose internado nun establecemento polas autoridades competentes para os fins de atención, protección ou tratamento da súa saúde física ou mental a un exame periódico do tratamento a que esté sometido e de tódalas demais circunstancias propias do seu internamento.

#### **Artigo 26.º**

1. Os Estados Partes recoñecerán a tódolos nenos o dereito a beneficiarse da Seguridade Social, incluso do Seguro Social, e adoptarán as medidas necesarias para logra-la plena realización deste dereito de conformidade coa súa lexislación nacional.

2. As prestacións deberían concederse, cando corresponda, tendo en conta os recursos e a situación do neno e das persoas que sexan responsables do mantemento do neno, así como calquera outra consideración pertinente a unha solicitude de prestacións feita polo neno ou no seu nome.

#### **Artigo 27.º**

1. Os Estados Partes recoñecen o dereito de todo neno a un nivel de vida adecuado para o seu desenvolvemento físico, mental, espiritual, moral e social.

2. Ós pais e outras persoas encargadas do neno lles incumbe a responsabilidade primordial de proporcionar, dentro das súas posibilidades e medios económicos, as condicións de vida que sexan necesarias para o desenvolvemento do neno.

3. Os Estados Partes, de acordo coas condicións nacionais e con arreglo os seus medios, adoptarán medidas apropiadas para axudar ós pais e a outras persoas responsables polo neno a dar efectividade a este dereito e, en caso necesario, proporcionarán asistencia material e programas de apoio, particularmente con respecto á nutrición, ó vestiario e á vivenda.

4. Os Estados Partes tomarán tódalas medidas apropiadas para asegura-lo pago da pensión alimenticia por parte dos pais ou outras persoas que teñan a responsabilidade financeira polo neno, tanto se viven no Estado Parte coma si viven no extranxeiro. En particular, cando a persoa que teña a responsabilidade financeira polo neno resida nun Estado diferente de aquel no que resida o neno, os Estados Partes promoverán a adhesión ós convenios internacionais ou a concertación de ditos convenios, así como a concertación de calesqueira outros arranxos apropiados.

#### **Artigo 28.º**

1. Os Estados Partes recoñecen o dereito do neno á educación e, a fin de que se poida exercer progresivamente e en condicións de igualdade de oportunidades ese dereito, deberán en particular:

- a) Implanta-lo ensino primario obrigatorio e gratuito para todos.
  - b) Fomenta-lo desenvolvemento, nas súas distintas formas, do ensino secundario, incluído o ensino xeral e profesional, facer que tódolos nenos dispoñan dela e teñan acceso a ela e adoptar medidas apropiadas tales como a implantación da ensino gratuito e a concesión de asistencia financeira en caso de necesidade.
  - c) Face-lo ensino superior accesible a todos, sobre a base da capacidade, por cantos medios sexan apropiados;
  - d) Facer que tódolos nenos dispoñan de información e orientación en cuestións educacionais e profesionais e teñan acceso a elas;
  - e) Adoptar medidas para fomenta-la asistencia regular ás escolas e reduci-las taxas de deserción escolar.
2. Os Estados Partes adoptarán cantas medidas sexan adecuadas para velar porque a disciplina escolar se administre de modo compatible coa dignidade humana do neno e de conformidade coa presente Convención.
3. Os Estados Partes fomentarán e alentarán a cooperación internacional en cuestións de educación, en particular a fin de contribuir a elimina-la ignorancia e o analfabetismo en todo o mundo e de facilita-lo acceso ós coñecementos técnicos e ós métodos modernos de ensino. A este respecto, teranse especialmente en conta as necesidades dos países en desenvolvemento.

#### **Artigo 29.º**

1. Os Estados Partes conveñen en que a educación do neno deberá estar encamiñada a:
- a) Desenvolve-la personalidade, as aptitudes e a capacidade mental e física do neno ata o máximo das súas posibilidades.
  - b) Inculcar ó neno o respecto dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais e dos principios consagrados na Carta das Nacións Unidas;
  - c) Inculcar ó neno o respecto dos seus pais, da súa propia identidade cultural, do seu idioma e os seus valores, dos valores nacionais do país en que vive, do país do que sexa orixinario e das civilizacións distintas da súa;
  - d) Preparar ó neno para asumir unha vida responsable nunha sociedade libre, con espírito de comprensión, paz, tolerancia, igualdade dos sexos e amizade entre todos os pobos, grupos étnicos, nacionais e relixiosos e persoas de orixe indíxena;
  - e) Inculcar ó neno o respecto do medio ambiente natural.
2. Nada do disposto no presente artigo ou no artigo 28 interpretarase como unha restricción da liberdade dos particulares e das Entidades para establecer e dirixir institucións de ensino, a condición de que se respeten os principios enunciados no párrafo 1 do presente artigo e de que a educación impartida en tales institucións se axuste ás normas mínimas que prescriba o Estado.

#### **Artigo 30.º**

Nos Estados en que existan minorías étnicas, relixiosas ou lingüísticas ou persoas de orixen indíxena, non se negará a un neno que pertenza a tales minorías ou que sexa indíxena o dereito que lle corresponde, en común cos demais membros do seu grupo, a te-la súa propia vida cultural, a profesar e practica-la súa propia relixión, ou a emprega-lo seu propio idioma.



**Artigo 31.º**

1. Os Estados Partes recoñecen o dereito do neno ó descanso e o esparcemento, ó xogo e ás actividades recreativas propias da súa idade e a participar libremente na vida cultural e nas artes.
2. Os Estados Partes respetarán e promoverán o dereito do neno a participar plenamente na vida cultural e artística e propiciarán oportunidades apropiadas, en condicións de igualdade, de participar na vida cultural, artística, recreativa e de esparcemento.

**Artigo 32.º**

1. Os Estados Partes recoñecen o dereito do neno a estar protexido contra a explotación económica e contra o desempeño de calquer traballo que poida ser perigoso ou entorpecela súa educación, ou que sexa nocivo para a súa saúde ou para o seu desenvolvemento físico, mental, espiritual, moral ou social.
2. Os Estados Partes adoptarán medidas lexislativas, administrativas, sociais e educacionais para garanti-la aplicación do presente artigo. Con ese propósito e tendo en conta as disposicións pertinentes doutros instrumentos internacionais, os Estados Partes, en particular:
  - a) Fixarán unha idade ou idades mínimas para traballar;
  - b) Disporán a regulamentación apropiada dos horarios e condicións de traballo;
  - c) Estipularán as penalidades ou outras sancións apropiadas para asegura-la aplicación efectiva do presente artigo.

**Artigo 33.º**

Os Estados Partes adoptarán tódalas medidas apropiadas, incluídas medidas lexislativas, administrativas, sociais e educacionais, para protexer ós nenos contra o uso ilícito dos estupefacientes e substancias psicotrópicas enumeradas nos tratados internacionais pertinentes e para impedir que se utilice a nenos na produción e o tráfico ilícitos desas substancias.

**Artigo 34.º**

Os Estados Partes comprométense a protexer ó neno contra tódalas formas de explotación e abuso sexuais. Con este fin, os Estados Partes, tomarán, en particular, tódalas medidas de carácter nacional, bilateral e multilateral que sexan necesarias para impedir:

- a) A incitación ou a coacción para que un neno se adique a calquera actividade sexual ilegal;
- b) A explotación do neno na prostitución ou outras prácticas sexuais ilegais;
- c) A explotación do neno en espectáculos ou materiais pornográficos.

**Artigo 35.º**

Os Estados Partes tomarán tódalas medidas de carácter nacional, bilateral e multilateral que sexan necesarias para impedi-lo secuestro, a venda ou a trata de nenos para calquera fin ou en calquera forma.

**Artigo 36.º**

Os Estados Partes protexerán ó neno contra tódalas demais formas de explotación que sexan perxudiciais para calquera aspecto do seu benestar.

**Artigo 37.º**

Os Estados Partes velarán por que:

- a) Ningún neno será sometido a torturas nin a outros tratos ou penas crueis, inhumanos ou degradantes. Non se impoñerá a pena capital nin a prisión perpetua sen posibilidade de excarcelación por delitos cometidos por menores de dazaoito anos de idade;
- b) Ningún neno será privado da súa liberdade ilegal ou arbitrariamente. A detención, o encarceramento ou a prisión dun neno se levará a cabo de conformidade coa lei e se utilizará tan só como medida de último recurso e durante o período mais breve que proceda;
- c) Todo neno privado de liberdade sexa tratado coa humanidade e o respecto que merece a dignidade inherente á persona humana, e de maneira que se teñan en conta as necesidades das persoas da súa idade. En particular, todo neno privado de liberdade estará separado dos adultos, a menos que elo se considere contrario o interese superior do neno, e terá dereito a manter contacto coa súa familia por medio de correspondencia e de visitas, agás en circunstancias excepcionais;
- d) Todo neno privado da súa liberdade terá dereito a un pronto acceso á asistencia xurídica e outra asistencia axeitada, así como dereito a impugna-la legalidade da privación da súa liberdade ante un tribunal ou outra autoridade competente, independente e imparcial e a unha pronta decisión sobre dita acción.

#### **Artigo 38.º**

1. Os Estados Partes comprométense a respetar e velar por que se respeten as normas do dereito internacional humanitario que lles sexan aplicables nos conflitos armados e que sexan pertinentes para o neno.
2. Os Estados Partes adoptarán tódalas medidas posibles para asegurar que as persoas que aínda non cumpriran os quince anos de idade non participen directamente nas hostilidades.
3. Os Estados Partes absteranse de reclutar nas forzas armadas ás persoas, que no cumpriran os quince anos de idade. Se reclutan persoas que cumpriran quince anos, pero que sexan menores de dazaoito anos, os Estados Partes procurarán dar prioridade ós de mais idade.
4. De conformidade coas obrigacións dimanadas do dereito internacional humanitario de protexer á poboación civil durante os conflitos armados, os Estados Partes adoptarán tódalas medidas posibles para asegura-la protección e o coidado dos nenos afectados por un conflito armado.

#### **Artigo 39.º**

Os Estados Partes adoptarán tódalas medidas apropiadas para promove-la recuperación física e psicolóxica e a reintegración social de todo neno vítima de calquer forma de abandono, explotación ou abuso, tortura ou outra forma de tratos ou penas crueis, inhumanos ou degradantes, ou conflitos armados. Esa recuperación e reintegración se levará a cabo nun ambiente que fomente a saúde, o respecto de si mesmo e a dignidade do neno.

#### **Artigo 40.º**

1. Os Estados Partes recoñecen o dereito de todo neno de quen se alegue que infrinxiu as leis penais ou a quen se acuse ou declare culpable de infrinxir esas leis a ser tratado de maneira acorde co fomento do seu sentido da dignidade e o valor, que fortaleza o respecto do neno polos dereitos humanos e as liberdades fundamentais de terceiros e na que se teñan en conta a idade do neno e a importancia de promove-la reintegración do neno e de que éste asuma unha función constructiva na sociedade.

2. Con esta fin, e habida conta das disposicións pertinentes dos instrumentos internacionais, os Estados Partes garantirán, en particular:

Que non se alegue que ningún neno infrinxiu as leis penais, nin se acuse ou declare culpable a ningún neno de infrinxir esas leis, por actos ou omisións que non estaban prohibidos polas leis nacionais ou internacionais no momento en que se cometeron;

b) Que todo neno do que se alegue que infrinxiu as leis penais ou a quen se acuse de infrinxir esas leis se lle garanta, polo menos, o seguinte:

Que se lle presumirá inocente mentres non se probe a súa culpabilidade conforme á lei;

Que será informado sen demora e directamente ou, cando sexa procedente, por intermedio dos seus pais ou os seus representantes legais, dos cargos que pesan contra él e que se dispoñerá de asistencia xurídica ou outra asistencia axeitada na preparación e presentación da súa defensa;

Que a causa será dirimida sen demora por unha autoridade ou órgano xudicial, competente, independente e imparcial nunha audiencia equitativa conforme á lei, en presenza dun asesor xurídico ou outro tipo de asesor axeitado e, a lo menos que se considerase que elo fose contrario ó interese superior do neno, tendo en conta en particular a súa idade ou situación e os seus pais ou representantes legais;

Que non será obrigado a prestar testemuña ou declararse culpable, que poderá interrogar ou facer que se interroge a testemuñas de cargo e obte-la participación e o interrogativo de testemuñas de descargo en condicións de igualdade;

Si se considerase que infrinxiu, en efecto, as leis penais, que esta decisión e toda medida imposta a consecuencia dela, serán sometidas a una autoridade ou órgano xudicial superior competente, independente e imparcial, conforme á lei;

Que o neno contará coa asistencia gratuita dun intérprete se non comprende ou non fala o idioma utilizado;

Que se respetará plenamente a súa vida privada en tódalas fases do procedemento.

3. Os Estados Partes tomarán tódalas medidas apropiadas para promove-lo establecemento de leis, procedementos, autoridades e institucións específicos para os nenos de quen se alegue que infrinxiron as leis penais ou a quen se acuse ou declare culpables de infrinxiren esas leis, e en particular:

O establecemento dunha idade mínima antes da cal se presumirá que os nenos non teñen capacidade para infrinxi-las leis penais;

Sempre que sexa apropiado e desexable, a adopción de medidas para tratar a eses nenos sen recurrir a procedementos xudiciais, no entendemento de que se respetarán plenamente os dereitos humanos e as garantías legais.

4. Disporase de diversas medidas, tales coma o coidado, as órdes de orientación e supervisión, o asesoramento, a liberdade vixiada, a colocación en fogares de garda, os programas de ensino e formación profesional, así como outras posibilidades alternativas ó internamento en institucións, para asegurar que os nenos sexan tratados de maneira apropiada para o seu benestar e que garde proporción tanto coas súas circunstancias coma coa infracción.

#### **Artigo 41.º**

Nada do disposto na presente Convención afectará ás disposicións que sexan mais conducentes á realización dos dereitos do neno e que poidan estar recollidas en:

a) O dereito dun Estado Parte; ou

b) O dereito internacional vixente con respecto a dito Estado.

## **PARTE II**

### **Artigo 42.º**

Os Estados Partes comprométese a dar a coñecer amplamente os principios e disposicións da Convención por medios eficaces e apropiados, tanto ós adultos como ós nenos.

### **Artigo 43.º**

1. Coa finalidade de examina-los progresos realizados no cumprimento das obrigas contraídas polos Estados Partes na presente Convención, se establecerá un Comité dos Dereitos do Neno que desempeñará as funcións que a continuación se estipulan.

2. O Comité estará integrado por dez expertos de gran integridade moral e recoñecida competencia nas esferas reguladas pola presente Convención. Os membros do Comité serán elixidos polos Estados Partes entre os seus nacionais e exercerán as súas funcións a título persoal, téndose debidamente en conta a distribución xeográfica, así coma os principais sistemas xurídicos.

3. Os membros do Comité serán elixidos, en votación secreta, dunha lista de persoas designadas polos Estados Partes.

Cada Estado Parte poderá designar a unha persoa escollida entre os seus propios nacionais.

4. A elección inicial celebrarase a máis tardar seis meses despois da entrada en vigor da presente Convención e ulteriormente cada dous anos. Con catro meses, como mínimo, de antelación respecto da data de cada elección, o Secretario xeral das Nacións Unidas dirixirá unha carta ós Estados Partes invitandoos a que presenten as súas candidaturas nun prazo de dous meses. O Secretario xeral preparará despois unha lista na que figuran por orden alfabético tódolos candidatos propostos, con indicación dos Estados Partes na presente Convención.

5. As eleccións celebraranse nunha reunión dos Estados Partes convocada polo Secretario xeral na Sede das Nacións Unidas. Nesa reunión, na que a presenza de dous tercios dos Estados partes constituirá quorum, as persoas seleccionadas para formar parte do Comité serán aqueles candidatos que obteñan o maior número de votos e unha maioría absoluta dos votos dos representantes dos Estados Partes presentes e votantes.

6. Os membros do Comité serán elixidos por un período de catro anos. Poderán ser reelixidos si se presenta de novo a súa candidatura. O mandato de cinco dos membros elixidos na primeira elección expirará ó cabo de dous anos; inmediatamente despois de efectuada a primeira elección, o Presidente da reunión en que ésta se celebre elixirá por sorteo os nomes deses cinco membros.

7. Se un membro do Comité fina ou dimite ou declara que por calquer outra causa non pode seguir desempeñando as súas funcións o Comité, ou o Estado Parte que propuso a ese membro designará entre os seus propios nacionais a outro experto para exercer-lo mandato ata o seu termo, a reserva da aprobación do Comité.

8. O Comité adoptará o seu propio regulamento.

9. O Comité elixirá a súa Mesa por un período de dous anos.

10. As reunións do Comité celebraranse normalmente na Sede das Nacións Unidas ou en calquer outro lugar convinte que determine o Comité. O Comité reunirse normalmente tódolos anos. A duración das reunións do Comité será determinada e revisada, se procede-

ra, por unha reunión dos Estados Partes na presente Convención, a reserva da aprobación da Asemblea Xeral.

11. O Secretario xeral das Nacións Unidas proporcionará o persoal e os servizos necesarios para o desempeño eficaz das funcións do Comité establecido en virtude da presente Convención.

12. Previa aprobación da Asemblea Xeral, os membros do Comité establecido en virtude da presente Convención recibirán emolumentos con cargo ós fondos das Nacións Unidas, segundo as condicións que a Asemblea poida establecer.

#### **Artigo 44.º**

1. Os Estados Partes comprometeranse a presentar ó Comité, por conducto do Secretario xeral das Nacións Unidas, informes sobre as medidas que adoptaran para dar efecto ós dereitos recoñecidos na Convención e sobre o progreso que realizaran en canto ó goce deses dereitos:

a) No prazo de dous anos a partires da data na que para cada Estado Parte entrase en vigor a presente Convención;

b) No sucesivo, cada cinco anos.

2. Os membros preparados en virtude do presente artigo deberán indica-las circunstancias e dificultades, si as houberse, que afecten ó grao de cumprimento das obrigas derivadas da presente Convención. Deberán, asimesmo, conter información suficiente para que o Comité teña cabal comprensión da aplicación da Convención no país de que se trate.

3. Os Estados Partes que presentaran un informe inicial completo ó Comité non necesitan repetir, en sucesivos informes presentados de conformidade co disposto no inciso b) do párrafo 1 do presente artigo, a información básica presentada anteriormente.

4. O Comité poderá pedir ós Estados Partes mais información relativa á aplicación da Convención.

5. O Comité presentará cada dous anos á Asemblea Xeral das Nacións Unidas, por conducto do Consello Económico e Social, informes sobre as súas actividades.

6. Os Estados Partes darán ós seus informes unha ampla difusión entre o público dos seus países respectivos.

#### **Artigo 45.º**

Co obxecto de fomenta-la aplicación efectiva da Convención e de estimula-la cooperación internacional na esfera regulada pola Convención:

a) Os organismos especializados, o Fondo das Nacións Unidas para a Infancia e demais órganos das Nacións Unidas terán dereito a estar representados no exame da aplicación de aquelas disposicións da presente Convención comprendidas no ámbito do seu mandato. O Comité poderá invitar ós organismos especializados, ó Fondo das Nacións Unidas para a Infancia e a outros órganos competentes que considere apropiados a que proporcionen asesoramento especializado sobre a aplicación da Convención nos sectores que son de incumbencia dos seus respectivos mandatos. O Comité poderá invitar ós organismos especializados, ó Fondo das Nacións Unidas para a Infancia e demais órganos das Nacións Unidas a que presenten informes sobre a aplicación de aquelas disposicións da presente Convención comprendidas no ámbito das súas actividades;

b) O Comité transmitirá, segundo estime convinte, ós organismos especializados, ó Fondo das Nacións Unidas para a Infancia e a outros órganos competentes, os informes dos Estados Partes que conteñan unha solicitude de asesoramento ou de asistencia técnica, ou nos

que se indique esa necesidade, xunto coas observacións e suxerencias do Comité, se as houbese, acerca desas solicitudes ou indicacións;

c) O Comité poderá recomendar á Asemblea Xeral que pida ó Secretario xeral que efectúe, no seu nome, estudos sobre cuestións concretas relativas ós dereitos do neno;

d) O Comité poderá formular suxerencias e recomendacións xerais baseadas na información recibida en virtude dos artigos 44 e 45 da presente Convención. Ditas suxerencias e recomendacións xerais deberán transmitirse ós Estados Partes interesados e notificarse á Asemblea Xeral, xunto cos comentarios, se os houbese, dos Estados Partes.

### **PARTE III**

#### **Artigo 46.º**

A presente Convención estará aberta á firma de tódolos Estados.

#### **Artigo 47.º**

A presente Convención está suxeita a ratificación. Os instrumentos de ratificación depositaranse en poder do Secretario xeral das Nacións Unidas.

#### **Artigo 48.º**

A presente Convención permanecerá aberta á adhesión de calquera Estado. Os instrumentos de adhesión depositaranse en poder do Secretario xeral das Nacións Unidas.

#### **Artigo 49.º**

1. A presente Convención entrará en vigor o trixésimo día seguinte á data en que se depositara o vixésimo instrumento de ratificación ou de adhesión en poder do Secretario xeral das Nacións Unidas.

2. Para cada Estado que ratifique a Convención ou se adhira a ela despois de depositala o vixésimo instrumento de ratificación ou de adhesión, a Convención entrará en vigor o trixésimo día despois do depósito por tal Estado do seu instrumento de ratificación ou adhesión.

#### **Artigo 50.º**

1. Todo Estado Parte poderá propoñer unha enmenda e depositala en poder do Secretario Xeral das Nacións Unidas. O Secretario xeral comunicará a enmenda proposta ós Estados Partes, pedíndolles que lle notifiquen se desexan que se convoque unha conferencia de Estados Partes coa fin de examinala proposta e sometela a votación. Si dentro dos catro meses seguintes á data desa notificación un tercio, a lo menos, dos Estados Partes se declara en favor de tal conferencia, o Secretario xeral convocará unha conferencia co auspicio das Nacións Unidas. Toda enmenda adoptada pola maioría dos Estados Partes, presentes e votantes na conferencia, será sometida polo Secretario xeral á Asemblea Xeral para a súa aprobación.

2. Toda enmenda adoptada de conformidade co párrafo 1 do presente artigo entrará en vigor cando sexa aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas e aceptada por unha maioría de dous tercios dos Estados Partes.

3. Cando as enmendas entren en vigor serán obrigatorias para os Estados Partes que as aceptasen, en tanto que os demais Estados Partes seguirán obrigados polas disposicións da presente Convención e polas enmendas anteriores que aceptasen.

#### **Artigo 51.º**

1. O Secretario xeral das Nacións Unidas recibirá e comunicará a tódolos Estados o texto das reservas formuladas polos Estados no momento da ratificación ou da adhesión.

2. Non se aceptará ningunha reserva incompatible co obxecto e o propósito da presente Convención.

3. Toda reserva poderá ser retirada en calquer momento por medio dunha notificación feita a ese efecto e dirixida ó Secretario xeral das Nacións Unidas, quen informará a todos os Estados. Esa notificación surtirá efecto na data da súa recepción polo Secretario xeral.

**Artigo 52.º**

Todo Estado Parte poderá denuncia-la presente Convención mediante notificación feita por escrito ó Secretario xeral das Nacións Unidas. A denuncia surtirá efecto un ano despois da data en que a notificación se recibise polo Secretario xeral.

**Artigo 53.º**

Se designa depositario da presente Convención ó Secretario xeral das Nacións Unidas.

**Artigo 54.º**

O orixinal da presente Convención, nos textos en árabe, chino, español, francés, inglés e ruso son igualmente auténticos, depositarase en poder do Secretario xeral das Nacións Unidas.

En testimonio do cal, os infraescritos plenipotenciarios, debidamente autorizados para elo polos seus respectivos gobernos, asinaron a presente Convención.

### **Carta Europea dos Dereitos do Neno**

Resolución sobre unha Carta Europea de Dereitos do Neno (Resolución A3-0172/92)

O Parlamento Europeo

- Vistas as propostas de resolución presentadas por:

- a) o Sr. Casini e outros sobre unha Carta Europea de Dereitos do neno (B3-0035/90).
- b) a Sra. Ceci e outros sobre a explotación sexual, a pornografía e a prostitución, así como o tráfico de nenos en Europa (B3-0505/90).
- d) o Sr. Sisó Cruellas sobre os nenos maltratados (B3-1669/91)

- Vistas as peticións:

- a) n1 430/90, presentada pola Sra. Kaloudakis, de nacionalidade grega, do "Movemento independente de Mulleres", relativa ó abuso sexual de un menor por parte do seu pai; e
- b) n1 588/90, presentada polo Sr. Bilburn, de nacionalidade británica, sobre pornografía infantil e pederastia.

- Vista a súa Resolución de 12 de xullo de 1990 relativa ó Convenio dos Dereitos do Neno e a súa Resolución de 13 de decembro de 1991 sobre os problemas dos nenos na Comunidade Europea.

- Vista a súa Resolución de 12 de abril de 1989 sobre a Declaración dos Dereitos e Liberdades Fundamentais.

- Vista a súa Resolución de 26 de maio de 1989 sobre a sustracción de menores.

- Vista a súa Resolución de 13 de maio de 1986 sobre unha Carta europea dos nenos hospitalizados.

- Visto o Regulamento (CEE) n1 1612/68 do Consello relativo á libre circulación de traballadores dentro da Comunidade; o Regulamento (CEE) n1 1251/70 da Comisión relativo ó dereito dos traballadores de permanecer no territorio dun Estado membro despois de haber ocupado un emprego; e as Directivas do Consello 90/364/CEE, relativa ó dereito de residencia, 90/365/CEE, relativa ó dereito de residencia dos traballadores por conta allea ou por conta propia que deixaran de exercer-la súa actividade profesional, e 90/366/CEE, relativa ó dereito de residencia dos estudantes.

- Vista a Directiva do Consello 77/486/CEE, relativa á escolarización dos nenos dos traballadores emigrantes.

- Visto o Convenio das Nacións Unidas sobre os Dereitos do Neno de 20 de novembro de 1989.

- Visto o Convenio Europeo dos Dereitos do Home.

- Visto o Convenio 105 do Consello de Europa sobre o recoñecemento e execución de decisións en materia de custodia de nenos, e o Convenio de A Haia de 1980, sobre os aspectos civís da sustracción de menores.

- Visto o informe da Comisión de Asuntos Xurídicos e de Dereitos dos Cidadáns e a opinión da Comisión de Dereitos da Muller (A3-0172-92).

A. Considerando que a infancia de todo individuo e as particulares circunstancias do seu entorno familia e social determinan en gran medida a súa vida posterior de adulto.

B. Subliñando en particular o papel primordial da familia e a súa estabilidade no desenvolvemento harmonioso e equilibrado do neno.



C. Considerando que os nenos son unha das categorías máis sensibles da poboación, cunhas necesidades específicas que hai que satisfacer e protexer.

D. Considerando que numerosos textos internacionais recoñeceron que ditas necesidades enxendran unha serie de dereitos para os nenos e xeran, en consecuencia, obrigas para os pais, o Estado e a sociedade;

1. Lembra que, nas súas Resolucións precitadas de 12 de xullo de 1990 e de 13 de decembro de 1991, solicitou ós Estados membros que se adheriran sen reservas ó Convenio das Nacións Unidas de 1989 sobre Dereitos do Neno;

2. Pensa que a Comunidade debería, asimesmo, adherirse a dito Convenio, tan pronto a ratificaran tódolos Estados membros da Comunidade Europea;

3. Opina, nembargantes, que os nenos sofren na Comunidade duns problemas específicos e cre que estes se verán particularmente afectados por certos fenómenos derivados do proceso de integración europea e pola realización do Mercado Interior.

4. Cre, polo tanto, que serían necesarios instrumentos comunitarios específicos que, baseándose no Convenio das Nacións Unidas sobre os Dereitos do Neno, afrontarán os problemas especiais inherentes á integración europea dos menores, para os que non existen disposicións na lexislación dos Estados membros.

5. Pide á Comisión de Asuntos Xurídicos da Asemblea Parlamentaria do consello de Europa que intensifique os seus traballos en materia de Dereito de familia e, especialmente, aqueles que se refiren á aplicabilidade do Convenio dos Dereitos do Home ós nenos, e estudie a posibilidade de completar este Convenio mediante un protocolo que especifique mellor os dereitos do neno.

6. Pide ós Estados membros que nomeen un defensor dos dereitos do neno que esté habilitado a nivel nacional para salvagarda-los dereitos e intereses deste, para recibirlas súas solicitudes e queixas e para velar pola aplicación das leis que os protexen, así como para informar e orienta-la acción dos poderes públicos en favor dos dereitos do neno.

7. Pide á instancia comunitaria competente que proceda, igualmente, ó nomeamento dun defensor dos dereitos do neno, cos mesmos poderes no ámbito comunitario.

8. Pide á Comisión que presente, por unha parte, propostas concretas dirixidas a levar a cabo accións axeitadas en favor dunha política familiar e, por outra, un proxecto de Carta comunitaria dos dereitos do neno que conteña os principios mínimos e se basee nas definicións que figuran a continuación:

8.1. Entenderase por neno todo ser humano ata a idade de 18 anos, agás que éste, en virtude da lexislación nacional que lle sexa aplicable, teña alcanzado con anterioridade a maioría de idade. A efectos penais, considerarase a idade de 18 anos como mínima para serlle esixida a responsabilidade correspondente.

8.2. Todo neno, cidadán da Comunidade Europea, deberá gozar de tódolos dereitos enumerados nesta Carta, de acordo coas modalidades que establezan as lexislacións nacionais e os principios do Dereito comunitario.

8.3. Todo neno, independentemente da súa orixe, a cargo dun nacional dun Estado membro que esté ou estivera empregado, ou que resida noutro Estado membro, deberá gozar neste territorio de todos aqueles dereitos e vantaxes que a lexislación comunitaria en materia de libre circulación de traballadores e de dereito de residencia recoñece á súa familia.

8.4. Os nenos orixinarios de terceiros países, e que seus pais residan legalmente nun Estado membro da Comunidade, así como os nenos refuxiados ou apátridas recoñecidos como

tales e que residan neste Estado membro, deberán gozar no mesmo dos dereitos enumerados nesta Carta, de acordo coa súa lexislación nacional e sen prexuízo das limitacións que para algún destes dereitos puideran resultar do ordenamento comunitario.

8.5. Ningún neno poderá ser obxecto, no territorio da Comunidade, de discriminación algunha por razón de nacionalidade, filiación, orientación sexual, etnia, color, sexo, lingua, orixe social, relixión, crenzas, estado de saúde ou outras circunstancias, nin por ningunha destas causas referidas os seus pais.

8.6. Os nenos procedentes de terceiros países e que seus pais residan legalmente nun Estado membro deberán gozar neste territorio da mesma igualdade de trato que os nacionais naquelas materias contempladas nos correspondentes Acordos de Asociación ou Cooperación celebrados entre a Comunidade e estes terceiros países.

8.7. As disposicións desta Carta non poderán, en ningún caso, limita-los dereitos e liberdades que poidan ser recoñecidos ós nenos polas lexislacións nacionais ou polos instrumentos internacionais dos cales os Estados sexan parte.

8.8. Todo neno ten dereito á vida. En caso de que os pais ou persoas encargadas do neno non estean en condicións de asegura-la súa supervivencia e desenvolvemento, os Estados deberán garantir ó mesmo a protección e os coidados necesarios, así como uns recursos mínimos dignos, fomentando e facilitando a prestación destes coidados por parte de persoas ou familias dispostas a elo, ou mediante a intervención directa dos poderes públicos cando o anterior non sexa posible.

8.9. Todo neno deberá ser rexistrado desde o seu nacemento e terá dereito a un nome e a unha nacionalidade. Calquera neno que no momento do seu nacemento non tivera dereito a adquiri-la nacionalidade dos seus pais ou dun deles, deberá poder adquiri-la nacionalidade daquel Estado do territorio en que houbera nado, sempre que este suposto estivera contemplado pola lexislación de dito Estado.

8.10. Todo neno ten dereito á protección da súa identidade e, dado o caso, deberá poder coñecer certas circunstancias relativas os seus orixes biolóxicos, coas limitacións que impoñan as lexislacións nacionais para a protección dos dereitos de terceiras persoas. Deberanse determina-las condicións baixo as cales se outorgarán ó neno as informacións relativas os seus orixes biolóxicos, así como as condicións necesarias para protexer ó neno da divulgación de ditas información por terceiros.

8.11. Todo neno ten dereito a gozar duns pais ou, no seu defecto, a gozar de persoas ou institucións que os substitúan. O pai e a nai ten unha responsabilidade conxunta en canto o seu desenvolvemento e educación. Corresponde ós pais en prioridade o dar ó neno unha vida digna e, na medida dos seus recursos financeiros, os medios para satisfacer as súas necesidades. Os Estados deberán asegurar ós pais a oportuna asistencia nas responsabilidades que lles competen, a través dos correspondentes organismos, servicios e facilidades sociais. Os pais traballadores deberán asimesmo gozar de licencias para o coidado dos seus nenos.

8.12. No caso de falecemento dos pais, os Estes membros deberán establece-los mecanismos necesarios para velar polo futuro dos nenos que quedaron orfos. Neste sentido, prevalecerá a vontade dos pais falecidos, se ésta houbera quedado expresada e se o seu cumprimento fora posible. Os Estados membros deberán responsabilizarse deste cumprimento e adopta-las medidas necesarias para preservar-lo mantemento da unidade dos orfos dunha mesma familia, evitando en todo caso a súa separación. Os Estados membros deberán, asimesmo, crea-los centros necesarios para a acollida dos nenos orfos.

8.13. En caso de separación de feito, separación legal, divorcio dos pais o nulidade do matrimonio, o neno ten dereito a manter contacto directo e permanente cos dos pais tendo ambos as mesmas obrigas, incluso se algún deles vivise noutro país, agás si o órgano competente no Estado membro afectado o declarase incompatible coa salvagarda dos intereses do neno. Deberanse adoptar pronto medidas oportunas para impedi-lo secuestro dos nenos, -a súa retención ou devolución ilegais- perpetrado por un dos pais ou por un terceiro-, xa teña lugar nun Estado membro ou nun terceiro país. Os procedementos legais adoptados deberán ser aptos para resolve-las discrepancias de maneira económica e expedita e deberán ser facilmente aplicables en toda a Comunidade.

8.14. Toda decisión familiar, administrativa ou xudicial, no que se refire ó neno, deberá ter por obxecto prioritario a defensa e salvagarda dos seus intereses. A tales efectos, e sempre que elo non implique risco ou prexuízo algún para o neno, éste deberá ser oído desde o momento no que a súa madurez e idade o permitan en tódalas decisións que lle afecten. Co obxecto de axudar a tomar unha decisión ás persoas competentes, o neno deberá ser oído, especialmente en todos aqueles procedementos e decisións que impliquen a modificación do exercicio da patria potestade, a determinación da garda e custodia, a designación do seu titor legal, a súa entrega en adopción e a súa eventual colocación nunha institución familiar, educativa ou con fins de reinserción social. A este respecto, na totalidade dos procedementos deberá ser parte obrigatoriamente o ministerio fiscal ou o seu equivalente, que ten como función primordial a salvagarda dos dereitos e intereses do neno.

8.15. Todo neno os pais do cal, ou un dos pais, se encontran cumprindo unha pena de privación de liberdade, deberá poder manter cos mesmos os contactos adecuados. Os nenos de curta idade que convivan coas súas nais nas cárceres deberán poder contar coas infraestructuras e coidados oportunos. Os Estados membros deberán garantir a estes nenos a súa escolarización fora do ámbito carcerario.

8.16. Os Estados deberán fomentar, sempre que sexa posible e de acordo coas lexislacións nacionais e os convenios internacionais, a adopción dos nenos que se encontren no seu territorio, previa autorización dos seus pais ou titores ou tras un período de abandono efectivo definitivo por lei. Toda lexislación nesta materia deberá ter en conta, en primeiro término, o interese do neno. Os nenos abandonados, así como os nenos privados definitiva ou temporalmente de seu medio familiar, deberán poder gozar en todo caso dunha protección e unha axuda especiais.

8.17. Todo neno ten dereito a vivir cos seus pais naturais, legais ou adoptivos.

Calquera neno, nacional ou non dun Estado da Comunidade, ten dereito:

a) a establecerse co seu pai ou nai, traballador/a nacional dun Estado membro, no territorio daquel Estado membro onde aquel/la estóu estivera empregado/a.

b) a residir no territorio doutro Estado membro onde o seu pai ou nai sexa titular dun dereito de residencia, de acordo con algunha das modalidades que sobre este dereito son contempladas pola lexislación comunitaria. Os Estados membros permitirán, de acordo coas súas lexislacións nacionais, que os nenos orixinarios de terceiros países se reúnan cos seu/s pai/s, cidadáns de países terceiros, cando residan legalmente no territorio dun Estado da Comunidade. Tamén permitírase a reunión dos fillos cos seus pais, aínda cando a concesión a estes da residencia ou nacionalidade estivera pendente dun proceso administrativo ou xudicial.

8.18. Todo neno nacional dun Estado membro ten dereito a circular libremente polo territorio da Comunidade, a saír do mesmo e a regresar a este cando o desexe, respetando en todo caso os dereitos e obrigas inherentes á patria potestade.

8.19. Todo neno ten dereito á integridade física e moral da súa persoa.

En caso de que sexa sometido a tortura, tratamentos inhumanos, crueis ou degradantes por parte de calquera persoa pública ou privada, esta circunstancia considerárase como un agravante especial. Os Estados membros deberán outorgar unha protección especial ós nenos vítimas de tortura, malos tratos, sevicias ou explotación por parte dos membros da súa familia ou as persoas encargadas do seu coidado. Ademais delo, os Estados membros deberán asegurar a estes nenos a continuación da súa educación e o tratamento axeitado para a súa reinserción social.

8.20. A Comunidade e os Estados membros deberán incluír nos seus programas de axuda ó desenvolvemento proxectos específicos de colaboración con países non comunitarios para combater tanto a delincuencia infantil organizada como a represión brutal contra os nenos.

8.21. Todo neno ten dereito á obxección de conciencia, de acordo coas lexislacións en vigor dos Estados membros. Ningún neno menor de 18 anos poderá ser obrigado a participar directamente en hostilidades bélicas u outros conflitos armados.

8.22. Todo neno ten dereito á liberdade. Ningún neno poderá ser obxecto de detención ou de incomunicación legal ou arbitraria.

8.23. Todo neno ten dereito á seguridade xurídica. Os nenos presuntos autores dun delito teñen dereito a beneficiarse de tódalas garantías dun procedemento regular, incluíndo o dereito a gozar dunha asistencia xurídica especial e axeitada para a presentación da súa defensa. No caso de que o neno sexa declarado culpable dun delito, evitarase que sexa privado da súa liberdade, ou recluso nunha institución penitenciaria para adultos. Neste suposto, facilitarase ó neno un tratamento adecuado levado a cabo por persoal especializado, ó obxecto da súa reeducación e posterior reinserción social.

8.24. Todo neno ten dereito a recibir e a divulgar ideas e informacións, así como a expresar a súa opinión. A tales efectos ten dereito a constituír asociacións, en tanto non perxudique os dereitos de terceiras persoas, e de conformidade coas normas establecidas ó respecto polas lexislacións nacionais.

8.25. Todo neno ten dereito á liberdade de conciencia, de pensamento e de relixión, sen perxuízo das responsabilidades que as lexislacións nacionais reserven nestes ámbitos ós pais ou persoas encargadas do mesmo.

8.26. Co fin de protexer ós menores, convén un control máis estrito das actividades das sectas ou novos movementos relixiosos que poidan ter repercusións negativas no ámbito educativo, cultural e social dos nenos e facer súa a Recomendación 1178 do Consello de Europa de 5 de febreiro de 1992, que esixe en particular que o programa do sistema xeral de educación comprenda unha información concreta sobre as relixións máis importantes e as súas principais variantes, sobre os principios do estudo comparativo das relixións e sobre a ética e os dereitos persoais e sociais.

8.27. Todo neno ten dereito a gozar da súa propia cultura, a practicar a súa propia relixión ou crenzas e a empregar a súa propia lingua.

8.28. Todo neno ten dereito ó ocio, ó xogo e á participación voluntaria en actividades deportivas. Deberá poder, asimismo, disfrutar de actividades sociais, culturais e artísticas.

8.29. Todo neno ten dereito a non ser obxecto por parte dun terceiro de intrusionís inxustificadas na súa vida privada, na da súa familia, nin a sufrir atentados ilegais contra o seu honor.

8.30. Todo neno ten dereito á saúde. Todo neno deberá poder beneficiarse dun medio ambiente non contaminado, dun aloxamento salubre e dunha alimentación san. Ningún neno poderá ser sometido a tratamentos inútiles, a experimentos científicos ou terapéuticos ou, sen a debida autorización dos pais ou persoas encargadas daquel, a probas para detectar posibles enfermidades. Ningún neno poderá asimesmo ser obxecto de trato discriminatorio, por razón de enfermidade, nos centros de asistencia familiar ou sanitaria.

8.31. A Carta europea dos nenos hospitalizados contida na resolución do PE de 13 de maio de 1986 (1) debe incluírse como anexo na Carta Europea de Dereitos do Neno; a Comisión Europea debe presentar propostas concretas neste sentido.

8.32. O neno deberá ser protexido fronte ás enfermidades sexuais. A tales efectos, deberá-selle facilita-la información oportuna. Igualmente, deberá proporcionárselle unha educación en materia sexual e as atencións médicas necesarias con inclusión das medidas dirixidas ó control da natalidade, dentro do respecto das conviccións filosóficas e relixiosas.

8.33. Todo neno deberá gozar duns servicios sociais adecuados no terreo familiar, educativo e de reinserción social.

8.34. Todo neno deberá poder beneficiarse das prestacións da seguridade social, de acordo coas modalidades de cada lexislación nacional.

8.35. A todo neno deberá-selle garantir, no seo da Comunidade, a igualdade de oportunidades no que respecta ó acceso á educación e á seguridade social.

8.36. Todo neno minusválido deberá poder:

- a) gozar dunha atención e uns coidados especiais;
- b) recibir unha educación e unha formación profesional axeitadas, que permitan a súa integración social, ben nun establecemento ordinario, ben nun establecemento especializado.
- c) participar en actividades sociais, culturais e deportivas.

Calquera neno que sufra unha minusvalía deberá poder acceder a un emprego de acordo coas súas aspiracións, formación e capacidades.

8.37. Todo neno ten dereito a recibir unha educación. Os Estados membros deberán asegurar a todo neno un ensino primario, obrigatorio e gratuíto. Os Estados membros adoptarán as medidas necesarias para garantir a todos a posibilidade de acceso á ensino secundario e universitario. A educación dos nenos deberá favorecer ó mesmo tempo a súa preparación á vida activa e o desenvolvemento da súa personalidade e deberá tamén aspirar ó respecto dos dereitos humanos, das diferencias culturais nacionais doutros países ou rexións e á erradicación do racismo e a xenofobia. Dita educación deberá, asimesmo, permiti-lo coñecemento das modalidades de funcionamento da vida política e social. A admisión dun neno en todo establecemento que se beneficie de fondos públicos non poderá realizarse en función da situación económica dos seus pais, dos seus orixes sociais, raciais ou étnicos, orientación sexual, nin das súas crenzas relixiosas ou non. Todo neno terá dereito a recibir información e educación sexual apropiada. A escolarización dun neno non poderá verse afectada ou interrompida por razóns de enfermidade non infecciosa ou non contagiosa para os outros nenos. Corresponde ós Estados protexer en particular ós nenos, en relación coa súa idade, dos mensaxes pornográficos e violentos.

8.38. Todo neno nacional dun Estado membro terá especialmente dereito a:

- a) recibir, no territorio deste Estado, a ensinanza na lingua ou nunha das linguas do Estado membro;
- b) gozar no territorio doutro Estado membro -onde un dos pais, traballador nacional dun Estado membro, exerza ou exercera unha actividade asalariada- do ensino gratuito en calquera das linguas oficiais do Estado de acollida. Os Estados membros fomentarán ademais, sempre que sexa posible, o ensino de calquera das súas linguas os seus nenos nacionais que residan noutros Estados membros;
- c) trasladarse ó Estado membro da súa elección para realiza-los seus estudos, nas condicións previstas na Directiva 90/366/CEE (1) relativa ó dereito de residencia dos estudantes.

8.39. Todo neno debe ser protexido contra toda explotación económica. Ningún neno deberá realizar calquera traballo que poña en perigo a súa saúde, o seu desenvolvemento, a súa psicoloxía, o seu dereito á educación básica. Ningún neno deberá acceder a un emprego permanente antes dos 16 anos, e en ningún caso antes de finaliza-lo seu período de escolarización obrigatoria.

Deberanse aproxima-las lexislacións dos Estados membros, na liña da lexislación nacional máis protectora para o neno, en relación, entre outros, cos seguintes aspectos:

- a) A idade mínima de admisión ó emprego.
- b) A definición e condicións de tódalas excepcións que se poidan constituír a esta regra e, en particular, as excepcións relativas ós traballos considerados lixeiros, os traballos no mundo do espectáculo e a cultura, os traballos na empresa familiar, e o traballo temporal en empresas ou escolas de formación profesional contemplado nos programas de educación, así como o traballo de temporada.
- c) Establécese en todo caso a prohibición de empregar ós nenos en traballos con substancias perigosas, traballos subterráneos ou nocturnos, así como os traballos que esixan horas extraordinarias.
- d) As condicións en que se prohibirán os traballos susceptibles de poñer en perigo a súa saúde, a súa educación ou provoca-lo seu esgotamento moral e físico.

8.40. Todo neno maior de 16 anos que realice un traballo terá dereito a un salario digno e suficiente. Cando ocupe un posto de traballo de igual valor e nas mesmas condicións que un adulto, deberá gozar da igualdade de trato no que se refire a salario, acceso á formación profesional, seguridade social, condicións de traballo e normas de hixiene e seguridade. Todo neno, á saída do sistema escolar, terá dereito a un réxime adecuado de axudas para a búsqueda de emprego en caso de desemprego e, en particular, en caso de desemprego de larga duración.

8.40. Todo neno deberá ser protexido contra toda forma de escravitude, de violencia ou explotación sexuais. Adoptaranse as medidas oportunas para impedir que ningún neno sexa, no territorio da Comunidade, secuestrado, vendido ou explotado con fins de prostitución ou de producións pornográficas ou que dende a Comunidade se prepare ou apoie a explotación sexual de nenos fora do seu territorio.

8.43. Todo neno ten dereito a ser protexido contra a droga, polo que é obriga dos Estados membros a promoción de campañas de divulgación sobre os riscos do consumo de droga, sobre a súa prevención e rehabilitación, en termos asequibles a súa intelixencia e que non firan a súa sensibilidade.

8.43. Todo neno ten dereito a ser protexido contra a utilización da súa imaxe de forma lesiva para a súa dignidade.

8.44. Os nenos orixinarios de terceiros países que soliciten o estatuto de refuxiado nun Estado membro, deberán poder beneficiarse no mesmo da debida protección e asistencia, en tanto se examine a súa demanda.

8.45. Os Estados membros están obrigados a aplicar e facer efectivos os dereitos previstos na Carta mediante leis, disposicións administrativas, compromiso de gastos e todo outro tipo de intervención idónea.

9.- Encarga o seu Presidente que transmita a presente resolución á Comisión, ó Consello e ó Consello de Europa.





**Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, de Modificación Parcial do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil (BOE nº 15, do 17 de xaneiro de 1996)**

**Juan Carlos I - Rei de España**

**Disposición final primeira**

O Goberno dictará cantas disposicións sexan previstas para a execución e desenvolvemento do previsto na presente Lei.

A tódolos que a presente vesen e entendesen.

Sabede: Que as Cortes Xerais aprobaron e Eu veño en sancionar a seguinte Lei Orgánica.

**Disposición final segunda**

Esta Lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no <<Boletín Oficial do Estado>>.

**Exposición de motivos**

1.- A Constitución Española de 1978 ó enumerar, no capítulo III do Título I, os principios rectores da política social e económica, fai mención en primeiro lugar á obriga dos Poderes Públicos de asegura-la protección social, económica e xurídica da familia e dentro desta, con carácter singular, a dos menores.

Esta preocupación por dotar ó menor dun adecuado marco xurídico de protección transcende tamén en diversos Tratados Internacionais ratificados nos últimos anos por España e, moi especialmente, da Convención de Dereitos do neno, de Nacións Unidas, de 20 de novembro de 1989, ratificada por España o 30 de novembro de 1990, que marca o inicio dunha nova filosofía en relación co menor, baseada nun maior recoñecemento do papel que este desempeña na sociedade e na esixencia dun maior protagonismo para o mesmo.

Esta necesidade foi compartida por outras instancias internacionais, como o Parlamento Europeo que, a través da Resolución A 3-0172/92, aprobou a Carta Europea dos Dereitos do Neno.

Consecuente co mandato constitucional e coa tendencia xeral apuntada, levouse a cabo, nos últimos anos, un importante proceso de renovación do noso ordenamento xurídico en materia de menores.

Primeiro foi a Lei 11/1981, de 13 de maio, de modificación da Filiación, Patria Potestade e Réxime Económico do Matrimonio, que suprimiu a distinción entre a filiación lexítima e ilexítima, equiparou ó pai e á nai a efectos do exercicio da patria potestade e introduciu a investigación da paternidade.

Despois se promulgaron, entre outras, as Leis 13/1983, de 24 de outubro, sobre a tutela; a Lei 21/1987, de 11 de novembro, pola que se modifican determinados Artigos do Código Civil e da Lei de Enxuízamento Civil en materia de adopción; a Lei Orgánica 5/1988, de 9 de xuño, sobre exhibicionismo e provocación sexual na relación cos menores; a Lei Orgánica 4/1992, de 5 de xuño, sobre reforma da Lei reguladora da competencia e o procedemento dos Xulgados de Menores; e a Lei 25/1994, de 12 de xullo, pola que se incorpora ó ordenamento xurídico español a Directiva 89/552/CEE, sobre a coordinación de disposicións legais regulamentarias e administrativas dos Estados membros relativas ó exercicio de actividades de radiodifusión televisiva.

Das Leis citadas, a 21/1987, de 11 de novembro, é a que, sen dúbida, introduciu cambios mais substanciais no ámbito da protección do menor.

A raíz da mesma, o anticuado concepto de abandono foi substituído pola institución do desamparo, cambio que deu lugar a unha considerable axilización dos procedementos de protección do menor ó permiti-la asunción automática, por parte da entidade pública competente, da tutela de aquel nos supostos de desprotección grave do mesmo.

Asimesmo, introduciu a consideración da adopción coma un elemento de plena integración familiar, a configuración do acollemento familiar coma unha nova institución de protección do menor, a xeneralización do interese superior do menor como principio inspirador de tódalas actuacións relacionadas con aquel, tanto administrativas coma xudiciais; e o incremento das facultades do Ministerio Fiscal en relación cos menores, así como das súas correlativas obrigas.

Non obstante, e pese ó indubidable avance que esta Lei supuxo e ás importantes innovacións que introduciu, a súa aplicación foi poñendo de manifesto determinadas lagunas, á vez que o tempo transcorrido dende a súa promulgación fixo xurdir novas necesidades e demandas na sociedade.

Numerosas institucións, tanto públicas coma privadas -as dúas Cámaras Parlamentarias, o Defensor do Pobo, o Fiscal Xeral do Estado e diversas asociacións relacionadas cos menores-, fixéronse eco destas demandas, trasladando ó Goberno a necesidade de adecualo ordenamento á realidade de nosa sociedade actual.

2.- A presente Lei pretende se-la primeira resposta a estas demandas, abordando unha reforma en profundidade das tradicionais institucións de protección do menor reguladas no Código Civil.

Neste sentido -e aínda que o núcleo central da Lei o constitúe, como non podía ser doutra forma, a modificación dos correspondentes preceptos do citado Código-, o seu contido transcende os límites deste para construír un amplo marco xurídico de protección que vincula a tódolos Poderes Públicos, ás institucións especificamente relacionadas cos menores, ós pais e familiares e ós cidadáns en xeral.

As transformacións sociais e culturais operadas na nosa sociedade provocaron un cambio no status social do neno e como consecuencia disto deuse un novo enfoque á construción do edificio dos dereitos humanos da infancia.

Este enfoque reformula a estrutura do dereito á protección da infancia vixente en España e na maioría dos países desenvolvidos desde finais do século XX, e consiste fundamentalmente no recoñecemento pleno da titularidade de dereitos nos menores de idade e dunha capacidade progresiva para exercelos.

O desenvolvemento lexislativo postconstitucional reflexa esta tendencia, introducindo a condición de suxeito de dereitos ás persoas menores de idade. Así, o concepto "ser escoitado si tivese suficiente xuízo" foise trasladando a todo o ordenamento xurídico en todas aquelas cuestións que lle afectan. Este concepto introduce a dimensión do desenvolvemento evolutivo no exercicio directo dos seus dereitos.

As limitacións que puideran derivarse do feito evolutivo deben interpretarse de forma restrictiva. Mais aínda, esas limitacións deben centrarse mais nos procedementos, de tal maneira que se adoptarán aqueles que sexan mais adecuados á idade do suxeito.

O ordenamento xurídico, e esta Lei en particular, vai reflexando progresivamente unha concepción das persoas menores de idade como suxeitos activos, participativos e creativos, con capacidade de modifica-lo seu propio medio persoal e social; de participar na búsqueda e satisfacción das súas necesidades e na satisfacción das necesidades dos demais.

O coñecemento científico actual permítenos concluír que non existe unha diferenza taxante entre as necesidades relacionadas coa autonomía do suxeito, senón que a mellor forma de garantir social e xuridicamente a protección á infancia é promove-la súa autonomía como suxeitos. Desta maneira poderán ir construíndo progresivamente unha percepción de control acerca da súa situación persoal e da súa proxección de futuro. Este é o punto crítico de tódolos sistemas de protección á infancia na actualidade. E, polo tanto, é o reto para tódolos ordenamentos xurídicos e os dispositivos de promoción e protección das persoas menores de idade. Esta é a concepción do suxeito sobre a que descansa a presente Lei: as necesidades dos menores como eixe dos seus dereitos e da súa protección.

O Título I comeza enunciando un recoñecemento xeral dos dereitos contidos nos Tratados Internacionais dos que España é parte, que ademais deben ser utilizados como mecanismo de interpretación das distintas normas de aplicación ás persoas menores de idade.

Por outra parte, do conxunto de dereitos dos menores, observouse a necesidade de matizar algúns deles, combinando, por unha parte, a posibilidade do seu exercicio coa necesaria protección que, por razón da idade, os menores merecen.

Así, co fin der reforzar os mecanismos de garantía previstos na Lei Orgánica 1/1982, de 5 de maio, de Protección Civil do Dereito á Honra, á Intimidade Persoal e Familiar e á Propia Imaxe, prohíbese a difusión de datos ou imaxes referidas a menores de idade nos medios de comunicación cando sexa contrario o seu interese incluso cando conste o consentimento do menor. Con isto se pretende protexer ó menor, que pode ser obxecto de manipulación incluso polos seus propios representantes legais ou grupos nos que se move. Completa esta modificación a lexitimación activa ó Ministerio Fiscal.

O dereito á participación dos menores tamén se recolleu expresamente no articulado, con referencia ó dereito a formar parte de asociacións e a promover asociacións infantís e xuvenís, con certos requisitos, que se completa co dereito a participar en reunións públicas e manifestacións pacíficas, establecéndose o requisito da autorización dos pais, tutores ou gardadores.

A Lei regula os principios xerais de actuación fronte a situacións de desprotección social, incluíndo a obriga da entidade pública de investigar os feitos que coñezza para corrixi-la situación mediante a intervención dos Servicios Sociais ou, no seu caso, asumindo a tutela do menor por ministerio da lei.

De igual modo, establécese a obriga de toda persoa que detecte unha situación de risco ou posible desamparo dun menor, de prestarlle auxilio inmediato e de comunica-lo feito á autoridade ou os seus axentes mais próximos. Con carácter específico prevese, asimismo, o deber dos cidadáns de comunicar ás autoridades públicas a ausencia do menor, de forma habitual ou sen xustificación, do centro escolar.

De innovadora pódese califica-la distinción, dentro das situacións de desprotección social do menor, entre situacións de risco e de desamparo que dan lugar a un grao distinto de intervención da entidade pública. Mentres nas situacións de risco, caracterizadas pola existencia dun perxuício para o menor que non alcanza a gravidade suficiente para xustifica-la súa separación do núcleo familiar, a citada intervención limitase a tentar eliminar, dentro da institución familiar, os factores de risco, onde a gravidade dos feitos aconsella a extracción do menor da familia, aquela concrétase na asunción pola entidade pública da tutela do menor e a conseguinte suspensión da patria potestade ou tutela ordinaria.

Subiace ó longo da Lei unha preocupación baseada na experiencia extraída da aplicación da Lei 21/1987, por axilizar e clarificar os trámites dos procedementos administrativos e

xudiciais que afectan ó menor, coa finalidade de que éste non quede indefenso ou desprotegido en ningún momento.

Esta é a razón pola que, ademais de establecerse como principio xeral, o de que toda actuación haberá de ter fundamentalmente en conta o interese do menor e non interferir na súa vida escolar, social ou laboral, determínase que as resolucións que aprecien a existencia da situación de desamparo deberán notificarse ós pais, tutores e gardadores, nun prazo de corenta e oito horas, informándolles, asimesmo, e, a ser posible, de forma presencial e de modo claro e comprensible, das causas que deron lugar á intervención da Administración e dos posibles efectos da decisión adoptada.

Respecto ás medidas que os Xuíces poden adoptar para evitar situacións prexudiciais para os fillos, que contempla actualmente o Código Civil no Artigo 158, amplíanse a tódolos menores, e a situacións que exceden do ámbito das relacións paterno-filiais, facéndose extensivas ás derivadas da tutela e da garda, e establécese a posibilidade de que o Xuíz as adopte con carácter cautelar ó inicio ou no curso de calquera proceso civil ou penal.

En definitiva, trátase de consagrar un principio de axilidade e inmediatez en tódolos procedementos administrativos como xudiciais que afectan a menores para evitar prexuízos innecesarios que poidan derivar da rixidez de aqueles.

Mención especial merece o acollemento familiar, figura que introduciu a Lei 21/1987. Este pode constituírse pola entidade pública competente cando concorre o consentimento dos pais. Noutro caso, debe dirixirse o Xuíz para que sexa este quen constitúa o acollemento. A aplicación deste precepto obrigou, ata agora, ás entidades públicas a internar ós menores nalgún centro, incluso naqueles casos nos que a familia extensa manifestou a súa intención de acoller ó menor, por non contar coa vontade dos pais co conseguinte perxuício psicolóxico e emocional que isto leva consigo para os nenos, que se ven privados innecesariamente da permanencia nun ambiente familiar.

Para remediar esta situación, a presente lei recolle a posibilidade de que, a entidade pública poida acordar en interese do menor un acollemento provisional na familia. Este poderá ser acordado pola entidade pública cando os pais non consintan ou se opoñan ó acollemento, e subsistirá mentres se tramita o necesario expediente, en tanto non se produza resolución xudicial. Desta maneira, facilítase a constitución do acollemento de aqueles nenos sobre os que os seus pais amosaron o máximo desinterese.

Ata agora, a lexislación concibía o acollemento como unha situación temporal e polo tanto a regulación do mesmo non facía distincións respecto ás distintas circunstancias en que podía atoparse o menor, dando sempre á familia acollidora unha autonomía limitada en canto ó coidado do menor.

Unha reflexión que actualmente estase facendo en moitos países é si as institucións xurídicas de protección de menores dan resposta á diversidade de situacións de desprotección na que estes se atopan. A resposta é que tanto a diversificación de institucións xurídicas como a flexibilización das prácticas profesionais, son indispensables para mellorar cualitativamente os sistemas de protección á infancia. Esta Lei opta nesta dirección, flexibilizando a acollida familiar e adecuando o marco de relacións entre os acolledores e o menor acollido en función da estabilidade da acollida.

Atendendo á finalidade do mesmo, recóllense tres tipos de acollemento. Xunto ó acollemento simple, cando se dan as condicións de temporalidade, nas que é relativamente previsible o retorno do menor a súa familia, introdúcese a posibilidade de constituílo con carácter permanente, naqueles casos nos que a idade ou outras circunstancias do menor ou

a súa familia aconsellan dotalo dunha maior estabilidade, ampliando a autonomía da familia acolledora respecto ás funcións derivadas do coidado do menor mediante a atribución polo Xuíz daquelas facultades da tutela que faciliten o desempeño das súas responsabilidades.

Tamén se recolle expresamente a modalidade do acollemento preadoptivo que na Lei 21/1987 aparecía unicamente na exposición de motivos, e que tamén existe noutras lexislacións. Esta Lei prevé a posibilidade de establecer un período preadoptivo, a través da formalización dun acollemento con esta finalidade, ben sexa porque a entidade pública eleva a proposta de adopción dun menor ou cando considere necesario establecer un período de adaptación do menor á familia antes de elevar ó Xuíz dita proposta.

Con isto, subsánanse as insuficiencias de que adoeceía o Artigo 173.1 do Código Civil diferenciando entre os distintos tipos de acollemento en función de que a situación da familia poida mellorar e que o retorno do menor non implique riscos para éste, que as circunstancias aconsellen que se constituía con carácter permanente, ou que conveña constituílo con carácter preadoptivo. Tamén se contemplan os extremos que deben recollese no documento de formalización que o Código Civil esixe.

En materia de adopción, a Lei introduce a esixencia do requisito de idoneidade dos adoptantes, que haberá de ser apreciado pola entidade pública, si é esta a que formula a proposta, ou directamente polo Xuíz noutro caso. Este requisito, si ben non estaba expresamente establecido no noso dereito positivo, a súa esixencia aparece explicitamente na Convención dos Dereitos do Neno e no Convenio da Haia sobre protección de menores e cooperación en materia de adopción internacional e se tiña en conta na práctica nos procedementos de selección de familias adoptantes.

A Lei aborda a regulación da adopción internacional. Nos últimos anos produciuse un aumento considerable das adopcións de nenos estranxeiros por parte de adoptantes españois. No momento da elaboración da Lei 21/1987 non era un fenómeno tan estendido e non había suficiente perspectiva para abordalo en dita reforma. A Lei diferencia as funcións que han de exercer directamente as entidades públicas de aquelas funcións de mediación que poidan delegar en axencias privadas que gocen da correspondente acreditación. Asimesmo, establece as condicións e requisitos para a acreditación destas axencias, entre os que é de destaca-la ausencia de fin de lucro por parte das mesmas.

Ademais modifícase o Artigo 9.5 do Código Civil establecendo a necesidade da idoneidade dos adoptantes para a eficacia no noso país das adopcións constituídas no estranxeiro, dando desta maneira cumprimento ó compromiso adquirido no momento da ratificación da Convención de Dereitos do Neno nas Nacións Unidas que obriga ós Estados Parte a velar porque os nenos ou nenas que sexan adoptados noutro país gocen dos mesmos dereitos que os nacionais na adopción.

Finalmente, abórdanse tamén na presente Lei algúns aspectos da tutela, desenvolvendo aqueles Artigos do Código Civil que requiren matizacións cando afecten a menores de idade. Así, a tutela dun menor de idade debe tender, cando sexa posible, á integración do menor na familia do titor. Ademais introdúcese como causa de remoción a existencia de graves e reiterados problemas de convivencia e se da neste procedemento audiencia ó menor.

En todo o texto aparece reforzada a intervención do Ministerio Fiscal, seguindo a tendencia iniciada coa Lei 21/1987, ampliando os canles de actuación desta institución, á que,

polo seu propio Estatuto, corresponde a representación dos menores e incapaces que carezan de representación legal.

Outra cuestión que se aborda na Lei é o internamento do menor en centro psiquiátrico e que co obxectivo de que se realice coas máximas garantías por tratarse dun menor de idade, sométese á autorización xudicial previa e ás regras do Artigo 211 do Código Civil, co informe preceptivo do Ministerio Fiscal, equiparando, a estes efectos, o menor ó presunto incapaz e non considerando válido o consentimento dos seus pais para que o internamento considérese voluntario, excepción feita do internamento de urxencia.

A Lei pretende ser respectuosa co reparto constitucional e estatutario de competencias entre Estado e Comunidades Autónomas.

Neste sentido, a Lei regula aspectos relativos á lexislación civil e procesal e á Administración de Xustiza, para os que goza de habilitación constitucional específica nos apartados 5º, 6º e 8º do Artigo 149.1.

Non obstante, déixanse a salvo, nunha disposición final específica, as competencias das Comunidades Autónomas que dispoñan de Dereito Civil Foral ou especial propio, para as que a Lei declarase subsidiaria respecto das disposicións específicas vixentes naquelas.

Asimesmo, cando se fai referencia a competencias de carácter administrativo, especificase que as mesmas corresponden ás Comunidades Autónomas e ás cidades de Ceuta e Melilla, de conformidade co reparto constitucional de competencias e as asumidas por aquelas nos seus respectivos Estados.

4.- Por último incorpórase á Lei a modificación dunha serie de Artigos do Código Civil co fin de depurar os desaxustes gramaticais e de contido producidos polas sucesivas reformas parciais operadas no Código.

Á marxe doutras reformas que tan só afectaron tanxencialmente á institución da tutela, a Lei 13/1983, de 24 de outubro, modificou o Título X do Libro I do Código Civil, rubricado "Da tutela, da curatela e da garda dos menores ou incapacitados" e mellorou o réxime da tutela ordinaria que xa contemplaba o Código Civil. Asimesmo, a Lei 21/1987, de 11 de novembro, deu unha nova redacción ós Artigos que regulan a tutela asumida por ministerio da lei polas entidades públicas e cuxa reforma agora se aborda.

A coexistencia destas dúas vertentes da institución da tutela demanda unha armonía interna no Código Civil que a Sección Primeira, de Dereito Privado, cubriu a través da modificación dos Artigos citados que, tra-la reforma de 1983, xa resultaban incoherentes ou de complexa aplicación práctica.

Deste modo, e dado que a Lei ten como obxectivo básico a protección dos menores de idade a través da tutela administrativa incorporouse a modificación doutros Artigos na súa gran maioría conexas con esta materia.

## **TÍTULO I**

### **DOS DEREITOS DOS MENORES**

#### **CAPÍTULO I**

#### **ÁMBITO E PRINCIPIOS XERAIS**

##### **Artigo 1º.- Ámbito de aplicación**

A presente Lei e as súas disposicións de desenvolvemento son de aplicación ós menores de dezaoto anos que se atopen en territorio español, salvo que en virtude da lei que lles sexa aplicable alcanzasen a maioría de idade.

**Artigo 2º.- Principios xerais**

Na aplicación da presente Lei primará o interese superior dos menores sobre calquera outro interese lexítimo que puidera concorrer. Asimesmo, cantas medidas se adopten ó amparo da presente Lei deberán ter un carácter educativo.

As limitacións á capacidade de obrar dos menores interpretaranse de forma restrictiva.

**CAPÍTULO II****DEREITOS DO MENOR****Artigo 3º.- Referencia a instrumentos internacionais**

Os menores gozarán dos dereitos que lles recoñece a Constitución e os Tratados Internacionais dos que España sexa parte, especialmente a Convención de Dereitos do Neno de Nacións Unidas e os demais dereitos garantidos no ordenamento xurídico, sen discriminación algunha por razón de nacemento, nacionalidade, raza, sexo, deficiencia ou enfermidade, relixión, lingua, cultura, opinión ou calquera outra circunstancia persoal, familiar ou social.

A presente Lei, as súas normas de desenvolvemento e demais disposicións legais relativas ás persoas menores de idade, interpretaranse de conformidade cos Tratados Internacionais dos que España sexa parte e, especialmente, de acordo coa Convención dos Dereitos do Neno de Nacións Unidas de 20 de novembro de 1989.

Os poderes públicos garantiran o respecto dos dereitos dos menores e adecuarán as súas actuacións á presente Lei e á mencionada normativa internacional.

**Artigo 4º.- Dereito ó honor, á intimidade e á propia imaxe**

1.- Os menores teñen dereito ó honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe. Este dereito comprende tamén a inviolabilidade do domicilio familiar e da correspondencia, así como do segredo das comunicacións.

2.- A difusión de información ou a utilización de imaxes ou nome dos menores nos medios de comunicación que poidan implicar unha intromisión ilexítima na súa intimidade, honra ou reputación, ou que sexa contraria os seus intereses, determinará a intervención do Ministerio Fiscal, que instará de inmediato as medidas cautelares e de protección previstas na Lei e solicitará as indemnizacións que correspondan polos prexuízos causados.

3.- Considérase intromisión ilexítima no dereito ó honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe do menor, calquera utilización da súa imaxe ou o seu nome nos medios de comunicación que poida implicar menoscabo da súa honra ou reputación, ou que sexa contraria os seus intereses incluso si consta o consentimento do menor ou dos seus representantes legais.

4.- Sen perxucio das accións das que sexan titulares os representantes legais do menor, corresponde en todo caso ó Ministerio Fiscal o seu exercicio, que poderá actuar de oficio ou a instancia do propio menor ou de calquera persoa interesada, física, xurídica ou entidade pública.

5.- Os pais ou titores e os poderes públicos respectarán estes dereitos e os protexerán fronte a posibles ataques de terceiros.

**Artigo 5º.- Dereito á información**

1.- Os menores teñen dereito a buscar, recibir e utiliza-la información adecuada o seu desenvolvemento.

2.- Os pais ou titores e os poderes públicos velarán porque a información que reciban os menores sexa veraz, plural e respectuosa cos principios constitucionais.

3.- As Administracións públicas incentivarán a produción e difusión de materiais informativos e outros destinados ós menores, que respecten os criterios enunciados, ó mesmo tempo que facilitarán o acceso dos menores ós servizos de información, documentación, bibliotecas e demais servizos culturais.

En particular, velarán porque os medios de comunicación nas súas mensaxes dirixidas a menores promovan os valores de igualdade, solidariedade e respecto ós demais, eviten imaxes de violencia, explotación nas relacións interpersoais ou que reflexen un trato degradante ou sexista.

4.- Para garantir que a publicidade ou mensaxes dirixidas a menores ou emitidas na programación dirixida a estes, non lles prexudique moral ou fisicamente, poderá ser regulada por normas especiais.

5.- Sen perxuício doutros suxeitos lexitimados, corresponde en todo caso ó Ministerio Fiscal e ás Administracións públicas competentes en materia de protección de menores o exercicio das accións de cese e rectificación de publicidade ilícita.

#### **Artigo 6º.- Liberdade ideolóxica**

1.- O menor ten dereito á liberdade de ideoloxía, conciencia e relixión.

2.- O exercicio dos dereitos dimanantes desta liberdade ten unicamente as limitacións prescritas pola Lei e o respecto dos dereitos e liberdades fundamentais dos demais.

3.- Os pais ou titores teñen o dereito e o deber de cooperar para que o menor exerza esta liberdade de modo que contribúa o seu desenvolvemento integral.

#### **Artigo 7º.- Dereito de participación, asociación e reunión**

1.- Os menores teñen dereito a participar plenamente na vida social, cultural, artística e recreativa do seu entorno, así como a unha incorporación progresiva á cidadanía activa.

Os poderes públicos promoverán a constitución de órganos de participación dos menores e das organizacións sociais de infancia.

2.- Os menores teñen o dereito de asociación que, en especial, comprende:

a) O dereito a formar parte de asociacións e organizacións xuvenís dos partidos políticos e sindicatos, de acordo coa Lei e os Estatutos.

b) O dereito a promover asociacións infantís e xuvenís e inscribilas de conformidade coa Lei. Os menores poderán formar parte dos órganos directivos destas asociacións.

Para que as asociacións infantís e xuvenís poidan obrigarse civilmente, deberán haber nomeado, de acordo cos seus Estatutos, un representante legal con plena capacidade.

Cando a pertencencia dun menor ou dos seus pais a unha asociación impida ou prexudique ó desenvolvemento integral do menor, calquera interesado, persoa física ou xurídica, ou entidade pública, poderá dirixirse ó Ministerio Fiscal para que promova as medidas xurídicas de protección que estime necesarias.

3.- Os menores teñen dereito a participar en reunións públicas e manifestacións pacíficas, convocadas nos termos establecidos pola Lei.

En iguais termos, teñen tamén dereito a promoverlas e convocalas co consentimento expreso dos seus pais, titores ou gardadores.

#### **Artigo 8º.- Dereito á liberdade de expresión**

1.- Os menores gozan do dereito á liberdade de expresión nos termos constitucionalmente previstos. Esta liberdade de expresión ten tamén o seu límite na protección da intimidade e a imaxe do propio menor recollida no Artigo 4 desta Lei.



2.- En especial, o dereito á liberdade de expresión dos menores esténdese:

- a) Á publicación e difusión das súas opinións.
- b) Á edición e produción de medios de difusión.
- c) Ó acceso ás axudas que as Administracións públicas establezan con tal fin.

3.- O exercicio deste dereito poderá estar suxeito ás restricións que preveña a Lei para garanti-lo respecto dos dereitos dos demais ou a protección da seguridade, saúde, moral ou orde público.

#### **Artigo 9º.- Dereito a ser escoitado**

1.- O menor ten dereito a ser escoitado, tanto no ámbito familiar como en calquera procedemento administrativo ou xudicial en que esté directamente implicado e que conduza a unha decisión que afecte a súa esfera persoal, familiar ou social.

Nos procedementos xudiciais, as comparecencias do menor realizaranse de forma adecuada a súa situación e ó desenvolvemento evolutivo deste, coidando de preservar a súa intimidade.

2.- Garantirase que o menor poida exercitar este dereito por si mesmo ou a través da persoa que designe para que lle represente, cando teña suficiente xuízo.

Non obstante, cando isto non sexa posible ou non conveña ó interese do menor, poderá coñecerse a súa opinión por medio dos seus representantes legais, sempre que non sexan parte interesada nin teñan intereses contrapostos ós do menor, ou a través doutras persoas que pola súa profesión ou relación de especial confianza con él poidan transmitir a obxectivamente.

3.- Cando o menor solicite ser escoitado directamente ou por medio de persoa que lle represente, a denegación da audiencia será motivada e comunicada ó Ministerio Fiscal e a aqueles.

### **CAPÍTULO III**

#### **MEDIDAS E PRINCIPIOS RECTORES DA ACCIÓN ADMINISTRATIVA**

##### **Artigo 10º.- Medidas para facilita-lo exercicio dos dereitos**

1.- Os menores teñen dereito a recibir das Administracións públicas a asistencia adecuada para o efectivo exercicio dos seus dereitos e que se garanta o seu respecto.

2.- Para a defensa e garantía dos seus dereitos o menor pode:

- a) Solicita-la protección e tutela da entidade pública competente.
- b) Poñer en coñecemento do Ministerio Fiscal as situacións que consideren que atentan contra os seus dereitos co fin de que éste promova as accións oportunas.
- c) Plantexa-las súas queixas ante o Defensor do Pobo. A tal fin, un dos Adxuntos de dita institución farase cargo de modo permanente dos asuntos relacionados cos menores.
- d) Solicita-los recursos sociais dispoñibles das Administracións públicas.

3.- Os menores estranxeiros que se atopen en España teñen dereito á educación. Teñen dereito á asistencia sanitaria e ós demais servizos públicos os menores estranxeiros que se atopen en situación de risco o baixo a tutela ou garda da Administración pública competente, aínda cando non residisen legalmente en España.

4.- Unha vez constituída a garda ou tutela a que se refire o apartado anterior deste Artigo, a Administración pública competente facilitará ós menores estranxeiros a documentación acreditativa da súa situación, nos termos que regulamentariamente se determinen.

**Artigo 11º.- Principios rectores da acción administrativa**

1.- As Administracións públicas facilitarán ós menores a asistencia adecuada para o exercicio dos seus dereitos.

As Administracións públicas, nos ámbitos que lle son propios articularán políticas integrais encamiñadas ó desenvolvemento da infancia por medio dos medios oportunos, canto se refira ós dereitos enumerados nesta Lei. Os menores teñen dereito a acceder a tales servicios por si mesmos ou a través dos seus pais ou titores ou institucións en posición equivalente, quenes a súa vez, teñen o deber de utilízalos en beneficio do menores.

Impulsaranse políticas compensatorias dirixidas a corrixir as desigualdades sociais. En todo caso, o contido esencial dos dereitos do menor non poderá quedar afectado pola falta de recursos sociais básicos.

As Administracións públicas deberán ter en conta as necesidades do menor ó exercer as súas competencias, especialmente en materia de control sobre produtos alimenticios, consumo, vivenda, educación, sanidade, cultura, deporte, espectáculos, medios de comunicación, transportes e espazos libres nas cidades.

As Administracións públicas terán particularmente en conta a adecuada regulación e supervisión de aqueles espazos, centros e servicios, nos que permanecen habitualmente nenos e nenas, no que se refire as súas condicións físico-ambientais, hixiénico-sanitarias e de recursos humanos e os seus proxectos educativos, participación dos menores e demais condicións que contribúan a asegurar os seus dereitos.

2.- Serán principios rectores da actuación dos poderes públicos, os seguintes:

- a) A supremacía do interese do menor.
- b) O mantemento do menor no medio familiar de orixe salvo que non sexa convinte para o seu interese.
- c) A súa integración familiar e social.
- d) A prevención de todas aquelas situacións que poidan prexudica-lo seu desenvolvemento persoal.
- e) Sensibilizar á poboación ante situacións de indefensión do menor.
- f) Promove-la participación e a solidariedade social.
- g) A obxectividade, imparcialidade e seguridade xurídica na actuación protectora garantindo o carácter colexiado e interdisciplinar na adopción de medidas.

**TÍTULO II****ACTUACIÓNS EN SITUACIÓN DE DESPROTECCIÓN SOCIAL DO MENOR E INSTITUCIÓNS DE PROTECCIÓN DE MENORES****CAPÍTULO I****ACTUACIÓNS EN SITUACIÓNS DE DESPROTECCIÓN SOCIAL DO MENOR****Artigo 12º.- Actuacións de protección**

1.- A protección do menor polos poderes públicos realizarase mediante a prevención e reparación de situacións de risco, co establecemento dos servicios adecuados para tal fin, o exercicio da garda, e, nos casos de desamparo, a asunción da tutela por ministerio da Lei.

2.- Os poderes públicos velarán para que os pais, titores ou gardadores desenvolvan adecuadamente as súas responsabilidades, e facilitarán servicios accesibles en tódalas áreas que afectan ó desenvolvemento do menor.

**Artigo 13º.- Obrigas dos cidadáns e deber de reserva**

1.- Toda persoa ou autoridade, e especialmente aqueles que pola súa profesión ou función, detecten unha situación de risco ou posible desamparo dun menor, o comunicarán á autoridade ou os seus axentes mais próximos, sen perxuício de prestarlle o auxilio inmediato que precise.

2.- Calquera persoa ou autoridade que teña coñecemento de que un menor non está escolarizado ou non asiste ó centro escolar de forma habitual e sen xustificación, deberá poñelo en coñecemento das autoridades públicas competentes, que adoptarán as medidas necesarias para a súa escolarización.

3.- As autoridades e as persoas que pola súa profesión ou función coñezan o caso actuarán coa debida reserva.

Nas actuacións evitarase toda interferencia innecesaria na vida do menor.

**Artigo 14º.- Atención inmediata**

As autoridades e servicios públicos teñen obriga de presta-la atención inmediata que precise calquera menor, de actuar se corresponde o seu ámbito de competencias ou de dar traslado noutro caso ó órgano competente e de por os feitos en coñecemento dos representantes legais do menor, ou cando sexa necesario, do Ministerio Fiscal.

**Artigo 15º.- Principio de colaboración**

En toda intervención procurárase contar coa colaboración do menor e a súa familia e non interferir na súa vida escolar, social ou laboral.

**Artigo 16º.- Avaliación da situación**

As entidades públicas competentes en materia de protección de menores estarán obrigadas a verifica-la situación denunciada e a adoptar as medidas necesarias para resolvela en función do resultado de aquela actuación.

**Artigo 17º.- Actuacións en situacións de risco**

En situacións de risco de calquera índole que prexudiquen o desenvolvemento persoal ou social do menor, que non requiran a asunción da tutela por ministerio da Lei, a actuación dos poderes públicos deberá garantir en todo caso os dereitos que lle asisten e se orientará a disminuir os factores de risco e dificultade social que incidan na situación persoal e social en que se atopa e a promove-los factores de protección do menor e a súa familia.

Unha vez apreciada a situación de risco, a entidade pública competente en materia de protección de menores poñerá en marcha as actuacións pertinentes para reducila e realizará o seguimento da evolución do menor na familia.

**Artigo 18º.- Actuacións en situación de desamparo**

1.- Cando a entidade pública competente considere que o menor se atopa en situación de desamparo, actuará na forma prevista no Artigo 172 e seguintes do Código Civil, asumindo a tutela de aquel, adoptando as oportunas medidas de protección e poñéndoo en coñecemento do Ministerio Fiscal.

2.- Cada entidade pública designará o órgano que exercerá a tutela de acordo coas súas estruturas orgánicas de funcionamento.

**Artigo 19º.- Garda de menores**

Ademais da garda dos menores tutelados por atoparse en situación de desamparo, a entidade pública poderá asumir-la garda nos termos previstos no Artigo 172 do Código Civil,

cando os pais ou titores non poidan coidar dun menor ou cando así o acordo o Xuíz nos casos en que legalmente proceda.

#### **Artigo 20º.- Acollemento familiar**

O acollemento familiar, de acordo coa súa finalidade e con independencia do procedemento en que se acorde, revestirá as modalidades establecidas no Código Civil.

#### **Artigo 21º.- Servicios especializados**

1.- Cando a entidade pública acorde a acollida residencial dun menor, tendo en conta que é necesario que teña unha experiencia de vida familiar, principalmente na primeira infancia, procurará que o menor permaneza internado durante o menor tempo posible, salvo que conveña ó interese do menor.

2.- Tódolos servicios, fogares funcionais ou centros dirixidos a menores, deberán estar autorizados e acreditados pola entidade pública.

A entidade pública regulará de maneira diferenciada o réxime de funcionamento dos servicios especializados e os inscribirá no rexistro correspondente ás entidades e servicios de acordo coas súas disposicións, prestando especial atención á seguridade, sanidade, número e cualificación profesional do seu persoal, proxecto educativo, participación dos menores no seu funcionamento interno, e demais condicións que contribúan a asegurar os seus dereitos.

Ós efectos de asegura-la protección dos dereitos dos menores, a entidade pública competente en materia de protección de menores deberá realiza-la inspección e supervisión dos centros e servicios semestralmente e sempre que así o esixan as circunstancias.

4.- Asimesmo o Ministerio Fiscal deberá exercer-la súa vixilancia sobre tódolos centros que acollen menores.

#### **Artigo 22º.- Información ós familiares**

A entidade pública que teña menores baixo a súa garda ou tutela deberá informar ós pais, titores ou gardadores sobre a situación de aqueles cando non exista resolución xudicial que o prohiba.

### **CAPITULO II**

#### **DE LA TUTELA**

#### **Artigo 23º.- Índices de tutelas**

Para o exercicio da función de vixilancia da tutela que atribúen ó Ministerio Fiscal os Artigos 174 e 232 do Código Civil, levarase en cada Fiscalía un Índice de Tutelas de Menores.

### **CAPÍTULO III**

#### **DA ADOPCIÓN**

#### **Artigo 24º.- Adopción de menores**

A adopción axustarase ó establecido pola lexislación civil aplicable.

#### **Artigo 25º.- Adopción internacional**

1.- En materia de adopción internacional, corresponde ás entidades públicas:

a) A recepción e tramitación das solicitudes, xa sexa directamente ou a través de entidades debidamente acreditadas.

b) A expedición, en todo caso, dos certificados de idoneidade e, cando o esixa o país de orixe do adoptado, a expedición do compromiso de seguimento.

c) A acreditación, control, inspección e a elaboración de directrices de actuación das entidades que realicen funcións de mediación no seu ámbito territorial.

As funcións de mediación a realizar polas entidades acreditadas serán as seguintes:

- Información e asesoramento ós interesados en materia de adopción internacional.
- Intervención na tramitación de expedientes de adopción ante as autoridades competentes, tanto españolas como estranxeiras.
- Asesoramento e apoio ós solicitantes de adopción nos trámites e xestións que deben realizar en España e no estranxeiro.

Só poderán ser acreditadas as entidades sen ánimo de lucro inscritas no rexistro correspondente, que teñan como finalidade nos seus estatutos a protección de menores, dispoñan dos medios materiais e equipos pluridisciplinares necesarios para o desenvolvemento das funcións encomendadas e estean dirixidas e administradas por persoas cualificadas pola súa integridade moral e pola súa formación no ámbito da adopción internacional.

As entidades públicas poderán retirar a acreditación concedida, mediante expediente contradictorio a aquelas entidades de mediación que deixen de cumprir as condicións que motivaran a súa concesión ou que infrinxan na súa actuación o ordenamento xurídico.

2.- A comunicación entre as autoridades centrais españolas competentes e as autoridades competentes doutros Estados coordinarase de acordo co previsto no Convenio relativo á Protección do Neno e á Cooperación en materia de Adopción Internacional, feito na Haia o 29 de maio de 1993 e ratificado por España mediante Instrumento de 30 de xuño de 1995.

3.- Nas adopcións internacionais nunca poderán producirse beneficios financeiros distintos de aqueles que fosen precisos para cubrir os gastos estrictamente necesarios.

4.- As entidades públicas competentes crearán un rexistro de reclamacións formuladas polas persoas que acudan ás entidades acreditadas deste Artigo.

#### **Disposición adicional primeira**

Aplicaranse as normas da xurisdicción voluntaria ás actuacións que sigan:

1º.- Para adoptar as medidas previstas no Artigo 158º do Código Civil.

2º.- Contrás as resolucións que declaren o desamparo e a asunción da tutela polo ministerio da Lei e a idoneidade dos solicitantes de adopción.

3º.- Para calesqueira outras reclamacións fronte a solucións das entidades públicas que xurdan con motivo do exercicio das súas funcións en materia de tutela ou garda de menores.

No indicado procedemento, os recursos admitiranse, en todo caso nun só efecto.

Quedará sempre a salvo o exercicio das accións na vía xudicial ordinaria.

#### **Disposición adicional segunda**

Para a inscrición no Rexistro español das adopcións constituídas no estranxeiro, o encargado do Rexistro apreciará a concorrencia dos requisitos do Artigo 9.5 do Código Civil.

#### **Disposición adicional terceira**

Con excepción das declaracións de incapacitación e de prodigalidade, as demais actuacións xudiciais previstas nos Títulos IX e X do Libro I do Código Civil axustaranse ó procedemento previsto para a xurisdicción voluntaria, coas seguintes particularidades:

1º.- Tanto o Xuíz como o Ministerio Fiscal actuarán de oficio en interese do menor ou incapaz, adoptando e propoñendo as medidas, dilixencias e probas que estimen oportunas.

Suplirán a pasividade dos particulares e lles asesorarán sobre os seus dereitos e sobre o modo de subsanar os defectos das súas solicitudes.

2º.- Non será necesaria a intervención de Avogado nin de Procurador.

3º.- A oposición dalgún interesado ventilarase no mesmo procedemento sen convertelo en contencioso.

#### **Disposición transitoria única**

Os procedementos iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta Lei rexiranse pola normativa anterior.

#### **Disposición derogatoria única**

Queda derogado o Decreto de 2 de xullo de 1948 polo que se aproba o texto refundido da Lexislación sobre Protección de Menores e cantas normas se o poñan á presente Lei.

#### **Disposición final primeira**

O Artigo 9.4 do Código Civil, terá a seguinte redacción:

"O carácter e contido da filiación, incluída a adoptiva e as relacións paterno filiais, rexiranse pola Lei persoal do fillo e se non puidera determinarse ésta, estarase á da residencia habitual do fillo".

#### **Disposición final segunda**

O Artigo 9.5 do Código Civil, párrafos terceiro, cuarto e quinto, terá a seguinte redacción:

"Para a constitución da adopción, os Cónsules españois terán as mesmas atribucións que o Xuíz, sempre que o adoptante sexa español e o adoptando esté domiciliado na demarcación consular. A proposta previa será formulada pola entidade pública correspondente ó último lugar de residencia do adoptante en España. Se o adoptante non tivo residencia en España nos dous últimos anos, non será necesaria proposta previa, pero o Cónsul recadará das autoridades do lugar de residencia daquel informes suficientes para valora-la súa idoneidade.

Na adopción constituída pola competente autoridade estranxeira, a Lei do adoptando rexerá en canto a capacidade e consentimentos necesarios. Os consentimentos esixidos por tal Lei poderán prestarse ante unha autoridade do país en que se iniciou a constitución ou, posteriormente, ante calquera outra autoridade competente. No seu caso, para a adopción dun español será necesario o consentimento da entidade pública correspondente á última residencia do adoptando en España.

Non será recoñecida en España como adopción a constituída no estranxeiro por adoptante español, se os efectos daquela non se corresponden cos previstos pola lexislación española. Tampouco o será, mentres a entidade pública competente non declarase a idoneidade do adoptante, se este fose español e estivera domiciliado en España ó tempo da adopción".

#### **Disposición final terceira**

O Artigo 149 do Código Civil, terá a seguinte redacción:

"O obrigado a prestar alimentos poderá, a súa elección, satisfacelos, ou pagando a pensión que se fixe, ou recibindo e mantendo na súa propia casa ó que ten dereito a eles.

Esta elección non será posible en canto contradiga a situación de convivencia determinada para o alimentista polas normas aplicables ou por resolución xudicial. Tamén poderá ser rexeitada cando concorra xusta causa ou prexudique o interese do alimentista menor de idade".

**Disposición final cuarta**

O Artigo 158 do Código civil terá a seguinte redacción:

"O Xuíz, de oficio ou a instancia do propio fillo de calquera parente ou do Ministerio Fiscal, dictará:

1º.- As medidas convintes para asegura-la prestación de alimentos e prover ás futuras necesidades do fillo, en caso de incumprimento deste deber, polos seus pais.

2º.- As disposicións apropiadas a fin de evitar ós fillos perturbacións danosas nos casos de cambio de titular da potestade de garda.

3º.- En xeral, as demais disposicións que considere oportunas, a fin de apartar ó menor dun perigo ou de evitarlle prexuízos.

Todas estas medidas poderán adoptarse dentro de calquera proceso civil ou penal ou ben nun procedemento de xurisdicción voluntaria".

**Disposición final quinta**

O artigo 172 do Código Civil queda redactado como sigue:

"1.- A entidade pública, á que, no respectivo territorio, esté recomendada a protección dos menores, cando constate cun menor se atopa en situación de desamparo, ten por ministerio da Lei a tutela do mesmo e deberá adoptar as medidas de protección necesarias para a súa garda, poñéndoo en coñecemento do Ministerio Fiscal, e notificando en legal forma ós pais, titores e gardadores, nun prazo de corenta e oito horas. Sempre que sexa posible, no momento da notificación se lles informará de forma presencial e de modo claro e comprensible das causas que deron lugar á intervención da Administración e dos posibles efectos da decisión adoptada.

Considérase como situación de desamparo a que se produce de feito a causa do incumprimento, ou do imposible ou inadecuado exercicio dos deberes de protección establecidos polas leis para a garda dos menores, cando estes queden privados da necesaria asistencia moral ou material.

A asunción da tutela da entidade pública leva consigo a suspensión da patria potestade ou da tutela ordinaria. Non obstante, serán válidos os actos de contido patrimonial que realicen os pais ou titores en representación do menor e que sexan beneficiosos para él.

2.- Cando os pais ou titores, por circunstancias graves, non poidan coidar ó menor, poderán solicitar da entidade pública competente que ésta asuma a súa garda durante o tempo necesario.

A entrega da garda farase constar por escrito deixando constancia de que os pais ou titores foron informados das responsabilidades que seguen mantendo respecto do fillo, así como da forma en que dita garda vai a exercerse pola Administración.

Calquera variación posterior da forma de exercicio será fundamentada e comunicada a aqueles e ó Ministerio Fiscal.

Asimesmo, asumirse a garda pola entidade pública cando así o acorde o Xuíz nos casos en que legalmente proceda.

3.- A garda asumida a solicitude dos pais ou titores ou como función da tutela por ministerio da Lei, realizarase mediante o acollemento familiar ou o acollemento residencial. O acollemento familiar exercerase pola persoa ou persoas que determine a entidade pública. O acollemento residencial exercerase polo Director do centro onde sexa acollido o menor.

4.- Buscarase sempre o interese do menor e procurarase, cando non sexa contrario a ese interese a súa reinserción na propia familia e que a garda dos irmáns se confíe a unha mesma institución ou persoa.

5.- Si xurdisen problemas graves de convivencia entre o menor e a persoa ou persoas a quen houbera sido confiado en garda, aquel ou persoa interesada poderá solicita-la remoción desta.

6.- As resolucións que aprecien o desamparo e declaren a asunción da tutela por ministerio da Lei serán recorribles ante a xurisdicción civil sen necesidade de reclamación administrativa previa".

### **Disposición final sexta**

O Artigo 173 do Código Civil terá a seguinte redacción:

"1.- O acollemento familiar produce a plena participación do menor na vida de familia e impón a quen o recibe as obrigas de velar por él, telo na súa compañía, alimentalo, educalo e procurarlle unha formación integral.

Este acollemento poderase exercer pola persoa ou persoas que substitúan ó núcleo familiar do menor ou por responsable do fogar funcional.

2.- O acollemento formalizarase por escrito, co consentimento da entidade pública, teña ou non a tutela ou a garda, das persoas que reciban ó menor e de éste si tivera doce anos cumpridos. Cando foran coñecidos os pais que non estiveran privados da patria potestade, ou o titor, será necesario tamén que presten ou prestasen o seu consentimento, salvo que se trate dun acollemento familiar provisional a que fai referencia o apartado 3 deste Artigo.

O documento de formalización do acollemento familiar, a que se refire o párrafo anterior, incluirá os seguintes extremos:

1º.- Os consentimentos necesarios.

2º.- Modalidade do acollemento e duración prevista para o mesmo.

3º.- Os dereitos e deberes de cada unha das partes, e en particular:

a) A periodicidade das visitas por parte da familia do menor acollido.

b) O sistema de cobertura por parte da entidade pública ou doutros responsables civís dos danos que sofre o menor ou dos que poida causar a terceiros.

c) A asunción dos gastos de manutención, educación e atención sanitaria.

4º.- O contido do seguimento que, en función da finalidade do acollemento, vaia a realiza-la entidade pública, e o compromiso de colaboración da familia acollidora ó mesmo.

5º.- A compensación económica que, no seu caso, vaian a recibir os acolledores.

6º.- Se os acolledores actúan con carácter profesionalizado ou se o acollemento se realiza nun fogar funcional, sinalarase expresamente.

7º.- Informe dos servizos de atención a menores.

Dito documento remitirase ó Ministerio Fiscal.

3.- Se os pais ou o titor non consenten ou se opoñen ó mesmo, o acollemento só poderá ser acordado polo Xuíz, en interese do menor, conforme ós trámites da Lei de Enxuzamento Civil. A proposta da entidade pública conterà os mesmos extremos referidos no número anterior.

Non obstante, a entidade pública poderá acordar en interese do menor, un acollemento familiar provisional, que subsistirá ata tanto se produza resolución xudicial.



A entidade pública, unha vez realizadas as dilixencias oportunas, e concluído o expediente, deberá presenta-la proposta ó Xuíz de maneira inmediata e, en todo caso, no prazo máximo de quince días.

4.- O acollemento do menor cesará:

1º.- Por decisión xudicial.

2º.- Por decisión das persoas que o teñen acollido, previa comunicación destas á entidade pública.

3º.- A petición do titor ou dos pais que teñan a patria potestade e reclamen a súa compañía.

4º.- Por decisión da entidade pública que teña a tutela ou garda do menor, cando o considere necesario para salvagarda-lo interese deste oídos os acolleedores.

Será precisa resolución xudicial de cesación cando o acollemento fose disposto polo Xuíz.

5.- Tódalas actuacións de formalización e cesación do acollemento practicaranse coa obrigada reserva".

### **Disposición final sétima**

Introdúcese no Código Civil un novo Artigo co número 173 bis, coa seguinte redacción:

"Artigo 173 bis

acollemento familiar, poderá adoptar as seguintes modalidades atendendo a súa finalidade:

1º.- Acollemento familiar simple, que terá carácter transitorio, ben porque da situación do menor se preveña a reinserción deste na súa propia familia ben en tanto se adopte unha medida de protección que revista un carácter mais estable.

2º.- Acollemento familiar permanente, cando a idade ou outras circunstancias do menor e a súa familia así o aconsellen e así o informen os servicios de atención ó menor. En tal suposto, a entidade pública poderá solicitar do Xuíz que atribúa ós acolleedores aquelas facultades das súas responsabilidades, atendendo en todo caso ó interese superior do menor.

3º.- Acollemento familiar preadoptivo, que se formalizará pola entidade pública cando esta eleve a proposta de adopción do menor, informada polos servicios de atención ó menor, ante a autoridade xudicial, sempre que os acolleedores reúnan os requisitos necesarios para adoptar, fosen seleccionados e prestasen ante a entidade pública o seu consentimento á adopción, e se atope o menor en situación xurídica adecuada para a súa adopción.

A entidade pública poderá formalizar, un acollemento familiar preadoptivo cando considere, con anterioridade á presentación da proposta de adopción, que fose necesaria establecer un período de adaptación do menor á familia. Este período será o mais breve posible e, en todo caso, non poderá exceder do prazo dun ano".

### **Disposición final oitava**

O Artigo 174.2 do Código Civil queda redactado como sigue:

"2.- A tal fin, a entidade pública lle dará noticia inmediata dos novos ingresos de menores e lle remitirá copia das resolucións administrativas e dos escritos de formalización relativos á constitución, variación e cesación das tutelas, gardas e acollementos. Igualmente lle dará conta de calquera novidade de interese nas circunstancias do menor.

O Fiscal haberá de comprobar, alomenos semestralmente, a situación do menor, e promoverá ante o Xuíz as medidas de protección que estime necesarias".

**Disposición final novena**

O Artigo 175.1 do Código Civil queda redactado como sigue:

"1.- A adopción require que o adoptante sexa maior de vintecinco anos. Na adopción por ambos cónxuxes basta que un deles alcanzase dita idade. En todo caso, o adoptante haberá de ter, polo menos, catorce anos mais que o adoptado".

**Disposición final décima**

O Artigo 176 do Código Civil quedará redactado como sigue:

"1.- A adopción constitúese por resolución xudicial, que terá en conta sempre o interese do adoptando e a idoneidade do adoptante ou adoptantes para o exercicio da patria potestade.

2.- Para inicia-lo expediente de adopción é necesaria a proposta previa da entidade pública a favor do adoptante ou adoptantes que dita entidade pública declarase idóneos para o exercicio da patria potestade. A declaración de idoneidade poderá ser previa á proposta.

Non obstante, non se require proposta cando no adoptando concorra algunha das circunstancias seguintes:

1.- Ser orfo e parente do adoptante en terceiro grao por consanguinidade ou afinidade.

2.- Ser fillo do consorte do adoptante.

3.- Levar mais dun ano acollido legalmente baixo a medida dun acollemento preadoptivo ou haber estado baixo a súa tutela polo mesmo tempo.

4.- Ser maior de idade ou menor emancipado.

3.- Nos tres primeiros supostos do apartado anterior poderá constituírse a adopción, aínda que o adoptante houbese finado, se este houbese prestado ante o Xuíz o seu consentimento. Os efectos da resolución xudicial neste caso retrotaeranse á data de prestación de tal consentimento".

**Disposición final décimo primeira**

O Artigo 177 do Código Civil quedará redactado como sigue:

"1.- Haberán de consenti-la adopción, na presenza do Xuíz, o adoptante ou adoptantes e o adoptado maior de doce anos.

2.- Deberán asentir á adopción na forma establecida na Lei de Enxuízamento Civil:

1º.- O cónxuxe do adoptante, salvo que medie separación legal por sentenza firme ou separación de feito por mutuo acordo que conste fehacientemente.

2º.- Os pais do adoptando que non se atopase emancipado, alomenos que estiveran privados da patria potestade por sentenza firme ou incursos en causa legal para tal privación. Esta situación só poderá apreciarse no procedemento xudicial contradictorio, o cal poderá tramitarse como dispón o Artigo 1.827 da Lei de Enxuízamento Civil.

Non será necesario o asentimento cando os que deban prestalo se atopen imposibilitados para isto, imposibilidade que se apreciará motivadamente na resolución xudicial que constituía a adopción.

O asentimento da nai non poderá prestarse ata que transcorresen trinta días dende o parto.

3.- Deberán ser simplemente oídos polo Xuíz:

1º.- Os pais que non fosen privados da patria potestade, cando o seu consentimento non sexa necesario para a adopción.

2º.- O titor e, no seu caso, o gardador ou gardadores.

3º.- O adoptando menor de doce anos, se tivese suficiente xuízo.

4º.- A entidade pública, a fin de aprecia-la idoneidade do adoptante, cando o adoptando leve mais dun ano acollido legalmente por aquel".

#### **Disposición final décimo segunda**

O primeiro párrafo do Artigo 211 do Código Civil terá a seguinte redacción:

"O internamento por razón de trastorno psíquico, dunha persoa que non esté en condicións de decidilo por se, aínda que esté sometida á patria potestade, requirirá autorización xudicial. Esta será previa ó internamento, salvo que razóns de urxencia fixesen necesaria a inmediata adopción da medida, da que se dará conta canto antes ó Xuíz e, en todo caso, dentro do prazo de vinte e catro horas. O internamento de menores, realizarase en todo caso nun establecemento de saúde mental adecuado a súa idade, previo informe dos servicios de asistencia ó menor".

#### **Disposición final décimo terceira**

O Artigo 216 do Código Civil terá un segundo párrafo coa seguinte redacción:

"As medidas e disposicións previstas no Artigo 158 deste Código poderán ser acordadas tamén polo Xuíz, de oficio ou a instancia de calquera interesado, en tódolos supostos de tutela ou garda, de feito ou de dereito, de menores e incapaces, en canto o requira o interese destes".

#### **Disposición final décimo cuarta**

O Artigo 234 do Código Civil terá un último párrafo coa seguinte redacción:

"Considérase beneficiosa para o menor a integración na vida de familia do titor"

#### **Disposición adicional décimo quinta**

O Artigo 247 do Código Civil terá a seguinte redacción:

"Serán removidos da tutela os que despois de deferida incorran na causa legal de inhabilidade, ou se conduzan mal no desempeño da tutela, por incumprimento dos deberes propios do cargo ou por notaria ineptitude do seu exercicio, ou cando xurdiran problemas de convivencia graves e continuados".

#### **Disposición final décimo sexta**

O Artigo 248 do Código Civil terá a seguinte redacción:

"O Xuíz, de oficio ou a solicitude do Ministerio Fiscal, do tutelado ou doutra persoa interesada decretará a remoción do titor, previa audiencia deste se, citado, comparecese. Así mesmo, darase audiencia ó tutelado se tivese suficiente xuízo".

#### **Disposición final décimo sétima**

Engádesse un segundo párrafo ó Artigo 260 do Código Civil coa seguinte redacción:

"Non obstante, a entidade pública que asuma a tutela dun menor por ministerio da Lei ou a desempeño por resolución xudicial non precisará prestar fianza".

#### **Disposición final décimo oitava**

1.- Os Artigos do Código Civil que se relacionan a continuación quedarán redactados como sigue:

Párrafo segundo do Artigo 166

"Os pais deberán recadar autorización xudicial para repudia-la herdanza ou legado deferidos ó fillo. Si o Xuíz denegase a autorización, a herdanza só poderá ser aceptada a beneficio de inventario".

Párrafo segundo do Artigo 185

"Serán aplicables ós representantes dativos do ausente, en canto se adapten a súa especial representación, os preceptos que regulan o exercicio da tutela e as causas de inhabilidade, remoción e excusa dos titores".

**Artigo 271.-** "O titor necesita autorización xudicial:

1º.- Para internar ó tutelado nun establecemento de saúde mental ou de educación ou formación especial.

2º.- Para enaxenar ou gravar bens inmobles, establecementos mercantís ou industriais, obxectos preciosos e valores mobiliarios dos menores ou incapacitados, ou celebrar contratos ou realizar actos que teñan carácter dispositivo e sexan susceptibles de inscrición. Exceptuase a venda do dereito de suscripción preferente de accións.

3º.- Para renunciar dereitos, así como transixir ou someter a arbitraje cuestións en que o tutelado estivese interesado.

4º.- Aceptar sen beneficio de inventario calquera herdanza, ou para repudiar ésta ou as liberalidades.

5º.- Para facer gastos extraordinarios nos bens.

6º.- Para entablar demanda en nome dos suxeitos a tutela, salvo nos asuntos urxentes ou de escasa cuantía.

7º.- Para ceder bens en arrendamento por tempo superior a seis anos.

8º.- Para dar e tomar cartos a préstamo.

9º.- Para dispor a título grauíto de bens ou dereitos do tutelado.

10º.- Para ceder a terceiros os créditos que o tutelado teña contra él, ou adquirir a título oneroso os créditos de terceiros contra o tutelado".

**Artigo 272.-** "Non necesitarán autorización xudicial a participación de herdanza nin a división de cousa común realizadas polo titor pero unha vez practicadas requirirán aprobación Xudicial".

**Artigo 273.-** "Antes de autorizar ou aprobar calquera dos actos comprendidos nos dous Artigos anteriores o Xuíz oír á ó Ministerio Fiscal e ó tutelado se fose maior de doce anos ou o considera oportuno e recadará os informes que lle sexan solicitados ou estime pertinentes".

**Artigo 300.-** "O Xuíz en procedemento de xurisdicción voluntaria de oficio ou a petición do Ministerio Fiscal, do propio menor ou de calquera persoa capaz de comparecer en xuízo, nomeará defensor a quen estime mais idóneo para o cargo".

**Artigo 753 .-** "Tampouco surtirá efecto a disposición testamentaria en favor de quen sexa titor ou curador do testador salvo cando se fixese despois de aprobadas definitivamente as contas ou no caso en que non tivese que renderse éstas despois da extinción da tutela ou curatela.

Serán sen embargo válidas as disposicións feitas en favor do titor ou curador que sexa ascendente, descendente, irmá, irmán, ou cónxuxe do testador".

**Artigo 996.-** "Si a sentencia de incapacitación por enfermidades ou deficiencias físicas ou psíquicas non dispuxese outra cousa o sometido a curatela poderá asistido do curador acepta-la herdanza pura e simplemente ou a beneficio de inventario".

Párrafo terceiro do Artigo 1.057

"O disposto neste Artigo e no anterior observarase aínda que entre os coherdeiros haxa algún sometido a patria potestade ou tutela ou curatela por prodigalidade ou por enfermi-

dades ou deficiencias físicas ou psíquicas; pero o contador partidor deberá nestes casos inventariar os bens da herdanza con citación dos representantes legais ou curadores de ditas persoas".

**Artigo 1.329.-** "O menor non emancipado que con arrego á Lei poida casarse poderá outorgar capitulacións pero necesitará o concurso e consentimento dos seus pais ou titor salvo que se limite a pacta-lo réxime de separación ou o de participación"

**Artigo 1.330.-** "O incapacitado xudicialmente só poderá outorgar capitulacións matrimoniais coa asistencia dos seus pais, titor ou curador".

Número 1º do Artigo 1.459

"Os que desempeñen algún cargo tutelar, os bens da persoa ou persoas que estean baixo a súa garda ou protección".

Número 3º do Artigo 1.700

"Por morte, insolvencia, incapacitación ou declaración de prodigalidade de calquera dos socios e no caso previsto no Artigo 1.699".

Número 3º do Artigo 1.732

"Por morte, incapacitación, declaración de prodigalidade ou insolvencia do demandante ou do mandatario".

2.- Quedan modificados os seguintes Artigos do Código Civil:

Nos Artigos 108, 823 e 980 quedan suprimidas respectivamente as palabras "plena" "plena", e "plenamente".

Nos Artigos 323 e 324 substitúense, respectivamente, as palabras "titor" e "titores", por "curador", e "curadores".

Queda suprimido o párrafo terceiro do Artigo 163.

No primeiro párrafo do Artigo 171 elimínanse as palabras "non se constituirá a tutela senón que".

Ó final do último párrafo deste mesmo Artigo 171 agrégase a frase "curatela segundo proceda".

O número 1º do artigo 234 substitúese polo seguinte:

"Ó cónxuxe que convivía co tutelado".

No Artigo 852 substitúese "e 5º", por "5º e 6º".

No Artigo 855 substitúese "e 6º" por "5º e 6º"; "169" por "170" e suprímese o seu último párrafo.

Queda suprimido o párrafo segundo do Artigo 992 e no terceiro que pasará a ser segundo elimínase a palabra "tamén".

Agrégase un segundo párrafo ó Artigo 1.060 do seguinte tenor:

"O defensor xudicial designado para representar a un menor ou incapacitado nunha participación, deberá obte-la aprobación do Xuíz se éste non houbese disposto outra cousa ó face-lo nomeamento".

O número 2º do Artigo 1.263 queda substituído polo seguinte:

"Os incapacitados".

No número 1º do artigo 1.291 as palabras "sen autorización xudicial" substitúen a "sen autorización do consello de familia".

No Artigo 1.338 substitúense as palabras "O menor" por "O menor non emancipado".

No número 1º do artigo 1.393 substitúense as palabras "declarado ausente" por "declarado pródigo, ausente".

### **Disposición final décimo novena**

A Lei de Enxuízamento Civil quedará modificada no seguinte sentido:

1.- Os actuais Artigos 1.910 e 1.918 da Lei de Enxuízamento Civil pasarán a integra-la Sección Terceira do Título IV do Libro III, titulada "Medidas provisionais en relación cos fillos de familia".

2.- A Sección Segunda do Título IV do Libro III, denominarase "Medidas relativas ó retorno de menores nos supostos de subtracción internacional" e comprenderá os Artigos 1.901 a 1.909, ambos inclusive, co seguinte contido:

**Artigo 1.901.-** Nos supostos en que, sendo aplicable un convenio internacional, se pretenda a restitución dun menor que houbese sido obxecto dun traslado ou retención ilícita, procederase de acordo co previsto nesta Sección.

**Artigo 1.902.-** Será competente o Xuíz de Primeira Instancia en cuia demarcación xudicial se atope o menor que foi obxecto dun traslado ou retención ilícitos.

Poderá promoverse o procedemento a persoa, institución ou organismo que teña atribuído o dereito de custodia do menor, a autoridade central española encargada do cumprimento das obrigas impostas polo correspondente convenio e, en representación desta, a persoa que designe dita autoridade.

As actuacións practicaranse con intervención do Ministerio Fiscal e os interesados poderán actuar baixo a dirección de Avogado.

A tramitación do procedemento terá carácter preferente e deberá realizarse no prazo de seis semanas dende a data en que se solicitara ante o Xuíz a restitución do menor.

**Artigo 1.903.-** A petición de quen promova o procedemento ou do Ministerio Fiscal, o Xuíz poderá adoptar a medida provisional de custodia do menor prevista na Sección seguinte desta Lei e calquera outra medida de aseguramento que estime pertinente.

**Artigo 1.904.-** Promovido o expediente mediante a solicitude á que se acompañará a documentación requirida polo correspondente convenio internacional, o Xuíz dictará, no prazo de vinte e catro horas, resolución na que se requirirá á persoa que subtrae ou retén ó menor, cos apercibimentos legais, para que na data que se determine, que non poderá exceder dos tres días seguintes, compareza no xulgado co menor e manifieste:

- a) Si accede voluntariamente á restitución do menor á persoa, institución ou organismo que é titular do dereito de custodia; ou, noutro caso,
- b) Si se opón á restitución por existir algunha das causas establecidas no correspondente convenio cuio texto acompañarase ó requirimento.

**Artigo 1.905.-** Si non comparecese o requirido, o Xuíz disporá a continuación do procedemento da súa rebeldía citando ós interesados e ó Ministerio Fiscal a unha comparecencia que terá lugar no prazo non superior ós cinco días seguintes e decretará as medidas provisionais que xulgue pertinentes en relación co menor.

Na comparecencia oírse ó solicitante e ó Ministerio Fiscal e no seu caso e separadamente, ó menor sobre a súa restitución. O Xuíz resolverá por auto dentro dos dous días seguintes a contar dende a data da comparecencia, se procede ou non a restitución, tendo en conta o interese do menor e nos termos do correspondente convenio.

**Artigo 1.906.-** Se comparecese o requirido e accedese á restitución voluntaria do menor, levantarase acta, acordando o Xuíz, mediante auto, a conclusión do procedemento e a

entrega do menor á persoa, institución ou organismo titular do dereito de custodia, así como o procedente en canto as costas e gastos.

**Artigo 1.907.-** Se na primeira comparecencia o requirido formulase oposición á restitución do menor, ó amparo das causas establecidas no correspondente convenio, non será de aplicación o disposto no Artigo 1.817 desta Lei, ventilándose a oposición ante o mesmo Xuíz polos trámites do xuízo verbal. A este fin:

a) No mesmo acto de comparecencia serán citados tódolos interesados e o Ministerio Fiscal, para que expoñan o que estimen procedente e, no seu caso, se practiquen as probas, en ulterior comparecencia, que se celebrará de conformidade co disposto no Artigo 730 e concordantes desta Lei dentro do prazo improrrogable dos cinco días a contar dende a primeira.

b) Asimesmo, tra-la primeira comparecencia o Xuíz oír, no seu caso, separadamente ó menor sobre a súa restitución e poderá recadar os informes que estime pertinentes.

**Artigo 1.908.-** Celebrada a comparecencia e, no seu caso, practicadas as probas pertinentes dentro dos seis días posteriores, o Xuíz dictará auto dentro dos tres días seguintes, resolvendo, en interese do menor e nos termos do convenio se procede ou non a súa restitución. Contra dito auto só caberá recurso de apelación nun so efecto, que deberá resolverse no improrrogable prazo de vinte días.

**Artigo 1.909.-** Se o Xuíz resolverse a restitución do menor, no auto establecerase que a persoa que trasladou ou retivo ó menor abone as costas do procedemento así como os gastos en que incorrera o solicitante, incluídos os da viaxe e os que ocasione a restitución do menor ó Estado da súa residencia habitual con anterioridade á subtracción, que se farán efectivos polos trámites previstos no Artigo 928 e concordantes desta Lei.

Nos demais supostos, declararanse de oficio as costas do procedemento".

### **Disposición final vixésima**

O Ministerio Fiscal velará para que, incoado un procedemento sobre reclamación fronte ás resolucións das entidades públicas que xurdan con motivo do exercicio das súas funcións en materia de tutela ou de garda, se resolvan no mesmo expediente tódalas accións e incidencias que afecten a un mesmo menor. A tal efecto, promoverá ante os órganos xurisdiccionais as actuacións oportunas previstas na lexislación procesal.

### **Disposición final vixésimo primeira**

1.- O Artigo 5 nos seus apartados 3 e 4; o Artigo 7 no seu apartado 1; o Artigo 8, no seu apartado 2 letra c), o Artigo 10, nos seus apartados 1 e 2 letras a), b) e d); os Artigos 11, 12, 13, 15, 16, 17, 18 no seu apartado 2, 21 nos seus apartados 1, 2 e 3, e o Artigo 22, son lexislación supletoria da que dicten as Comunidades Autónomas con competencia en materia de asistencia social.

2.- O Artigo 10, no seu apartado 3, o Artigo 21, no seu apartado 4, o Artigo 23, as disposicións adicionais primeira, segunda e terceira, a disposición transitoria única e as disposicións finais decimonovena e vixésima, díctanse ó amparo do Artigo 149.1.2, 3 e 6 da Constitución.

3.- Os restantes preceptos non orgánicos da Lei, así como as revisións ó Código Civil contidas na mesma, díctanse ó amparo do Artigo 149.1.8 da Constitución e aplicaranse sen prexuízo da normativa que dicten as Comunidades Autónomas con competencia en materia de Dereito Civil, Foral ou Especial.

**Disposición final vixésimo segunda**

As entidades públicas mencionadas nesta Lei son as designadas polas Comunidades Autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla, de acordo coas súas respectivas normas de organización.

**Disposición final vixésimo terceira**

Teñen carácter de Lei ordinaria os Artigos 1; 2; 5, apartados 3 e 4; 7, apartado 1; 8, apartado 2 letra c; 10, apartados 1 e 2, letras a, b e d, 3 e 4, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 19, 20, 21, 22, 23, 24 e 25; as disposicións adicionais primeira, segunda e terceira, a disposición transitoria; a disposición derogatoria, e as disposicións finais primeira a vixésima segunda e vixésima cuarta.

Os preceptos relacionados no párrafo anterior aplicaranse segundo o previsto na disposición adicional vixésima primeira.

**Disposición final vixésimo cuarta**

A presente Lei entrará en vigor ós trinta días da súa publicación no "Boletín Oficial do Estado".

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades que garden e fagan gardar esta Lei Orgánica.



**Lei 3/1997, do 9 de xuño, galego da familia, a infancia e da adolescencia (DOG nº 118, do 20 de xuño de 1997)****PARTE I**

O dereito de familia tradicionalmente foise conformando como un conxunto de leis civís determinantes dos dereitos e das obrigas que poden esixirse cada un dos membros da familia entre si en virtude das relacións xurídicas paterno-filiais e parentais (obrigas entre cónxuxes, dereitos de alimentos, patria potestade...), configuración na que latexa en todo caso a convicción do lexislador de que as relacións familiares teñen un contido esencialmente ético, de difícil sanción xurídica, de xeito que a familia se converte nun ámbito amparado pola privacidade e no cal os poderes públicos carecen de lexitimación interventora. En efecto, integrado o dereito de familia por un conxunto de institucións inspiradas nunha idea principal de privacidade, é lóxico que a escasa lexislación familiar de carácter público se limitase a certas familias que saían do patrón normal e precisaban dunha especial tutela pública (familias numerosas, familias monoparentais), ignorando, xa que logo, a dimensión social do dereito aplicable ó ámbito familiar. Neste contexto histórico, é lóxico que o dereito familiar e o dereito social resultasen ser antitéticos.

É obvio, sen embargo, que unha nova conciencia social reclama un cambio de óptica que faga posible a consideración da familia como unha das estruturas básicas de integración social. Proceso este que o lexislador estatal acometeu en ámbitos coma o da tutela, o da adopción, o réxime económico matrimonial; pero do que quedou descolgada a institución da familia, como unidade básica da estrutura social, que sen embargo é obxecto dunha protección integral no artigo 39 da Constitución española, o cal lles impón a obriga ás poderes públicos de dispensarlles unha protección xurídica económica e social ás familias, precepto que supón un dobre cambio cualitativo: lexitima unha actuación pública de protección familiar comprensiva dun conxunto de políticas de contido plural - dada a súa conexión cos campos do traballo, da cultura, da vivenda, da sanidade, etc.- e, ó mesmo tempo, superadora da antítese público-privada no ámbito do dereito da familia; e refírese a familias en xeral, sen constrinxila a protección pública a un determinado modelo familiar nin a aquelas familias que se separen do dito modelo.

Tomando todo isto en conta, o Parlamento de Galicia adopta a iniciativa de legislar sobre a familia, para o cal debe superar un dobre obstáculo: dunha parte, a identificación establecida entre dereito de familia e dereito civil, concepción tradicional e reduccionista que supón priva-la Comunidade galega da súa propia lexislación familiar; e, doutra parte, a identificación do dereito de familia como dereito privado sen ningunha conexión co dereito público, nun contexto histórico no que, como xa se puxo de manifesto, dereito familiar e dereito social resultaron ser antitéticos.

**PARTE II**

Así mesmo, constitúe un fenómeno innegable dos nosos días, incluso nas sociedades máis modernas e desenvolvidas, que os nenos e as nenas e os adolescentes e as adolescentes requiren uns cuidados e asistencia especiais no que se refire á súa saúde e ó seu desenvolvemento físico, mental, moral e social. Esta especial tutela e amparo deles, como xa recordara a Declaración de dereitos da ONU en 1959, atopa o seu fundamento no feito de constituí-la infancia un dos colectivos máis vulnerables da sociedade.

Resulta, por outra banda, evidente que calquera política pública de protección e asistencia ós nenos e ás nenas e ós adolescentes e ás adolescentes perderá unha gran parte da súa eficacia se as autoridades e as institucións non toman como referente básico inspirador e dinamizador da súa acción tutela-la familia, como núcleo natural vertebrador da socieda-

de, e non pretenden, correlativamente, a plena integración daqueles nela; pois non pode deixar de recoñecerse que o neno e a nena e o adolescente e a adolescente, para o pleno e harmonioso desenvolvemento da súa personalidade, deben medrar no seo dunha familia e arroupados por unhas condicións mínimas de estabilidade e de equilibrio afectivo e material que lles permitan prepararse adecuadamente para unha vida independente e responsable.

É notorio tamén que esa necesidade de proporcionarlles ós nenos e ás nenas e ós adolescentes e ás adolescentes os medios para un desenvolvemento harmónico e equilibrado reclama a adopción de políticas múltiples nos campos educativo, sanitario e socioasistencial, e que todas elas deberán estar postas en conexión e adecuadamente coordinadas. Pero non pode deixar de considerarse, dentro das denominadas políticas de benestar favorecedoras dun desenvolvemento integral do neno e da nena e do adolescente e da adolescente, como máis prioritaria e urxente a de promover en favor deles os medios adecuados de amparo ante circunstancias de grave risco para a súa integridade física e moral, como son o abandono, a mendicidade e venda na rúa, a marxinação, o absentismo escolar ou incluso os malos tratos ou a explotación sexual, ofertándolles un tipo de asistencia pública básica ou primaria orientada a proporcionarlle-los coidados e a axuda material necesaria para apartalos das situacións de desamparo e a súa reintegración familiar, cando esta sexa posible.

### **PARTE III**

A Constitución española, principalmente no seu artigo 39, prevé unha dobre protección: á familia, nos aspectos social, económico e xurídico e ós nenos e ás nenas e ós adolescentes e ás adolescentes, en canto ós dereitos que lles son recoñecidos polas normas convencionais e acordos internacionais, presididas todas elas polas orientacións da Convención dos dereitos do neno da ONU, do 20 de novembro de 1989, ratificada por España.

Pola súa parte, o Estatuto de autonomía de Galicia lexitima a actuación lexislativa da Comunidade Autónoma no campo da protección da familia, da infancia e da adolescencia nos títulos competenciais xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario (artigo 27, apartados 23 e 24), dos que o primeiro deles deu lugar ás transferencias a aquela de funcións nas materias de servizos e asistencia sociais (Real decreto 2.411/1982, do 24 de xullo) e de institucións de protección e tutela de menores (Real decreto 1.108/1984, do 29 de febreiro). A Xunta de Galicia anticipouse a esta lei coa aprobación do Decreto 196/1988, do 28 de xullo, polo que se desenvolve no ámbito da Comunidade Autónoma galega a Lei estatal 21/1987, do 11 de novembro, e do Decreto 112/1995, do 31 de marzo, que establece un réxime integral de medidas de protección e asistencia ós menores.

Con fundamento en todas estas premisas e antecedentes normativos, a Comunidade Autónoma de Galicia dispón de competencia lexislativa propia para proceder á ordenación dun marco normativo xeral no que se inscriban e teñan referencia o conxunto de actuacións públicas en materia de protección e asistencia á familia, á infancia e á adolescencia, sen prexuízo dos plans e programas políticos de protección integral que poida aprobalo Goberno galego con fundamento ou en desenvolvemento das xenéricas orientacións legais. Todo isto sen esquecer-la aplicación necesaria da lexislación do Estado en todos aqueles aspectos institucionais que sexan da súa exclusiva competencia na materia.

Sistematicamente, a lei estrutúrase nun título preliminar e cinco títulos máis, catro disposicións adicionais, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras.

No título preliminar, despois de determina-lo obxecto da lei e o seu ámbito de aplicación, articúlanse disposicións comúns sobre a planificación de actuacións e a programación de

recursos, así como sobre os principios rectores da actuación dos poderes públicos de Galicia en materia de asistencia e protección da familia, da infancia e da adolescencia, para concluír cunha necesaria referencia ás competencias autonómicas e locais, así como ás funcións de colaboración e coordinación con outras entidades públicas e privadas.

O título I destínase a determinar e enumera-los dereitos da familia, da infancia e da adolescencia recoñecidos e tutelados polos poderes públicos de Galicia, os cales gardan correspondencia plena cos que lles garanten a Constitución e as leis estatais, así como a ordena-la forma do seu exercicio, facendo, responsables a tódolos poderes públicos de Galicia da súa efectiva tutela.

Na delimitación positiva dos dereitos do menor quíxose incluír unha referencia expresa a aqueles especialmente protexidos, seguindo as orientacións das cartas internacionais sobre protección dos dereitos humanos, para poñer de manifesto que a defensa dos dereitos e das liberdades da infancia e da adolescencia constitúe unha tendencia común e unha orientación política prioritaria en tódolos países civilizados. E é neste contexto constitucional e internacional no que se debe inseri-la nova conciencia social das políticas de protección á familia, á infancia e á adolescencia, demandando accións particulares no campo lexislativo que enmarquen as políticas públicas de tutela e protección destes colectivos, relegada ata agora ó campo das institucións civís.

Pero esta tutela dos dereitos da infancia, especialmente en casos de posible desamparo ou marxinação, non pode quedar reducida á que ofrezan os poderes públicos senón que se debe articular como unha actuación múltiple e coordinada na que teñan principal protagonismo a iniciativa familiar e a colaboración das entidades de iniciativa social, intervindo aqueles subsidiariamente sen prexuízo dunha actuación inmediata e directa nos casos nos que a familia ou o menor o requiran.

O título II desenvolve as medidas de prevención e protección da familia, establecendo accións singulares tanto preventivas coma asistenciais e integradoras orientadas a evitar toda discriminación que poida dificulta-la integración familiar, para o que se fai necesaria a coordinación permanente das políticas sociais, educativas e sanitarias.

A mención especial que neste título se fai ás familias rurais responde á específica estrutura territorial e demográfico-social da Comunidade galega. O despoboamento do interior aconsella adaptar medidas específicas para aquelas familias radicadas en zonas rurais de economía esencialmente primaria e onde a familia desempeña un esencial papel de integración e cohesión.

O título III está dedicado á regulación das medidas de protección á infancia e á adolescencia. Nela tivéronse en conta os propios antecedentes normativos existentes na Comunidade Autónoma nesta materia, así como as principais innovacións achegadas pola Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, ó caso ordenamento xurídico. Neste sentido, abúndase no concepto de desamparo e describíense de maneira sistemática todas e cada unha das actuacións protectoras, como son a tutela administrativa, a súa suspensión e execución, a garda e as distintas modalidades de acollemento familiar e residencial, así como a figura da adopción, tanto nacional coma internacional. Pecha este título o capítulo IV, dedicado ás institucións e ás entidades de atención a menores, así como a aquelas que realicen funcións de mediación en adopción internacional, establecendo os requisitos mínimos que todas elas deben reunir para o seu funcionamento.

No título IV, baixo o epígrafe de menores en conflito social, prevese de forma claramente novidosa o marco competencial que, segundo a Lei 4/1992, do 5 de xuño, reguladora da competencia e do procedemento dos xulgados de menores, na súa disposición adicional

terceira, teñen atribuídas as comunidades autónomas para a execución das medidas xudiciais por parte dos menores infractores non suxeitos a responsabilidade penal.

A finalidade fundamental da actuación da Administración autonómica respecto destes menores en conflito social é conseguila súa integración a través dun tratamento educativo individualizado e, preferentemente, no seu contorno sociocomunitario, impulsando ó mesmo tempo actuacións preventivas na materia.

Pola súa especial transcendencia dedícaselle un capítulo á regulación das medidas de internamento en centros de reeducación, dos seus distintos réximes, así como á tipificación das condutas que poidan ser obxecto de medidas de corrección.

Finalmente, no título V incorpórase un réxime básico específico de infraccións e sancións; a introducción destas no texto legal parece xustificada co fin de que a protección que a lei ofrece non se vexa burlada impunemente por aquelas persoas ou entidades que promovan actuacións que atenten contra os dereitos nela recoñecidos.

Por todo o exposto o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2º do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo en nome de El Rei a Lei galega da familia, da infancia e da adolescencia.

## **TITULO PRELIMINAR**

### **DISPOSICIÓN XERAIS**

#### **Artigo 1º.- Obxecto**

Esta lei ten por obxecto o establecemento dun marco xeral de actuacións que deberán promover os poderes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia no ámbito das súas respectivas competencias, dirixidas a procurar, de conformidade co disposto no artigo 39 da Constitución, a protección xurídica, económica e social da familia, da infancia e da adolescencia, así como a protección e asistencia dos menores que se atopan nunha situación de posible desprotección, desamparo ou conflito social.

#### **Artigo 2º.- Ámbito de aplicación**

1. Son familias, para os efectos desta lei, os conxuntos de persoas unidas por vínculos de matrimonio ou de parentesco, ou as unidades de convivencia cando constitúan núcleos estables de vida en común.
2. Para os efectos desta lei, enténdese por infancia o período da vida das persoas comprendido desde o nacemento ata a idade de 12 anos, e por adolescencia desde a dita idade ata a maioría establecida por lei.

#### **Artigo 3º.- Principios rectores**

Serán principios rectores da actuación dos poderes públicos de Galicia no exercicio das funcións de asistencia e protección á familia, á infancia e á adolescencia:

- 1) O respecto ós dereitos da familia, da infancia e da adolescencia a que se refire o título 1 desta lei.
- 2) O impulso dunha política integral de apoio á familia que teña en conta as súas necesidades básicas e as dos seus membros, tales como a vivenda, a educación, a cultura, a saúde e o traballo, de xeito que lles permita alcanza-la plenitude do seu desenvolvemento e autonomía.
- 3) A primacía do interese do neno e da nena e do adolescente e da adolescente sobre calquera outro interese que inspire as actuacións públicas ou privadas encargadas da súa protección.
- 4) O favorecemento da integración socio-familiar dos menores, procurando, sempre que sexa posible, a permanencia no seu ambiente familiar e contorno comunitario.

5) A estimulación do desenvolvemento persoal dos nenos e das nenas, dos adolescentes e das adolescentes e dos restantes compoñentes da familia, así como a potenciación de tódolos ámbitos de socialización que lles son propios.

6) A globalización no estudo da problemática da familia, da infancia e da adolescencia e na aplicación dos programas e das medidas tanto preventivas coma paliativas.

7) A aplicación racional dos recursos normalizados, xa sexa a través dos servizos primarios ou dos especializados.

8) O fomento da solidariedade e da sensibilidade social ante os problemas que afecten á familia, á infancia e á adolescencia.

9) A coordinación de actuacións con todo tipo de organismos e institucións, públicas ou privadas, que interveñan na protección, defensa e atención á familia, á infancia e á adolescencia, promovendo criterios comúns e actuacións múltiples nas ordes familiar, educativa, sanitaria, cultural e social.

10) A confidencialidade de tódalas actuacións que promovan as administracións públicas e institucións privadas en interese e defensa da infancia e da adolescencia.

#### **Artigo 4º.- Planificación de actuacións e programación de recursos**

1. Para facer posible unha adecuada e eficaz asistencia e protección á familia, á infancia e á adolescencia no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia preverase un plan integral de apoio específico.

2. A planificación das políticas de apoio á familia inspirarase no principio de responsabilidade pública, así como nos de universalidade, pluralidade, participación, autonomía persoal e social e solidariedade.

3. A actuación dos poderes públicos galegos no campo da asistencia e protección á infancia e á adolescencia desenvolverase de forma integral, xuntando, no posible, os recursos dispoñibles en accións coordinadas e, se é o caso, conxuntas. A xestión destes recursos levarase a cabo de acordo con criterios de descentralización e/ou desconcentración, a prol de favorecer a participación das distintas institucións, sexan públicas ou privadas, na súa xestión e a proximidade da Administración ó cidadán.

4. Para os efectos da necesaria coordinación de actuacións, a Xunta de Galicia adoptará un sistema permanente de comunicación que garante a necesaria cooperación interadministrativa en tódalas ordes, especialmente nos ámbitos familiar, educativo, sanitario e de servizos sociais. En particular, a Xunta de Galicia, a través das consellerías competentes, promoverá actuacións de cooperación cos concellos, deputacións e outras institucións públicas, así como de colaboración cos organismos e entidades privadas, co fin de promover e fomentar a participación nas actuacións de protección e asistencia á familia, á infancia e á adolescencia.

#### **Artigo 5º.- Atribución de competencias**

1. A Xunta de Galicia, no exercicio das competencias que ten atribuídas na materia desta lei e a través das consellerías competentes, levará a cabo:

a) A dirección, planificación, programación e ordenación de obxectivos e medidas, regulamentarias e de xestión, así como a coordinación de actuacións.

b) A xestión pública do procedemento adoptivo no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

c) A avaliación e o seguimento dos programas de asistencia e protección á infancia e á adolescencia, así como a promoción do seu ambiente familiar.

d) A autorización, habilitación, inspección e control das entidades e dos centros que presen servizos de atención á familia, á infancia e á adolescencia.

e) A creación e xestión dos centros e programas que pola súa natureza, ámbito ou outras circunstancias concorrentes asuma a Administración autonómica.

f) A tutela de menores desamparados e o exercicio das funcións de protección deles segundo a legislación vixente.

2. Os municipios, sen prexuízo do disposto na lexislación de réxime local e na Lei galega de servizos sociais, exercerán as súas competencias en materia de protección á familia, á infancia e á adolescencia a través das seguintes actuacións:

a) A participación na detección das necesidades de carácter sanitario, educativo, económico, sociolaboral, familiar ou outras análogas que afecten ás familias, ós nenos e ás nenas e ós adolescentes e ás adolescentes que residan no seu territorio.

b) A provisión directa de servizos e prestacións destinados ás familias residentes no respectivo territorio que presenten aspectos carenciais.

c) O fomento da participación das familias nos asuntos públicos que directamente as afecten.

d) A información e orientación a cerca dos recursos destinados á familia, á infancia e á adolescencia, xa sexan de carácter primario ou especializado.

e) A prevención, apreciación e intervención nas situacións de risco nas que poidan atoparse os menores, de conformidade co disposto no artigo 17 da Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, así como a colaboración no seguimento das medidas de protección adoptadas pola Xunta de Galicia, todo isto sen prexuízo das competencias que esta ten na materia. Para tales efectos, a Xunta de Galicia prestaralles ós municipios a asistencia técnica necesaria para o efectivo cumprimento destas funcións.

3. Ás deputacións provinciais, de conformidade coas competencias que lles atribúe a lexislación de réxime local e maila Lei galega de servizos sociais, correspóndelles garantir a prestación integral e adecuada, na totalidade do territorio provincial, dos servizos de competencia municipal establecidos no artigo anterior, coadxuvando ó seu mantemento e financiamento especialmente respecto dos municipios de menos de 20.000 habitantes e naqueles casos nos que, para a súa prestación, sexa necesario acudir ás asociacións de municipios.

#### **Artigo 6º.- Deber de colaboración**

1. Todo aquel que teña algunha responsabilidade sobre un neno ou unha nena ou un adolescente ou unha adolescente estará obrigado a dispensarlle a atención e os coidados necesarios, dentro das súas posibilidades e en función da súa situación, para que poida gozar dunhas condicións de vida dignas que favorezan o seu desenvolvemento integral.

2. Así mesmo, constitúe un deber legal dos cidadáns a colaboración coas autoridades e cos axentes na promoción de actuacións públicas orientadas ás fins desta lei.

### **TITULO 1**

## **DEREITOS DA FAMILIA, DA INFANCIA E DA ADOLESCENCIA**

### **Artigo 7º.- Principios xerais**

1. Tódolos membros da familia gozarán da tutela xurídica dos dereitos individuais e colectivos recoñecidos pola Constitución e polos pactos e acordos internacionais ratificados polo Estado español e demais recoñecidos polo resto do ordenamento xurídico. En particular, a infancia e a adolescencia gozarán dos que proclama a Convención das Nacións Unidas sobre os dereitos do neno de 1989 sen ningunha discriminación nin diferenza de trato por circunstancias persoais, familiares ou sociais.

2. Correspóndelles a tódolos poderes públicos de Galicia velar polo correcto exercicio dos dereitos da familia, da infancia e da adolescencia, removerlos obstáculos que impidan ou

dificulten o seu exercicio e adoptar, dentro do ámbito das súas competencias, as medidas necesarias para previr abusos de dereito así como impedi-la persistencia destas situacións.

3. A actuación dos poderes públicos nesta materia terá carácter subsidiario respecto da que lles corresponde ós país no ámbito familiar. Exceptúanse as actuacións ante aquelas situacións de risco grave para a integridade física ou psíquica do neno ou da nena ou do adolescente ou da adolescente, que poderá acordarse directamente e por iniciativa dos poderes públicos. Nestes casos, notificaráselles ás persoas que sexan responsables da súa protección, tutela e garda, cando sexa posible.

#### **Artigo 8º.- Dereitos da infancia e da adolescencia de especial protección**

Para os efectos desta lei, consideraranse como dereitos da infancia e da adolescencia suxeitos a unha especial protección e tutela polos poderes públicos de Galicia os seguintes:

- a) O dereito á vida e á protección da súa integridade física, psíquica e moral, debendo ser protexidos contra toda forma de maltrato, violencia, manipulación ou abuso sexual.
- b) O dereito a ser protexido contra calquera clase de explotación laboral, incluída a práctica da mendicidade.
- c) O dereito desde o seu nacemento a un nome e a unha nacionalidade. Os poderes públicos deberán adoptar cantas medidas fosen necesarias para velar polo cumprimento deste dereito e para garantirles ó neno ou á nena e ó adolescente ou á adolescente a preservación da súa identidade.

Neste sentido, os centros sanitarios, públicos ou privados, nos que se produzan nacementos ou se operen técnicas de reprodución asistida dispoñerán das garantías suficientes para asegura-la inequívoca identificación dos nacidos ou concibidos.

- d) O dereito a unha adecuada atención por parte dos seus país, tutores ou gardadores no exercicio das súas facultades ou deberes, debendo os poderes públicos adopta-las medidas necesarias para garanti-la súa efectividade.

e) O dereito á educación conforme o establecido na Constitución e na normativa vixente, así como a recibir unha formación integral. As administracións públicas colaborarán coa familia no proceso educativo do neno ou da nena e do adolescente ou da adolescente e emprenderán as accións necesarias para evita-lo absentismo escolar e conseguila súa integración no sistema educativo.

Os nenos e as nenas e os adolescentes e as adolescentes con necesidades educativas especiais ou que presenten dificultades de inserción na vida social polas súas condicións persoais ou circunstancias familiares terán dereito á asistencia e formación necesarias que lles permitan o seu adecuado desenvolvemento e realización persoal.

Os poderes públicos adoptarán as medidas necesarias que garantan o dito dereito.

- f) O dereito a expresarse libremente nos termos constitucionalmente previstos. Esta liberdade de expresión ten tamén o seu límite na protección da intimidade e da imaxe do propio menor.

En especial, o dereito á liberdade de expresión dos menores esténdese:

- Á publicación e difusión das súas opinións.
- Á edición e produción de medios de difusión.
- O acceso ás axudas que as administracións públicas establezan para tal fin.

O exercicio deste dereito poderá estar suxeito ás restriccións que prevexa a lei para garanti-lo respecto dos dereitos dos demais ou a protección da seguridade, saúde, moral ou orde pública.

- g) O dereito a expresarse na súa lingua propia, de orixe ou de libre elección, sen discriminacións por razón dela.

h) O dereito á protección e promoción da súa saúde e á atención sanitaria de acordo co disposto na lexislación vixente.

i) O dereito a que se respecte a súa vida privada, familiar e social, e a que se protexa esta de toda inxerencia arbitraria ou ilegal, así como de todo ataque á súa honra ou á súa imaxe.

Prohíbese a difusión de información ou a utilización de imaxes ou nomes dos nenos ou das nenas e dos adolescentes ou das adolescentes nos medios, de comunicación que poidan implicar unha intromisión ilexítima na súa intimidade, honra ou reputación, ou que sexa contraria ás seus intereses, aínda que presten o seu consentimento eles mesmos ou os seus representantes legais.

A Xunta de Galicia promoverá a difusión de materiais informativos e outros destinados ás menores que respecten os criterios enunciados, ó mesmo tempo que faciliten o acceso dos menores ás servizos de información, documentación, bibliotecas e demais servizos culturais.

De maneira especial, velará porque os medios de comunicación nas súas mensaxes dirixidas ós menores promovan mensaxes de valores de igualdade, solidariedade e respecto ós demais, evitando imaxes de violencia, explotación nas relacións interpersoais ou, que reflitan trato degradante ou sexista.

j) O dereito a ser informado de forma comprensible para a súa idade dos seus dereitos e da súa situación persoal, así como das medidas que pretendan adaptarse no seu interese e para a súa protección. Recoñéceselle así mesmo o dereito a ser escoltado en tódalas actuacións que se promovan para a protección e tutela dos seus dereitos, tanto administrativas coma xudiciais, todo isto sen prexuízo dos casos nos que o menor deba presta-lo seu consentimento cando legalmente proceda. No caso de non dispoñer de suficiente xuízo, poderase acordar a audiencia a través do seu representante legal.

k) O dereito á asistencia pública en casos de abandono, marxinación, malos tratós ou necesidade. Prestaráselle unha especial atención á defensa dos dereitos da infancia e da adolescencia fronte a todo tipo de actuacións que atenten contra a súa integridade física e moral.

### **Artigo 9º.- Defensa dos dereitos da infancia e da adolescencia**

1. Os nenos e as nenas e os adolescentes e as adolescentes para a defensa dos seus dereitos poderán persoalmente ou a través do seu representante legal:

a) Dirixirse ás administracións públicas en demanda da protección e asistencia que precisen e solicitar daquelas os recursos sociais dispoñibles.

b) Poñer en coñecemento do Ministerio Fiscal todas aquelas situacións e actuacións que atenten contra os seus dereitos e contra a súa integridade física e moral.

c) Presentar queixas ante o Defensor del Pueblo e ante o Valedor do Pobo. A tal fin un dos vicevaledores farase cargo de modo permanente dos asuntos relacionados cos menores.

O Valedor do Pobo, para a defensa dos dereitos especialmente referidos á infancia e á adolescencia, asignaralle estas competencias a un dos vicevaledores.

As autoridades ou responsables de tódolos centros facilitaránlle ó Valedor tódala información que lles sexa requirida.

O vicevaledor responsable prestará especial atención a:

- Defendelos dereitos da infancia e da adolescencia a tódolos niveis.
- Velar polo respecto da lexislación vixente en materia de protección da infancia e da adolescencia.



- Propoñer, a través do Valedor do Pobo, medidas susceptibles de mellora la protección da infancia e da adolescencia ou de perfecciona-la aplicación das xa existentes.
- Promover diante da sociedade galega a información sobre os dereitos da infancia e da adolescencia e sobre as medidas que é necesario tomar para a súa mellor atención e coidado.

2. A Xunta de Galicia facilitaralle ó xuíz competente información, medios, instalacións e persoal especializado para facilita-la efectiva recuperación do neno ou da nena ou do adolescente ou da adolescente e a súa integración social e laboral.

#### **Artigo 10º.- Deber dos fillos**

Os fillos deberán respecta-los seus pais e obedécelos cando estes actúen no exercicio dos seus deberes e responsabilidades parentais. Así mesmo, os fillos contribuirán ó desenvolvemento da vida familiar colaborando nas actividades domésticas sen distinción de sexo conforme a súa idade, madurez e circunstancias.

### **TÍTULO II**

#### **DA PROTECCIÓN DA FAMILIA**

##### **Artigo 11º.- Principios rectores**

1. A Xunta de Galicia coidará do cumprimento dos deberes que a lei impón nas relacións familiares e promoverá o acceso á vida social, cultural e educativa de tódolos seus membros, especialmente daqueles dos que as posibilidades de integración sexan máis difíciles.

2. A Xunta de Galicia, no ámbito da Comunidade Autónoma e no exercicio das súas competencias, garantirá unha protección integral da familia e arbitrará as medidas necesarias para evitar toda discriminación dela ou dos seus membros por razón do seu propio carácter, tanto na orde xurídica coma na económica e social.

3. En cumprimento destes fins, a Xunta de Galicia realizará as seguintes actuacións xerais:

a) Coordina-lo sistema xeral de recursos disponibles para a atención das necesidades familiares básicas e promove-la acción conxunta e sistemática dos diversos órganos e entidades da Administración pública galega que teñan atribucións no ámbito da protección familiar co fin de obter unha correcta prestación dos servicios.

b) Establece-las condicións de calidade que deban reuni-los diversos centros e servicios de atención familiar e os seus requisitos de funcionamento, así como as condicións para acceder a eles. Así mesmo, prestaralles asistencia técnica ás entidades titulares daqueles.

c) Regular aquelas prestacións, xa sexan económicas ou técnicas, que teñan por obxecto incidir favorablemente nas situacións de carencia familiar.

d) Procurar, a través da planificación e coordinación, unha adecuada cobertura territorial da protección integral ás familias.

e) Integra-las políticas sociais, educativas e sanitarias coa promoción, defensa e tutela da familia.

##### **Artigo 12º.- Actuacións preventivas e asistenciais**

No exercicio destas competencias, a Xunta de Galicia, por si ou en colaboración coas corporacións locais e cos axentes sociais, se é o caso, desenvolverá as seguintes actuacións tanto na orde preventiva coma na asistencial:

a) Garantirá a creación de servicios de información e asesoramento ás familias que, a través de persoal especializado, orienten sobre o exercicio da paternidade responsable e a planificación familiar e procuren a busca de solucións adecuadas ás distintas problemáticas que poden darse no seo da familia.

b) Informará, a través de campañas divulgativas e de sensibilización social, sobre as causas máis frecuentes que están na orixe dos procesos de desestructuración familiar, tales como o alcoholismo e a droga.

- c) No sistema sanitario, desenvolveranse medidas de prevención das minusvalideces, diagnóstico prenatal, seguimento do embarazo e rehabilitación de discapacidades.
- d) Fomentará a calidade de vida das familias, elaborando programas que lles faciliten o acceso ós bens de primeira necesidade e ás sistemas ordinarios de atención primaria, todo iso co fin de evita-la exclusión social.
- e) Desenvolverá a través do sistema educativo medidas orientadas a implicar directamente as familias nos recursos educativos e garantirá a creación de escolas infantís e servicios de atención á infancia e á adolescencia como recursos que contribúen ó desenvolvemento integral dos nenos e das nenas e dos adolescentes e das adolescentes e, se é o caso, ó logro dunha maior autonomía familiar. Para estes efectos, a Xunta de Galicia elaborará e desenvolverá un plan de dotación de recursos no que se coordinen as súas actuacións coas das diferentes administracións públicas e as entidades privadas.
- f) Establecerá un sistema de prestacións económicas tendentes a procurarlles ás familias que carezan de medios suficientes un salario digno que se corresponda coa composición familiar e co grao de obrigacións familiares asumidas, así como axudas destinadas a paliar situacións de emerxencia social para cubrir necesidades específicas da familia de carácter básico e urxente.
- g) Desenvolveranse programas de axuda a domicilio como medio de atender, desde unha perspectiva integral e normalizadora, as necesidades da familia no seu conxunto ou dalgún dos seus membros que, por imposibilidade de feito, non poidan satisfacelas por si mesmos.
- h) Articulará no marco da política de vivenda programas de axuda que teñan por finalidade favorecer-la adquisición, en réxime de pleno dominio ou de arrendamento, da vivenda destinada a servir de residencia á familia, cando esta careza dela ou sexa notoriamente inapropiada a actualmente posuída. Así mesmo, velará porque a oferta de vivendas sexa diversificada e adaptable ó carácter propio das distintas familias e ás necesidades específicas de cada unha delas.
- i) Xestionará plans e programas que procuren a autonomía familiar. Prestaralles apoio ás familias menos favorecidas e desenvolverá programas e accións encamiñadas a facer compatibles a familia e mailo traballo.

Para os efectos das actuacións previstas neste apartado, a Xunta de Galicia, a través da lei de presupostos, fixará cada ano a política fiscal de protección á familia.

- j) Favorecerá dentro das políticas de apoio á pequena e mediana empresa, e mediante instrumentos específicos, a competitividade das empresas familiares a través das prestacións técnicas e económicas que regulamentariamente se establezan. En particular, a Xunta de Galicia, na súa planificación económica, dispensaralles un trato preferente ás explotacións familiares rurais, articulando programas tendentes á modernización das súas estruturas e mais coadxuvando na compensación dos danos producidos polos riscos inherentes ás súas actividades e fomentando o uso de formas de previsión de tales riscos.

### **Artigo 13º.- Actuacións integradoras en favor da familia**

1. A Xunta de Galicia, en colaboración coas corporacións locais e cos axentes sociais, desenvolverá medidas de integración orientadas a promover-lo papel cultural e socioeconómico da familia na sociedade, así como a cohesión social e a solidariedade entre xeracións. De maneira especial:

- a) Promoveranse as capacidades de autoorganización das familias ante as necesidades sociais, incentivando o voluntariado con base familiar e as formas de asociacionismo solidario entre familias que comparten un mesmo problema. As administracións, nas súas respectivas competencias, arbitrarán recursos e estruturas materias de apoio.

b) Constituirase un observatorio permanente da problemática familiar na Comunidade Autónoma galega, en conexión co observatorio Europeo de Políticas da Familia.

c) Fomentaranse os elementos culturais que propicien a participación igualitaria nas responsabilidades familiares así como a igualdade de trato e de oportunidades entre home e muller.

d) Desenvolveranse programas de integración para as familias de inmigrantes e a favor das familias galegas asentadas fora da Comunidade Autónoma, ben facilitando directamente o acceso ás beneficios sociais que se establezan na lexislación vixente na materia, ben a través de convenios cos entes públicos cos do territorio no que residan.

2. As institucións públicas teñen a obriga de lles garantir ás mulleres que no núcleo familiar son vítimas de vexacións, malos tratos ou calquera tipo de agresión a asistencia necesaria que lles permita superar esta situación.

### **TÍTULO III**

## **DA PROTECCIÓN DA INFANCIA E DA ADOLESCENCIA**

### **CAPÍTULO 1**

#### **MEDIDAS DE PREVENCIÓN**

##### **Artigo 14º.- Principio xeral**

1. En materia de protección á infancia e á adolescencia terá carácter prioritario a prevención de posibles situacións de risco ou desprotección nas que poidan atoparse os nenos e as nenas e os adolescentes e as adolescentes e que produzan un menoscabo no seu desenvolvemento integral.

2. Una vez apreciadas estas situacións, e de acordo co previsto no artigo seguinte, adoptaranse as medidas necesarias encamiñadas a garanti-los seus dereitos e a diminuí-los factores de risco de marxinação nos que poidan atoparse.

##### **Artigo 15º.- Medidas de prevención**

A Xunta de Galicia, a través da consellería competente e en colaboración, se é o caso, coas corporacións locais e cos axentes sociais, promoverá, entre outras, as seguintes medidas:

a) O apoio á infancia e á adolescencia a través de medidas económicas ou técnicas como principal recurso de carácter preventivo, que se dirixirá a cubri-las súas necesidades básicas e mellora-lo contorno familiar, co fin de garanti-lo dereito a desenvolverse, sempre que sexa posible, no seo da súa propia familia.

b) O coñecemento e fomento dos recursos destinados á atención á infancia e á adolescencia, procurando que os menores dispoñan dos medios necesarios para o seu desenvolvemento integral.

c) A realización de programas de prevención, detección e seguimento do absentismo escolar.

d) A elaboración de programas de prevención do risco, maltrato e explotación infantil.

e) O desenvolvemento de programas de integración social da infancia e da adolescencia con dificultades especiais, dirixidos a procura-la eliminación daquelas barreiras físicas e de comunicación que lles impidan o seu pleno desenvolvemento persoal e a súa integración educativa e social.

f) A promoción de programas de información e sensibilización sobre a infancia e a adolescencia e as súas problemáticas particulares, incentivando colaboración cidadá na denuncia de posibles situacións ou circunstancias que poñan en perigo a integridade dos nenos e das nenas e dos adolescentes e das adolescentes ou do seu desenvolvemento persoal.

g) O desenvolvemento de programas formativos de garantía social dirixidos a ofrecerlles ás adolescentes alternativas a situacións de rexitamento do sistema escolar ordinario,

fracaso e absentismo escolar, fornecéndolles unha formación preprofesional que favoreza unha próxima incorporación laboral.

#### **Artigo 16º.- Prohibicións relativas a publicacións e material audiovisual**

1. Queda prohibida a venda, a exposición e o ofrecemento ós nenos e ás nenas e ós adolescentes e ás adolescentes de publicacións que inciten á violencia, a actividades delictuosas ou a calquera forma de discriminación ou que teñan un contido pornográfico ou que resulte prexudicial para o desenvolvemento da súa personalidade.

2. Non se lles poderá vender ou alugar a nenos e nenas ou a adolescentes vídeos, videoxogos ou calquera outro material audiovisual que conteña mensaxes que inciten á violencia e a actividades delictuosas ou a calquera forma de discriminación ou que teñan contido pornográfico ou contrario ós dereitos e ás liberdades recoñecidos nas leis vixentes. Tampouco se proxectarán ou difundirán en locais ou espectáculos nos que se admita a asistencia de nenos e nenas ou de adolescentes.

### **CAPÍTULO II**

#### **MEDIDAS DE PROTECCIÓN**

##### **Sección 1ª**

#### **Da tutela dos menores desamparados**

##### **Artigo 17º.- Situacións de desamparo**

1. Correspándelle á Xunta de Galicia, através da consellería competente, asumi-la tutela dos menores desamparados que residen ou se encontren transitoriamente no territorio da Comunidade Autónoma galega, sen prexuízo das competencias que sobre estes últimos puidesen ter outras administracións públicas.

2. Consideraranse situacións de desamparo, que apreciará en todo caso a autoridade administrativa competente, as seguintes:

- a) Ó abandono do menor.
- b) A existencia de malos tratos físicos ou psíquicos ou de abusos sexuais por parte das persoas da unidade familiar ou de terceiros con consentimento destas.
- c) A inducción á mendicidade, delincuencia ou prostitución.
- d) A drogadicción ou o alcoholismo habitual do menor co consentimento ou coa tolerancia dos pais ou gardadores.
- e) O trastorno mental grave dos pais ou gardadores que impida o normal exercicio da patria potestade ou da garda.
- f) A convivencia nun medio sociofamiliar que deteriore gravemente a integridade moral do menor ou perxudique o desenvolvemento da súa personalidade.
- g) A falta das persoas ás cales lles corresponde exercelas funcións de garda ou cando estas persoas estean imposibilitadas para exercelas ou en situación de exercelas con perigo grave para o neno ou a nena ou o adolescente ou a adolescente.
- h) Calquera outra situación de desprotección que se produza de feito a causa do incumprimento ou dun imposible ou inadecuado exercicio dos deberes de protección establecidos polas leis para a garda de menores e que xeren que estas queden privados da necesaria asistencia moral ou material.

3. A tutela administrativa subsistirá en tanto non desaparezan as causas que a motivaron, se proceda á constitución da tutela ordinaria, o menor sexa adoptado, se emancipe ou chegue á maioría de idade

##### **Artigo 18º.- Asunción da tutela administrativa**

1. A resolución pola que se asume a tutela administrativa será motivada e nela faranse consta-las medidas de protección que se adoptarán que sexan máis adecuadas os intereses do menor, Regulamentariamente arbitrase un procedemento no que se garantirá a au-

diencia dos pais, titores ou gardadores do menor, agás nos casos de urxencia con grave risco para o menor, nos que o organismo competente poderá, de modo inmediato, declarar e asumir a tutela.

2. A resolución de tutela poñerá en coñecemento do Ministerio Fiscal e notificaráselles de forma legal ós pais, titores ou gardadores nun prazo de corenta e oito horas. Sempre que sexa posible, no momento da notificación serán informados de forma presencial e de modo claro e comprensible das causas que deron, lugar á intervención da Administración e dos posibles efectos da decisión adoptada.

#### **Artigo 19.- Suspensión da patria potestade ou da tutela ordinaria**

A asunción da tutela pola Administración implicará a suspensión da patria potestade ou da tutela ordinaria. Non obstante, serán válidos os actos de contido patrimonial que realicen os pais ou titores en representación do menor e que sexan beneficiosos para el.

#### **Artigo 20º.- Execución da tutela**

Cando os pais, titores ou gardadores dun menor impidisen a execución da medida de protección acordada na resolución de tutela, a Administración solicitará da autoridade xudicial competente a adopción das medidas necesarias para facela efectiva, sen prexuízo das intervencións inmediatas que poidan realizarse se están en perigo a vida ou a integridade do menor.

#### **Artigo 21º.- Medidas que se adoptarán**

1. As medidas que se adoptarán no exercicio da tutela administrativa basearanse nun informe preceptivo de equipos técnicos, que terán en conta o interese dos nenos e das nenas e dos adolescentes e das adolescentes. Tales medidas poderán ser:

- a) O apoio á familia do menor, mediante axudas de carácter psicológico e económico por parte da Administración, que se determinarán regulamentariamente.
- b) O acollemento do menor por unha persoa ou familia que poida substituír, de maneira provisional ou permanente, o seu núcleo familiar natural.
- c) O acollemento residencial, ben durante o día ou en réxime de internado nun centro público ou colaborador.
- d) O acollemento familiar preadoptivo.
- e) Calquera outra medida de carácter asistencial, educativo ou terapéutico que resulte aconsellable atendendo as circunstancias do menor.

2. As medidas previstas no punto 1 deste artigo adoptaranse no momento de facerse a declaración de desamparo.

3. Na adopción das medidas reguladas nas letras c), d) e e), será oído o menor de idade maior de 12 anos ou menor se tivese suficiente madurez e sempre que sexa posible.

4. En tódalas actuacións promovidas deberá quedar garantida a debida reserva e procurárase evitar que as decisións ou medidas que se adopten poidan repercutir innecesariamente na vida do menor, así como contar coa colaboración da familia sempre que sexa en interese do menor.

#### **Artigo 22º.- Deber de comunicación**

Toda persoa, e en especial quen por razón da súa profesión ou función teña coñecemento dunha situación de grave risco ou posible desamparo dun menor, e sen prexuízo de prestarlle o auxilio inmediato que precise, poñerá en coñecemento da autoridade xudicial ou do organismo administrativo competente, que garantirá a reserva absoluta e anonimato.

2. Así mesmo, quen teña coñecemento de que un menor non está escolarizado e non asiste ó centro escolar de forma habitual e sen xustificación, durante o período obrigatorio, debe-rao poñer en coñecemento das autoridades públicas competentes, que adoptarán as medidas necesarias para a súa escolarización.

3. As autoridades e as persoas que pola súa profesión ou función coñezan o caso actuarán coa debida reserva.

### **Sección 2ª**

#### **Da garda**

##### **Artigo 23º.- Asunción da garda**

1.- Cando os pais ou tutores, por circunstancia graves, non poidan cuida-lo menor, poderán solicitar da Xunta de Galicia que esta asuma a súa garda durante o tempo necesario, a cal valorará a conveniencia ou non da medida e o modo no que esta se deberá executar. A asunción da garda farase constar por escrito, deixando constancia de que os pais ou tutores foron informados das responsabilidades que seguen mantendo respecto do fillo, así como da maneira na que a Administración vai exercer-la dita garda. Calquera variación posterior da forma de exercicio será fundamentada e comunicada a aqueles e ó Ministerio Fiscal.

2. Asumirá a garda a Administración cando así o acorde o xuíz nos casos nos que legalmente proceda.

3. A garda asumida por solicitude dos pais ou tutores ou como función da tutela por ministerio de lei exerceraa mediante o acollemento familiar a persoa ou persoas que determine a entidade pública, ou o director do centro donde estea internado o menor no caso de acollemento residencial.

4. Buscarase sempre o interese do menor e procurárase, cando non sexa contrario a ese interese, a súa reinserción na propia familia e que a garda dos irmáns se lle confie á mesma institución ou persoa.

##### **Artigo 24º.- Cesación**

1. A situación de garda cesará por petición dos pais ou tutores que a solicitasen ou por decisión a entidade pública cando, en interese do menor, considere non xustificada o mantemento desta medida.

2. De xurdiren problemas graves de convivencia entre o menor e a persoa ou persoas ás que fose confiado en garda, aquel ou a persoa interesada poderá solicita-la remoción desta.

### **Sección 3ª**

#### **Do acollemento familiar**

##### **Artigo 25º.- Acollemento familiar**

1. O acollemento familiar produce a plena participación do menor na vida de familia e imponse a quen o recibe as obrigacións de velar por el, telo na súa compañía, alimentalo, educalo e procurarlle unha formación integral.

2. Para a adopción desta medida teranse en conta os seguintes criterios orientadores:

- a) Darlle prioridade á súa utilización sobre o acollemento residencial.
- b) Evitar, na medida do posible, a separación de irmáns e procura-lo seu acollemento por unha mesma familia.
- c) Favorece-la permanencia do menor no seu propio ambiente, procurando que o acollemento se produza en familia extensa, agás que non fose aconsellable para o interese do menor ou dos menores do grupo familiar adoptante.

##### **Artigo 26º.- Modalidades do acollemento**

O acollemento familiar, con independencia da forma na que se constitúa, poderá adoptalas seguintes modalidades atendendo a súa finalidade:

1ª) Acollemento familiar simple, que terá carácter transitorio, ben porque da situación do menor se prevé a reinserción deste na súa propia familia, ben en tanto se adopte unha medida de protección que revista un carácter máis estable.

2ª) Acollemento familiar permanente, cando a idade ou outras circunstancias do menor e da súa familia así o aconsellen e así o dictaminen os servizos de atención ó menor. En tal

suposto, a entidade pública poderá solicitar do xuíz que lles atribúa ás acolledores aquelas facultades da tutela que faciliten o desempeño das súas responsabilidades, atendendo en todo caso o interese superior do menor.

3ª) Acollemento familiar preadoptivo, que o formalizará a entidade pública cando esta eleve a proposta de adopción do menor, co informe dos servicios de atención do menor, ante a autoridade xudicial, sempre que os acolledores reúnan os requisitos necesarios para adoptar, fosen seleccionados e lle prestasen ante a entidade pública o seu consentimento á adopción, e se atope o menor en situación xurídica adecuada para a súa adopción.

Así mesmo, poderá formalizarse un acollemento familiar preadoptivo cando se considere, con anterioridade á presentación da proposta de adopción, que fose necesario establecer un período de adaptación do menor á familia. Este período será o máis breve posible e, en todo caso, non poderá exceder do prazo dun ano.

#### **Artigo 27º.- Formalización do acollemento**

1. O acollemento formalizarase por escrito, co consentimento da entidade pública, teña ou non a tutela ou a garda, das persoas que reciban o menor e deste se tivese 12 anos cumpridos. Cando fosen coñecidos os pais que non estivesen privados da patria potestade, ou o titor, será necesario tamén que presten ou prestasen o seu consentimento, agás que se trate dun acollemento familiar provisional ó que fai referencia o apartado 2 deste artigo.

O documento de formalización do acollemento familiar ó que se refire o parágrafo anterior incluirá os seguintes extremos:

1º) Os consentimentos necesarios.

2º) A modalidade do acollemento e a súa duración prevista.

3º) Os dereitos e deberes de cada unha das partes, e en particular:

a) A periodicidade das visitas por parte da familia do menor acollido.

b) O sistema de cobertura por parte da entidade pública ou doutros responsables civís dos danos que sufra o menor ou dos que poida causarles a terceiros.

c) A asunción dos gastos de manutención, educación e atención sanitaria.

4º) O contido do seguimento que, en función da finalidade do acollemento, vai a realiza-la entidade pública e o compromiso de colaboración da familia acolledora del.

5º) A compensación económica que, se e o caso, vaian recibirlos acolledores.

6º) O sinalamento expreso de se os acolledores actúan con carácter profesionalizado.

7º) O informe dos servicios de atención a menores.

Este documento remitiráselle ó Ministerio Fiscal.

2. Se os pais ou o titor non consenten ou se opoñen ó acollemento, este só poderá ser acordado polo xuíz, en interese do menor, conforme os trámites da Lei de axuízamento civil. A proposta da entidade pública conterà os mesmos extremos referidos no número anterior. Non obstante, a entidade pública poderá acordar en interese do menor un acollemento familiar provisional, que subsistirá ata tanto se produza resolución xudicial. A entidade pública, unha vez realizadas as dilixencias oportunas e rematado o expediente, deberalle presenta-la proposta ó xuíz de maneira inmediata, e, en todo caso, no prazo máximo de quince días.

#### **Artigo 28º.- Cesación**

1. O acollemento familiar do menor cesará:

1º) Por decisión xudicial.

2º) Por decisión das persoas que o teñen acollido, logo de comunicación destas á entidade pública.

3º) Por petición do titor ou dos pais que teñan a patria potestade e reclamen a súa compañía.

4º) Por decisión da entidade pública que teña a tutela ou a garda do menor, cando o considere necesario para salvagarda-lo interese deste, oídos os acolleedores.

Será precisa resolución xudicial de cesación cando o acollemento sexa disposto polo xuíz.

2. Tódalas actuacións de formalización e cesación do acollemento practícaranse coa obrigada reserva.

#### **Sección 4ª**

##### **Do acollemento residencia**

##### **Artigo 29º.- Acollemento residencial**

1. O acollemento residencial constituirá unha medida de protección que poderá adoptala entidade pública cando, esgotadas tódalas posibilidades de mantemento do menor na súa familia mediante a utilización de recursos preventivos e asumida a tutela ou a garda sobre este, non sexan posibles ou se consideren inadecuados o acollemento familiar ou a adopción.

2. A citada medida manterase polo tempo estritamente necesario, procurándose a integración do menor no contorno social e a accesibilidade ós sistemas ordinarios educativos, sanitarios e laborais, entre outros.

### **CAPÍTULO III**

#### **DA ADOPCIÓN**

##### **Artigo 30º.- Disposición xeral**

1. Nos termos previstos no Código civil, na Lei de axuizamento civil e na Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, a Administración da Xunta de Galicia a través da consellería competente, realizará a xestión dos procedementos e elevará as correso civil, pendentes propostas de adopción ante na Lei os órganos xudiciais competentes no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia..

2. O Seguimento dos procedementos de adopción levarao a cabo a Comisión de Adopcións, coa composición e co réxime interno determinados regulamentariamente.

##### **Artigo 31º.- A Adopción internacional**

Nos procesos de adopción internacional, correspóndelle á consellería competente as seguintes actuacións:

a) A recepción, rexistro e tramitación das solicitudes de adopción que se reciban, xa sexa directamente ou a través de entidades debidamente habilitadas que realicen a súa función de mediación no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) A expedición, en todo caso, dos certificados de idoneidade do solicitante ou solicitantes, logo da valoración desta.

c) Cando así o esixa o país de orixe do menor adoptado, a expedición dun certificado polo que se comprometa a realiza-lo seguimento da adopción.

d) A habilitación, control, inspección e elaboración das directrices de actuación das entidades colaboradoras de mediación no ámbito da Comunidade Autónoma.

##### **Artigo 32º.- Requisitos dos adoptantes**

1. Para poder ser adoptante, requirírase:

a) Ter como mínimo 25 anos cumpridos. No caso de solicitudes conxuntas por cónxuxes ou parellas con relación estable análoga á conxugal, bastará con que un deles teña a dita idade. En todo caso, o adoptante deberá ter, polo menos, catorce anos máis có adoptado.

b) Residir habitualmente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

c) Estar inscrito no Rexistro de Adopcións da Comunidade Autónoma galega.

d) Estar declarado persoa idónea para a adopción tralo correspondente procedemento de valoración.



2. Non se esixirá o requisito de residencia do punto b) do apartado anterior nos supostos nos que, por carecer de familia idónea para un menor dentro da Comunidade Autónoma, se considerase conveniente a súa adopción fora dela. Nestes casos, os posibles candidatos deberán ser declarados idóneos ben polos servicios competentes da súa Comunidade Autónoma, ben polos servicios desta Comunidade. Así mesmo, tamén poderán presentar solicitudes de adopción os emigrantes galegos con previsión de retorno a Galicia nos termos establecidos regulamentariamente.

### **Artigo 33º.- Procedemento de valoración da idoneidade**

1. Os solicitantes de adopción serán obxecto de valoración da súa idoneidade para a adopción pola consellería competente, que terá en conta para isto os seguintes aspectos ou circunstancias:

- a) Que entre o adoptante e o adoptado exista unha diferenza de idade axeitada e non superior ós corenta anos, excepto que os solicitantes estean en disposición de aceptar grupos de irmáns ou menores con especiais dificultades, caso no que a diferenza de idade poderá ser superior.
- b) Que o medio familiar dos solicitantes reúna as condicións adecuadas para a atención integral do menor.
- c) Que existan motivacións e actitudes adecuadas para a adopción. No caso de cónxuxes, esas motivacións e actitudes deberán ser compartidas.
- d) Que as condicións de saúde física e psíquica dos solicitantes permitan atender correctamente o menor.

2. A resolución de idoneidade adoptada pola autoridade administrativa competente non implicará a finalización do proceso de valoración, e este poderá continuar co obxecto de amplia-las motivacións dos solicitantes.

3. Unha vez seleccionados os solicitantes idóneos para un menor, a autoridade administrativa competente formalizará un acollemento familiar preadoptivo nos termos e nas condicións previstas no artigo 26.3ª desta lei.

### **Artigo 34ª.- Rexistro de Adopcións**

Os solicitantes de adopción estarán inscritos no Rexistro de Adopcións, do que se determinarán regulamentariamente a súa organización e funcionamento, así como o modo de formalización das solicitudes e o procedemento que se seguirá en cada acto de inscrición nel.

## **CAPÍTULO IV**

### **DAS INSTITUCIÓN E ENTIDADES DE ATENCIÓN A MENORES**

#### **Artigo 35º.- Das institucións de atención a menores**

1. A Administración da Xunta de Galicia poderá autorizar como institucións de atención a menores as asociacións, fundacións ou outras entidades privadas, legalmente constituídas, que teñan nos seus estatutos ou regras fundacionais como finalidade a protección dos menores e dispoñan da organización e dos equipos técnicos ou multidisciplinares axeitados para o desenvolvemento desta función. Estas institucións deberán te-lo seu domicilio social en territorio galego ou actuar a través de establecementos radicados nel, así como carecer de ánimo de lucro.

As ditas institucións someteranse na súa actuación ás directrices, á inspección e ó control do organismo competente e soamente poderán asumir-las funcións de garda e mediación coas limitacións que lles sinale a lei, debendo asegurarse de que tales funcións se desempeñen en interese exclusivo do menor.

2. O procedemento para a autorización destas institucións, os requisitos que teñan que cumprir, así como a súa inscrición no Rexistro administrativo correspondente, determinaranse regulamentariamente.

3. As resolucións que confiran a autorización ás mencionadas institucións serán publicadas no *Diario Oficial de Galicia* e daráselle traslado delas ó Ministerio Fiscal.

4. A Administración galega terá facultades de control e inspección das institucións de atención de menores, coa finalidade de comprobarlo adecuado exercicio das funcións que constitúen o contido específico da súa habilitación, e asegurará que as ditas funcións se exerzan en exclusivo interese do menor.

### **Artigo 36º.- Das entidades que realicen funcións de mediación para efectos de adopcións internacionais**

1. As entidades que pretendan realizar funcións de mediación para efectos de adopcións internacionais deberán estar expresamente habilitadas pola Xunta de Galicia para operar no territorio da Comunidade Autónoma, teñan ou non a súa sede nela.

2. Só poderán ser habilitadas as entidades sen ánimo de lucro inscritas no Rexistro correspondente que teñan como finalidade nos seus estatutos a protección de menores, dispoñan dos medios materiais e equipos pluridisciplinares necesarios para o desenvolvemento das funcións encomendadas e estean dirixidas e administradas por persoas cualificadas pola súa integridade moral e pola súa formación no ámbito da adopción internacional.

3. As entidades habilitadas poderán desenvolver as seguintes funcións de mediación:

- a) Información e asesoramento ós interesados en materia de adopción internacional.
- b) Intervención na tramitación de expedientes de adopción ante as autoridades competentes, tanto españolas coma estranxeiras.
- c) Asesoramento e apoio ós solicitantes de adopción nos trámites e nas xestións que deben realizar en España e no estranxeiro.
- d) Calquera outra para a que as habilite a consellería competente na correspondente resolución.

4. Poderá serlles retirada a habilitación concedida, mediante expediente contradictorio, a aquelas entidades de mediación que deixen de cumprir as condicións que motivaron a súa concesión ou que infrinxan na súa actuación o ordenamento xurídico.

## **TÍTULO IV**

### **DOS MENORES EN CONFLICTO SOCIAL E DOS CENTROS DE REEDUCACIÓN**

#### **CAPÍTULO 1**

#### **DOS MENORES EN CONFLICTO SOCIAL**

##### **Artigo 37º.- Principios xerais**

1. Consideraranse menores en conflito social, para os efectos desta lei, aqueles que pola súa situación de grave inadaptación puidesen encontrarse en risco de causar prexuízos a si mesmos ou a outros, así como os maiores de 12 anos que, aínda non tendo a idade requirida para esixirlles responsabilidade criminal, cometesen feitos tipificados como delitos ou faltas polas leis penais.

2. A actuación da Administración autonómica nesta materia deberá ter como finalidade principal o desenvolvemento de accións preventivas, así como a integración social destes menores a través dun tratamento educativo individualizado e, preferentemente, no seu contorno sociocomunitario.

##### **Artigo 38.- Medidas de prevención e apoio**

A Administración autonómica, no exercicio das súas competencias, poderá arbitrar en favor dos menores medidas de carácter preventivo e de apoio tales como:

- a) A atención especializada socioeducativa ou terapéutica, que implicará o compromiso voluntario do menor e da súa familia de se someteren ó recoñecemento de profesionais unha vez detectadas carencias relevantes no ámbito familiar.
- b) O asesoramento educativo, consistente no compromiso voluntario do menor e da súa familia de acadiren a un programa educativo en supostos carenciais próximos ó desamparo.
- c) A formación ocupacional de carácter prelaboral, consistente no compromiso voluntario do menor de participar activamente en talleres ocupacionais e de inserción prelaboral baixo a supervisión da Administración autonómica.
- d) A conciliación, a mediación e a reparación do dano como medidas de carácter extraxudicial.

#### **Artigo 39º.- Execución de Medidas xudiciais**

1. É competencia da Comunidade Autónoma de Galicia a execución das medidas previstas na Lei orgánica 4/1992, do 5 de xuño, reguladora da competencia e do procedemento dos xulgados de menores, en virtude do disposto na súa disposición adicional terceira, para o cal actuará de acordo cos tratados e directrices internacionais, esta lei, a normativa que a complementa e desenvolver e demais que sexa aplicable.

2. A Administración da Xunta de Galicia executará, polo tempo que se determine nas resolucións xudiciais, as seguintes medidas:

- a) A liberdade vixiada, que consistirá nun control e apoio socioeducativo ó menor no seu propio medio, coa finalidade de que este consiga a súa autonomía persoal e unha efectiva integración sociofamiliar, utilizando para iso os recursos normalizados disponibles no seu contorno.
- b) O acollemento familiar, que supón outorgarlles temporalmente a garda dun menor a unha persoa ou a persoas distintas daquelas coas que viña convivindo, co obxecto de recibilo apoio suficiente para unha atención e educación adecuadas á súa idade e circunstancias.
- c) A prestación de servicios en beneficio da comunidade, consistente en realizar, con carácter voluntario e non remunerado, actividades de colaboración en determinados servicios públicos ou entidades privadas sen ánimo de lucro e con fins de interese social.
- d) O tratamento ambulatorio, que se prestará a través dos dispositivos especializados da rede sanitaria adecuados á problemática que presente o menor.
- e) O internamento nun centro de carácter terapéutico, que se realizará naqueles centros residenciais especializados que ofrecen tratamento de carácter sanitario e educativo.
- f) O internamento do menor nun centro de reeducación en réxime aberto, semiaberto ou pechado, de acordo co disposto na correspondente resolución xudicial.

### **CAPÍTULO II**

#### **DOS CENTROS DE REEDUCACIÓN**

##### **Artigo 40º.- Réxime dos centros de reeducación**

1. Son centros de reeducación aqueles equipamentos residenciais que lles prestan unha atención socioeducativa especializada a menores con problemas de conducta ou internados en virtude de resolución xudicial.

2. Os centros de reeducación poderán dispoñer dun ou máis dos seguintes réximes de internamento:

- a) O réxime de internamente aberto supón a obriga de residencia do menor no centro, participando na súa vida e realizando as actividades escolares ou laborais fóra del. Os menores poderán gozar de fins de semana e períodos vacacionais no seu propio fogar se iso é posible.

b) O réxime de internamento semiaberto supón a obrigaçión de residencia do menor no centro, participando na súa vida cotiá e realizando as actividades escolares ou prelaborais dentro del, excepto nos casos nos que se considere que a súa realización fóra do centro non prexudica a aplicación da medida. Os menores en réxime semiaberto poderán gozar de permisos de fin de semana e vacacións, agás as limitacións que poidan establecerse por resolución xudicial ou en aplicación do regulamento de réxime interno; en tal caso, daráselle conta inmediata á autoridade xudicial competente.

c) O réxime de internamento pechado supón a obrigaçión de residencia permanente do menor no centro, realizando tódalas súas actividades no seu interior.

3. Estes centros deberán dispoñer dun regulamento de réxime interno, no que se establecerán, ademais das disposicións xerais sobre o seu funcionamento, as especialidades propias do seu réxime e as normas disciplinarias, que se ajustarán, en todo caso, ó disposto nos artigos seguintes desta lei.

#### **Artigo 41º.- Faltas**

1. Nos centros de reeducación terán a cónsideracióri de faltas as seguintes conductas, sempre que non constitúan infracción penal:

- a) O comportamento agresivo ou violento cara ás persoas.
  - b) O dano intencionado de instalacións ou material do centro ou de bens particulares.
  - c) A sustracción de bens do centro ou de particulares.
  - d) Calquera acción ou omisión que supoña unha perturbación relevante da vida cotiá no centro.
  - e) As ausencias non autorizadas do centro.
  - f) O uso de substancias ou materiais prohibidos polo centro.
  - g) Todo comportamento que poida poñer en risco a súa persoa ou a doutros.
2. As faltas serán cualificadas como leves, graves ou moi graves en función, básicamente, do grao de perturbación ou dos prexuízos causados.

#### **Artigo 42º.- Medidas correctoras**

1. As medidas correctoras que se lles impoñan ós menores terán un contido e unha finalidade fundamentalmente educativa, sen que en ningún caso poidan implicar vexación ou maltrato. Tales medidas consistirán en:

- a) Amoestación.
  - b) Reparación do dano.
  - c) Suspensión de privilegios e gratificacións, por tempo non superior a un mes.
  - d) Privación de asistir a actividades recreativas programadas no horario do centro, por un período de tempo non superior a quince días.
  - e) Privación das saídas de carácter recreativo programadas polo centro, por un período de tempo non superior a un mes.
  - f) Privación dos permisos de saída do centro, por un período de tempo non superior a un mes.
  - g) Separación do grupo, por un tempo non superior a corenta e dúas horas.
2. A medida aplicable determinarase en función da idade e das características do menor, así como da intencionalidade, do grao de participación nos feitos e da reincidencia da conducta.
3. A petición de excusas á persoa ofendida, a restitución de bens ou a reparación de danos poderán suspender a aplicación da medida sempre que non sexa reincidente na conducta sancionable.

**Artigo 43°.- O procedemento**

1. O procedemento para a aplicación das medidas previstas no artigo anterior será regulado no regulamento do centro e deberá garantir, en todo caso, os seguintes dereitos do menor:

- a) A ser oído.
  - b) A poder chegar probas.
  - c) A ser asesorado e asistido pola persoa do centro que el designe.
  - d) A recorrer ante o Xulgado de Menores que dictaminou o seu internamento e, en todo caso, a acudir ó Ministerio Fiscal.
2. Daráselles conta ó Xulgado de Menores e ó Ministerio Fiscal das medidas adoptadas polas faltas graves ou moi graves.

**TÍTULO V****INFRACCIÓNS E SANCIÓNS****CAPÍTULO I****Infraccións****Artigo 44°.- Disposición xeral**

1. Considéranse infraccións administrativas a esta lei as accións ou omisións tipificadas e sancionadas na forma prevista neste título.
2. Serán suxeitos responsables das infraccións as, persoas físicas ou xurídicas que incorran nas accións, ou omisións tipificadas como tales nesta lei.

**Artigo 45°.- Clasificación e prescrición das infraccións**

1. As infraccións cualifícanse en leves, graves e moi graves, en función da natureza da contravención, da súa transcendencia e repercusión especialmente na esfera persoal do menor e, se é o caso, da reincidencia nas mesmas condutas punibíes.
2. Estas infraccións prescribirán da seguinte maneira: ó ano, as leves; ós tres anos, as graves; e ós cinco anos, as moi graves, contados en todo caso desde a data da infracción.

**Artigo 46°.- Infraccións leves**

Constitúen infraccións leves:

- 1) Todos aqueles actos ou omisións que afecten a esfera dos dereitos da familia, da infancia e da adolescencia, cando non deriven deles prexuízos graves para aqueles.
- 2) As irregularidades de carácter formal por parte das institucións ou entidades de atención á familia, á infancia e á adolescencia no cumprimento da normativa vixente nesta materia.
- 3) O incumprimento do deber de actualiza-los datos que constan no Rexistro de entidades que desenvolven actividades no campo da acción social referidas á familia, á infancia e á adolescencia.

**Artigo 47°.- Infraccións graves**

Constitúen infraccións graves:

- 1) Non poñer en coñecemento das autoridades ou dos organismos competentes as posibles situacións de grave abandono ou desamparo nas que poidan atoparse os menores por parte daquelas persoas que polo seu cargo, profesión ou función deban ter especial coñecemento diso.
- 2) Non procurar ou impedi-la asistencia dun neno ou dunha nena ou dun adolescente ou dunha adolescente en período de escolarización obrigatoria a un centro escolar e sen causa que o Justifique, cando lles sexa imputable ós pais, tutores ou gardadores.
- 3) Proceder á apertura ou o peche dun centro que preste servicios no ámbito da familia, da infancia ou da adolescencia polas persoas ou entidades titulares del sen obter previamente a autorización administrativa pertinente.

- 4) Incumpri-las persoas ou entidades ás que se refire o apartado anterior a normativa específica reguladora da súa creación e funcionamento.
- 5) Non proporciona-las institucións ou os centros de atención á familia, á infancia e á adolescencia o tratamento e a atención adecuada.
- 6) Solicita-los titulares das ditas institucións ou centros o aboamento de cantidades económicas dos propios menores, os seus familiares, titores ou gardadores, e, en xeral, exercer prácticas lucrativas neles non autorizadas expresamente pola Administración da Xunta de Galicia.
- 7) Quebranta-lo deber de confidencialidade e sigilo sobre os datos persoais dos usuarios.
- 8) Utilizar por parte dos medios de comunicación a identidade ou imaxe dos menores cando iso supoña unha intromisión ilexítima na súa intimidade, honra ou reputación ou sexa contrario ós seus intereses aínda cando medie o seu consentimento ou o dos seus representantes legais.
- 9) Venderlles ou permitirlle-lo libre acceso ós menores ás publicacións ás que se refire o apartado 1 do artigo 16 ou venderlles, alugarlles ou exhibirlle-lo material audiovisual referido no apartado 2 dese mesmo artigo. A responsabilidade das ditas accións corresponderalles ás titulares dos establecementos e, se é o caso, ás persoas infractoras.
- 10) Impedir, obstruír ou dificultar-lo exercicio das funcións de inspección e seguimento polos servizos administrativos da Xunta de Galicia da actividade das institucións e dos centros de atención á familia, á infancia e á adolescencia,
- 11) As accións ou omisións previstas no artigo anterior, sempre que o incumprimento ou os prexuízos fosen graves.

12) A reincidencia nas infraccións leves.

#### **Artigo 48º.- Infraccións moi graves**

Constitúen infraccións moi graves:

- 1) As recollidas no artigo anterior, se delas se deduce dano ós dereitos da familia, da infancia e da adolescencia de imposible ou moi difícil reparación.
- 2) A reincidencia nas infraccións graves.

#### **Artigo 49º.- A reincidencia**

Estimarase que se produce reincidencia cando o responsable da infracción fose sancionado mediante resolución firme pola comisión doutra infracción da mesma natureza no prazo dun ano, se se trata de faltas leves; de tres anos, se se trata de faltas graves; e de cinco anos, se se trata de faltas moi graves.

## **CAPÍTULO II**

### **SANCIÓNS**

#### **Artigo 50º.- Tipos de sancións**

1. As infraccións establecidas nos artigos anteriores serán sancionadas dalgunha das formas seguintes:
  - a) Infraccións leves: amoestación por escrito ou multa de ata 250.000 pesetas.
  - b) Infraccións graves: multa desde 250.001 pesetas ata 1.000.000 de pesetas.
  - c) Infraccións moi graves: multa desde 1.000.001 pesetas ata 2.500.000 pesetas.
2. En calquera caso, as sancións graves e moi graves poderán levar aparelladas como accesorias as seguintes:
  - a) Peche total ou parcial ata un ano, as graves, e peche total ou parcial de ata dous anos ou definitivo, as moi graves.
  - b) Prohibición de financiamento público por un tempo de ata cinco anos.
  - c) Inhabilitación para o desenvolvemento de funcións e actividades similares ou para o exercicio de cargos de carácter análogo ata un prazo de cinco anos.

3. As sancións graduaranse seguindo os criterios da reincidencia das faltas, do grao de intencionalidade ou negligencia, da gravidade dos prexuízos causados e da relevancia ou transcendencia social que acadasen.

### **CAPITULO III**

#### **PROCEDIMENTO SANCIONADOR**

##### **Artigo 51º.- Principios xerais**

1. As infraccións administrativas non poderán ser obxecto de sanción sen a previa institución do oportuno expediente, que se tramitará en todo caso de acordo coas normas xerais que regulan o procedemento sancionador, sen prexuízo das responsabilidades doutra orde que puidesen concorrer.
2. Nos supostos de que as infraccións puidesen ser constitutivas de delicto, a Administración pasaralle o tanto de culpa ó órgano xudicial competente ou ó Ministerio Fiscal e absterase de segui-lo procedemento sancionador mentres a autoridade xudicial non dicte sentenza firme ou resolución que lle poña fin ó procedemento.
3. De non estimarse a existencia de delicto, a Administración continuará o expediente sancionador con base nos feitos que os tribunais considerasen probados.
4. En todo caso, deberánse cumprir de modo inmediato as medidas administrativas adoptadas para salvagarda-la integridade física e moral do menor.
5. Cando un mesmo feito poida ser tipificado como infracción conforme esta e outras leis, seralle aplicada a sanción máis grave.
6. Regulamentariamente determinaranse os órganos competentes para a imposición das sancións previstas neste título.

##### **Artigo 52º.- Recursos**

Contra as resolucións recaídas nos procedementos sancionadores poderán interpoñerse os recursos administrativos e xurisdiccionais que legalmente procedan.

#### **Disposicións adicionais**

##### **Primeira.-**

As resolucións de apreciación de desamparo e asunción de tutela por ministerio da lei, as derivadas do exercicio da tutela e da garda, así como aquelas que declaren a idoneidade dos solicitantes de adopción, poderán ser obxecto de recurso ante a orde Jurisdiccional civil sen necesidade de reclamación administrativa previa.

##### **Segunda.-**

Actuarán como órganos asesores e consultivos da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de menores e coa función singular de favorece-la coordinación das actuacións e a formulación de directrices e plans de acción conxunta dos órganos da Administración autonómica entre si, así como as desta coas das deputacións provinciais, concellos e outras administracións públicas, a Comisión Galega Interinstitucional do Menor, no ámbito autonómico, e as comisións técnicas interinstitucionais provinciais sobre o menor.

##### **Terceira.-**

As contías das sancións administrativas previstas no título IV desta lei poderán ser actualizadas anualmente de acordo co índice de prezos ó consumo, por decreto da Xunta de Galicia.

##### **Cuarta.-**

A Xunta de Galicia terá en conta nos seus presupostos, de forma prioritaria, as actividades de atención, formación, promoción, reinserción, protección, integración e lecer dos nenos e das nenas e dos adolescentes e das adolescentes de Galicia. Deberá, así mesmo, procurar que os entes da Administración local asuman a dita prioridade.

**Disposición derogatoria**

Quedan derogadas tódalas normas de igual ou inferior rango que se opoñan ó establecido nesta lei.

**Disposicións derradeiras****Primeira.-**

Facúltase a Xunta de Galicia para dicta-las disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento regulamentario desta lei.

**Segunda.-**

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.